

Recopilatorio léxico de construción naval en galego, con traducións a castelán, portugués e inglés.

Dicionario Galego de Construción Naval

Colegio Oficial de Ingenieros Navales y Oceánicos
Delegación en Galicia



Cofinanciado pola Cosellería de Presidencia da Xunta de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

DICIONARIO GALEGO DE CONSTRUCCIÓN NAVAL



*Colegio Oficial de Ingenieros Navales y Oceánicos
Delegación en Galicia*

Dicionario Galego de Construción Naval.

Primeira edición: abril de 2008.

Colegio Oficial de Ingenieros Navales y Oceánicos, Delegación en Galicia, 2008.
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia.

Equipo técnico

Autores:

Teresa Fagúndez Díaz
Gustavo Luca de Tena
Primitivo González López
Manuel Andrés Picallo Chao
María Jesús Piñeiro Domínguez
M^a do Carmo Souto Negrete

Revisión Técnica:

Guillermo Gefaell Chamochín

Consultoría e Tecnoloxía:

3.14 Financial Contents, SL

Maquetación:

Proxectos Gráficos Aldine Ferrol, SL

Deseño da cuberta

Proxectos Gráficos Aldine Ferrol, SL

Agradecementos

Barco Boniteiro de Burela (Burela): D. Nolo Abad.

Estaleiros Armón Burela (Burela): D. Carlos López, D. Juan Pernas.

Estaleiros Baladiño (Cabana de Bergantiños): D. Martín Senande.

Estaleiros Barreras (Vigo): D. Enrique Pérez.

Estaleiros Lojo (Rianxo): D. Ángel Lojo.

Navantia (Ferrol): D. Fernando Álvarez, D. Rafael Saura, D. Guillermo Varela.

Taller Fra Rico (Cervo): D. Francisco Fra.

Depósito Legal: C-1110-2008.

I.S.B.N.: 978-84-933198-4-7.



Esta obra está baixo unha licenza Creative Commons 2.5 ES: Recoñecemento-Compartir.

DICIONARIO GALEGO DE CONSTRUCCIÓN NAVAL

Autores:

Teresa Fagúndez Díaz

Gustavo Luca de Tena

Primitivo González López

Manuel Andrés Picallo Chao

María Jesús Piñeiro Domínguez

M^a do Carmo Souto Negrete

LIMIAR

É de sobrado coñecemento a extensa -e intensa- relación de Galicia co mar e todas as actividades a el vinculadas. Unha ollada á nosa literatura e artes plásticas danos unha idea da fonda pegada que o mar, a navegación, os barcos e as súas xentes deixaron na nosa conciencia colectiva; nomeadamente nos dous últimos séculos cando os galegos redescubriron o mar e con el a súa concepción de pobo cunha cultura, unha historia e un territorio singulares. Así nos últimos anos temos lido os poemas de “De catro a catro” de Manuel Antonio, a “Profecía do mar” de Bernardino Graña, ou gozado coas particulares visións mariñas de Castelao, Laxeiro ou Urbano Lugrís, por nomear algúns dos máis destacados persoeiros da nosa cultura recente.

Sen embargo o mar, o mar galego, ademais dunha fonte de gozo inesgotable representa un importante recurso económico e comercial, que tivo nos anos 70 o seu punto álxido nos estaleiros de Ferrol coa botadura do buque Artega. Con esta efeméride, acontecida na primavera de 1972, Galicia convertíase nun referente mundial dentro do mapa da construción náutica e algúns portos como os de Vigo, Ferrol e Fene en paradas obrigatorias nas Autoestradas do Mar. Hoxe, máis de trinta anos despois desta época dourada, e a pesar da paulatina perda de dinamismo que se viviu no sector, a industria naval segue sendo vital para Galicia e para o día a día dos galegos.

Así o demostran a recente creación do Centro Tecnolóxico do Naval Galego, que pretende ser líder en investigación, innovación e coñecemento no ámbito da enxeñería naval; de Exponav, a exposición permanente para o fomento da construción naval e as actividades marítimas; ou citas tan destacadas como Navalia, a Feira Internacional da Industria naval, que en maio deste ano abrirá as súas portas en Vigo por segundo ano consecutivo. Tampouco esquezamos que na actualidade un estaleiro de Marín está inmerso na construción do que será o veleiro máis grande do mundo, o Sea Cloud Hussar, de cento trinta e seis metros de eslora, e que o sector naval

nos últimos anos alcanzou cotas elevadísimas de pedidos e empregos, destacando dentro do territorio do Estado.

Neste contexto, e como é lóxico, tiña que nacer este Dicionario Galego de Construción Naval, unha obra na que o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos de Galicia pretende compilar e recuperar unha importantísima parte do noso léxico. Nas pouco máis de dúas mil achegas que se recollen ao longo deste volume tradición e lingua únense para formar unha obra de referencia no campo da construción naval. De aí o apoio incondicional que desde a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia lle prestamos co fin de difundir un anaco máis da nosa cultura pasada, presente e futura.

Xosé Luís Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
Xunta de Galicia

PREÁMBULO

Cando neno, a miña familia adoitaba pasar os veráns na parroquia viguesa de Coruxo, preto do areal do Vao, na casa dos finados Ramón e Filomena, unha parella de ben de labregos–pescadores que tiñan tres fillos cos que aínda temos unha boa relación de amizade. Ramón e Filomena tiñan unha preciosidade de gamela (Coruxeira, é claro!) no areal da Fontaiña, da que xa non me lembro nin do nome nin do tamaño, aínda que a min parecíame inmensa. Ás veces, e co beneplácito do noso pai, enxeñeiro naval e grande afeccionado ao mar, Ramón levábanos con el a pescar luras, fanecas, polbos e nécoras entre os areais e a illa de Toralla. De Ramón e a súa familia aprendín o galego (a nosa familia non era galegofalante) e, deste xeito, as miñas primeiras verbas nesta lingua de reis-poetas foron as relacionadas coa pesca e coas partes dunha embarcación.

O que hoxe presentamos é un pouco produto daquela nenez e dunha longa estadía posterior en terras portuguesas, xa casado e cos meus propios fillos. En Portugal dinme conta da grande riqueza do léxico naval e de como estaba estudado dentro do seu idioma e, pola contra, observei a penuria que se vivía en Galicia. O grande influxo do castelán na nosa costa, a aplicación doutros materiais alén da madeira xunto co desenvolvemento das súas técnicas construtivas, o feito de que a maioría dos profesionais da enxeñería, do deseño e da inspección naval non sexan galegofalantes, sumado ao declínio das carpinterías de ribeira, das que xa quedan pouco máis dunha ducia en activo, contribuíron á diminución progresiva na nosa terra daquel léxico propio da construción naval.

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Océánicos pretende agora, con este Dicionario Galego de Construción Naval, colaborar ao esforzo colectivo de recuperación deste riquísimo léxico, poñelo en valor e acompasalo ao devir dos tempos. Esta primeira versión do Dicionario, apoiada con entusiasmo pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, é só unha pri-

meira aproximación ao estudo e divulgación deste campo específico da nosa lingua que, sen dúbida, precisa dun maior e máis continuado esforzo, así como de novas achegas dende outros ámbitos.

Pouco máis de dous mil termos, vocábulos e acepcións, coas súas traducións ao castelán, portugués e inglés, foron incorporados nesta primeira versión, mais aínda queda unha inxente tarefa por diante. Uns cincocentos termos máis non saíron á luz nesta edición porque non se tiña a suficiente certeza sobre a súa corrección lexicográfica. Igualmente, o lector notará que falta por incorporar outra terminoloxía da que non temos aínda coñecemento (sobre todo as variantes de cada acepción que se dan ao longo da costa), aqueles termos ou acepcións que, por desgraza, perdéronse para sempre, ou tamén aqueles provenientes das novas técnicas que aínda non teñen tradución ao noso idioma. Sobre todo isto haberá que seguir traballando, para ver a forma de recuperalos e de introducilos no Dicionario.

Pretendemos, por tanto, que este sexa un documento en continua evolución, aberto ao perfeccionamento continuado. Para iso estaremos totalmente abertos á colaboración doutros axentes sociais e especialistas e, por outra banda, dotamos ao Dicionario cunha presenza en Internet que non só facilite ao máximo a súa consulta e utilización (acompañase dun tradutor en liña), senón tamén dende a que se poidan facer novas achegas e comentarios. Poderán atopalo en <http://dicionarionavalgalego.ingenierosnavales.com>.

No capítulo dos agradecementos, o meu recoñecemento ao Conselleiro de Presidencia, D. Xosé Luís Méndez Romeu, quen dende o primeiro momento mostrou un decidido apoio ao proxecto; ao xornalista e bo amigo do mar Gustavo Luca de Tena, quen colaborou nesta singradura con sabedoría e cariño; ao enxeñeiro naval Primitivo González López e á súa esposa, a profesora de lingua e literatura galegas M^a do Carmo Souto Negrete, pola revisión final; e, moi especialmente, a Teresa Fagúndez Díaz, tradutora, Manoel Andrés Picallo Chao e María Xesús Piñeiro Domínguez, filólogos, capitaneados por Manoel Míguez da empresa 3.14, sen cuxa labor empeñada –e ás veces ingrata– este Dicionario non tivera sido posible.

Guillermo Gefaell Chamochín

Decano Territorial

Colegio Oficial de Ingenieros Navales y Oceánicos. Delegación en Galicia

LISTA DE ABREVIATURAS

Relación de abreviaturas empregadas neste Dicionario:


<i>adv.</i>	adverbio
<i>adx.</i>	adxectivo
<i>Esp.</i>	español
<i>f.</i>	feminino
<i>Ing.</i>	inglés
<i>loc.</i>	locución
<i>m.</i>	masculino
<i>pl.</i>	plural
<i>Port.</i>	portugués
<i>Sin.</i>	sinónimo.
<i>v. i. e pr.</i>	verbo intransitivo e pronominal
<i>v. i. e tr.</i>	verbo intransitivo e transitivo
<i>v. i.</i>	verbo intransitivo
<i>v. pr.</i>	verbo pronominal
<i>v. tr. e pr.</i>	verbo transitivo e pronominal
<i>v. tr.</i>	verbo transitivo
<i>v. tr., i. e pr.</i>	verbo transitivo, intransitivo e pronominal

GUÍA DE USO

As entradas aparecen en orde alfabética e están resaltadas en negra. A información que conteñen está estruturada da forma seguinte:

- Entrada
- Categoría gramatical
- Definición
- Sinónimos
- Traducións

Exemplo:



Notas:

- As categorías gramaticais distínguense coas abreviaturas correspondentes (adx., v., etc.), excepto no caso dos substantivos, nos que aparece directamente o xénero: *m.* ou *f.*
- Se as entradas teñen máis dunha acepción, márcanse con números, e proporciónase a tradución e os sinónimos correspondentes.
- As remisións indícanse coa palabra 'Véxase'. Por exemplo:

forquilla *f.* Véxase: **forquita**.

DICIONARIO GALEGO
DE CONSTRUCCIÓN NAVAL

A

a bordo *loc.* Estar no buque ou dentro do buque.

Esp. a bordo

Port. a bordo

Ing. on board

á sirga *loc.* Navegar a remolque mediante unha sirga ou corda lanzada desde unha embarcación ou desde a costa.

Esp. a la sirga

Port. à sirga

Ing. tracking

aba *f.* Beira ou marxe dun río ou do mar. *Sin. costa, ladeira, beira.*

Esp. costa

Port. aba

Ing. coast

abadernar *v. tr.* Suxeitar con bandernas.

Esp. abadernar

Port. abadernar

Ing. fasten

abalo *m.* Preamar. Situación máis alta do mar durante a carreira da marea. *Sin. marea alta, preamar.*

Esp. pleamar

Port. preamar

Ing. high tide

abandeirar *v. tr.* Rexistrar ou matricular unha embarcación baixo a bandeira dun país determinado.

Sin. inscribir.

Esp. abanderar

Port. embadeirar

Ing. register

abanear *v. i. e tr.* Mover un guindastre en círculos ou arcos horizontais. *Sin. abalar.*

Esp. oscilar

Port. balançar

Ing. swing a derrick

abarloar *v. tr.* Achegar unha embarcación a outra, quedando as dúas xuntas en paralelo. *Sin. ache-*

gar, abordar.

Esp. abarloar

Port. atracar

Ing. put alongside

abastecemento *m.* Conxunto de accións para prover a un navío de todo o necesario para unha travesía. *Sin. aprovisionamento, fornecemento.*

Esp. abastecimiento

Port. abastecimento

Ing. supply

abicar *v. tr.* Dar forma de bico, aguzar. *Sin. aguzar, embicar.*

Esp. aguzar

Port. aguçar

Ing. sharpen

abita *f.* Véxase: **bita.**

abitón *m.* Madeiro ou ferro posto verticalmente á cuberta para amarrar a el cabos.

Esp. abitón

Port. abita, cabeço

Ing. kevel head, mooring bitt

aboiar *v. i.* Manterse sobre a auga sen afundir. *Sin. flotar.*

Esp. flotar

Port. aboiar

Ing. float

abordaxe *f.* Colisión entre dúas naves de forma intencionada ou accidental.

Esp. abordaje

Port. abordagem

Ing. collision

abrigar *v. tr.* Protexer un buque e defendelo do vento ou das ondas.

Sin. protexer.

Esp. abrigar

Port. abrigar

Ing. shelter

abucinar *v. tr.* Ensanchar a boca

dun tubo dándolle forma de bucina. *Sin. anchear, ampliar.*

Esp. abocinar

Port. alargar

Ing. flare

acalumar *v. tr. e pr.* Ir unha embarcación ao fondo da auga. *Sin.*

afondar, afundir.

Esp. hundir

Port. afundar

Ing. submerge

acanaladura *f.* Estría, greta ou fendedura que se produce na superficie dun corpo. *Sin. estría, suco.*

Esp. acanaladura

Port. canelura

Ing. groove

aceiro *m.* Aliaxe de ferro e carbono en diferentes proporcións que, sometido ao tempero, adquire unha maior elasticidade e dureza.

Esp. acero

Port. aceiro

Ing. steel

achicador *m.* Elemento que serve para extraer a auga dunha embarcación menor. *Sin. tangarte, briol.*

Esp. achicador

Port. achicador

Ing. bailer

achicar *v. tr.* Extraer completamente a auga dalgunha cousa ou lugar que quedaron anegados. Empréganse bombas e outros obxectos. *Sin. baldeirar, desaugar.*

Esp. achicar

Port. achicar

Ing. pump out, bail out

acochar *v. tr.* Unir os fíos dun cabo.

Esp. corchar

Port. cochar

Ing. lay

acoirazado *m.* Buque de guerra blindado e de grandes dimensións, protexido con fortes chapas blindadas na súa estrutura e cunha gran potencia de fogo.

Esp. acorazado

Port. couraçado

Ing. dreadnought

acreditación *f.* Recoñecemento oficial de persoa ou de entidade para determinados efectos profesionais ou legais.

Esp. acreditación

Port. acreditação

Ing. accreditation

acumulador *m.* Aparello de funcionamento electrolítico que transforma a enerxía eléctrica en enerxía química para reconvertela novamente en enerxía eléctrica.
Sin. batería.

Esp. acumulador

Port. acumulador

Ing. accumulator

adega *f.* Espazos adecuados para acomodar a carga no interior dos buques, que abarcan desde a cuberta ata a quilla. Poden estar subdivididos en andares chamados entrepontes. *Sin. cava, bodega.*

Esp. bodega

Port. porão

Ing. hold

adega principal *f.* Espazo con máis capacidade de carga no buque, situado debaixo do zapón principal.

Esp. bodega principal

Port. porão principal

Ing. main hold

adega superior *f.* Adegas que ocupa o espazo comprendido entre os vaos da bodega e a cuberta máis baixa.

Esp. bodega superior

Port. porão superior

Ing. upper hold

adrizar *v. tr.* Véxase: **drizar**.

aduxa *f.* Cada unha das voltas mediante as cales se recollen os cabos, as cadeas, os cables, etc. *Sin. volta.*

Esp. aduja

Port. rolo

Ing. coil

aduxa de cornamusa *f.* Método de amarre da aduxa a unha cornamusa, empregado para asegurar unha driza aduxada á súa cornamusa.

Esp. aduja de cornamusa

Port. rolo de cunbo

Ing. cleat looping

aduxa de estiba *f.* Xeito de aduxar un cabo cando ten que estibarse xunto co resto do aparello.

Esp. aduja de estiba

Port. rolo de estiva

Ing. stowage looping

aduxar *v. tr.* Enrolar un cabo ou cadea facendo voltas ou aduxas. *Sin. enrolar.*

Esp. adujar

Port. enrolar

Ing. coil

aduxar ao dereito *loc.* Aduxar dando voltas á dereita e no sentido do cabo.

Esp. adujar al derecho

Port. enrolar à direita

Ing. coil

agulla *f.* Barra metálica ou de madeira que forma parte dalgúns ins-

trumentos de precisión, como o compás, e que serve para medir ángulos, graos, o tempo, etc. Este nome tamén se lle aplica ao compás usado na navegación. *Sin.*

compás.

Esp. aguja

Port. agulha

Ing. compass needle

agulla de bitácora *f.* Compás.

Instrumento utilizado para indicar o rumbo dunha nave. *Sin.* **agulla náutica.**

Esp. aguja de bitácora

Port. agulha de bitácula

Ing. binnacle compass

aixola *f.* Ferramenta que serve para desbastar a madeira; consta dunha coitela de ferro afiada que vai unida a un mango perpendicularmente. *Sin.* **desbastador.**

Esp. azuela

Port. enxó

Ing. adze

alargamento *m.* Deformación producida pola extensión forzada efectuada nun corpo. Modificación realizada nun buque para alongar a súa eslora. *Sin.* **dilatación, extensión.**

Esp. alargamiento

Port. alargamento

Ing. elongation, lengthening

alcatruz *m.* Cada un dos recipientes de ferro que forman parte das dragas de rosario que extraen os obstáculos que obstrúen o fondo das augas.

Esp. cangilón

Port. alcatruz

Ing. bucket

alefriz *m.* Rañura ou fisura que se

abre ao longo da quilla, roda e codaste, e que serve para encaixar as táboas da aparadura na parte baixa dos costados dos buques feitos de madeira.

Esp. alefriz

Port. alefriz

Ing. rabbet

aleta *f.* Parte curvada posterior do buque que remata na popa. O barco ten dúas aletas: aleta de estribor e aleta de babor. No mesmo caso que as amuras, indican dirección. *Sin.* **ala, á.**

Esp. aleta, ala

Port. alheta

Ing. quarter

aleta da caderna *f.* Peza que forma a caderna posterior e vai unida ás extremidades dos xugos.

Esp. aleta de cuaderna

Port. alheta da caverna

Ing. frame rib

aleta de caída *f.* Aletas que se colocan coas súas caras paralelas á volta horizontal do xugo, e levan o seu pé ao alefriz do codaste.

Esp. aleta de caída

Port. alheta de caída

Ing. bee

aletas do bauprés *f. pl.* Pequena plataforma por cada banda, perforada por un buraco, por onde pasan os estais do masteleiro.

Esp. aletas del bauprés

Port. alheta do gurupés

Ing. bee block

alfiestra *f.* Olo que ten no extremo posterior a cana do temón da dorna e dalgunha outra embarcación e no que entra a parte alta da táboa que dá dirección á nave.

Esp. orificio
Port. alfiestra
Ing. hole

alicates *m. pl.* Utensilio en forma de tenaces con puntas chatas ou redondas que serve para suxeitar pezas pequenas, tronzar fíos, cables, etc.

Esp. alicate
Port. alicate
Ing. pliers

alidada *f.* Dispositivo que leva a maxistral para tomar marcacións.

Esp. alidada
Port. alidada, alidade
Ing. alidade

alimentación de enerxía *f.* Proceso consistente en proporcionar enerxía a unha máquina.

Esp. alimentación de energía
Port. alimentación de energia
Ing. feeding

alimentador *m.* Parte ou peza dunha máquina que lle proporciona o combustible para o seu funcionamento. *Sin. fornecedor.*

Esp. alimentador
Port. alimentador
Ing. feeder

alimentador eléctrico *m.* Sistema que fornece de enerxía eléctrica a un circuíto.

Esp. alimentador eléctrico
Port. alimentador eléctrico
Ing. electric feeder

alixeiramento *m.* Acción de alixeirar ou aliviar unha embarcación ou un compoñente dela quitándolle peso. *Sin. descarga.*

Esp. aligeramiento
Port. aligeiramento
Ing. lightning

alta mar *f.* Lugar lonxe da costa onde navegan e pescan os grandes buques.

Esp. alta mar
Port. alto-mar
Ing. high sea

alternador *m.* Xerador de corrente que transforma a enerxía mecánica en corrente eléctrica alterna.

Esp. alternador
Port. alternador
Ing. alternator

altura do codaste *f.* Medida en vertical tomada desde o extremo superior do codaste ata a quilla.

Esp. altura del codaste
Port. altura do cadaste
Ing. stern frame height

aluamento *m.* Corte curvo da parte inferior da vela das gabias para evitar que roce.

Esp. alunamiento
Port. arqueamento
Ing. roach

alxibe *m.* Embarcación deseñada para o transporte de auga doce.

Esp. aljibe
Port. algibe, navio cisterna
Ing. tank vessel

amante *m.* Cable que serve para suspender a carga; cabo grosso atado por un extremo a un pau, e polo outro a un aparello.

Esp. amante
Port. amante
Ing. cargo runner

amantillo de verga de gabia *m.*

Cabo que suxeita a gabia á verga.
Esp. amantillo de verga de gavia
Port. amantillo de verga de gávea
Ing. main topsail lift

amantillo de verga de perico *m.*

Cabo que suxeita a vela de perico á súa verga.

Esp. amantillo de verga de perico

Port. amantillo de verga de vela

Ing. mizzen topgallant lift

amantillo de verga de xoanete

m. Cabo que suxeita a vela de xoanete á súa verga.

Esp. amantillo de verga de juanete

Port. amantillo de verga de joanete

nete

Ing. topgallant lift

amantillo de verga maior *m.*

Cabo que corresponde á verga maior.

Esp. amantillo de verga mayor

Port. amantillo de verga maior

Ing. main lift

amantillo de verga seca *m.*

Cabo correspondente á verga seca.

Esp. amantillo de verga seca

Port. amantillo de verga seca

Ing. mizzen lift

amantillos *m. pl.* Cada un dos cabos que manteñen as vergas horizontais.

Esp. amantillos, obenques

Port. amantillos

Ing. topping lifts

amarra *f.* Corda, cabo, cable ou cadea que serve para amarrar os buques ao porto e para suxeitalos ao fondo das augas, especialmente cunha áncora. A amarra de proa tírase desde a proa e a amarra de popa tírase desde a popa. *Sin. cadea.*

Esp. amarra

Port. amarra

Ing. mooring rope

amarrar *v. tr.* Atar, facer firme, anoar un cabo. Colocar un barco

no seu lugar xunto ao peirao ou pantalán e fixalo con cabos. *Sin.*

atar, suxeitar.

Esp. amarrar

Port. amarrar

Ing. moor

amarre *m.* Acción e efecto de amarrar un buque con cabos ao peirao ou a outro sitio para evitar que se mova. *Sin. amarradura.*

Esp. amarre

Port. amarradura

Ing. mooring

amorear *v. tr.* Amontoar as cargas dun buque. *Sin. amontoar.*

Esp. amontonar

Port. amorear

Ing. pile up

amortecedor *m.* Dispositivo que se emprega para illar os golpes e as perturbacións causadas polo ruído, o movemento ou por outros motivos.

Esp. amortiguador

Port. amortecedor

Ing. shock-absorber

amplitude da crecente *f.* Diferenza de altura entre a marea baixa e a chea consecutivas nunha marea crecente.

Esp. amplitud de la creciente

Port. amplitude da crescente

Ing. rising tidal range

amplitude da marea *f.* Diferenza de altura entre a marea baixa e a marea alta.

Esp. amplitud de la marea

Port. amplitude da maré

Ing. tidal range

amplitude da onda *f.* Distancia vertical entre o seo e a crista da onda.

Esp. amplitud de la ola

Port. amplitude da onda

Ing. wave amplitude

amplitude de descenso *f.* Diferenza de altura entre a marea chea e a marea baixa consecutivas nunha marea descendente.

Esp. amplitud de la bajante

Port. amplitude da descida

Ing. falling tidal range

amurada *f.* Prolongación do costado do buque, por riba do trancañil, para evitar o acceso da auga á cuberta.

Esp. amurada

Port. amurada

Ing. bulwark

amuras *f. pl.* Zona curva na parte da proa nos costados do buque, desde onde o casco se afina cara a proa. Existe a amura de estribor e a de babor.

Esp. amuras

Port. amuras

Ing. bows

âncora *f.* Instrumento de ferro ou aceiro, de formas variadas, que serve para suxeitar a embarcación ao fondo do mar por medio dun cable, cabo ou cadea. Hainas de varios tipos: do Almirantado, de cepo, fungo, rizón, Danforth, Benson, etc. *Sin. rizón.*

Esp. ancla

Port. âncora

Ing. anchor

âncora Danforth *f.* Âncora de uñas moi longas e con cepo na cruz.

Esp. ancla Danforth

Port. âncora Danforth

Ing. Danforth anchor

âncora de barlovento *f.* Âncora que traballa na dirección de onde procede o vento.

Esp. ancla de barlovento

Port. âncora de barlavento

Ing. windward anchor

âncora de capa *f.* Tipo de âncora utilizada en embarcacións e botes salvavidas, que reduce o abateamento do bote e permanece próxima á zona do sinistro que sufriu o barco.

Esp. ancla de capa

Port. âncora de capa

Ing. drogue

âncora de fungo *f.* Âncora pouco convencional que ten forma de fungo e que carece de uñas; o seu peso concéntrase no disco cóncavo que hai ao final da cana, que é o que lle dá a aparencia de fungo. Emprégase para ancorar en augas tranquilas, con fondos lamacentos, ou tamén para ancorar permanentemente. *Sin. âncora mushroom.*

Esp. ancla de hongo

Port. âncora de fungo

Ing. mushroom anchor

âncora de sotavento *f.* Âncora que está tendida na dirección contraria á que sopra o vento.

Esp. ancla de sotavento

Port. âncora de sotavento

Ing. leeward anchor

âncora do Almirantado *f.* Âncora que imita ás antigas, e que leva un orificio na cabeza por onde pasa un cepo cilíndrico de ferro.

Esp. ancla de Almirantazgo

Port. âncora do Almirantado

Ing. Admiralty anchor

âncora flotante *f.* Elemento que,

tirado pola borda cara á popa, frea o avance do barco.

Esp. ancla flotante

Port. âncora flutuante

Ing. floating anchor

âncora Hall *f.* Âncora que ten unha cruz de aceiro e que forma corpo cos brazos, os cales están en paralelo á cana.

Esp. ancla Hall

Port. âncora Hall

Ing. Hall anchor

âncoradoiro *m.* Lugar na costa para fondear e para ancorar as embarcacións. *Sin. fondeadoiro.*

Esp. fondeadero

Port. ancoradouro

Ing. anchorage

âncoraxe *f.* Acción de ancorar. Lugar adecuado para fondear.

Esp. anclaje

Port. ancoragem

Ing. anchorage

âncorel *m.* Pedra que vai pendurada nunha boia, e que lle serve de âncora para que non se poda mover no mar.

Esp. ancotel

Port. pedra de bóia

Ing. buoy anchor

âncorote *m.* Âncora pequena e lixeira utilizada para algunhas manobras do buque; esta âncora pode levarse lonxe do buque para corri-xir a súa traxectoria ao fondear.

Sin. rizón.

Esp. anclote

Port. ancorote

Ing. grapnel

andana *f.* Ondas que chegan unha tras doutra. *Sin. ondada.*

Esp. oleaje

Port. ondada

Ing. swell

anguía *f.* Cada un dos madeiros paralelos á quilla que constitúen a base sobre a cal o buque se bota á auga. Este conxunto de madeiros ou anguías levan o buque por riba, sobre unhas pistas fixas inclinadas e ensebadas chamadas imadas. *Sin.*

base de lanzamento.

Esp. anguila

Port. trilho de lançamento

Ing. sliding way

ângulo de calado *m.* Nome que recibe nas máquinas alternativas de vapor o ângulo formado polo virabrequín ficticio e o virabrequín do motor.

Esp. ángulo de calado

Port. ângulo de calado

Ing. draught angle

ângulo de deriva *m.* Diferenza entre o rumbo teórico e o rumbo real.

Esp. ángulo de deriva

Port. ângulo de deriva

Ing. drift angle

ângulo de rumbo *m.* Ângulo que forma a proa coa liña norte-sur.

Esp. ángulo de rumbo

Port. ângulo de rumbo

Ing. direction angle

ângulo do temón *m.* Ângulo que forma a pa do temón coa liña de proa-popa.

Esp. ángulo del timón

Port. ângulo do timão

Ing. rudder angle

ângulo vertical de seguridade *m.* Ângulo que debe formar a base e o cumio dun obxecto para manterse un buque a determinada dis-

tancia do mesmo.

Esp. ángulo vertical de seguridad

Port. ângulo vertical de seguridade

Ing. security vertical angle

ánodo de sacrificio *m.* Peza, xeralmente de cinc, que se coloca preto das partes metálicas somerxidas do barco, para que contrarresten a acción galvánica producida na auga e que non oxidan. O potencial destas pequenas pezas longas é máis baixo que o do metal que compón a quilla ou a hélice e, deste xeito, corróense con anterioridade, protexendo á quilla e ás outras pezas. *Sin. ánodo funxible.*

Esp. ánodo de sacrificio

Port. ânodo de sacrificio

Ing. sacrificial anode

anteparos *m. pl.* Construcións verticais ou tabiques que forman as paredes dos compartimentos de a bordo. *Sin. tabiques.*

Esp. mamparos

Port. anteparas

Ing. bulkheads

antepuerto *m.* Lugar á entrada dos portos onde os barcos encontran momentaneamente abrigo. *Sin. abrigo.*

Esp. antepuerto

Port. antepuerto

Ing. forebay

aparadura *f.* Primeira fila de chapas ou de táboas de madeira que encaixa no alefriz a continuación da quilla. *Sin. táboa de aparadura.*

Esp. aparadura

Port. táboa de resbordo

Ing. garboard strake

aparato de goberno *m.* Conxunto de elementos capaces de mover a pa do temón integrada ao sistema.

Esp. aparato de goberno

Port. aparelho de goberno

Ing. steering gear

aparella *f.* Especie de travesa de madeira que se introduce no buraco do pau da dorna. *Sin. travesa.*

Esp. traviesa

Port. travessa

Ing. crossbar

aparellado *adx. m.* Dise do buque que está preparado para saír a navegar.

Esp. aparejado

Port. aparelhado

Ing. rigged-up

aparellar *v. tr.* Dotar ao barco de todos os elementos necesarios para a navegación. *Sin. armar.*

Esp. aparejar

Port. aparelhar

Ing. rig

aparello *m. 1.* Conxunto de paus, cordames e velames dun barco que serven para empurrarlo coa forza do vento. *Sin. arreo.*

Esp. aparejo

Port. aparelho

Ing. rig

2. Máquina que dispón dun sistema de poleas que permiten multiplicar a forza e vencer grandes resistencias.

Esp. aparejo

Port. mecanismo

Ing. tackle

3. Conxunto de utensilios para pescar

Esp. aparejo

Port. aparelho

Ing. equipment

apopar *v. i.* Situación na que o buque presenta a popa ao vento, á corrente ou á marea. Calar demasiado de popa. Colocar pesos ou efectos na popa.

Esp. empopar

Port. apopar

Ing. trim by the stern

aproar *v. i. e tr.* Levar pesos cara a proa. Poñer o barco de proa ao vento, corrente ou lugar determinado. Calar demasiado a proa.

Esp. aproar

Port. aproar

Ing. head towards

aquillado *adx. m.* Dise do barco que ten quilla e non é aplanado por baixo.

Esp. aquillado

Port. aquilhado

Ing. keel-shaped

aquillar *v. i.* Dar forma á quilla.

Esp. aquillar

Port. aquilhar

Ing. build the keel

araña *f.* Peza de madeira que evita que se enrede a vela cos cabos que gornecen os paus.

Esp. araña

Port. aranha

Ing. crowfoot

arboradura *f.* Conxunto de paus ou mastros que ten unha embarcación.

Esp. arboladura

Port. mastreação

Ing. masting

arborar *v. tr.* Dotar de mastros unha embarcación. *Sin. erguer.*

Esp. arbolar

Port. arvorar

Ing. rig

árbore *f.* Pau vertical situado en perpendicular á quilla, e que sostén as velas da embarcación. A árbore mestra é o pau máis alto dunha embarcación *Sin. mastro.*

Esp. árbol

Port. mastro

Ing. mast

arfada *f.* Movemento vertical da proa do navío. Cabeceo dunha embarcación *Sin. cabeceo.*

Esp. arfada

Port. arfada

Ing. pitching

arfar *v. i.* Acción de facer movementos de proa; levantar a proa por causa do mar. *Sin. cabecear.*

Esp. arfar

Port. arfar

Ing. pitch

arganeo *m.* Argola de ferro situada no extremo superior da cana da áncora. *Sin. argola.*

Esp. arganeo

Port. arganéu

Ing. anchor ring

armador *m. 1.* Persoa ou sociedade que se dedica a dotar aos barcos de todo o necesario para a súa navegación. *Sin. navieiro, fretador.*

Esp. armador

Port. armador

Ing. shipowner

2. Persoa ou sociedade que se dedica á explotación dunha ou varias embarcacións.

Esp. armador

Port. armador

Ing. shipowner

armamento *m. 1.* Acción de armar

un barco, dotándoo de todo o necesario para a navegación.

Esp. armazón

Port. armadura

Ing. rig

2. Fase final da construción dun barco comprendida entre a botadura e a entrega aos propietarios.

Esp. armamento

Port. armamento

Ing. outfitting

arnés *m.* Elemento de seguridade da indumentaria dos tripulantes, formado por correas que se cinxen ao corpo, e unido fortemente á embarcación co obxecto de evitar que a persoa caia da mesma.

Esp. arnés

Port. arnês

Ing. harness

aro *m.* Peza de madeira, ferro ou calquera outro material que se utiliza como reforzo para determinadas cousas que necesitan resistencia. Serve tamén como xunta e unión. *Sin. argola, elo.*

Esp. zuncho

Port. aro

Ing. zoop

aro salvavidas *m.* Aro macizo de material flotante que serve para manterse a flote unha persoa.

Esp. aro salvavidas

Port. bóia de salvación

Ing. life ring

arpeo *m.* Instrumento de ferro con garfos que serve para rastrear o fondo ou para aferrar un barco a outro.

Esp. arpeo

Port. arpéu

Ing. grapnel

arpón *m.* Arte de pesca que consiste nun pau longo que remata nunha punta de ferro con ganchos que se emprega para pescar.

Esp. arpón

Port. arpão

Ing. harpoon

arqueo *m.* **1.** Acción de medir o volume hábil para a carga dos barcos.

Sin. tonelaxe.

Esp. arqueo

Port. arqueio

Ing. tonnage measurement

2. Volume e capacidade do navío.

Esp. arqueo

Port. arqueação

Ing. tonnage

arqueo neto *m.* O que se obtén restando do arqueo total os espazos necesarios para servizos do buque, dotación, cámaras de máquinas e caldeiras, etc.

Esp. arqueo neto

Port. arqueio neto

Ing. net tonnage

arqueo total *m.* Volume do buque comprendido desde o plan do mesmo ata a cuberta alta con todos os espazos cerrados sobre esta cuberta. *Sin. arqueo bruto.*

Esp. arqueo total

Port. arqueio total

Ing. gross tonnage

arquitectura naval *f.* Arte e oficio de deseñar o casco, a estrutura e a disposición dos navíos, de acordo coa súa función.

Esp. arquitectura naval

Port. arquitetura naval

Ing. naval architecture

arracamento *m.* Anel que suxeita as vergas aos seus paus ou maste-

leiros, para que poidan correr facilmente por eles.

Esp. racamento

Port. anel de mastaréu

Ing. parrel

arraigamento *m.* Extremo de todo cabo feito firme en calquera parte. *Sin. extremidade.*

Esp. arraigado

Port. amarração

Ing. dead end

arrastre *m.* Técnica empregada na pesca que consiste en arrastrar unha rede polo fondo das augas e tirar dela. Arte de pesca.

Esp. arrastre

Port. arrasto

Ing. trawling

arriar *v. tr.* Baixar as velas ou bandeiras que estaban izadas ou despregadas. Afrouxar ou soltar un aparello, cabo, liña ou cadea. *Sin. recoller.*

Esp. arriar

Port. arriar

Ing. lower

arribada *f.* Acción de chegar unha embarcación ao porto ao final da viaxe. Dise tamén do fondeadoiro que realizan os barcos nun lugar distinto ao habitual por motivos xustificadas, para evitar un perigo ou por outras necesidades.

Esp. arribada

Port. arribada

Ing. arrival

arriostar *v. tr.* Poñer ríostas aos paus. Asegurar algo mediante ríostas que impidan a deformación dunha estrutura. *Sin. riostrar.*

Esp. arriostar

Port. vigar

Ing. brace

arrombar *v. tr.* Arranxar a embarcación. *Sin. arranxar, arrumar.*

Esp. arreglar

Port. arrumar

Ing. get ready

arrufe *m.* Curvatura que forman as cubertas do buque e outros elementos respecto á auga, de modo que a popa e a proa quedan máis elevadas que o centro.

Esp. arrufo

Port. arrufo

Ing. sheer

arsenal *m.* Conxunto de instalacións situadas á beira do mar que se dedican á construción e mantemento dos buques de guerra e que inclúen un porto, estaleiros, talleres, almacéns e peiraos.

Esp. arsenal

Port. arsenal

Ing. naval dockyard

artes *f. pl.* Utensilios que se empregan para a pesca. Cada un dos métodos que se utilizan para pescar. *Sin. aparellos.*

Esp. artes

Port. artes, aparelhos

Ing. fishing gears

as de guía *m.* Nó mariñeiro que serve para soportar grandes pesos ou tensións e que pode desfacerse facilmente despois. Faise formando unha gaza non corrediza no chicote dun cabo. Pódese facer tamén arredor dun obxecto fixo.

Esp. as de guía

Port. lais de guia

Ing. bowline

asegurador *m.* Persoa física ou xurídica que asume a cobertura dos

riscos pactados. *Sin.* garante, fiador, mantedor.

Esp. asegurador

Port. segurador

Ing. underwriter

asento *m.* Diferenza de calado entre proa e popa; este factor dependerá da carga, da forma do buque, da velocidade ou doutros aspectos. Se o calado é maior pola popa, dise que o asento é pola popa; se o calado é maior pola proa, fálase de asento pola proa. *Sin.* trimado, asentamento.

Esp. asiento

Port. assentamento

Ing. trim

asento dun eixe *m.* Parte do eixe que está en contacto cunha chumaceira.

Esp. asiento de un eje

Port. assento dum eixo

Ing. bearing

asento final *m.* Asento que ten o buque ao rematar a carga.

Esp. asiento final

Port. assentamento final

Ing. final trim

asento inicial *m.* O asento que ten o buque antes da carga.

Esp. asiento inicial

Port. assentamento inicial

Ing. initial trim

asento negativo *m.* Aquel no que o calado é maior á proa.

Esp. asiento negativo

Port. assentamento negativo

Ing. trim by the bow

asento positivo *m.* Aquel no que o calado é maior á popa.

Esp. asiento positivo

Port. assentamento positivo

Ing. trim by the stern

asocar *v. tr.* Apertar o cabo. *Sin.* apertar.

Esp. azocar

Port. apertar

Ing. tighten

atalingar *v. tr.* Asegurar o chicote dun cabo ou cadea ao arganeo da âncora.

Esp. entalingar

Port. assegurar

Ing. bend

atlas hidrográfico *m.* Colección encadernada de cartas náuticas e de planas.

Esp. atlas hidrográfico

Port. atlas hidrográfico

Ing. hydrographic atlas

atlas náutico *m.* Conxunto de cartas náuticas encadernadas.

Esp. atlas náutico

Port. atlas náutico

Ing. nautical atlas

atoar *v. tr.* Arrastrar, levar un navío con sirga. *Sin.* arrastrar.

Esp. atoar

Port. atoar

Ing. tug

atochar *v. tr. e pr.* Quedar un cabo suxeito entre dous obxectos.

Esp. atochar

Port. atochar

Ing. get caught

atracadoiro *m.* Lugar onde poden atracar as embarcacións. *Sin.* peirao de atracada, desembarcadoiro.

Esp. atracadero

Port. atracadoiro

Ing. mooring place

atracar *v. tr.* Achegarse unhas embarcacións ás outras, ou achegarse

ao peirao e amarrar. *Sin.* amarrar.

Esp. atracar

Port. atracar

Ing. berth, dock

ataque *m.* Acción de achegarse unha embarcación a outra, á terra ou a un atracadoiro ou peirao. *Sin.*

atracada.

Esp. atraque

Port. atracação

Ing. mooring

atuneiro *m.* Barco pesqueiro empregado para a pesca do atún.

Esp. atunero

Port. atuneiro

Ing. tuna boat

augada *f.* Provisión ou cantidade de auga potable que leva unha embarcación.

Esp. aguada

Port. aguada

Ing. watering

augas xurisdicionais *f. pl.* Zona marítima preto da costa, sobre a que os estados teñen plena soberanía. Augas que bañan as costas dun estado e están suxeitas á súa xurisdición. *Sin.* **augas territoriais.**

Esp. aguas jurisdiccionales

Port. águas jurisdicionais

Ing. territorial waters

autoestradas do mar *f. pl.* Ruta marítima que xurde a consecuencia de acordos entre diferentes estados, portos e empresas para establecer un transporte regular de mercadorías, equipos, etc., co obxectivo, entre outros, de alixear o transporte terrestre, substituíndoo por transporte marítimo que, en liñas xerais, é máis económico

desde o punto de vista de aforro de combustible e, polo tanto, de eliminación de emisións contaminantes de efecto invernadoiro. *Sin.*

autoestradas marítimas.

Esp. autopistas del mar

Port. auto-estradas do mar

Ing. motorways of the sea

autonomía *f.* Distancia en millas que un buque pode navegar a unha velocidade concreta, cando sae á mar co máximo combustible.

Esp. autonomía

Port. autonomia

Ing. cruising radius

avaliar *v. tr.* Determinar a valía, valor ou prezo dalgunha cousa. *Sin.* **calcular, considerar, determinar.**

Esp. evaluar

Port. avaliar

Ing. evaluate

avante *adv.* Cara a adiante. Dianteira do navío. Parte da cuberta que fica ao lado da proa. *Sin.*

adiante.

Esp. avante

Port. avante

Ing. ahead

aviar *v. tr. e pr.* Preparar unha cousa de forma axeitada para unha realización posterior. *Sin.* **compoñer, preparar.**

Esp. aviar

Port. aviar

Ing. arrange

axente marítimo *m.* Axente comercial que contrata fretes marítimos e representa buques para tramitar amarres e despachar documentos.

Esp. agente marítimo

Port. agente marítimo

Ing. shipping agent

axiómetro *m.* Instrumento composto por unha parte dun círculo graduado cunha agulla xiratoria

que mide o ángulo formado pola quilla do barco e a roda do temón.

Esp. axiómetro

Port. axiómetro

Ing. axiometer

B

babor *m.* A banda ou costado esquerdo do barco mirando de popa a proa.

Esp. babor

Port. bombordo

Ing. port

baderna *f.* Pequeno cabo que se emprega para suxeitar o cabo de tracción no cabrestante ou cana do temón, para protexer a base dos mastros ou para outros usos.

Esp. baderna

Port. baderna

Ing. rope-nipper

baderna do cabrestante *f.* Anaco de cabo usado para suxeitar o virador cando se move o cabrestante.

Esp. baderna del cabrestante

Port. baderna do cabrestante

Ing. capstan rope

baderna do temón *f.* Cabo que se

emprega para asegurar a cana do temón.

Esp. baderna del timón

Port. baderna do timão

Ing. rudder rope

badernón *m.* Baderna moi longa e ancha que serve para facer unha eslinga ou para traballar con grandes pesos.

Esp. baderna

Port. baderna

Ing. rope

baixamar *f.* Nivel máis baixo das augas durante a carreira da marea; retroceso das augas durante o tempo que dura a marea. *Sin.*

marea baixa.

Esp. bajamar

Port. baixa-mar

Ing. low tide

baixel *m.* Embarcación. Navío. *Sin.* navío.

Esp. bajel
Port. baixel
Ing. vessel

baixo cuberta principal *f.* Cuberta secundaria situada baixo a cuberta principal.

Esp. bajo cubierta principal
Port. baixo coberta principal
Ing. below deck

balance *m.* Inclinación e movemento dun buque de babor a estribor ou á inversa. *Sin. bambeo, balanceo.*

Esp. balance
Port. balanço
Ing. roll

balancín *m. 1.* Peza que transmite o movemento a unha máquina principal e o regula.

Esp. balancín
Port. balancim
Ing. rocker

2. Cabos que penden da entena da nave e serven para poñela no medio, ou para chamala cara algunha das bandas.

Esp. balancín
Port. cabo
Ing. outrigger

balandra *f.* Pequena embarcación dun só pau con velas de coitelo e cuberta que se empregaba antigamente para a pesca e o transporte de cabotaxe.

Esp. balandra
Port. balandra
Ing. sloop

balandro *m. 1.* Balandra pequena.

Esp. balandro
Port. balandro
Ing. cutter

2. Embarcación construída para as

regatas, costeira e de pequenas dimensións, aparelhada cun só mastro e un bauprés.

Esp. balandro
Port. balandro
Ing. cutter

balcón *m.* Estrutura que vai na popa a modo de galería.

Esp. balcón
Port. varanda, balcom
Ing. balcony

balde *m.* Recipiente que se emprega para transportar e conter auga. *Sin.*

caldeiro, baldeira, tina.

Esp. balde
Port. balde
Ing. bucket

baldear *v. tr.* Tirar baldes de auga polas cubertas dos barcos para limpalas. *Sin. lavar.*

Esp. baldear
Port. baldear
Ing. sluice

baleiro *m. 1.* Embarcación pesqueira destinada á captura de baleas.

Esp. ballenero
Port. baleeira
Ing. whaling ship

2. Barco medieval empregado para a piratería.

Esp. ballenero
Port. baleeira
Ing. whaler

baleiro *m.* Situación na que a presión do fluído, sexa gas ou vapor, é menor que a presión atmosférica. *Sin. baldeiro.*

Esp. vacío
Port. valeiro, vazio
Ing. vacuum

baliza *f.* Sinal que indica perigo ou

a situación dun obxecto somer-xido, dunha rede no mar, ou que marca as características dunha zona pola que se navega. *Sin.* boia, marco.

Esp. baliza

Port. baliza

Ing. beacon

baliza cilíndrica *f.* Baliza con forma de cilindro, que se utiliza nas marcas de babor, nas de canal principal a estribor e nas marcas especiais.

Esp. baliza cilíndrica

Port. baliza cilíndrica

Ing. cylindrical buoy

baliza cónica *f.* Sinal de balizamento de forma de cono, empregado nas marcas de estribor, nas de canal principal a babor, e nas marcas especiais.

Esp. baliza cónica

Port. baliza cônica

Ing. conical buoy

baliza de castelete *f.* Baliza que ten forma de castelete, cunha base redonda máis ampla, e cun corpo central cilíndrico incrustado nela. Emprégase en case todos os tipos de marcas: laterais, cardinais, especiais, etc.

Esp. baliza de castillete

Port. baliza de andaime

Ing. pillar buoy

baliza de espeque *f.* Baliza que ten forma de panca ou de pau longo e estreito. Utilízase en case todas as marcas de balizamento.

Esp. baliza de espeque

Port. baliza de espeque

Ing. spar buoy

baliza esférica *f.* Baliza de forma

esférica empregada para sinalar as augas navegables e as situacións especiais.

Esp. baliza esférica

Port. baliza esférica

Ing. spherical buoy

baliza fixa *f.* Baliza que está situada no fondo do mar e pode estar formada por mastros de madeira, mastros metálicos ou construcións en forma de torre.

Esp. baliza fija

Port. baliza fixa

Ing. fixed beacon

baliza flotante *f.* Baliza que está fondeada e pintada e pode estar dotada de sinais luminosos.

Esp. baliza flotante

Port. baliza flutuante

Ing. floating beacon

baliza radar *f.* Baliza que é capaz de reflectir os sinais de radar de maior intensidade.

Esp. baliza radar

Port. baliza radar

Ing. radar reflector buoy

balizamento *m.* Sinalización de perigos ou da situación dun obxecto somerxido por medio de balizas.

Esp. balizamiento

Port. balizamento

Ing. buoyage

balizamento cardinal *m.* Sistema que indica ao navegante a situación da nave segundo os puntos cardinais.

Esp. balizamiento cardinal

Port. balizamento cardinal

Ing. cardinal buoyage

balizamento lateral *m.* Sistema que indica a situación dos perigos

da navegación na ruta seguida.

Esp. balizamiento lateral

Port. balizamento lateral

Ing. lateral buoyage

balizar *v. tr.* Sinalar con balizas a presenza dalgún perigo nas augas navegables ou de obxectos someridos. *Sin. demarcar, sinalar.*

Esp. balizar

Port. abalizar

Ing. beacon

ballestrinque *m.* Nó mariñeiro que se forma con dúas voltas de cabo e cruzando os chicotes arredor dun obxecto fixo; emprégase para asegurar unha amarra a unha bita ou a un pau. *Sin. nó cruzado.*

Esp. ballestrinque

Port. nó

Ing. clove hitch

balsa *f.* Conxunto de madeiros fortemente unidos que forman unha prancha e que se emprega para navegar en ríos e lagoas. *Sin. cata-marán, xangada.*

Esp. balsa

Port. jangada

Ing. raft

balsa salvavidas *f.* Flotador inchable de forma normalmente circular ou poligonal de material flexible ou semirríxido que se lanza ao mar en caso de naufraxio.

Esp. balsa salvavidas

Port. jangada salva-vidas

Ing. life raft

baluma *f.* Corda que pasa por un forro das velas latinas. Caída de popa das velas de coitelo.

Esp. baluma

Port. baluma

Ing. after leech

bancada *f.* 1. Banco feito de táboas de madeira situadas transversalmente, onde se sentan os remeiros nos botes. *Sin. banco.*

Esp. bancada

Port. banco

Ing. cross thwart

2. Véxase: **grada.**

banco de carpinteiro *m.* Utensilio imprescindible para os carpinteiros que na parte posterior leva un canal estreito no que se colocan as serras, serrotes e outras ferramentas con mango.

Esp. banco de carpintero

Port. banco de carpinteiro

Ing. joiner's bench

bandazo *m.* Movemento brusco e violento dunha embarcación contra babor ou estribor, por causa das ondas ou do vento. *Sin. vi-raxe.*

Esp. bandazo

Port. trambolhão

Ing. lurch

bandeira *f.* Tea normalmente rectangular que se iza nunha hasta ou driza, e que representa un emblema, unha cidade, unha nación, etc.

Esp. bandera

Port. bandeira

Ing. flag

banse *m.* Na Costa da Morte e na ría de Arousa, denominación que se lle dá ao costado do barco. *Sin. lado.*

Esp. costado

Port. costado

Ing. side

banzo *m.* Listóns ou táboas que soportan a armazón.

Esp. banzo

Port. banzo

Ing. frame

bañeira *f.* Espazo aberto na cuberta dun balandro onde se instala o tripulante.

Esp. bañeira

Port. banheira

Ing. open cabin

barbotén *m.* Roda provista de dentes e buratos onde encaixan os aneis da cadea da áncora, e que serve para elevala ou baixala.

Esp. barbotén

Port. cadeia de sujeição

Ing. chain grab

barca *f.* Embarcación pequena que se emprega para pescar ou para cruzar os ríos e zonas de auga pouco profundas en distancias curtas. *Sin. bote, barco, embarcación.*

Esp. barca

Port. bote

Ing. boat

barca anfibia *f.* Barca con rodas que se adapta ao desprazamento pola terra, ademais de navegar normalmente. Resulta de utilidade en zonas onde non existen portos e nas reservas naturais, onde se alternan as zonas de terra coas de auga.

Esp. barca anfibia

Port. barca anfibia

Ing. amphibian boat

barcaza *f.* Embarcación auxiliar de tamaño variable que se emprega para a carga e descarga das mercadorías dos barcos, e para outros usos tal como soporte dunha grúa flotante, transbordador de coches

e pasaxeiros, etc.

Esp. barcaza

Port. barcaça

Ing. barge

barcaza offshore *f.* Barcaza empregada como elemento auxiliar para a construción off-shore, para transporte de plataformas fixas e de módulos, ou para tendido de tubos submarinos.

Esp. barcaza offshore

Port. barcaça offshore

Ing. offshore barge

barcaza vertedoira *f.* Barca destinada a transportar ata alta mar os materiais que recolle a draga, como terra ou pedras.

Esp. gánguil

Port. barca

Ing. hopper

barco *m.* Buque ou embarcación. Construción de madeira, ferro e outros materiais destinada á navegación, que flota na auga e que serve como medio de transporte. Pode impulsarse mediante remos, vela, vapor, caldeiras, hélices e motores diversos. Emprégase para o transporte de pasaxeiros ou mercadorías, para a pesca, e con obxectivos militares, entre outras cousas. As formas e tipos de barcos son moi variados e dependen da finalidade coa que foron construídos. *Sin. buque, embarcación, navío.*

Esp. barco

Port. barco

Ing. ship

barco arrastreiro *m.* Embarcación que se dedica á pesca de arrastre. *Sin. barco rampleiro.*

Esp. barco arrastrero
Port. navio de arrasto
Ing. trawler

barco boniteiro *m.* Embarcación construída para a pesca do bonito.
Sin. atuneiro.

Esp. barco bonitero
Port. barco atuneiro
Ing. tuna boat

barco de pasaxe *m.* Embarcación que se emprega para levar pasaxeiros.

Esp. barco de pasaje
Port. barco de passagem
Ing. passenger ship

barco de rodas *m.* Embarcacións dotadas dunhas rodas de pas semellantes ás dos muíños, que servían para propulsar aos barcos polos ríos, lagos e baías principalmente.

Esp. barco de ruedas
Port. barco de rodas
Ing. paddle ship

barco de salvamento *m.* Embarcación destinada á actuación rápida e auxilio das persoas en caso de accidente ou emerxencia.

Esp. barco de salvamento
Port. barco de salvamento
Ing. rescue boat

barco de vapor *m.* Embarcación propulsada polo vapor da auga xerado por caldeiras que, actuando por medio de máquinas e sistemas de impulsión como as hélices, propulsan o barco.

Esp. barco de vapor
Port. navio a vapor
Ing. steamer

barco de vixilancia *m.* O que está destinado a vixiar obxectivos ou a

velar pola seguridade e polo cumprimento da lei.

Esp. barco de vigilancia
Port. barco vigia
Ing. survey ship

barco frigorífico *m.* Barco especializado no transporte de cargas refrixeradas. As súas bodegas contan cun equipo de frío e zona illada termicamente.

Esp. barco frigorífico
Port. barco frigorifico
Ing. refrigerated vessel

barco mexilloeiro *m.* Embarcación especializada na recollida do mexillón. Na ría de Arousa, tamén recibe o nome de barco auxiliar de bateas de mexillóns.

Esp. barco mejillonero
Port. barco mexilhoeiro
Ing. mussel boat

barco porta *m.* Porta dun dique seco que regula a entrada e a saída da auga e que ten forma de barco. Estrutura flotante que se despraza con autonomía.

Esp. barco puerta
Port. navio porta
Ing. dock-gate

barco tangoneiro *m.* Embarcación de arrastre que leva instalados tangóns a bordo, que lle permiten remolcar ao mesmo tempo máis dunha rede.

Esp. barco tangonero
Port. arrastão de retranca
Ing. beam trawler

barco xareteiro *m.* Nome que recibe na Costa da Morte o barco dedicado á pesca de cerco con xareta.

Esp. barco de pesca con jareta

Port. navio de pesca com xareta

Ing. purse seine fishing boat

barcola *f.* Guarnición que contorna os zapóns dun navío para evitar a entrada de auga. *Sin. brazola.*

Esp. brazola

Port. braçola

Ing. hatch coaming

barloa *f.* Cable con que se suxeitan os buques abarloados.

Esp. barloa

Port. amarra

Ing. preventer rope

barlovento *m.* Lado de onde ven o vento. É o lado contrario ao sota-vento. Lado da embarcación onde sopra o vento.

Esp. barlovento

Port. barlavento

Ing. windward

barógrafo *m.* Instrumento que se utiliza para medir a presión atmosférica e rexistra os seus valores permitindo analizar tendencias.

Esp. barógrafo

Port. barógrafo

Ing. barograph

barómetro *m.* Instrumento que serve para medir a presión atmosférica.

Esp. barómetro

Port. barômetro

Ing. barometer

barra *f.* Vara ou pau que se emprega para virar o cabrestante a man.

Esp. barra

Port. barra

Ing. capstan bar

barra de arrastre *f.* Barra conectada por un extremo a un sector de cambio de marcha e no outro a unha panca, que ten como obxecto

desprazar o primeiro, para dese xeito conseguir o cambio de marcha.

Esp. barra de arrastre

Port. barra de arrastão

Ing. trailing arm

barra de zuncho *f.* Panca de ferro utilizada para apertar os zunchos dos paus.

Esp. barra de zuncho

Port. barra de abraçadeira

Ing. ring bar

barraganete *m.* Apoio vertical da amurada colocado sobre a cuberta como prolongación da caderna.

Esp. barraganete

Port. escora da borda falsa

Ing. top timber

barreno *m.* Ferramenta composta por unha peza de metal coa punta en espiral, e cun mango de madeira perpendicular a ela.

Esp. barreno

Port. verrumão

Ing. borer

barretas *f. pl.* Armazón de madeira ou de ferro que se pode utilizar para colocar debaixo dun buque e que permite aseguralo.

Esp. barretas

Port. barretas

Ing. frame

barrilete *m.* Nó mariñeiro que ten forma de barril, e que se fai para evitar que o cabo pase dun tope.

Esp. barrilete

Port. barrilete

Ing. barrel knot

basada *f.* Madeira pola que se escorrega a embarcación durante a botadura.

Esp. basada

Port. estrado

Ing. launching cradle

bastidor *m.* Armazón principal dunha máquina, normalmente de aceiro.

Esp. bastidor

Port. bastidor

Ing. framework

bastrén *m.* Cepillo de dous mangos que serve para rebaixar superficies.

Sin. cepillo, garlopa.

Esp. cepillo

Port. cepilho

Ing. brush

batea *f.* 1. Embarcación de fondo plano con forma de caixa que se utiliza nos portos, arsenais e ríos para transporte de mercadorías e para traballos auxiliares. *Sin. barcaza.*

Esp. batea

Port. bateia

Ing. flat-boat

2. Plataforma fondeada no mar que se destina á cría de mexillóns e outros moluscos. *Sin. viveiro de mexillóns.*

Esp. batea

Port. viveiro

Ing. mussel bed

batel *m.* Pequena embarcación sen quilla. Canoa longa usada en competicións marítimas.

Esp. batel

Port. batel

Ing. boat

batente *m.* Costado vertical das portas das baterías.

Esp. batiente

Port. batente

Ing. port still

batiscafo *m.* Nave somerxible e ha-

bitable autopropulsada, cunha gran autonomía, que serve para a exploración submarina.

Esp. batiscafo

Port. batiscafo

Ing. bathyscaphe

batisfera *f.* Aparato somerxible sen propulsión destinado a explorar o fondo mariño e que soporta grandes presións. Consiste nunha esfera pendente dun cable atado a unha embarcación superior que a transporta.

Esp. batisfera

Port. batisfera

Ing. bathysphere

bauprés *m.* Pau grosso horizontal situado na proa que serve para asegurar os estais do trinquete ou para orientar os foques, entre outras cousas.

Esp. bauprés

Port. gurupês

Ing. bowsprit

berbequí *m.* Ferramenta que permite realizar furados na madeira con moita precisión a través dunha barrena.

Esp. berbiquí

Port. berbequim

Ing. brace

bergantín *m.* 1. Buque lixeiro de dous ou máis paus de velas cadras ou redondas.

Esp. bergantín

Port. bergantim

Ing. brig

2. Tipo de buque de guerra que na primeira metade do século XIX deu paso á construción de fragatas de hélice.

Esp. bergantín

Port. bergantim

Ing. brigantine

bergantín goleta *m.* Buque lixeiro de dous ou máis paus que leva un velame mixto entre o do Bergantín e o da Goleta.

Esp. bergantín goleta

Port. bergantim

Ing. brigantine

beta *f.* Toda corda ou cabo que non ten un nome particular a bordo.

Esp. beta

Port. corda

Ing. fall

bica *f.* Gancho pequeno que pende dunha corda, sedela ou brazola, no que se enfía un cebo ou engado para pescar; forma parte das liñas de man ou dos palangres. *Sin. amocelo, anzol, brinca.*

Esp. anzuelo

Port. anzol

Ing. fish hook

bicheiro *m.* Gancho que serve para axudar a izar o peixe e subilo a bordo cando é moi grande. Utilízase tamén para o amarre e para diversos usos das embarcacións.

Sin. gancho.

Esp. bichero

Port. bicheiro

Ing. boat hook

bicono de sinais *m.* Instrumento utilizado para a sinalización de barcos pesqueiros durante o día.

Esp. bicono de señales

Port. bicono de sinais

Ing. signal cone

biela *f.* Parte da máquina de vapor alternativa que transforma o movemento rectilíneo alternativo do émbolo en movemento circular

continuo do eixe.

Esp. biela

Port. biela

Ing. connecting rod

bigornia *f.* Instrumento composto por unha peza metálica suxeita a un madeiro con tres patas.

Esp. bigornia

Port. bigorna

Ing. two-beaked anvil

bita *f.* Poste de madeira, pedra ou aceiro asegurado á cuberta ou no peirao que se utiliza para amarrar o cabo dunha áncora, unha cadea ou un cable, ou para soltalos máis lentamente cando fondea unha nave nun embarcadoiro. *Sin. norai.*

Esp. bita, noray, bolardo

Port. abita, cabeço

Ing. bitt, bollard, mooring post

bita de cruz *f.* Bita que ten forma de cruz.

Esp. bita de cruz

Port. abita de cruz

Ing. cross rope

bitácora *f.* Caixa cilíndrica de latón ou madeira fixada á cuberta da ponte de goberno, na cal vai montada unha agulla náutica ou maxistral e desde onde se dirixe o barco.

Esp. bitácora

Port. bitácula

Ing. binnacle

bitadura *f.* Parte da cadea dunha áncora que se estende sobre a cuberta e que pode soltarse para ancorar.

Esp. bitadura

Port. amarra da áncora

Ing. range of chain

bitoque *m.* Burato que se fai na

quilla da dorna para permitir a saída da auga.

Esp. bitoque

Port. batoque

Ing. plughole

bloque *m.* Anaco ou parte da estrutura dun buque que se prefabrica antes da súa montaxe para integralo cos outros bloques que forman parte do buque. Pode levar incorporados os elementos e equipos que forman o armamento anticipado do mesmo.

Esp. bloque

Port. bloco

Ing. block

bobina *f.* Véxase: **carrete**.

boca de alxibe *f.* Abertura practicada na parte alta dun alxibe para deste xeito darlle paso.

Esp. boca de aljibe

Port. boca de algibe

Ing. tanker mouth

boia *f.* Corpo flotante suxeito a un cabo ou a unha cadea que se fixa polo outro extremo ao fondo e serve de marca. Anaco de cortiza ou plástico atado ás redes de pesca para que non vaian ao fondo. *Sin.*

baliza, bourel.

Esp. boya

Port. bóia

Ing. buoy

boia de amarrada *f.* Boia que sinala unha zona ou situación onde se poden amarrar buques.

Esp. boya de amarre

Port. bóia de amarração

Ing. mooring buoy

bola de ancoraxe *f.* Bola metálica que se utiliza para indicar que o barco está fondeado. É utilizada

tamén polos barcos hidrográficos e por todos os barcos denominados de traballo.

Esp. bola de fondeo

Port. bola de ancoragem

Ing. anchor ball

bolina *f.* Cabo co que se leva a relinga de barlovento dunha vela ata a proa para que reciba mellor o vento.

Esp. bolina

Port. bolina

Ing. bowline

bomba *f.* Aparello que se destina a provocar o movemento de líquidos ao longo dun conduto por medio da súa aspiración ou impulsión.

Esp. bomba

Port. bomba

Ing. pump

bomba aspirante *f.* Bomba que eleva os líquidos desde un plano inferior ata a súa posición.

Esp. bomba aspirante

Port. bomba aspirante

Ing. suction pump

bomba contra lumes *f.* Bomba encargada de prover auga en caso de incendio.

Esp. bomba contraincendios

Port. bomba para extinção de incêndios

Ing. fire fighting pump

bomba de achique *f.* Máquina que serve para achicar a auga dunha embarcación e botala ao mar.

Esp. bomba de achique

Port. bomba de achicar

Ing. drain pump

bomba de alimentación *f.*

Bomba que se encarga de enviar auga ás caldeiras desde o condensador.

Esp. bomba de alimentación

Port. bomba de alimentação

Ing. feed pump

bomba de circulación *f.* Máquina que fai circular a auga de mar, desde a toma ata a descarga, a través de sistemas de refrixeración, condensadores de vapor, serpentíns, etc.

Esp. bomba de circulación

Port. bomba de circulação

Ing. circulating pump

bomba de sentina *f.* Bomba de augas sucias que se encarga de baleirar a auga da sentina.

Esp. bomba de sentina

Port. bomba de sentina

Ing. bilge pump

borda *f.* Bordo ou varanda superior de cada un dos costados do buque.

Sin. bordo, beira.

Esp. borda

Port. borda

Ing. gunwale

bordo *m.* Lado ou costado dun buque que vai desde a auga ata a borda.

Esp. bordo

Port. bordo

Ing. board, side

bornear *v. i.* Xirar o buque sobre a súa áncora estando fondeado.

Esp. bornear

Port. bordejar

Ing. swing round

botador *m.* Cicel de ferro co que os carpinteiros desgastan as cabezas para que non destaquen da madeira.

Esp. botador

Port. desbastador

Ing. hewer

botaló *m. 1.* Pau horizontal ou percha que serve para soste as ás ou o foque; pódese sacar cara ao exterior da embarcación cando é preciso. *Sin. pau.*

Esp. botalón

Port. botaló

Ing. boom

2. Percha redonda que nace na cuberta ou no costado e serve para amarrar embarcacións menores.

Esp. botalón

Port. botaló

Ing. boom

botaló de foque *m.* Pau redondo situado enriba do bauprés que serve para largar o foque.

Esp. botalón de foque

Port. botalós de bujarrona

Ing. jib boom

botaló de gabia *m.* Botaló correspondente ás velas da gabia.

Esp. botalón de gavia

Port. botaló de gávea

Ing. main topsail boom

botar *v. tr.* Pór na auga unha embarcación nova.

Esp. botar

Port. botar

Ing. launch

botavara *f.* Pau horizontal apoiado no mastro que serve para atar a vela cangrexo ou Marconi.

Esp. botavara

Port. espicha

Ing. spanker boom

bote *m.* Embarcación auxiliar de pequeno tamaño que xeralmente se propulsa a remo, aínda que

pode dispoñer de vela e ata dun pequeno motor de popa. *Sin. chalana, barca.*

Esp. bote

Port. bote

Ing. boat

bote de xávega *m.* Bote auxiliar doutro que serve para a pesca con xávega.

Esp. bote de jábega

Port. xávega

Ing. shore seine boat

bote salvavidas *m.* Bote ríxido deseñado para salvar as vidas das persoas en caso de naufraxio.

Esp. bote salvavidas

Port. bote salva-vidas

Ing. lifeboat

boteira *f.* Tipo de embarcación similar á lancha pero máis pequena, que supón unha transición entre o bote e a lancha.

Esp. bote

Port. bote

Ing. boat

botella de aire comprimido *f.*

Recipiente que contén o aire para que o mergullador respire, e que o leva ás costas.

Esp. botella de aire comprimido

Port. garrafa de ar comprimido

Ing. diving tank

bou *m.* 1. Arte de pesca que consiste en arrastrar unha rede polo fondo das augas, tirada por dúas embarcacións.

Esp. bou

Port. bou

Ing. trawl

2. Embarcación que se dedica á pesca de arrastre.

Esp. bou

Port. bou

Ing. trawler

bovedilla *f.* Parte arqueada da popa dos buques, comprendida entre o codaste e a cuberta.

Esp. bovedilla

Port. cinta

Ing. counter

boza *f.* 1. Corda suxeita e firme a un lugar concreto do buque; emprégase para atar as embarcacións menores ao porto ou a outro barco.

Sin. amarra.

Esp. boza

Port. amarra

Ing. painter

2. Corda suxeita a un punto firme da nave, que serve para impedir que se escapen outros cabos ou caudeas cando traballan.

Esp. boza

Port. boça

Ing. stopper

bozas de retida *f. pl.* Cordas de pequeno grosor amarradas ás retidas de lanzamento que van rompendo a medida que esvara na botadura o buque sobre as imadas.

Esp. bozas de retención

Port. boças de retenção

Ing. rope stops

brega *f.* Cabo que nun navío é utilizado para erguer caixas, pipas, etc.

Esp. brega

Port. cabo

Ing. sling

braza *f.* Medida de lonxitude terrestre que equivale a 2,2 metros pero que na mariña ten a lonxitude de 1,6718 m (medida española) ou 1,8217 m (medida inglesa); nor-

malmente é utilizada para medir a profundidade.

Esp. brazza

Port. braça

Ing. fathom

brazo *m.* Cabo ou corda que na dorna baixa da parte anterior da verga á inferior da borda, e desta forma a vela recibe moito mellor o vento.

Esp. brazo

Port. braço

Ing. rope

brazo da áncora *m.* Cada unha das extremidades da áncora que saen da cruz e rematan na unlla.

Esp. brazo del ancla

Port. braço da âncora

Ing. anchor arms

brazo de dragaxe *m.* Tubo da draga de succión, que se dirixe ao fondo do mar para conducir o sedimento ata a bodega da draga.

Esp. brazo de dragado

Port. braço de dragagem

Ing. dredging arm

brazola *f.* Zócalo lonxitudinal e transversal disposto arredor da abertura dun zapón sobre a cuberta, que serve para impedir a entrada da auga. *Sin. barcola.*

Esp. brazolada

Port. cordão

Ing. hatch coaming

brea *f.* Sustancia resultante da destilación do carbón e da madeira, que se emprega para calafatear os barcos.

Esp. breá

Port. breu

Ing. pitch

bricarca *m.* Barco de vela que in-

corpora tres paus e bauprés. *Sin. brickbarca.*

Esp. bricarca

Port. bricarca

Ing. square rigger

brida *f.* Peza en forma de aro que se solda nos extremos dos tubos para unilos con outros por medio de pernos.

Esp. brida

Port. braçadeira

Ing. flange

briol *m.* 1. Obxecto de madeira con forma de cazo que se emprega nas pequenas embarcacións para achicar a auga. *Sin. tangarte.*

Esp. achicador

Port. achicador

Ing. bailer

2. Cada un dos cabos que serven para cargar unha vela e despois aferrala máis facilmente.

Esp. briol

Port. briol

Ing. bunt-line

3. Cabo que serve para pechar as relingas das velas en cruz, e que facilita o seu amarre.

Esp. briol

Port. cabo

Ing. bunt-line

broca helicoidal *f.* Broca que utilizan os trades para agrandar os buratos das pezas metálicas. *Sin. barrena helicoidal.*

Esp. broca helicoidal

Port. broca helicoidal

Ing. reamer

brusca *f.* Elevación en sentido transversal da cuberta sobre a liña de costado que pode ter unha forma parabólica, de arco de cir-

cunferencia ou trapezoidal.

Esp. brusca

Port. brusca

Ing. camber

buceta *f.* Embarcación a remo e a vela, máis grande que o bote, coa proa e a popa da mesma forma.

Esp. buceta

Port. buceta

Ing. buceta

bucina de escobén *f.* Extremo do escobén na cuberta do castelo.

Esp. bocina del escobén

Port. buzina do escovém

Ing. hawse pipe

bufarda *f.* Abertura na parte superior dun teito pola que pasa a luz.

Sin. bufarra, claraboia.

Esp. tragaluz

Port. clarabóia

Ing. skylight

bulárcama *f.* Caderna reforzada que se coloca distribuída cada certo número de cadernas normais, ou de espazos de cadernas. Emprégase normalmente nas estruturas de construción de tipo lonxitudinal.

Esp. bulárcama, sobreplán

Port. baliza de soporte

Ing. web frame, frame

bulkcarrier *m.* Buque de carga seca a granel.

Esp. bulkcarrier

Port. bulkcarrier

Ing. bulk carrier

buque *m.* Embarcación de gran envergadura que dispón de cuberta e que se destina a diversos usos. Barco ou embarcación. *Sin. navío, barco.*

Esp. buque

Port. navio

Ing. ship

buque alxibe *m.* Buque que transporta normalmente auga e outros líquidos. Véxase: **alxibe.**

Esp. buque aljibe

Port. navio cisterna

Ing. tank vessel

buque anfíbio *m.* Buque que pode transportar á infantaría e aos vehículos, así como algún helicóptero ou avión, en misións de transporte ou de asalto. Tamén poden levar a cabo misións humanitarias ou ecolóxicas.

Esp. buque anfíbio

Port. navio anfíbio

Ing. amphibian vessel

buque atuneiro palangreiro *m.* Barco destinado á pesca do atún con palangre.

Esp. buque palangreiro atunero

Port. buque pinchão para atum

Ing. tuna longline vessel

buque auxiliar *m.* Embarcación destinada a dar apoio aos buques e a participar na defensa do territorio e, en xeral, a prestar o seu servizo cando o requiren, en cuestións de presenza e vixilancia.

Esp. buque auxiliar

Port. navio auxiliar

Ing. auxiliary vessel

buque balizador *m.* Buque destinado á colocación e ao mantemento dos sistemas de sinalización, boias e balizas, que están situados en espellos de auga. Tamén se denomina balizador.

Esp. buque balizador

Port. balizador

Ing. buoying vessel

buque cableiro *m.* Barco que se emprega para a instalación de cables submarinos.

Esp. buque cablero

Port. buque para cabos submarinos

Ing. cable vessel

buque cargueiro *m.* En xeral, aplícase a todo tipo de buque destinado ao transporte de mercadorías.

Esp. carguero

Port. cargueiro

Ing. freighter

buque catamarán *m.* Buque formado por dous cascos iguais unidos entre si de forma estrutural por unha plataforma; utilízase para a navegación deportiva principalmente.

Esp. buque catamarán

Port. buque catamarã

Ing. catamaran

buque cementeiro *m.* Barco que transporta cemento.

Esp. buque cementero

Port. buque de cimenteiro

Ing. cement carrier

buque cisterna *m.* Barco de construción especial, que está destinado ao transporte de mercadorías líquidas.

Esp. buque cisterna

Port. navio-cisterna

Ing. tank ship

buque con posicionamento dinámico *m.* Buque provisto de potentes propulsores acimutais que manteñen a posición do barco fixa sobre un punto. O control da posición faise mediante satélite.

Esp. buque con posicionamiento dinámico

Port. navio de posicionamento dinámico

Ing. dynamic positioning vessel

buque con superestrutura a proa *m.* Barcos que teñen a superestrutura na proa, o que facilita a visión da manobra. Toda a cuberta detrás da superestrutura sêrvelle para levar carga nesa cuberta.

Esp. buque con superestructura a proa

Port. buque com superestrutura a proa

Ing. bow-superstructure vessel

buque conxelador *m.* Barco destinado ao transporte de mercadorías refrixeradas, ou á conxelación do peixe despois de limpalo. *Sin. barco frigorífico.*

Esp. buque congelador

Port. navio frigorífico

Ing. freezer

buque correo *m.* Aquel que se destina ao transporte da correspondencia.

Esp. buque correo

Port. buque correio

Ing. mail ship

buque de altura *m.* Aquel barco que está capacitado para navegar por alta mar e para facer percorridos longos, a diferenza dos buques de cabotaxe, que van pola costa.

Esp. buque de altura

Port. buque de alto mar

Ing. ocean going vessel

buque de apoio loxístico *m.* Buques da Armada empregados para aprovisionamento e servizos auxiliares dunha flota militar ou dun exército que actúa nun lugar.

Esp. buque de apoyo logístico

Port. navio de apoio logístico

Ing. logistic support vessel

buque de aprovisionamento de combate *m.* Barco que se dedica a prover de alimentos, material, combustible e asistencia a outros buques de combate que están en alta mar.

Esp. buque de aprovisionamiento de combate

Port. buque de aprovisionamento de combate

Ing. supply warship

buque de cabotaxe *m.* Barco que realiza percorridos preto da costa, sen saír a alta mar.

Esp. buque de cabotaje

Port. buque de cabotagem

Ing. coastal ship

buque de cuberta corrida *m.* Tipo de barco cuxa cuberta principal esténdese ao longo de toda a eslora do barco.

Esp. buque de cubierta corrida

Port. buque sem superestrutura

Ing. flush-deck vessel

buque de cuberta de abrigo *m.* Tipo de buque que ten polo menos dúas cubertas forradas de prancha ou madeira, e que levan na cuberta superior, por riba da cuberta principal, unha ou varias aberturas desprovistas de peches permanentes.

Esp. buque de cubierta de abrigo

Port. buque de cobertura de abrigo

Ing. shelter-deck ship

buque de cuberta de pozo *m.* Barco que posúe un espazo adicional de carga.

Esp. buque de cubierta de pozo

Port. buque de cobertura de poço

Ing. single-deck ship

buque de cuberta saltillo *m.*

Buque no que a cuberta máis alta de popa foi elevada polo desexo de compensar a perda de espazo ocupado polo túnel da liña de eixes. Úsase en barcos costeiros.

Esp. buque de cubierta saltillo

Port. buque de cobertura elevada

Ing. superstructure deck ship

buque de dobre casco *m.* Buque dotado de compartimentos independentes ao longo dos costados e do fondo co obxecto de protexer a carga que se leva nos tanques ou nas bodegas centrais dunha posible colisión lateral ou dunha varada. Os tanques do dobre casco empréganse normalmente como tanques de lastre de auga salgada.

Esp. buque de doble casco

Port. navio de duplo casco

Ing. double hull vessel

buque de investigación oceanográfica *m.* Barco destinado á investigación nos océanos e mares.

Esp. buque de investigación oceanográfica

Port. buque de investigação oceanográfica

Ing. ocean research vessel

buque de perforación *m.* Barco que se emprega para perforar o fondo do mar coa finalidade de extraer petróleo; realiza as mesmas funcións que a plataforma de extracción.

Esp. buque de perforación

Port. navio de perfuração

Ing. drillship

buque de salvamento e rescate

m. Barco destinado a operacións de salvamento de naufraxio e rescate de embarcacións accidentadas.

Esp. barco de salvamento y rescate

Port. barco de salvamento e resgate

Ing. rescue vessel

buque de transporte lixeiro *m.*

Barco que ten por misión transportar material e persoal, por exemplo, da Armada, e xeralmente entre portos do mesmo Estado.

Esp. buque de transporte ligero

Port. navio de transporte ligeiro

Ing. light transport ship

buque de tres illas *m.* Barco que ten tres superestruturas sobre a cuberta e dous pozos.

Esp. buque tres islas

Port. buque três ilhas

Ing. three island ship

buque en rosca *m.* Barco sen carga, sen combustible e sen lastre.

Esp. buque en rosca

Port. navio leve, navio em lastro

Ing. light ship

buque escola *m.* Barco destinado á formación mariñeira de tripulacións e oficiais de mariña. Soe ser de vela, aínda que tamén os hai con propulsión mecánica.

Esp. buque escuela

Port. buque escola

Ing. training ship

buque escolta *m.* Barco de guerra destinado á defensa de convois mercantes, dotado de armamento antiaéreo e antisubmarino.

Esp. buque escolta

Port. buque escolta

Ing. escort vessel

buque factoría *m.* Buque no que se procesa a pesca recollida por el mesmo ou por unha flota de buques pesqueiros que operan arredor.

Esp. buque factoría

Port. navio-fábrica

Ing. factory vessel

buque faro *m.* Buque adaptado para servir de soporte e axuda á navegación que, polas características da zona, require unha envergadura máis visible que unha boia. En xeral están tripulados. Son tamén base de estacións de control de tráfico marítimo.

Esp. buque faro

Port. buque farol

Ing. lightship

buque froiteiro *m.* Barco deseñado para o transporte de froita. Normalmente, vai refrixerado. Pode levar as bodegas con atmosfera controlada, na que diminúe a porcentaxe de osíxeno.

Esp. buque frutero

Port. navio fruteiro

Ing. fruiter, fruit ship

buque gaseiro *m.* Barco especialmente deseñado para o transporte de gases normalmente licuados.

Esp. buque gasero

Port. buque gaseiro

Ing. gas carrier

buque graneleiro *m.* Aquel que transporta gran ou carga seca a granel. *Sin. buque cargueiro a granel.*

Esp. buque granelero

Port. navio de carga a granel

Ing. bulk ship

buque hidrográfico *m.* Barco

destinado a facer levantamentos hidrográficos das costas, das plataformas continentais, e tamén á realización de estudos oceanográficos.

Esp. buque hidrográfico

Port. navio hidrográfico

Ing. hydrographic vessel

buque hospital *m.* Buque que dispón dunhas instalacións especiais para levar a cabo as labores sanitarias dun hospital.

Esp. buque hospital

Port. buque hospital

Ing. hospital ship

buque insignia *m.* Buque onde vai o xefe dunha flotilla formada por varias unidades navais.

Esp. buque insignia

Port. buque insignia

Ing. flagship

buque madeireiro *m.* O destinado ao transporte de madeiras.

Esp. buque maderero

Port. buque madeireiro

Ing. timber ship

buque mercante *m.* Barco de propiedade privada que se emprega para transportar mercadorías desde un porto a outro.

Esp. buque mercante

Port. buque mercante

Ing. trading ship

buque metaneiro *m.* Buque gaseiro concibido especialmente para transporte de gas metano licuado, o cal ten que facerse a temperaturas moi baixas (-163 graos centígrados).

Esp. buque metanero

Port. navio metaneiro

Ing. methane carrier, liquid natu-

ral gas carrier

buque minador *m.* Barco de guerra destinado á colocación de minas submarinas.

Esp. buque minador

Port. buque minador

Ing. mine laying cruiser

buque mineraleiro *m.* Barco que transporta minerais a granel.

Esp. buque mineralero

Port. navio para mineral

Ing. bulk ore carrier

buque monitor *m.* Tipo de barco que ten un grao de blindaxe e unha torre xiratoria con pezas de artillería.

Esp. monitor

Port. buque monitor

Ing. monitor

buque monocasco *m.* Barco construído con casco de forro sinxelo, que é a única separación entre as bodegas ou os tanques de carga e a auga do mar. En caso de romperse pode permitir a entrada directa de auga e a saída da carga, co risco de perda do buque e dunha catástrofe medioambiental.

Esp. buque monocasco

Port. navio monocasco

Ing. one hull ship

buque nutriz *m.* Barco destinado a facilitar provisións a outros que están en ruta.

Esp. buque nodriza

Port. navio-mãe

Ing. mother ship

buque palangreiro *m.* Embarcación que practica a pesca con palangre.

Esp. buque palangrero

Port. buque pinchão

Ing. longline vessel

buque patrulleiro *m.* Barco que se encarga principalmente de vi-xiar o territorio onde o Estado exerce soberanía; víxía os acordos de pesca, colabora en rescates, loita contra a delincuencia, contra as catástrofes naturais, etc.

Esp. buque patrullero

Port. navio patrulha

Ing. patrol vessel

buque petroleiro de frota *m.* Petroleiro destinado a abastecer de combustible a outros buques que pasan tempadas longas en alta mar.

Esp. buque petrolero de flota

Port. navio petroleiro de frota

Ing. fleet oil-tanker

buque pincheiro *m.* Embarcación que pesca utilizando o palangre ou o pincho.

Esp. buque pinchero

Port. buque pinhão

Ing. longline vessel

buque pirata *m.* Barco que se dedica a roubar e asaltar a outros barcos en alta mar.

Esp. buque pirata

Port. buque pirata

Ing. pirate ship

buque polivalente *m.* Embarcación que pode facer varios servizos á vez sen necesidade de realizar modificacións significativas na súa estrutura. Hainos pesqueiros, de carga, etc.

Esp. buque polivalente

Port. buque polivalente

Ing. multipurpose vessel

buque portacontedores *m.* Barco que transporta as mercadorías almacenadas en contedores.

Sin. buque portacolectores.

Esp. buque portacontenedores

Port. buque contêiner

Ing. container ship

buque quebraxeos *m.* Barco acondicionado para abrirse paso nas augas xeadas. *Sin. barco crebaxeos.*

Esp. buque rompehielos

Port. navio quebra-gelos

Ing. icebreaker ship

buque rampleiro *m.* Embarcación que dispón dunha rampla na popa, por onde soben e baixan as artes de pesca de arrastre. *Sin.*

buque arrastreiro de popa.

Esp. buque rampero

Port. buque arrastadeiro

Ing. stern trawler

buque ro-ro *m.* Barco que ten varias cubertas con ramplas, por onde a carga entra e circula ou sae rodando polos seus propios medios, sen necesidade de guindastres. Siglas de *Roll-on Roll-off*.

Esp. buque ro-ro

Port. navio ro-ro

Ing. ro-ro ship

buque taller *m.* Barco destinado a efectuar reparacións ou manobras especiais.

Esp. buque taller

Port. buque de manobra

Ing. repair ship

buque tipo swath *m.* Embarcación de gran velocidade constituída por unha cuberta ou superestrutura que se apoia mediante columnas, de sección afiada e hidrodinámica, en dous cascos somerxidos onde van instalados os propulsores.

Esp. buque tipo swath

Port. navio tipo swath

Ing. swath vessel

buque transporte de cargas pesadas *m.* Buque deseñado para o transporte de estruturas de gran peso que constitúen unha soa ou poucas pezas. Estes buques son propulsados, a diferenza doutras formas de transporte de grandes pesos, as cales fanse por medio de grandes barcazas especialmente concibidas para ese propósito e que son remolcadas.

Esp. buque transporte de cargas pesadas

Port. navio transporte de cargas pesadas

Ing. heavy lift

buque transporte de tropas *m.* Buque disposto para o transporte dun corpo do exército, incluídos carros de combate, camións, artillería, etc., cuxo desembarco a terra soe facerse por medio de lanchas de desembarco en praias.

Esp. buque transporte de tropas

Port. navio de transporte de tropas

Ing. trooper, troopship

buque trimarán *m.* Barco multicasco que consta dun caso principal e outros dous secundarios unidos a el. Debido á súa estabilidade, é moi adecuado para na-vegar por augas revoltas. A súa manobrabilidade é limitada, pe-ro poden alcanzar grandes velocidades.

Esp. trimarán

Port. navio trimarã

Ing. trimaran

buque xemelgo *m.* Barco construído de forma idéntica a outro.

Esp. barco gemelo

Port. buque gêmeo

Ing. sister ship

buques de liña regular *m. pl.* Barcos que fan sempre a mesma ruta transportando carga, normalmente xeral, e ás veces tamén pasaxeiros, ao longo de rutas establecidas e concertadas con anterioridade, parando en varios portos, con datas e horarios establecidos en días fixos da semana, se é posible por razóns do estado do mar, a diferenza dos buques tramp que non teñen ruta fixa.

Esp. buques de línea regular

Port. navios de linha regular

Ing. liners

burda *f.* Cada un dos cabos que baixa desde o alto dos mastros e se finca na borda.

Esp. burda

Port. brandal

Ing. backstay

buzarda *f.* Cartabón que se une á roda e aos palmexares ata as primeiras cadernas, que serve para consolidar a estrutura de proa.

Esp. buzarda

Port. buçarda

Ing. forehook

C

cabestro *m.* Corda longa e grosa que é utilizada con distintas finalidades, como a suxeición do bauprés á roda. *Sin.* **adival, corda, solta.**

Esp. barbiquejo

Port. cabresto

Ing. bobstay

cabeza *f.* Parte superior do puntal. A ela afíanse o zuncho, o cáncamo, as argolas e a pasteca. *Sin.* **cabo, extremidade.**

Esp. cabeza

Port. cabeça

Ing. head

cabeza da áncora *f.* Parte superior da cana da áncora, que leva un orificio para o arganeo.

Esp. cabeza del ancla

Port. cabeça da âncora

Ing. anchor head

cabeza de draga *f.* Parte do brazo

de dragaxe por onde entra o sedimento cando se aspira. *Sin.* **boca de aspiración.**

Esp. cabeza de draga

Port. cabeça de draga

Ing. suction hole

cabezada *f.* 1. Acto de baixar un navío a proa despois da arfada.

Esp. cabezada

Port. abalançamento

Ing. pitching

2. Acción de afundirse brusca-mente a proa na auga.

Esp. cabezada

Port. cabeçada

Ing. pitching, plunging

cabina *f.* Pequeno cuarto onde hai distintos aparellos que teñen que ser usados ou manexados por unha ou máis persoas co fin de levar un bo funcionamento do barco. *Sin.* **cámara, gabinete.**

Esp. cabina

Port. cabina

Ing. cabin

cabina de chorreado *f.* Lugar onde se limpan as superficies dos barcos coa granalla coa intención de pintalas despois. *Sin. cabina de chorro.*

Esp. cabina de chorreado

Port. cabina de decapagem

Ing. blasting shop

cabirón *m.* Coroa cilíndrica xiratoria do molinete, con forma de tambor, que serve para virar unha estacha ou cabo.

Esp. cabirón

Port. cabo giratório

Ing. cable wheel

cable de remolque *m.* Cable metálico co que se arrastra a arte polo fondo.

Esp. cable de remolque

Port. cabo de reboque

Ing. towline

cabreiro *m.* Véxase: buque cabreiro.

cabo *m.* 1. Corda ou cable de arame que se emprega a bordo dunha embarcación para amarrar pesos ou outras embarcacións. *Sin. corda.*

Esp. cabo

Port. cabo

Ing. rope, wire rope

2. Militar de graduación inferior a suboficial e superior ao soldado ou ao mariñeiro.

Esp. cabo

Port. cabo

Ing. corporal

cabo de aceiro flexible *m.* Aquel que serve para as manobras co-

rrentes a bordo, para os aparellos, etc.

Esp. cabo de acero flexible

Port. cabo de aceiro flexível

Ing. flexible wire rope

cabo de aceiro ríxido *m.* O que se usa para a confección da enxarcia firme e que ás veces é galvanizado.

Esp. cabo de acero rígido

Port. cabo de aceiro rígido

Ing. rigid wire rope

cabo de amarre *m.* Corda que se emprega para amarrar as embarcacións.

Esp. cabo de amarre

Port. cabo de amarre

Ing. mooring line

cabo de enxarcia *m.* Calquera tipo de corda para enxarcia firme ou de manobra.

Esp. cabo de jarcia

Port. cabo de enxárcia

Ing. rigging rope

cabo de labor *m.* Cabos que se utilizan para manexar o aparello.

Esp. cabo de labor

Port. cabo de labor

Ing. running rope

cabo de popa *m.* Cabo para o amarre que arría un barco desde a popa.

Esp. cabo de popa

Port. cabo de popa

Ing. stern rope

cabo de proa *m.* Cabo desde a proa que serve para o amarre da embarcación.

Esp. cabo de proa

Port. cabo de proa

Ing. bow rope

cabo de reforzo *m.* Calquera cabo

distinto dunha relinga de costado ligado a calquera parte da rede.

Esp. cabo de refuerzo

Port. cabo de reforço

Ing. strengthening rope

cabo de remolque *m.* Corda que se utiliza para remolcar os buques.

Esp. cabo de remolque

Port. cabo de reboque

Ing. towing line

cabo miúdo *m.* Cabo de pequeno diámetro.

Esp. cabo menudo

Port. cabo miúdo

Ing. small rope

cabo mixto *m.* Cabo con ou sen alma central constituído por diversos cordóns formados por fibras naturais e por fíos téxtiles sintéticos con arames de aceiro que poden ser galvanizados.

Esp. cuerda mixta

Port. cabo misto

Ing. combined rope

cabotaxe *f.* Navegación marítima entre portos ou illas veciñas que se fai seguindo a costa. *Sin. navegación.*

Esp. cabotaje

Port. cabotagem

Ing. cabotage

cabrestante *m.* Torno de tracción de tambor vertical que mantén enroladas dúas ou tres voltas de cable para arrastrar ou elevar cargas. *Sin. guindastre.*

Esp. cabrestante

Port. cabrestante

Ing. capstan

cabrestante de popa *m.* Cabrestante de fricción de eixe vertical para as manobras dos cabos de

popa, xeralmente de funcionamento eléctrico ou hidráulico.

Esp. cabrestante de popa

Port. cabrestante de popa

Ing. stern capstan

cabria *f.* Guindastre de grandes dimensións que se emprega para erguer pesos importantes. *Sin. guincho.*

Esp. machina

Port. cábrea, guindaste

Ing. sheerlegs

cacea *f.* 1. Conxunto dun número determinado de nasas que levan atados uns anacos de corda, os cales van suxeitos a un cabo central. A cacea pódese situar na popa ou nun costado da embarcación. *Sin. riseiro de nasas.*

Esp. cacea

Port. corrico

Ing. trolling line

2. Arte de pesca que se practica cun aparello formado por unha liña provista dun ou varios anzois que se arrastra pola popa da embarcación.

Esp. cacea

Port. corrico

Ing. trolling

cachemarin *m.* Embarcación pequena de dous paus, con algúns foques no botaló de proa e gabias volantes.

Esp. quechemarín

Port. canoa

Ing. gig

cachola *f.* Defensa de pau de navío que se coloca acuñada por onde se asenta, para evitar a entrada da auga.

Esp. cachola

Port. defesa

Ing. hound

cadea *f.* Serie de elos metálicos entrelazados que serven para suxeitar a áncora e para movela.

Esp. cadena

Port. cadeia

Ing. chain

cadeira *f.* Espazo comprendido entre o panel de popa e o do medio onde se garda o aparello. Dentro dunha embarcación é o panel no costado.

Esp. panel

Port. painel

Ing. board

cadeneta *f.* A parte máis tupida dunha malla que corresponde á rede de pesca.

Esp. cadeneta

Port. cadeneta

Ing. thread

caderna mestra *f.* Caderna definida pola intersección do casco co plano transversal trazado por un punto equidistante das perpendiculares de proa e popa, é dicir, pola perpendicular media.

Esp. cuaderna maestra

Port. roda de proa principal

Ing. midship frame

cadernal *m.* Motón que ten máis dunha roldana.

Esp. cuadernal

Port. cadernal

Ing. block

cadernas *f. pl.* Pezas curvas a modo de costelas que saen da quilla do buque cara a babor e estribor en dúas ramas simétricas; serven para darlle forma ao buque e soste os forros.

Esp. cuadernas

Port. cavernas

Ing. frames

cadernas de armar *f. pl.* Primeiras cadernas que se montaban, e aínda se montan, nos barcos de madeira, que xunto coa quilla forman o esqueleto do buque, para seren despois forradas e así completar o casco.

Esp. cuadernas de armar

Port. cadernas de armar

Ing. square-body frames

caderno de bitácora *m.* Libro raiado e dividido convenientemente no cal se anotan todos os elementos que serven para levar a estima, as situacións astronómicas, as observacións meteorolóxicas e os acontecementos notables da navegación; as anotacións son feitas por cada oficial ao rematar a súa garda. *Sin. diario de navegación.*

Esp. cuaderno de bitácora

Port. diário de bordo

Ing. logbook

caderno de navegación *m.* Caderno marítimo; documento individual dun tripulante onde se anotan os embarques e desembarques e onde se leva rexistro dos recoñecementos médicos e doutros acontecementos. *Sin. caderno marítimo.*

Esp. libreta de navegación

Port. caderneta de navegação

Ing. seaman's book

cadoira *f.* Buraco no fondo dunha lancha que serve para desaugar. Tapón con que se cobre ese burato.

Esp. desaguadero

Port. cadoira

Ing. drainage hole

cadro de distribución principal

m. Cadro de distribución alimentado directamente pola fonte de enerxía eléctrica principal e destinado a distribuír enerxía eléctrica.

Esp. cuadro de distribución principal

Port. quadro principal de distribución

Ing. main switchboard

cadro de mandos *m.* Sistema de indicadores e instrumentos que serven para manexar a embarcación, postos á vista do piloto.

Esp. cuadro de mandos

Port. quadro de mandos

Ing. control board panel

cadro orgánico *m.* Cadro que recolle as indicacións que deberán seguir os tripulantes en caso de perigo, incendio ou abandono, así como as súas obrigas ante estes tres casos. O cadro orgánico debe situarse nun lugar visible do barco.

Esp. cuadro orgánico

Port. quadro orgânico

Ing. muster list

caída *f.* 1. Inclinação dos paus dun barco segundo o valor da distancia horizontal que existe entre o pé do pau e a vertical do exterior superior.

Esp. caída

Port. caimento

Ing. rake

2. Cada un dos lados das velas que vén de arriba cara abaixo.

Esp. caída

Port. curva da vela

Ing. sail drop, depth of sail

caique *m.* 1. Pequeno navío que ten un tipo de velas triangulares e dous mastros, moi utilizado no Levante.

Esp. caique

Port. caïque

Ing. caique

2. Barco costeiro de pesca.

Esp. caique

Port. caïque

Ing. caique

caiuco *m.* Bote de remos sen quilla feito dunha peza dunha árbore. Dise tamén dos botes de pesca nos que chegan os emigrantes a España.

Esp. cayuco

Port. caiuco

Ing. boat

caixa de cadeas *f.* Compartimento situado na proa do buque, onde se estiba a cadea ou o cable da áncora. O derradeiro grillón está fortemente suxeito a un gancho que se pode manexar desde a cuberta.

Esp. caja de cadenas

Port. caixa de cadeias

Ing. chain box

cala *f.* 1. Espazo situado debaixo da cuberta de proa ou de popa nunha embarcación, onde pode ir un camarote.

Esp. camarote

Port. camarote

Ing. hold

2. Lámina de metal calibrada empregada para medir a separación entre dúas pezas de caras paralelas.

Esp. cala

Port. medidor

Ing. measuring triangle

calabrote *m.* Cabo moi grosso for-

mado por nove cordas trenzadas de esquerda a dereita, organizadas de tres en tres en guindarezas normalmente; serve para amarrar ou para remolcar o buque.

Esp. calabrote

Port. calabrote

Ing. cable laid rope

calado *m.* Distancia vertical desde a quilla ata a liña de flotación. *Sin. fondo.*

Esp. calado

Port. calado

Ing. draft

calado de escantillón *m.* Máximo calado que, por motivos de resistencia estrutural, pode obter o buque á plena carga.

Esp. calado de escantillonado

Port. calado de gabarito

Ing. scantling draught

calado de popa *m.* Distancia vertical medida na perpendicular de popa ata a liña de flotación.

Esp. calado de popa

Port. calado de popa

Ing. draught aft

calado de proa *m.* Distancia vertical medida na perpendicular de proa ata a liña de flotación.

Esp. calado de proa

Port. calado de proa

Ing. draught forward

calado de verán *m.* Máxima distancia permisible entre o canto superior da prancha da quilla e o centro da marca de francobordo no verán. Máximo calado permisible no verán.

Esp. calado de verano

Port. calado de verão

Ing. summer draught

calado máximo *m.* Aquel correspondente ao de máxima carga no verán.

Esp. calado máximo

Port. calado máximo

Ing. extreme draught

calado medio *m.* Calado na zona central do buque. É a media entre o calado de proa e o calado de popa.

Esp. calado medio

Port. calado médio

Ing. center draught

calafate *m.* Persoa que calafatea navíos, isto é, que pecha as costuras para que non entre a auga. *Sin. operario.*

Esp. calafate

Port. calafate

Ing. shipwright

calafatear *v. tr.* Operación que consiste en encher con estopa e brea as xuntas das táboas dos fondos, costados e cubertas, para cubrilas despois con brea para que non entre a auga. *Sin. atacuñar, carenar.*

Esp. calafatear

Port. calafetar

Ing. caulk

calar *v. i.* Alcanzar a embarcación unha profundidade axeitada.

Esp. calar

Port. calar

Ing. draw

calcés *m.* Parte alta dun mastro comprendida entre a gabia e o tamborete.

Esp. calcés

Port. calcês

Ing. masthead

caldeira *f.* Depósito onde ferve a

auga nas máquinas de vapor. Este vapor constitúe a forza para impulsar a máquina.

Esp. caldera

Port. caldeira

Ing. boiler

caldeira de alta presión *f.* Caldeira que pode recibir unha presión superior a dúas atmosferas.

Esp. caldera de alta presión

Port. caldeira de alta pressão

Ing. high pressure boiler

calibre *m.* Instrumento que serve para realizar medidas moi precisas, normalmente de lonxitude. *Sin.*

medida.

Esp. calibre

Port. calibre

Ing. scantling

calima *f.* Disposición das táboas do forro dalgunhas embarcacións menores.

Esp. tablado

Port. calime

Ing. planking

calime *f.* Desígnase con ese nome a táboa última e inferior que forma parte de cada un dos costados dun barco.

Esp. cinta

Port. calime

Ing. band

calma *f.* Estado do vento que se corresponde coa forza 0 na escala de Beaufort. Mar plano, sen ondas, coma un espello. A velocidade do vento é inferior a 1 nó. Equivale ao grao 0 na escala de Douglas. *Sin.*

bonanza.

Esp. calma

Port. calmaria

Ing. calm

calo *m.* 1. Especie de lazo que leva a vela da dorna no lado vertical superior.

Esp. lazo

Port. laço

Ing. ribbon

2. Corda que suxeita a escota ao se uniren os rices.

Esp. amarra

Port. corda

Ing. mooring rope

calón *m.* 1. Pau de aproximadamente un metro de longo co que se manteñen estendidas as redes de pesca.

Esp. calón

Port. calão

Ing. spreader

2. Peza de rede que forma parte da arte pesqueira denominada xávega.

Esp. calón

Port. calão

Ing. spreader

3. Pequeno cabo no que se suxeita toda a altura das pernas do aparello de pesca coñecido por trabuquete.

Esp. calón

Port. calão

Ing. rope

calzo *m.* 1. Grupo de madeiros que se dispoñen de forma axeitada para que repousen e se afirmen sobre eles algúns obxectos pesados. *Sin.*

apoio, base.

Esp. calzo

Port. calço

Ing. chock

2. Taco de madeira que serve de base xunto con outros para asentarmos o motor dunha embarcación.

Esp. calzo

Port. calço

Ing. chock, wedge

cama de construción *f.* Conxunto de soportes onde repousa o barco cando está varado, ou ben durante a súa construción.

Esp. cama de construcción

Port. cama de construçã

Ing. building berth

cama de lanzamento *f.* Sopor-tado do buque que se dispón para a súa botadura.

Esp. cama de lanzamiento, paral

Port. cama de lançamento

Ing. launching ways

cámara *f.* Compartimento desti-nado a un ou varios usos.

Esp. cámara

Port. câmara

Ing. chamber

cámara de máquinas *f.* Espazos que conteñen a maquinaria propulsora, instalación de combustible líquido, xeradores, aparatos de goberno, maquinaria eléctrica principal, estacións de toma de combustible, maquinaria de refrixeración, estabilización, ventilación e climatización, e espazos semellantes, así como os troncos de acceso a todos eles.

Esp. cámara de máquinas

Port. casa das máquinas

Ing. engine room

cámara hiperbárica *f.* Recinto pechado que serve para levar a cabo as operacións de compresión ou descompresión dos submarinistas.

Esp. cámara hiperbárica

Port. câmara hiperbárica

Ing. hyperbaric chamber

camareta *f.* Nos buques de guerra, cabina ou habitáculo dos oficiais. Nos barcos, cámara que se destina ao comedor.

Esp. camareta

Port. camarote

Ing. midshipman's cabin

camarote *m.* Espazo privado dunha embarcación destinado a dormitorio. *Sin. cabina.*

Esp. camarote

Port. camarote

Ing. cabin

combota *f.* Peza curva que consti-túe a bovedilla.

Esp. gambota

Port. combota

Ing. counter timber

camelo *m.* Mecanismo flotante que se emprega para elevar un barco ou para suspendelo no aire.

Esp. camello

Port. guindaste

Ing. lifting craft

camino de rodadura *m.* Superficie por onde se move o guindastre pórtico. Consiste nunha plataforma feita de formigón, que soporta grandes pesos, e que pode aloxar un habitáculo debaixo que se destina a diversos usos.

Esp. camino de rodadura

Port. caminho de rolamento

Ing. crane gantry

camisa *f.* 1. Tubo metálico que recubre os canóns no interior.

Esp. camisa

Port. camisa

Ing. liner

2. Revestimento de metal colocado no interior dun espazo oco.

Esp. camisa

Port. camisa

Ing. liner

3. *f.* Revestimento tubular colocado no interior dos cilindros do motor.

Esp. camisa

Port. camisa

Ing. cylinder liner

campá submarina *f.* Aparato esférico parecido á batisfera pero aberto polo fondo, que está preparado para a submersión e para o transporte de persoas; utilízase en caso de rescate principalmente, e tamén para a exploración submarina.

Esp. campana submarina

Port. campá submarina

Ing. submarine bell

cana *f.* Véxase: **cana da áncora**, **cana de pescar**, **cana do temón**.

cana da áncora *f.* Corpo central da áncora, que está comprendido entre a cruz e o arganeo.

Esp. caña del ancla

Port. cana da áncora

Ing. anchor shank

cana de pescar *f.* Instrumento de madeira que consiste nunha vara longa cun cordel que colga dun extremo xunto coa sedela e o anzol co cebo, e que se emprega para a pesca.

Esp. caña de pescar

Port. cana de pesca

Ing. fishing rod

cana do temón *f.* Elemento alongado de madeira ou aceiro que serve para manexar o temón.

Esp. caña del timón

Port. cana do leme

Ing. rudder tiller

canal *m.* Vía artificial que é navegable despois de realizar operacións de dragado. *Sin. canle.*

Esp. canal

Port. canal

Ing. channel

canaleta *f.* Varanda protectora que impide que os pescadores caian ao mar cando están pescando. *Sin. varanda.*

Esp. barandilla

Port. grade

Ing. railing

cáncamo *m.* Peza de metal con forma de armela que serve para amarrar cabos nas embarcacións. Peza de metal soldada aos bloques que serve para suxeitar os cables de manobra que se empregan para elevalos. En xeral, son elementos de suxeición dos cabos de manobra que se empregan para levantar grandes pesos.

Esp. cáncamo

Port. cavilha

Ing. eyebolt

candeeiro *m.* Elemento vertical, normalmente de tubo, que serve de soporte aos pasamáns e varandas.

Esp. candelero

Port. candeeiro

Ing. stanchion

candeleros *m. pl.* Denominación común das varandas de protección dos pescadores ou dos pasaxeiros. Consisten en varios paus metálicos verticais aos cales se lles engade unha corda, ou unha vara metálica horizontal. Véxase: **candeeiro**. *Sin. candeleros, varandas.*

Esp. candeleros

Port. balaústres

Ing. rail stanchions

canle *f.* Véxase: canal.

cano *f.* Embarcación pequena, estreita e lixeira, propulsada por remos, sen quilla nin velas xeralmente e coa proa e a popa iguais.

Esp. canoa

Port. canoa

Ing. canoe

canón lanzacabos *m.* Aparello que consiste nun canón que dispara un proxectil cun cabo amarrado, coa intención de atar as embarcacións ou de axudar aos náufragos.

Esp. cañón lanzacabos

Port. canhão lança-cabos

Ing. line-throwing gun

capa *f.* Forma de navegación coa proa cara o temporal mantendo a embarcación case parada.

Esp. capa

Port. capa

Ing. lay by

capacidade cúbica da carga *f.* Expresión do volume ou capacidade cúbica utilizable para a carga nos espazos pechados do buque que se destinan a estes efectos.

Esp. capacidad cúbica de la carga

Port. capacidade cúbica de carga

Ing. cargo cubic capacity

capear *v. tr.* Modo de navegar que consiste en poñerse á capa, arriando as velas e mantendo a embarcación case parada en caso de perigo ou temporal. Dise tamén da acción de esquivar o temporal mediante manobras axeitadas.

Esp. capear

Port. capear

Ing. dodge, be lying to

capitán marítimo *m.* Funcionario do Goberno encargado de dirixir e autorizar as operacións marítimas e a seguridade do porto.

Esp. capitán marítimo

Port. capitão de porto

Ing. harbor master

capón *m.* Cadea ou cabo fixo na serviola, onde se colga a áncora.

Esp. capón

Port. cabo

Ing. cathead

carabela *f.* Embarcación de orixe portuguesa, lixeira e dunha cuberta, empregada antigamente para navegacións de longo percorrido entre os séculos XIV e XVII.

Esp. carabela

Port. caravela

Ing. caravel

carabelo *m.* Cesto con agarra, feito con vergas ou varas tecidas. Pódese meter o peixe nel.

Esp. cesto

Port. cesto

Ing. handbasket

caramuzal *m.* Buque mercante de tres paus e forma alongada, empregado en Turquía. Ten a proa elevada, arbora pau maior, bauprés e pau menor de mesana, e usa vela gabia, trinquetilla e mesana.

Esp. caramuzal

Port. navio de carga

Ing. Moorish boat

carboeira *f.* Depósito ou lugar onde se garda o carbón.

Esp. carbonera

Port. carvoeira

Ing. coal bunker

carboeiro *m.* Barco destinado ao

transporte de carbón.

Esp. carbonero

Port. carvoeiro

Ing. collier

car-carrier *m.* Buque deseñado para o transporte de automóbiles.

Esp. car-carrier

Port. car-carrier

Ing. car-carrier

cardume *m.* Banco de peixes. *Sin. banco de peixe.*

Esp. cardumen

Port. cardume

Ing. shoal

carel *m.* Bordo superior da parte máis alta dunha embarcación, onde se suxeitan os remos. *Sin. bordo.*

Esp. carel

Port. bordo

Ing. edge

carena *f.* Parte somerxida do barco, por debaixo da liña de flotación. O centro da carena é o centro de gravidade do volume da parte somerxida dun barco. *Sin. obra viva.*

Esp. carena, obra viva

Port. carena

Ing. underwater hull

carena líquida *f.* Volume de líquido que se move por un compartimento interior do barco.

Esp. carena líquida

Port. carena líquida

Ing. free surface of liquids

carenar *v. tr.* Facer traballos de reparación no casco das embarcacións. *Sin. reparar.*

Esp. carenar

Port. carenar, querenar

Ing. careen

carga *f.* Acción e efecto de cargar.

Esp. carga

Port. carga

Ing. loading

carga da cuberta *f.* Carga que se transporta sobre a cuberta dun barco.

Esp. cubertada

Port. carga da coberta

Ing. deck cargo

carga líquida *f.* Carga que levan os barcos, que é líquida, como por exemplo, o petróleo.

Esp. carga líquida

Port. carga líquida

Ing. liquid cargo

carga mixta *f.* Carga que leva un buque, cando pode ser simultaneamente paletizada ou disposta en contedores e, ao mesmo tempo, carga a granel.

Esp. carga mixta

Port. carga mista

Ing. mixed cargo

carga seca *f.* A carga sólida que levan os buques.

Esp. carga seca

Port. carga seca

Ing. dry cargo

cargadeiro *m.* Lugar apropiado para a atracada das embarcacións e para o intercambio de mercaderías.

Esp. cargadero

Port. carregadoiro

Ing. bank ground, dump

cargamento *m.* Conxunto de mercaderías que carga un barco. *Sin. carga.*

Esp. cargamento

Port. carga

Ing. cargo

caridade *f.* Nome co que se coñecía

ás áncoras de popa, ou áncoras auxiliares, máis pequenas que as de leva ou de traballo.

Esp. cavidad

Port. âncora de popa

Ing. stern anchor

carlinga *f.* Oco feito sobre unha base de madeira onde se encaixan os paus dos barcos.

Esp. carlinga

Port. carlinga

Ing. mast-step

carlinga do bauprés *f.* Madeiro onde asenta o couce do bauprés.

Esp. carlinga del bauprés

Port. carlinga do gurupês

Ing. bowsprit step

carnamuza *f.* Nome que recibe a cornamusa na Costa da Morte. Véxase: **cornamusa**.

Esp. cornamusa

Port. cunho, cornamusa

Ing. cleat

carpintería de ribeira *f.* Lugar onde se constrúen os barcos, de menor tamaño que o estaleiro, e máis especializado na construción de embarcacións de madeira.

Esp. carpintería de ribera

Port. carpintaria de ribeira

Ing. shipbuilder carpentry

carraca *f.* Buque grande que foi utilizado no Mediterráneo para o transporte de mercadorías e grandes cargas. A partires do século XIII foi utilizado para o transporte de tropas. *Sin. buque*.

Esp. carraca

Port. carraca

Ing. carrack

carreta pórtico *f.* Carreta que ten o dispositivo elevador por encima

da carga.

Esp. carretilla pórtico

Port. carrinho pórtico

Ing. straddle carrier

carrete *m.* Parte dos instrumentos ou máquinas de electricidade dinámica, como os motores eléctricos, que se compón dun fío metálico enrolado nun cilindro. *Sin. bobina*.

Esp. carrete

Port. carrete

Ing. coil

carro de varar *m.* Aparello que serve para transportar un barco varado e para suxeitalo. Pode ter rodas ou carrís.

Esp. carro de varadero

Port. carro de varar

Ing. cradle

carta hidrográfica *f.* Carta que representa a extensión dos mares e costas con indicación de baixos e sondas.

Esp. carta hidrográfica

Port. carta hidrográfica

Ing. hydrographic chart

carta náutica *f.* Mapa destinado á navegación, que representa a conca dun mar ou un océano, con indicación de todos os detalles útiles para o navegante.

Esp. carta náutica, carta de marear

Port. carta de navegação

Ing. nautical chart

carta portulano *f.* Tipo de carta plana de navegación de porto a porto orixinaria do Mediterráneo que se trazou a man sobre o pergamiño segundo os rumbos e seguindo unhas determinadas normas no seu deseño.

Esp. carta portulano

Port. carta portulano

Ing. Mediterranean hand-made chart

cartabón *m.* Instrumento metálico ou de madeira en forma de triángulo rectángulo escaleno. Véxase tamén: **cartela**.

Esp. cartabón

Port. esquadro

Ing. bracket, knee

cartela *f.* Prancha de aceiro, xeralmente triangular, que posúe un nervio de reforzo que se emprega para unir os extremos das pezas en ángulo da estrutura do casco, como por exemplo, os vaos e as cadernas. *Sin. escuadra, consola.*

Esp. cartela

Port. prancha

Ing. bracket

cárter *m.* Caixa metálica por baixo dos motores que protexe o cegoñal e outros mecanismos e recolle o aceite de lubricación.

Esp. cárter

Port. cárter

Ing. crankcase

casco *m.* Corpo que forma o contorno exterior do buque e contén no seu interior todos os elementos do mesmo. Monocasco: dise da embarcación que ten un só casco.

Esp. casco

Port. casco

Ing. hull

casco presurizado *m.* Casco interior do submarino especialmente acondicionado para soportar presión exterior cando se somerxe.

Esp. casco presurizado

Port. casco pressurizado

Ing. pressure hull

caseta *f.* Pequeno compartimento ou cámara situado sobre a cuberta con obxecto de almacenar ou protexer algo, ou ben, para ofrecer abrigo en caso de mal tempo.

Esp. caseta

Port. barracão

Ing. hut

castañola *f.* Peza plana suxeita ao buque, cunha asa paralela á superficie do asento; é semellante á media cornamusa e se emprega para pasar ou amarrar o cabo ou os puños.

Esp. castañuela

Port. amarra de cabo

Ing. yard-arm cleat

castelo *m.* Superestrutura situada por encima da cuberta alta, na zona de proa.

Esp. castillo

Port. castelo

Ing. forecandle

catavento *m.* Aparello que consta dunha barra vertical cun anaco de tea que xira na dirección do vento. Tamén pode levar unha frecha.

Sin. viravento.

Esp. cataviento

Port. cata-vento

Ing. wind vane

cavername *m.* Conxunto das cadernas dun navío. Esqueleto.

Esp. conjunto de cuadernas

Port. cavername

Ing. set of frames

cavilla *f.* 1. Pau de madeira que sobresa do cavilleiro e que serve para suxeitar o temón e para amarrar os cabos de labor. *Sin. ferrollo, pasador.*

Esp. cabilla
Port. cavilha
Ing. dowel pin

2. Anaco de ferro ou de aceiro en forma de barra.

Esp. cabilla
Port. cavilha
Ing. toggle

cavilleiro *m.* Peza de madeira ou metal que suxeita as cavillas que amarran os cabos.

Esp. cabillero
Port. cavilheiro

Ing. belaying pin-rack

cavitación *f.* Formación de burbujas de vapor no seo dun líquido, causada pola diminución de presión. Pode afectar a determinada maquinaria como as hélices e as bombas.

Esp. cavitación
Port. cavitação
Ing. cavitation

cear *v. i.* Vogar en sentido contrario para retroceder. *Sin. recuar, retroceder.*

Esp. ciar
Port. ciar
Ing. go astern

ceavoga *f.* Volta que dá unha embarcación vogando cun remo e ceando co outro, ou usando o temón e as máquinas. *Sin. xiro.*

Esp. ciaboga
Port. cia-voga
Ing. turn

cebo *m.* Substancia que se pon no anzol para atraer o peixe e pescalo. Cousa atractiva que se usa para enganar aos peixes. *Sin. isca.*

Esp. cebo
Port. cevo

Ing. bait

cedazo *m.* Rede grande que se emprega para a pesca, e que está suxeita por un aro.

Esp. cedazo
Port. cedaço
Ing. large net

cegoña *f.* Instrumento formado polo botón de manivela e as gaitarras no eixo do cegoñal.

Esp. cigüeña
Port. cegonha
Ing. crank throw

cegoñal *m.* Árbore de transmisión de forza que transforma o movemento alternativo en movemento de rotación e viceversa.

Esp. cigüeñal
Port. cegonhal
Ing. crankshaft

cenefas *f. pl.* Tiras de lona que se colgan polos bordes dos toldos para protexer do sol cando vai moi baixo.

Esp. cenefas
Port. sanefas
Ing. borders

centro de empurre *m.* Punto de aplicación do empurre; forza vertical igual e contraria ao peso do buque, como resultante das forzas de presión que se exercen sobre a superficie exterior do casco somerxido na auga, ou carena do buque. *Sin. centro de carena.*

Esp. centro de empuje
Port. centro de empurre
Ing. thrust center

centro de gravidade *m.* Punto de aplicación da forza resultante de todos os pesos de buque ou peso total do buque.

Esp. centro de gravedad

Port. centro de gravidade

Ing. center of gravity

centro de resistencia lateral *m.*

Centro de gravidade da proxección sobre o plano vertical lonxitudinal da área lateral somerxida do buque. Pode considerarse aproximadamente que nese punto actúa a forza de resistencia lateral.

Esp. centro de resistencia lateral

Port. centro de resistênci lateral

Ing. lateral resistance center

centro de xiro *m.* Punto imaxinario arredor do cal xira un buque nas súas evolucións.

Esp. centro de giro

Port. centro de giro

Ing. center of rotation

centro vélico *m.* Punto onde actúa a forza resultante xerada polo vento na vela. Pode considerarse que coincide co centro xeométrico da vela en cuestión.

Esp. centro vélico

Port. centro de vela

Ing. wind force center

cepillo de arame *m.* Cepillo feito de arames que se emprega para pulir unha superficie, como a do casco do barco, facilitando que esta ofrezca resistencia á pintura. O cepillo pode ser mecánico ou manual.

Esp. cepillo de alambre

Port. cepilho de arame

Ing. wire brush

cepillo de man *m.* Tipo de cepillo que se utiliza na madeira, máis pequeno que a garlopa e sen mango.

Esp. cepillo de mano

Port. cepilho de mão

Ing. hand brush

cepillo de moldura *m.* Tipo de cepillo con chanzo lateral.

Esp. cepillo de moldurar

Port. cepilho de moldurar

Ing. brush

cepillo de volta *m.* Tipo de cepillo onde a peza de madeira na que vai montada a coitela ten forma curva para cepillar as superficies.

Esp. cepillo curvo

Port. cepilho de volta

Ing. plane

cepillo metálico *m.* Tipo de cepillo con armazón de ferro fundido.

Esp. cepillo metálico

Port. cepilho metálico

Ing. metal brush

cepo *m.* Pau da cuberta dunha embarcación que serve para amarrar o cabo que remolca a outra.

Esp. cepo

Port. cepo

Ing. clamp

cepo da âncora *m.* Peza de ferro ou de madeira que atravesa a cana ou a cruz da âncora por un burato, e que serve para axudar ás uñas a cravarse no fondo.

Esp. cepo del ancla

Port. cepo da âncora

Ing. stock of an anchor

cerco *m.* Arte de pesca que consiste en empregar unha rede para rodear e capturar o peixe.

Esp. cerco

Port. cerco

Ing. seining

cerqueiro conxelador *m.* Buque que combina artes de cerco e grandes cámaras frigoríficas para conxelar o peixe.

Esp. cerquero congelador

Port. cercador congelador

Ing. freezer seiner

certificado de áncoras e cadeas

m. Acreditación da homologación das áncoras e as cadeas; documento que garante que estes aparellos son os axeitados para cada tipo de embarcación.

Esp. certificado de anclas y cadenas

Port. certificado de âncoras e cadeias

Ing. anchor and chain certificate

certificado de arqueo

m. Documento que acredita que se practicou a operación de arqueo do buque, no que consta o valor do mesmo. Véxase: **arqueo**.

Esp. certificado de arqueo

Port. certificado de arqueação

Ing. tonnage certificate

certificado de avarías

m. Documento onde se especifican as avarías sufridas por unha embarcación nun accidente.

Esp. certificado de averías

Port. certificado de avarias

Ing. damage certificate

certificado de clasificación

m. Certificado emitido por unha sociedade de clasificación de buques, no que se afirma que un buque cumpre coas exixencias técnicas establecidas no correspondente Regulamento de Clasificación de buques de esa sociedade de clasificación.

Esp. certificado de clasificación

Port. certificado de classificação

Ing. classification certificate

certificado de desratización

m. Certificación que acredita que se

levaron a cabo as operacións de desratización do buque.

Esp. certificado de desratización

Port. certificado de desratização

Ing. deratization certificate

certificado de estiba

m. Acreditación onde consta que a carga do barco foi estibada e cumpre coa normativa.

Esp. certificado de estiba

Port. certificado de estiva

Ing. stowage certificate

certificado de francobordo

m. Verificación da situación das liñas de carga máxima da embarcación, de forma que sexan as adecuadas para cada buque.

Esp. certificado de francobordo

Port. certificado de francobordo

Ing. freeboard certificate

certificado de inspección aduanera

m. Acreditación da revisión da mercadoría que leva un barco.

Esp. certificado de inspección aduanera

Port. certificado de inspeção e alfândega

Ing. clearance certificate, customs certificate

certificado de navegabilidade

m. Documento que acredita que unha embarcación cumpre coas condicións esixidas para a navegación, e recolle os recoñecementos practicados sobre ela e as próximas revisións a realizar. Debe renovarse cada certo tempo.

Esp. certificado de navegabilidad

Port. certificado de navegabilidade

Ing. seaworthiness certificate

certificado de orixe

m. Documento que certifica o país de orixe

da mercadoría, e onde se describen as características da mesma.

Esp. certificado de origen

Port. certificado de origem

Ing. certificate of origin

certificado de seguridade *m.*

Acreditación das condicións de seguridade do barco, obrigatorias para levantar áncoras e saír a navegar.

Esp. certificado de seguridade

Port. certificado de seguridade

Ing. safety certificate

cesárea *f.* Na zona de Ferrol, recibe este nome a abertura provisional que se practica no costado dos grandes buques que se emprega durante a construción ou as grandes reparacións para a entrada e a saída dos traballadores e de equipos pequenos. Tápase antes da botadura.

Esp. cesárea

Port. abertura

Ing. aperture

chafrán *m.* 1. Plano longo e estreito que une dúas superficies planas que forman ángulo en vez de formar estas ángulo.

Esp. chaflán

Port. chanfradura

Ing. chamfer

2. Rebaixe gradual e continuo de espesor por medio dunha superficie plana inclinada.

Esp. chaflán, bisel

Port. bisel

Ing. bevel

chalana *f.* Pequena embarcación de proa aguzada, popa rectangular ou de espello, e fondo plano, propulsada por remos ou motor, que na-

vega por augas de pouca fondura.

Esp. chalana

Port. chalana

Ing. barge

chaleco salvavidas *m.* Chaleco pneumático, especialmente preparado para os casos de naufraxio.

Esp. chaleco salvavidas

Port. colete salva vidas

Ing. life jacket

chapa *f.* Lámina de aceiro ou de outros materiais.

Esp. chapa

Port. chapa

Ing. plate, sheet

chapa de marxe *f.* A chapa que vai do dobre fondo ao pantoque.

Esp. chapa del margen

Port. chapa lateral

Ing. margin plate

chapado *m.* Adornar con chapas.

Esp. chapeado

Port. chapado

Ing. plating

charrúa *f.* Pequena embarcación que se usaba como remolcador.

Sin. embarcación.

Esp. charrúa

Port. charrua

Ing. hooker

chaves de retida *f. pl.* Chámanse así aos últimos elementos que se soltan na botadura antes de que o barco esvare cara o mar.

Esp. llaves de retención

Port. chaves de retenção

Ing. lanching triggers

chaveta *f.* Peza de sección normalmente rectangular que, encaixada entre dúas pezas cilíndricas concéntricas, impide o xiro dunha con respecto á outra. *Sin. caravilla.*

Esp. chaveta

Port. golilha

Ing. cotter pin

chazarel *m.* Pequeno anaco de madeira unido ao pau da dorna e que se utiliza como axuda para izar a vela.

Esp. cuña

Port. chaçarel

Ing. wedge

cheminea *f.* Nas embarcacións, conduto que dirixe o fume cara o exterior.

Esp. chimenea

Port. chaminé

Ing. funnel

chicote *m.* Extremo ou anaco dunha corda, ou unha parte separada dela. *Sin.* **cabó.**

Esp. chicote

Port. chicote

Ing. rope end

chinchorro *m.* Embarcación auxiliar propulsada por remos, de pequeno tamaño, que pode ser transportada nunha embarcación maior. Rede pequena semellante á xávega que se emprega para pescar nas rías e en augas pouco profundas.

Esp. chinchorro

Port. chinchorro

Ing. dinghy

chopa *f.* Compartimento da popa das algunhas embarcacións que se emprega para gardar utensilios, aparellos, etc.

Esp. chopá

Port. chopá

Ing. shed

choupeta *f.* Partes da proa e da popa que levan as chalanas e que

serve para sentar.

Esp. chupeta

Port. choupeta

Ing. round-house

chumaceira *f.* 1. Pequena táboa situada na beira da embarcación que ten chantado no centro o tolete, no que vai apoiado o remo, para que así non se desgaste pola rozadura.

Esp. chumacera

Port. chumaceira

Ing. rowlock

2. Apoio da liña do eixe que propulsa o buque.

Esp. chumacera

Port. chumaceira

Ing. bearing

chumaceira de empuxe *f.* Apoio do eixe propulsor que transmite o empuxe horizontal do mesmo cara o buque.

Esp. chumacera de empuje

Port. chumaceira de impulso

Ing. thrust bearing

chumbada *f.* Instrumento composto por un carrete con fío suxeito a unha peza de metal rematada en punta. Utilízase para achumbar as cadernas ou no achumbado da roda de proa. Determina a verticalidade.

Esp. plomada

Port. chumbada

Ing. sinker

chumbeira *f.* Rede de pesca circular con chumbos arredor que se utiliza para a pesca en lugares pouco profundos. *Sin.* **esparavel.**

Esp. plomada

Port. chumbeira

Ing. plummet

chupeta *f.* Cámara pequena para abrigo que hai á proa na cuberta principal dalgúns buques.

Esp. chupeta

Port. câmara

Ing. roundhouse

cicel *m.* Instrumento cortante que se utiliza para labrar.

Esp. formón

Port. cinzel

Ing. chisel

ciadela *f.* Superestrutura na cuberta alta que se sitúa por riba do centro.

Esp. ciadadela

Port. ciadadela

Ing. center castle

cilindro *m.* 1. Corpo redondo, estreito e longo formado por unha porción de superficie cilíndrica comprendida entre dous planos secantes paralelos e perpendiculares ao eixo.

Esp. cilindro

Port. cilindro

Ing. cylinder

2. Recipiente cilíndrico onde se move o émbolo das máquinas alternativas a vapor ou dos motores de combustión interna.

Esp. cilindro

Port. cilindro

Ing. cylinder

cilindro de sinais *m.* O que se utiliza para a sinalización durante o día dos barcos limitados polo seu calado.

Esp. cilindro de señales

Port. cilindro de sinais

Ing. cylinder

cimba *f.* Pequena embarcación cuxos extremos se levantan for-

mando unha curva cara enriba.

Esp. cimba

Port. cimba

Ing. curved boat

cinc *m.* Na Costa da Morte, nome que recibe a peza de cinc que funciona como ánodo de sacrificio. Véxase: **ánodo de sacrificio**. *Sin.*

zinc.

Esp. cinc, zinc

Port. zinco

Ing. zinc

cinta *f.* Traca ou ringleira de chapas de aceiro, do caso do barco, situadas xusto por baixo do trancanil.

Esp. cinta

Port. cinta

Ing. strake

cintón *m.* Listón de madeira ou de aceiro que rodea o casco dun barco por riba da liña de flotación en toda a súa lonxitude, que serve para defender o costado.

Esp. cintón

Port. monelha

Ing. rubbing strake

cinxir *v. tr.* Axustar unha cousa con outra de maneira que unha delas exerza unha certa presión sobre a que queda no seu interior. *Sin.* **apertar, axustar, cinguir.**

Esp. ceñir

Port. cingir

Ing. fasten

cizalla *f.* 1. Tesoira grande empregada para cortar chapa de aceiro e outros materiais.

Esp. cizalla

Port. cisalha

Ing. shears

2. Esfuerzo de cizalla ou cortadura que sofren os barcos por efecto da

distribución do peso propio, do da carga e do empurre da auga.

Esp. cizalla

Port. esforço de cisalva

Ing. shearing force

clinómetro *m.* Instrumento que indica a inclinación do barco.

Esp. clinómetro

Port. clinômetro

Ing. clinometer

clipper *m.* Barco veleiro de múltiples mastros, velas cadras e casco moi afinado o que lle permite cargar a altas velocidades. Foi amplamente utilizado en comercio transoceánico.

Esp. clíper

Port. clíper

Ing. clipper

cóbadado *m.* Ángulo recto que forma unha peza ou un tubo nun barco.

Esp. codillo

Port. còvado

Ing. chine

cobrar *v. tr.* Recoller parte dun cabo ou cable.

Esp. cobrar

Port. cobrar

Ing. take in

coca *f.* Embarcación de carga antiga con dous paus e moita manga.

Esp. coca

Port. coca

Ing. coca

codal *m.* Ferramenta que emprega o carpinteiro para alisar e escuadrar as táboas.

Esp. codal

Port. espeque ajustável

Ing. square, prop

codaste *m.* Peza de aceiro ou de madeira que se levanta pendendi-

cular á quilla no seu extremo de popa e na que monta o temón.

Esp. codaste

Port. cadaste

Ing. stern post

codaste de fundición *m.* Codaste feito dunha soa peza fundida.

Esp. codaste de fundición

Port. cadaste de fundição

Ing. founded stern post

coeficiente *m.* Relación de dúas magnitudes da mesma especie.

Esp. coeficiente

Port. coeficiente

Ing. coefficient

coeficiente do Almirantado *m.*

Constante empregada polo Almirantado Británico durante os primeiros tempos da navegación a vapor, que serve para obter un índice de comparación entre unha velocidade concreta e a potencia necesaria para acadala.

Esp. coeficiente del Almirantazgo

Port. coeficiente de Almirantado

Ing. Admiralty coefficient

cofa *f.* Plataforma que vai na parte alta dos paus dos barcos de vela e que serve para asegurar os obenques dos mastros da gabia, para manobrar as velas altas, ou para situar alí a serviola.

Esp. cofa

Port. cesto da gávea

Ing. top

cóferdam *m.* Calquera espazo pechado dentro dun buque que só ten por misión separar outros espazos para evitar posibles contaminacións, por seguridade, etc.

Sin. cofferdam.

Esp. cóferdam, cofferdam

Port. cofferdam

Ing. cofferdam

cofiño *m.* Abertura que hai na cuberta das dornas e d'algunha outra embarcación e na que as bordas están protexidas por unhas ripas de madeira que se denominan malletes.

Esp. cofete

Port. cofinho

Ing. door

coieira *f.* Construción ou parede que se fai botando pedras ao fondo do mar para formar un dique de defensa contra as ondas, ou para servir de base a un peirao. *Sin.*

coial, coñeira.

Esp. escollera

Port. quebra-mar

Ing. rock filling

colar *v. tr.* 1. Facer unir dúas cousas por medio dun pegamento. *Sin. xuntar.*

Esp. pegar

Port. colar

Ing. stick

2. Verter o metal fundido nos moldes.

Esp. colar

Port. coar

Ing. exudate

colector *m.* Condución principal destinada á distribución dun fluído.

Esp. colector

Port. coletor

Ing. main

colisión *f.* Abordaxe entre dous buques debida a un fallo da máquina ou do temón, ou ben, por un descoido da garda ou por un erro da navegación.

Esp. colisión

Port. colisão

Ing. collision

columna de bitácora *f.* Soporte en forma de columna que sostén a bitácora.

Esp. columna de bitácora

Port. coluna de bitácula

Ing. binnacle stand

compás *m.* Instrumento de precisión que serve para orientarse e que indica o rumbo dunha nave. Consiste nunha caixa redonda con dous círculos concéntricos, dos cales só xira o círculo interior, que é o que leva unha agulla imantada que sinala o norte; o círculo exterior sinala a dirección da quilla.

Esp. compás

Port. bússola

Ing. compass

compresión *f.* Incremento da presión exercida por un fluído.

Esp. compresión

Port. compressão

Ing. compression

condensador *m.* Intercambiador de calor onde o vapor empregado nas máquinas de vapor é condensado pola acción de arrefriamento da auga do mar. *Sin. acumulador.*

Esp. condensador

Port. condensador

Ing. condenser

consignatario de buques *m.* Persoa que representa ao armador nos portos nos que o buque fai escala, e que realiza funcións relacionadas co transporte de mercadorías, descarga, tránsito, entrega e preparación de fretes.

Esp. consignatario

Port. consignatário

Ing. shipping agent

consola *f.* 1. Véxase: **cartabón e cartela**.

2. Panel onde se sitúan os mandos de control dunha instalación ou dun aparello.

Esp. consola

Port. consola

Ing. engine bracket

construción en diagonal *f.* Sistema de forrado de embarcacións mediante táboas dispostas a tope que forman un ángulo de 45 graos con respecto á quilla.

Esp. construcción en diagonal

Port. construção em diagonal

Ing. diagonal construction

construción lonxitudinal *f.* Sistema de construción dos buques no que predomina o tipo de reforzado de estrutura de forma lonxitudinal, é dicir, orientado de popa a proa. É máis apropiado para grandes buques.

Esp. construcción longitudinal

Port. construção longitudinal

Ing. longitudinal construction

construción mixta *f.* Sistema de construción no que o reforzado da estrutura se dispón de xeito tanto lonxitudinal como transversal.

Esp. construcción mixta

Port. construção mista

Ing. mix construction

construción naval *f.* Rama da industria dedicada ao deseño e á construción de navíos e artefactos navais. Os materiais normalmente empregados para a construción dos buques son o aceiro, a madeira, o plástico reforzado con

fibra de vidro (PRFV) e o aluminio; tamén se construíron embarcacións de formigón.

Esp. construcción naval

Port. construção naval

Ing. shipbuilding

construción transversal *f.* Sistema de construción no que predomina o tipo de reforzado estrutural disposto de forma transversal, é dicir, orientado desde babor cara a estribor. Apropiado para buques de dimensións menores.

Esp. construcción transversal

Port. construção transversal

Ing. transverse construction

construtor naval *m.* Dise da empresa que constrúe os barcos.

Esp. constructor naval

Port. construtor naval

Ing. shipbuilder

contaminación *f.* Alteración da pureza da auga, do aire, dos alimentos, etc. No mar, efecto de contaminar as augas por medios naturais ou intencionados.

Esp. contaminación

Port. contaminação

Ing. pollution

contaminación biolóxica *f.* Alteración que se produce no ecosistema mariño pola chegada de organismos de fóra, que poden introducir enfermidades nas especies autóctonas ou poden provocar o seu desprazamento pola especie invasora

Esp. contaminación biológica

Port. contaminação biológica

Ing. biological pollution

contaminación orgánica *f.* Al-

teración producida polos restos orgánicos que chegan sen depurar ás augas; as bacterias e os residuos que conteñen poden acumularse nas especies mariñas, e o consumo destes peixes ou moluscos pode ser prexudicial para as persoas.

Esp. contaminación orgánica

Port. contaminação orgânica

Ing. organic pollution

contaminación química *f.* A que é orixinada polas augas residuais e polos vertidos das industrias, e pode estar causada por metais pesados, deterxentes, fertilizantes, etc. A súa acción sobre o ecosistema mariño é moi prexudicial e pode provocar a morte dos seres vivos, ou a alteración da súa evolución e reprodución.

Esp. contaminación química

Port. contaminação química

Ing. chemical pollution

contedor *m.* Recipiente de tamaño normalizado (20' x 8' x 8' pés ou múltiplo), destinado a conter e transportar mercadorías.

Esp. contenedor

Port. contentor

Ing. container

contedor refrixerado *m.* Contedor normalizado destinado a conter mercadorías refrixeradas.

Esp. contenedor refrigerado

Port. contentor refrigerado

Ing. refrigerated container

contraamantillo *m.* Cabo que serve para reforzar o amantillo.

Esp. contraamantillo

Port. contra amantillo

Ing. preventer lift

contraamura *f.* Cabo grosso que

serve para reforzar a amura das velas maiores cando é necesario.

Esp. contraamura

Port. contra-amura

Ing. preventer tack

contrabita *f.* Peza curva das dúas que sosteñen ás bitas pola proa.

Esp. contrabita

Port. contra-cabeço

Ing. bitt standard

contrabolina *f.* Segunda bolina que serve para axudar á primeira.

Esp. contrabolina

Port. contra-bolina

Ing. preventer bowline

contrabrazola *f.* Brazola do zapón sobre o vao e que se dispón de xeito transversal.

Esp. contrabrazola

Port. contrabraçola

Ing. headledge

contracción *f.* Redución da lonxitude ou do espesor que experimenta unha peza.

Esp. contracción

Port. contração

Ing. contraction

contrachapado *m.* Taboleiros de madeira formados pola superposición de láminas finas de madeira.

Esp. contrachapado

Port. contraplacado

Ing. plywood

contracodaste *m.* Peza similar ao codaste, situada en paralelo a el, e que serve para reforzalo.

Esp. contracodaste

Port. coral da roda

Ing. inner post

contradique *m.* Dique auxiliar construído preto do primeiro, que serve para deter as augas e para

protexer ás embarcacións.

Esp. contradique

Port. contradique

Ing. counter dike

contradriza *f.* Segunda driza que axuda á principal.

Esp. contradriza

Port. contra-adriça

Ing. second halyard

contradurminte *f.* Táboa que fai de reforzo da durminte pola parte inferior.

Esp. contradurmiente

Port. contra-madeiro

Ing. sheer clamp

contraescota *f.* Cabo que serve para reforzar a escota cando vai vento forte ou temporal.

Esp. contraescota

Port. contra-escota

Ing. preventer sheet

contraestai *m.* Cabo grosso que axuda ao estai a soste o mastro, ao tirar del cara a proa.

Esp. contraestay

Port. contra-estai

Ing. preventer stay

contrafoque *m.* Foque menor e máis grosso que o principal que se orienta máis cara a popa e se enverga no contraestai.

Esp. contrafoque

Port. contra-bujarrona

Ing. fore topmast staysail

contraforte *m.* Reforzo vertical armado.

Esp. contrafuerte

Port. contraforte

Ing. buttress

contramesana *f.* Pau pequeno que hai entre a popa e o pau de mesana, nalgúns casos.

Esp. contramesana

Port. contra-mezena

Ing. mizzen mast

contramestre *m.* Suboficial que dirixe a mariñeiría, seguindo as ordes do Primeiro Oficial; encárgase da tripulación e do coidado e conservación do buque e da carga.

Esp. contramaestre

Port. contramestre

Ing. boatswain

contrapalanque *m.* Segundo pau que serve para reforzar un palanque.

Esp. contrapalanquín

Port. contra-palanque

Ing. preventer clew garnet

contraquilla *f.* Peza que cubre a quilla pola parte interior do barco, que serve para reforzala e para asegurar a fixación das pezas cravadas nela. *Sin. sobrequilla.*

Esp. contraquilla

Port. contraquilha

Ing. keelson

contrarroda de proa *f.* Conxunto de pezas de reforzo que se colocan polo interior da roda para reforzala e engarzala coa quilla.

Esp. contrarroda de proa

Port. contra-roda de proa

Ing. bow knee

contrato *m.* Compromiso ou convenio polo cal dúas ou máis partes chegan a un acordo. En navegación, os contratos máis habituais refírense ao aluguer de buques para o transporte de mercadorías ou persoas. Véxase tamén: **contrato de fretaxe**. *Sin. acordo.*

Esp. contrato

Port. contrato

Ing. contract

contrato de fretaxe *m.* Contrato mediante o cal se pacta a realización dun transporte nun buque determinado.

Esp. contrato de fletamento

Port. contrato de fretamento

Ing. charter party

contrato de pasaxe *m.* Contrato que contén os acordos relacionados co transporte de pasaxeiros. *Sin. contrato de transporte de pasaxeiros.*

Esp. contrato de pasaje

Port. contrato de passagem

Ing. contract of passenger carriage

contrato de remolque *m.* Acordo segundo o cal un buque transporta mediante arrastre un aparello flotante ou un buque non autopropulsado.

Esp. contrato de remolque

Port. contrato de reboque

Ing. towage contract

contratranquil *m.* Taboado grosso da cuberta situado a carón do tranquil.

Esp. contratranquil

Port. contra-alcatrate

Ing. margin plank

contrete *m.* Elemento estrutural que separa dúas partes que tenden a xuntarse. Elemento transversal nos elos das cadeas grandes.

Esp. contrete

Port. caibro

Ing. stud

control *m.* Dispositivo ou equipo deseñado para manexar e controlar o funcionamento dalgún sistema ou aparato.

Esp. control

Port. controle

Ing. control

control de calidade *m.* Comprobacións que se fan da calidade da execución dos diversos traballos ao longo da construción do buque. Refírese ao control da soldadura, espesores, dimensións, materiais, comportamento das máquinas, etc.

Esp. control de calidad

Port. controlo de qualidade

Ing. quality control

convección *f.* Movemento do fluído que provoca o transporte e a mestura das propiedades no seu mesmo seo.

Esp. convección

Port. convecção

Ing. convection

convección forzada *f.* A que é provocada impulsando o fluído por medios externos normalmente mecánicos, como unha bomba ou un ventilador.

Esp. convección forzada

Port. convecção forçada

Ing. forced convection

convección libre *f.* Aquel no que o movemento do fluído é causado por forzas internas do fluído debido á diferenza en densidade.

Esp. convección libre

Port. convecção livre

Ing. free convection

convés *m.* Espazo na cuberta superior desde o pau maior ata o castelo de proa.

Esp. combés

Port. convés

Ing. waist

corda *f.* Porción de fíos de liño ou

materia filamentososa, enlazados formando un só corpo longo e flexible que se utiliza para prender ou apertar. *Sin.* **adival, cabo.**

Esp. cuerda

Port. corda

Ing. rope

cordón de soldadura *m.* Soldadura que se dá nunha soa pasada e que une dúas pezas.

Esp. cordón de soldadura

Port. cordão de soldadura

Ing. fillet weld

cornamusa *f.* Peza de madeira ou metálica en forma de T que, afirmada en lugares adecuados, serve para tomar volta aos cabos. Está situada a babor e a estribor na cara interior da amura.

Esp. cornamusa

Port. cunho

Ing. cleat

coroamento *m.* Curvatura superior con que se remata a popa dos barcos. Parte da borda que corresponde á popa. Tamén dise do lugar onde se coloca o motor da embarcación, xunto coa bandeira do país de orixe. *Sin.* **remate, terminación.**

Esp. coronamiento

Port. coroamento

Ing. taffrail

corpo *m.* Zona media do puntal.

Esp. cuerpo

Port. corpo

Ing. stanchion body

correadeira *f.* Instrumento para medir a distancia navegada e a velocidade á que avanza o buque.

Esp. corredera

Port. sonda

Ing. log

corredores *m. pl.* Parte transitábel da cuberta da dorna por onde desaugan os buracos chamados embornais. *Sin.* **carreiro.**

Esp. corredor

Port. corredor

Ing. drain-pipe

corrente *f.* Masa de auga en movemento que se despraza polo interior dos mares e océanos, e que depende dos propios movementos da Terra.

Esp. corriente

Port. corrente

Ing. stream

corrente de arrastre *f.* A que é orixinada polo rozamento da auga coa carena do buque.

Esp. corriente de arrastre

Port. corrente de arrastamento

Ing. friction current

corrente de aspiración *f.* Corrente diante da hélice que é propia da velocidade dun barco.

Esp. corriente de aspiración

Port. corrente de aspiração

Ing. suction current

corrente de curtocircuíto *f.* Corrente eléctrica de intensidade moi elevada que xorde cando se produce un curtocircuíto eléctrico.

Esp. corriente de cortocircuito

Port. corrente de curto-circuito

Ing. short circuit current

corrente de expulsión *f.* Corrente de saída da hélice.

Esp. corriente de expulsión

Port. corrente de expulsão

Ing. ejection current

corricán *m.* Aparello de pesca dun só anzol, que se bota pola popa do

buque cando navega, e que se emprega normalmente na pesca á cacea.

Esp. curricán

Port. amostra

Ing. Devon spinner

corrosión *f.* Alteración na superficie dunha substancia debida a unha reacción química coas substancias en contacto con ela. Deterioración superficial dunha peza pola acción de axentes químicos. Normalmente, refírese á corrosión no aire debida á acción do osíxeno formando óxido nas superficies metálicas. *Sin. desgaste, deterioro.*

Esp. corrosión

Port. corrosão

Ing. corrosion

corrosión galvánica *f.* Acción producida sobre a parte somerxida do barco debido á existencia de diferentes metais en contacto coa auga do mar, como é o caso da hélice que é de bronce e do casco que é de aceiro. Corróese o metal que ten un potencial electroquímico menor. Pódese contrarrestar co uso de ánodos de sacrificio.

Esp. corrosión galvánica

Port. corrosão galvânica

Ing. galvanic corrosion

cortacircuitos *m.* Aparello que interrompe un circuito cando a corrente que pasa por el supera un certo valor durante un tempo dado.

Esp. cortacircuitos

Port. corta-circuito

Ing. circuit breaker, fuse

corte *m.* Proceso de traballo para cortar as chapas de aceiro e os per-

fís estruturais que leva o buque. O corte pode ser mecánico con serra ou con cizalla, por oxicorte, quen-tando aceiro cun gas combustible e facendo corte por oxidación, por plasma, por láser e con auga a presión.

Esp. corte

Port. corte

Ing. cutting

cortiza *f.* Pela da árbore chamada sobreira. É porosa e lixeira. Empregase como material flotante.

Esp. corteza

Port. cortiça

Ing. bark

cortizada *f.* Relinga superior dun aparello provisto de cortizas sobre as que se montan os panos da rede das distintas artes de pesca.

Esp. relinga de corchos

Port. cortiçada

Ing. float rope

corveta *f.* Embarcación de guerra máis pequena que a fragata. Cando eran de vela tiñan tres mastros e vela cadrada.

Esp. corbeta

Port. corveta

Ing. corvette

costa *f.* Zona de terra que está en contacto co mar, ou próxima a el. Beiras do mar preto do litoral. *Sin. ribeira, litoral.*

Esp. costa

Port. costa

Ing. shore

costado *m.* Cada un dos lados do buque. *Sin. lado.*

Esp. costado

Port. costado

Ing. side

costados verticais *m. pl.* Costados do buque dispostos de forma vertical.

Esp. costados verticales

Port. costados verticais

Ing. wall sides

costura *f.* Unión das chapas mediante soldadura. Os cordóns de soldadura poden ser lonxitudinais ou transversais. Neste último caso chámanse topes. Tamén reciben esta denominación as unións que se fan entre dous cables polos seus extremos, entrelazando os dous cordóns.

Esp. costura

Port. costura

Ing. welding

cote *m.* Nó simple que se fai pasando o chicote arredor do firme e polo seo; pódese facer nunha cornamusa, nunha estaca ou noutro obxecto vertical. *Sin. nó.*

Esp. cote

Port. cote

Ing. half hitch

courel *m.* Borda interna da parte do corredor dunha dorna. Ripa na borda dos navíos de pesca. *Sin. borda.*

Esp. borda

Port. amurada

Ing. bulwark

crítica *adx. f.* Velocidade de xiro dunha máquina ou motor, a cal produce vibracións moi altas por resonancia coa frecuencia propia e ten efectos prexudiciais.

Esp. crítica

Port. crítica

Ing. critical

cruceiro *m.* 1. Viaxe de recreo en

barco, de tipo turístico, que ten previstas varias escalas dentro da súa ruta. *Sin. viaxe.*

Esp. cruceiro

Port. cruzeiro

Ing. cruise

2. Buque de guerra moi veloz, fortemente armado, que pode ser de tipo lixeiro ou pesado.

Esp. cruceiro

Port. navio

Ing. cruiser

cruceiro lixeiro *m.* Buque de guerra cos costados moderada, inferior á do cruceiro pesado. Alcanza unha velocidade considerable e foi desenhado para reforzar e liderar unha flota de destrutores.

Esp. cruceiro ligero

Port. cruzador ligero

Ing. light cruiser

cruceiro pesado *m.* Barco de guerra veloz cun radio de acción moi elevado e provisto de moito armamento. A protección deste buque é superior á do cruceiro lixeiro, e ten os costados e a cuberta blindados. Empregábase para acompañar e darlle soporte aos acoirazados.

Esp. cruceiro pesado

Port. cruzador pesado

Ing. heavy cruiser

cruzeta *f.* Elemento transversal que se une con outro en forma de T.

Esp. cruzeta

Port. cruzeta

Ing. crosshead

cruz da áncora *f.* Extremo inferior da áncora, onde se forma a unión da cana cos brazos que rematan nas uñas.

Esp. cruz del ancla

Port. cruz de âncora

Ing. anchor crown

cuadaste *m.* Denominación do codaste nalgunhas zonas da ría de Arousa. *Sin. codaste.*

Esp. codaste

Port. cadaste

Ing. stern frame

cuarta de quilla *f.* Unidade utilizada para o tamaño da dorna na que cada cuarta equivale a 21 cm.

Esp. cuarta de quilla

Port. quarta de quilha

Ing. span

cuartel *m.* Armazón de táboas coa que se tapa unha abertura, por exemplo, un zapón. *Sin. contra, contraventá.*

Esp. cuartel

Port. quartel

Ing. hatch cover

coberta *f.* 1. Cada un dos pisos da embarcación que se suxeitan nos costados.

Esp. cubierta

Port. coberta

Ing. deck

2. Plataforma que se estende horizontalmente ao longo da eslora e ao ancho de manga do barco. Hai cuberta principal e pode haber cubertas de botes, do castelo, de coches, de oficiais, de paseo, exteriores e interiores, toldilla, e cuberta de voo no caso dos portaa-vións.

Esp. cubierta

Port. coberta

Ing. deck

cuberta de arqueo *f.* Cuberta que pecha os espazos destinados á

carga nun buque.

Esp. cubierta de arqueo

Port. coberta de arqueo

Ing. tonnage deck

cuberta de construción lixeira

f. Cuberta situada por riba da cuberta principal do buque e formada por elementos de pouca resistencia.

Esp. cubierta de construcción ligera

Port. coberta de construção ligeira

Ing. light weight deck

cuberta principal *f.* A plataforma máis alta que vai sen interrupcións de proa a popa.

Esp. cubierta principal

Port. coberta principal

Ing. main deck

cubichete *m.* 1. Departamento pequeno nunha embarcación.

Esp. cubículo

Port. cubículo

Ing. cubicle

2. Conxunto de táboas que impiden a entrada da auga no convés, cando o buque dá de quilla.

Esp. cubichete

Port. placa

Ing. board

cubichete de bitácora *m.* Cuberta que, como remate da bitácora, serve para protexer o morteiro da agulla náutica.

Esp. cubichete de bitácora

Port. coberta de bitácula

Ing. binnacle cover

cucharro *m.* Táboa cortada irregularmente coa que se reforzan algunhas partes do barco, particularmente a proa e a popa, enriba dos raseis.

Esp. cucharro

Port. tábua

Ing. hoods

culata *f.* Peza metálica que se axusta ao bloque do motor e pecha o corpo dos cilindros.

Esp. culata

Port. cabeçote

Ing. cylinder head

cumieira *f.* A trabe máis alta da armadura dun teito o da armazón que cobre un determinado espazo.

Sin. cumial.

Esp. cumbreira

Port. cumeeira

Ing. ridge board

cuncha *f.* Boca formada por unha peza grande de aceiro axustada no costado do buque, que serve para aloxar as uñas da áncora e para que traballe a súa cadea. *Sin. cónchega.*

Esp. concha

Port. concha

Ing. bill board

cuncha de aspiración *f.* Cuarto elipsoide de obra viva aberto na dirección da marcha que se emprega nalgúns buques rápidos para mellorar o efecto da bomba de circulación de auga para o condensador e os intercambiadores de calor.

Esp. concha de aspiración

Port. concha de aspiração

Ing. suction hole

cuncha do escobén *f.* Peza do mesmo que protexe a amura e que debe conseguir a boa estiba da áncora.

Esp. concha del escobén

Port. concha do escovém

Ing. hawse pipe collar

cuña *f.* Peza da dorna que se asecura pola proa ao pau que suxeita

a vela.

Esp. cuña

Port. cunha

Ing. wedge

cuña de mango *f.* Ferro do calafate.

Esp. cuña de mango

Port. cunha de mango

Ing. caulker's wedge

cuña do masteleiro *f.* Peza de madeira ou ferro de sección cadrada e cun saínte nun extremo, que se introduce no ollo situado no couce do masteleiro.

Esp. cuña del mastelero

Port. cunha do mastaréu

Ing. topmast fid

cuñas de estiba *f. pl.* Anacos de percha grosa na cabeza do pau e na que vai labrada a tella do masteleiro.

Esp. cuñas de estiba

Port. cunhas de estiva

Ing. cantick quoins

cuñas do bauprés *f. pl.* Cuñas que serven para manter o bauprés no seu sitio.

Esp. cuñas del bauprés

Port. cunhas do gurupés

Ing. bowsprit wedge

cúpula *f.* Torre de ferro, redonda e xiratoria que teñen algúns buques como os acoirazados, e dentro da cal se atopan os canóns de gran calibre.

Esp. cúpula

Port. cúpula

Ing. dome

cúpula do radar *f.* Cúpula que aloxa e protexe o radar nos submarinos, os acoirazados, e outros buques.

Esp. cúpula del radar

Port. cúpula do radar

Ing. radome

curtocircuíto *m.* Fenómeno eléctrico producido ao unir cun conduto de resistencia moi pequena dous puntos entre os que hai unha diferenza de potencial eléctrico.

Esp. cortocircuíto

Port. curto-circuíto

Ing. short circuit

curvadora *f.* Máquina que serve para figurar as chapas e para dar-lles forma, dobrándoas.

Esp. curvadora

Port. curvadora

Ing. bending machine

curvas hidrostáticas *f. pl.* Representación gráfica por medio de curvas das características hidrostáticas da carena dunha embarcación.

Esp. curvas hidrostáticas

Port. curvas hidrostáticas

Ing. hydrostatic curves

cúter *m.* Embarcación de vela de pouca tonelaxe provista de casco fino e aparello de balandra. *Sin. cutter.*

Esp. cúter, cutter

Port. cúter

Ing. cutter

D

dado *m.* Vara de ferro que divide os aneis dalgunhas cadeas.

Esp. dado

Port. vara

Ing. stud

dala *f.* Especie de canle ou tubo por onde se realiza a saída da auga no navío; aquela abertura por onde a bomba verte a auga ao mar. *Sin. canle.*

Esp. dala, canal

Port. dala

Ing. pump dale

dársena *f.* 1. Lugar natural ou artificial onde as embarcacións poden manobrar ou efectuar operacións de carga e descarga.

Esp. dársena

Port. doca

Ing. dock

2. Cada unha das divisións que se acondicionan nos portos artificiais

para crear distintos peiraos.

Esp. dársena

Port. doca

Ing. basin, dock

defensa *f.* Protección que se coloca nos costados das embarcacións para defendelas de choques ou rozamentos.

Esp. defensa

Port. defesa

Ing. fender

deflector *m.* Consiste nun imán que se coloca a certa distancia do compás para corrixir a influencia das pezas de ferro que están presentes no navío.

Esp. deflector

Port. defletor

Ing. deflector

desabordar *v. tr. e pr.* Soltarse unha embarcación doutra despois dunha abordaxe.

Esp. desabordar

Port. desabordar

Ing. unmoor

desparafusador *m.* Ferramenta composta por unha vara de aceiro coa punta achandada e un mango de madeira, que se emprega para introducir e sacar parafusos.

Esp. destornillador

Port. chave de fenda

Ing. screwdriver

desarborar *v. tr.* Deixar un barco sen paus, sen arboradura.

Esp. desarbolar

Port. desarvorar

Ing. dismast

desatalingar *v. tr.* Soltar o cabo do arganeo da áncora.

Esp. desentalingar

Port. soltar

Ing. unbend

desatracar *v. i. e tr.* Separar un barco de onde estaba atracado. *Sin.*

desamarrar.

Esp. desatracar

Port. desatracar

Ing. sheer away

desbastar *v. tr.* Facer unha cousa menos densa quitando ou rebaixando as súas partes ásperas ou irregulares, tornándoa máis lisa e menos basta. *Sin.* **puír, rebaixar.**

Esp. desbastar

Port. desbastar

Ing. hew

descarga *f.* Saída do fluído dun canle ou tubo.

Esp. descarga

Port. descarga

Ing. discharge

desembarcadoiro *m.* Lugar destinado para desembarque. *Sin.* **an-**

coradoiro, fondeadoiro.

Esp. desembarcadero

Port. desembarcadoiro

Ing. landing place

desembarcar *v. tr., i. e pr.* Acción de saír dunha embarcación ou ben, sacar todo tipo de mercadorías.

Sin. **baixar, saír, descargar.**

Esp. desembarcar, descargar

Port. desembarcar, apear-se

Ing. go ashore, debark

desenmallar *v. tr.* Sacar o peixe das redes e introducilo no barco, usando un guindastre ou unha rede.

Esp. desenmallar

Port. desemalhar

Ing. release

desentalingar *v. tr.* Soltar o grillón de unión dunha cadea coa áncora.

Esp. desentalingar

Port. soltar

Ing. unbend the chain

desenvergar *v. tr.* Soltar as velas que estaban envergadas.

Esp. desenvergar

Port. desenvergar

Ing. unbend

deseño *m.* Representación gráfica que normalmente se fai a través de liñas como proxecto cun determinado fin. *Sin.* **plano, proxecto.**

Esp. diseño

Port. desenho

Ing. design

desfondar *v. tr.* Romper o fondo da nave.

Esp. desfondar

Port. desfundar

Ing. rip the bottom

desigualdade anual *f.* Variacións máis ou menos periódicas do nivel

da auga ou da velocidade da corrente de marea, que se producen cos cambios de estación, e que se deben principalmente a causas meteorolóxicas.

Esp. desigualdad anual

Port. desigualdade anual

Ing. tidal annual inequality

desigualdade de fase *f.* Variacións da marea ou corrente de marea asociadas aos cambios de fases da Lúa.

Esp. desigualdad de fase

Port. desigualdade de fase

Ing. lunitidal inequality

desigualdade diúrna *f.* Diferenza de velocidade entre as dúas correntes de fluxo e as dúas de reflujo de cada día.

Esp. desigualdad diurna

Port. desigualdade diurna

Ing. diurnal inequality

deslastrar *v. tr.* Quitar o lastre dunha embarcación. *Sin.* **alixeirar**, **descargar**.

Esp. deslastrar

Port. deslastrar

Ing. unballast

deslastre *m.* Acción e efecto de deslastrar.

Esp. deslastre

Port. deslastre

Ing. unballasting

desmantelar *v. tr.* Desarmar e desaparecer unha embarcación. *Sin.* **desarborar**.

Esp. desmantelar

Port. desmantelar

Ing. dismantle

desobediente *adx.* Buque que tarda en responder ao temón.

Esp. desobediente

Port. desobediente

Ing. disobedient

desprazamento *m.* Volume e peso da auga desprazada polo buque. Peso do buque xunto coa súa carga.

Esp. desplazamiento

Port. deslocamento

Ing. displacement

desprazamento en lastre *m.* Peso total do buque, coas cargas necesarias para navegar con seguridade, incluído o lastre que sexa preciso, normalmente de auga do mar.

Esp. desplazamiento en lastre

Port. deslocamento em lastro

Ing. total cargo displacement

desprazamento en rosca *m.* Peso propio do buque. Constitúe o peso propio do casco coas súas maquinarias e instalacións completas, e cos líquidos nos circuitos das máquinas, pero non se inclúe ningunha carga como tripulación, combustible, auga e lubricante en tanques, nin pertrechos que non sexan regulamentarios.

Esp. desplazamiento en rosca

Port. deslocamento em rosca

Ing. light displacement

desprazamento total *m.* Peso total do buque ata a liña de carga na condición que se considere.

Esp. desplazamiento total

Port. deslocamento total

Ing. maximum displacement

desprazar *v. tr.* 1. Desaloxar o buque unha cantidade de auga que pese tanto como o peso total do barco e da súa carga na condición que se considere.

Esp. desplazar

Port. deslocar

Ing. displace

2. Pesar totalmente, incluído o buque e a súa carga.

Esp. desplazar

Port. deslocar, transportar

Ing. displace, transport

destrutor *m.* Buque de guerra rápido de tamaño medio e equipado con armamento variado, que se emprega para destruír submarinos principalmente, ou para escoltar a outros barcos.

Esp. destructor

Port. destruidor

Ing. destroyer

desvarar *v. tr.* Navegar de novo unha embarcación que estaba varada.

Esp. desvarar

Port. desencalhar, desvarar

Ing. get afloat

devalo *m.* Baixamar. Situación máis baixa do mar durante a marea. *Sin.*

baixamar.

Esp. bajamar

Port. baixa-mar

Ing. low tide

diagrama mimético *m.* Esquema materializado nun panel ou taboleiro no que aparecen os circuítos do sistema pertinentes e os símbolos dos accesorios como válvulas e outros, así como os elementos que actúan sobre as bombas, o peche e apertura de válvulas, etc.

Esp. diagrama mimético

Port. diagrama mimético

Ing. mimetic diagram

diésel alternador *m.* Motor diésel que leva incorporado un alterna-

dor para proporcionarlle a corrente eléctrica necesaria ao buque.

Esp. diésel alternador, diésel generador

Port. diesel gerador, diesel alternador

Ing. diesel generator engine

diésel compresor *m.* Motor diésel que leva incorporado un compresor de aire.

Esp. diésel compresor

Port. diesel compressor

Ing. diesel compressor engine

diésel xerador *m.* Véxase: **diésel alternador.**

diferenza de desprazamentos *f.* Cantidade de toneladas ou de pés cúbicos entre o desprazamento de popa e o de proa.

Esp. diferencia de desplazamientos

Port. diferença de deslocamentos

Ing. displacement difference

diferenza de marea *f.* Diferenza en horas e alturas da marea chea entre o porto secundario e o porto patrón, para o cal se dan as predicións nas táboas de madeira.

Esp. diferencia de marea

Port. diferença de maré

Ing. tidal difference

dique *m.* Muro que se constrúe no mar para conter as ondas e abrigar un porto, e facilitar ao mesmo tempo un fácil acceso dos barcos.

Sin. represa, barreira.

Esp. dique

Port. dique

Ing. dock

dique de construción *m.* Dique empregado como soporte auxiliar na construción dunha embarcación.

Esp. dique de construcción

Port. dique de construção

Ing. building dock

dique de marea *m.* Dique construído en zonas de grandes mareas, as cales o inundan constantemente.

Esp. dique de marea

Port. dique de maré

Ing. tidal dock

dique de reparacións *m.* Dique construído para levar a cabo reparacións nos barcos.

Esp. dique de reparaciones

Port. dique de reparación

Ing. repair dock

dique flotante *m.* Dique constituído por unha estrutura en forma, normalmente, de U que pode ser somerxida enchendo os seus tanques de lastre con auga de mar, e sobre a que entran flotando os buques que van ser reparados; despois pode reflotarse baleirando os tanques de lastre, para que os buques queden en seco. Unha vez rematada a reparación, o dique pódese somerxer de novo e o buque pode saír navegando.

Esp. dique flotante

Port. dique flutuante

Ing. floating dock

dique illado *m.* Construción normalmente artificial feita dentro dun porto, baía ou caladoiro, formando unha illa, para usos diversos.

Esp. dique aislado

Port. dique isolado

Ing. isolated dike

dique seco *m.* Dique constituído por unha cavidade de forma para-

lelepípeda que se fai na costa onde entran os barcos que van ser reparados. Tras pechar a cavidade cunha comporta, drénase a auga por medio de bombas de achique e os barcos pódense pousar en seco no fondo do dique para ser reparados e pintados. Tamén serve para construír buques.

Esp. dique seco

Port. dique seco

Ing. dry dock

dique varadoiro *m.* Dique de menor tamaño que está destinado a embarcacións menores de pouco porte. Consiste nun plano inclinado sobre o que se despraza o obxecto a levantar.

Esp. dique varadero

Port. dique varadouro

Ing. beach dock

dirección da corrente *f.* Considérase o rumbo que seguen as augas por efecto da marea e por outras causas.

Esp. dirección de la corriente

Port. direção da corrente

Ing. current direction

disco de máxima carga *m.* Liña vertical pintada no casco, dentro dun círculo, e na que se marcan os calados máximos autorizados segundo as zonas de navegación onde estea o buque e segundo a estación do ano. *Sin. disco Plimsoll.*

Esp. disco de máxima carga, disco de francobordo

Port. marca de bordo livre

Ing. loadline disc, freeboard disc

dobre fondo *m.* Especie de segundo forro horizontal sobre o fondo do buque. Os espazos entre

o fondo e o dobre fondo pódense utilizar como tanques. Ten a vantaxe de separar o interior do buque do mar, en caso de avaría do fondo.

Esp. doble fondo

Port. duplo fundo

Ing. double bottom

dogre *m.* Embarcación que ten dous paus, e que se emprega nalgúns tipos de pesca.

Esp. dogre

Port. dogre

Ing. dogger

doris *f.* Embarcación de fondo plano que empregan nos bancos de Terranova os pescadores de bacallau con liña. Pode transportarse nos buques bacallaeiros e a súa eslora é de 4 a 6 metros.

Esp. doris

Port. dóri

Ing. dory

dormente *m.* Peza de madeira horizontal que se coloca de proa a popa, onde se cravan outras pezas do barco, como os vaos.

Esp. durmiente

Port. dormente

Ing. shelf piece

dorna *f.* Embarcación tradicional galega que se emprega para a pesca, principalmente nas Rías Baixas. Consta de proa lanzada, popa truncada, temón movido con cana e vela de relinga; tamén pode incorporar motor.

Esp. dorna

Port. dorna

Ing. dorna

dorna de tope *f.* Tipo de dorna que leva as xuntas das táboas da

obra viva unidas a tope. Precisa dunha execución moito máis fina para que as táboas teñan a medida exacta, as cales acostuman ser de menor tamaño. É típica da zona do Barbanza.

Esp. dorna de tope

Port. dorna de tope

Ing. dorna

dorna Meca *f.* Tipo de dorna dun maior tamaño usada en mar aberto e batido, e en zonas nas que existen fortes correntes mariñas. É típica da zona do Grove.

Esp. dorna Meca

Port. dorna Meca

Ing. dorna Meca

dorna polbeira *f.* Tipo de dorna usada para ir ás luras e aos polbos dentro da ría; constitúe o tipo de embarcación máis común nas Rías Baixas.

Esp. dorna para pulpos

Port. dorna para polvo

Ing. octopus dorna

dorna tramalleira *f.* Variante de dorna usada para a pesca con artes de tramallo.

Esp. dorna con trasmallo

Port. dorna com tresmalho

Ing. trammel dorna

dorna xeiteira *f.* Tipo de dorna de gran tamaño con tres a oito persoas de tripulación que está deseñada para navegar en mar aberto máis aló da bocana da ría onde se pesca con rede de xeito.

Esp. dorna

Port. dorna

Ing. dorna

draga *f.* Embarcación que dispón dunha máquina para limpar e

afondar os ríos, portos, canais e outras zonas navegables.

Esp. draga

Port. draga

Ing. dredger

draga de culler *f.* Máquina empregada para dragar, que consta de dúas culleres unidas a un cable, que se pechan cando chegan ao fondo das augas, e así recollen o sedimento e depositano na barcaza de vertedoiros.

Esp. draga de cuchara

Port. draga de colher

Ing. dipper dredger

draga de rosario *f.* Máquina que draga o fondo do mar mediante unha serie de alcatruces encadeados a un brazo móbil que extraen os sedimentos e os sólidos do fondo das augas. *Sin.* **draga de alcatruces.**

Esp. draga de rosario

Port. draga de rosário

Ing. bucket dredger

draga de succión *f.* Máquina que draga a area ou o sedimento do fondo das augas mediante un mecanismo de succión, e despois depositao na súa bodega.

Esp. draga de succión

Port. draga de sucção

Ing. suction dredger

dragaminas *m.* Buque militar empregado na detección e eliminación das minas nas canles de navegación.

Esp. dragaminas

Port. draga-minas

Ing. minesweeper

dragante *m.* Madeiro groso e cadrado que levan algunhas embarcacións ao pé do pau trinquete, no cal descansa o bauprés.

Esp. dragante

Port. dragante

Ing. bowsprit pillow

dragón *m.* Embarcación de regatas de 8,60 m de eslora.

Esp. dragón

Port. barco de vela

Ing. sailing vessel

drenaxe *f.* Conxunto de operacións realizadas para sacar a auga dunha zona determinada.

Esp. drenaje

Port. drenagem

Ing. drain

driza *f.* Cabo ou corda empregada para izar ou arriar as velas e as bandeiras nos buques.

Esp. driza

Port. adriça

Ing. halyard

drizar *v. tr.* Pór unha embarcación dereita, na dirección das drizas; endereitar unha nave inclinada. Acción contraria de escorar. Endereitar as velas da embarcación. *Sin.* **endereitar.**

Esp. adrizar

Port. adriçar, endereitar

Ing. right

durminte *m.* Madeiro sobre o cal descansan outras pezas estruturais.

Esp. durminte

Port. madeiro

Ing. shelf

E

ecosonda *f.* Aparato que permite facer a ecosondaxe.

Esp. ecosonda

Port. ecosonda

Ing. echo-sounder

ecosondaxe *f.* Método para medir a profundidade do mar calculando o tempo no cal un sinal acústico chega ao fondo e volta á fonte de emisión.

Esp. ecosondeo

Port. sondar

Ing. echosounding

eiruga *f.* Cadea articulada que xira arredor das rodas dunha máquina e que lle permite traballar en terreos de difícil acceso.

Esp. oruga

Port. cadeia

Ing. caterpillar

eixe *m.* 1. Liña imaxinaria arredor da que xira algo. *Sin. eixo.*

Esp. eje

Port. eixo

Ing. axis

2. Barra de madeira, aceiro ou calquera outro material, na que viran rodas xiratorias, hélices, etc. Liña central arredor da que se moven ou desenvolven diversas cousas.

Sin. manivela, veo.

Esp. eje

Port. eixo

Ing. axis

eixe do temón *m.* Eixe de xiro do temón montado no codaste do barco.

Esp. eje del timón

Port. eixo do leme

Ing. rudder axis

eixe principal *m.* Eixe base que transmite o movemento dunha máquina. *Sin. eixo principal.*

Esp. eje principal

Port. eixo principal

Ing. principal axis

eixe propulsor *m.* O que move a hélice que impulsa o barco.

Esp. eje propulsor

Port. eixo motor

Ing. driving axle

eixo *m.* Véxase: **eixe**.

elastómero *m.* Material flexible de plástico sintético, de gran elasticidade.

Esp. elastómero

Port. elastómero

Ing. elastomer

electrobomba *f.* Bomba accionada por motor eléctrico.

Esp. electrobomba

Port. electrobomba

Ing. electrical pump

elo *m.* Cada un dos aneis de forma elíptica que compoñen a amarra ou a cadea. Pequena argola. *Sin.*

argola, grillón, anel.

Esp. eslabón

Port. elo

Ing. link

embarcación *f.* Construción cón-cava de madeira, ferro, plástico ou outra materia, capaz de flotar na auga, e dotada de sistema de propulsión e goberno. É apropiada para navegar transportando persoas e efectos con seguridade. *Sin.*

navío, barco, buque.

Esp. embarcación

Port. embarcação

Ing. vessel

embarcación a motor *f.* Aquela na que un ou varios motores de combustión interna constitúen o método de propulsión, accionando, normalmente, unha hélice

por medio dun eixe.

Esp. embarcación a motor

Port. embarcação a motor

Ing. motor vessel

embarcación a remo *f.* Aquela na que o medio de propulsión está constituído por remos.

Esp. embarcación a remo

Port. embarcação a remo

Ing. oar-powered vessel

embarcación a vapor *f.* Aquela na que unha turbina ou unha máquina alternativa de vapor constitúen o método de propulsión accionando, normalmente, unha hélice por medio dun eixe.

Esp. embarcación a vapor

Port. embarcação a vapor

Ing. steam vessel

embarcación a vela *f.* Tipo de embarcación na cal a acción do vento sobre a vela constitúe a forma principal de propulsión.

Esp. embarcación a vela

Port. embarcação à vela

Ing. sailing vessel

embarcadero *m.* Lugar na costa que está preparado para embarcar ou desembarcar xente ou ben mercadorías.

Esp. embarcadero

Port. embarcadouro

Ing. landing stage

embarcar *v. tr., i. e pr.* Entrar nunha embarcación como tripulante ou pasaxeiro.

Esp. embarcar

Port. embarcar

Ing. board

embarrar *v. tr.* Quedar engan-chado o aparello de pesca nun em-barre, como por exemplo, as algas,

as rochas, ou os buques afundidos.

Esp. embarrar

Port. emaranhar

Ing. get caught

embate *m.* Choque impetuoso do mar. *Sin. choque.*

Esp. embate

Port. embate

Ing. crashing

embazar *v. i. e tr.* Na Costa da Morte, sacar o peixe das redes e metelo no barco. *Sin. desenmallar, atruelar.*

Esp. desenmallar

Port. desemalhar

Ing. release

émbolo *m.* Peza que se acciona alternativamente no interior dun cilindro ou dunha bomba para comprimir un fluído ou para recibir movemento del.

Esp. émbolo

Port. êmbolo

Ing. piston

embonar *v. tr. 1.* Técnica que consiste en revestir o casco dunha nave engadíndolle táboas de madeira para darlle máis estabilidade e consistencia. *Sin. revestir.*

Esp. embonar

Port. embonar

Ing. sheathe

2. Engadir un suplemento para sustentar calquera peza cando está escasa.

Esp. embonar

Port. embonar

Ing. fill

embono *m.* Pezas de madeira coas que se forra un buque exteriormente para ensanchalo e darlle máis estabilidade. *Sin. forraxe.*

Esp. embono

Port. embono

Ing. stiffening

embornal *m.* Desaugue situado nos trancañís e outros lugares para drenar as augas das cubertas dos barcos.

Esp. imbornal

Port. embornal

Ing. scupper

emersión *f.* Acción de saír do fondo das augas unha persoa, submarino, etc. Acción contraria á inmersión.

Esp. emersión

Port. emersão

Ing. emergence

emerxer *v. i.* Saír á superficie desde a auga ou desde outro líquido.

Esp. emerger

Port. emergir

Ing. emerge

empanetado *m. 1.* Piso inferior da dorna de madeira ou dunha embarcación menor, que cobre o fondo do barco.

Esp. sollado

Port. soalho

Ing. lower deck

2. Parte da popa dunha embarcación pequena onde se deposita a rede que se vai recollendo despois do primeiro lance.

Esp. sollado

Port. solo

Ing. intermediate deck

empavesada *f.* Conxunto de bandeiras e gallardetes que decoran as embarcacións.

Esp. empavesada

Port. empavesada

Ing. dressing

empavesar *v. tr.* Decorar un navío poñendo empavesadas nas bordas e adornando os paus con bandeiras e gallardetes. *Sin.* engalanar.

Esp. empavesar

Port. enfeitar

Ing. dress

empopar *v. i.* Calar excesivamente a embarcación pola popa. Voltear a popa a favor do vento.

Esp. empopar

Port. empopar

Ing. trim by the stern

emproar *v. i.* Acción de dirixir a proa do barco cara o porto, ou cara algún lugar.

Esp. aproar

Port. emproar

Ing. head towards

encallamento *m.* Acción e efecto de encallar.

Esp. encalladura

Port. encalhamento

Ing. grounding, stranding

encallar *v. i.* e *tr.* Quedar un barco parado por tropezar co fondo. *Sin.*

embarrancar.

Esp. encallar

Port. encalhar

Ing. run aground

encapeladura *f.* Punto do mastro en que se xuntan os cabos que o sosteñen.

Esp. encapilladura

Port. encapeladura

Ing. fastening

encapelar *v. tr.* Enganchar un cabo ao calcés dun barco, a unha bita ou a unha verga.

Esp. encapillar

Port. encapelar

Ing. rig

enerxía mareomotriz *f.* Enerxía que resulta de aproveitar o movemento das mareas; enerxía obtida pola diferenza de altura dos mares segundo a posición relativa da Terra e da lúa, como consecuencia da atracción gravitatoria do sol e da lúa sobre eles.

Esp. enerxía mareomotriz

Port. enerxía mareomotriz

Ing. tidal power

enerxía undimotriz *f.* Enerxía aproveitable producida polo movemento das ondas, grazas ás cales pode producirse electricidade.

Esp. enerxía undimotriz

Port. enerxía undimotriz

Ing. wave energy

enfrechadura *f.* Cada un dos cabos paralelos e horizontais que, ligados á enxarcia, serven de pasos para subir a executar as manobras nos paus.

Esp. flechaste

Port. enfrechate

Ing. rattling rope

engra *f.* Peza de ferro que acostuma rematar en punta nun dos lados e na que se traballan os metais co martelo. *Sin.* incre, zafra.

Esp. torno

Port. torno

Ing. lathe

engrenaxe *f.* Sistema de rodas dentadas que engrenan unhas con outras de xeito que o movemento dunha se transmite a outra. *Sin.*

conexión.

Esp. engranaje

Port. engrenagem

Ing. gear

enmallar *v. tr.* e *pr.* Quedar o peixe

atrapado na rede.

Esp. enmallar

Port. emalhar

Ing. enmesh

enmalle *m.* Arte de pesca que consiste en utilizar redes verticais para que os peixes queden atrapados nelas.

Esp. enmalle

Port. emalhe

Ing. gilnet

enmanguitado *m.* Poñer camisas e forros en pezas cilíndricas e eixes.

Esp. enmanguitado

Port. forrado

Ing. encasing

enramada *f.* Conxunto das caderñas dunha embarcación en construción, cando xa están arboradas. *Sin. enramallado.*

Esp. enramado

Port. enramado

Ing. framing

ensai *m.* Compartimento de popa nalgunhas embarcacións utilizado para colocar o peixe ou deixar as redes.

Esp. panel

Port. compartimento

Ing. board

enseada *f.* Porción do mar que entra na terra, e que pode servir de abrigo ás embarcacións. *Sin. rada, arnela.*

Esp. enseada

Port. enseada

Ing. inlet

entalingar *v. tr.* Unir o grillón da áncora á cadea. *Sin. atalingar.*

Esp. entalingar

Port. unir

Ing. bend

entalla *f.* Corte feito para encaixar algunha cousa. *Sin. entallamento, entalladura.*

Esp. entalladura

Port. entalha

Ing. notch

entena *f.* Pau curvado e longo que serve de percha para envergar as velas latinas.

Esp. entena

Port. antena

Ing. lateen yard

entrada de obra morta *f.* Diminución da manga dun buque nas súas partes altas por estar os seus costados inclinados cara dentro.

Esp. recogimiento, entrada de obra muerta

Port. entrada de obra morta

Ing. tumble home

entrecuberta *f.* Espazos comprendidos entre dúas cubertas consecutivas dos barcos. *Sin. entreponte.*

Esp. entrecubierta

Port. entrecoberta

Ing. tweendeck

entremiche *m.* Peza con que se enche o espazo baleiro entre os vaos.

Esp. entremiche

Port. chasso, longarina

Ing. carling

entreponte *f.* Véxase: **entrecuberta.**

envergadura *f.* Ancho dunha vela envergada, medido pola parte na que se suxeita á verga. *Sin. ancho.*

Esp. envergadura

Port. envergadura

Ing. breadth

envergar *v. tr.* Atar as velas ás ver-

gas e suxeitar as relingas ás respectivas vergas.

Esp. envergar

Port. envergar

Ing. bend

envergue *m.* Cabo delgado que pasa polos ollados da vela para suxeitala ao nervio da verga.

Esp. envergue

Port. cabo da testa

Ing. rope band

envergue por seo *loc.* Nó mariñeiro de rizo.

Esp. envergue por seno

Port. envergue por seo

Ing. ropeband

enxarcia *f.* Conxunto de cabos dun navío, con mención especial aos que sosteñen os paus. Instrumentos e redes para pescar.

Esp. jarcia

Port. enxárcia

Ing. rigging

enxarcia de labor *f.* Comprende os diversos cabos e aparellos de traballo diario destinados a mover, embicar e orientar, para izar e arriar, as velas, vergas, etc. *Sin. enxarcia móbil.*

Esp. jarcia de labor

Port. enxárcia de traballo

Ing. running rigging

enxarcia de liño *f.* Cabo feito con fibra de liño e que ten unha resistencia maior.

Esp. jarcia de lino

Port. enxárcia de linho

Ing. flaxen rigging

enxarcia firme *f.* A que está constituída polos cabos fixos que, ao ser tensados parellos, serven de suxeición aos paus, axudándolles a

soportar esforzos.

Esp. jarcia firme

Port. enxárcia firme

Ing. standing rigging

enxaretado *m.* Panel con reixas semellante a un taboleiro, e que serve para formar o plano dun bote.

Esp. enjaretado

Port. paneiro

Ing. grating

enxeñeiro naval *m.* Persoa que realiza e dirixe o deseño e a construción dos buques e artefactos mariños diversos.

Esp. ingeniero naval

Port. enxeñeiro naval

Ing. naval architect

epoxi *f.* Pintura de gran poder protector contra a oxidación. *Sin.*

epóxido.

Esp. epoxi

Port. epóxi

Ing. epoxy

equipo motriz *m.* Conxunto mecánico que produce a enerxía destinada á propulsión.

Esp. equipo motriz

Port. forza motriz

Ing. power unit

equipo propulsor *m.* Sistema ou mecanismo que impulsa ao buque na auga.

Esp. equipo propulsor

Port. forza de propulsão

Ing. propulsion unit

escada *f.* 1. Instrumento formado por dúas barras longas e paralelas que se unen por medio de travesas equidistantes. *Sin. escaleira de man.*

Esp. escalera

Port. escada

Ing. staircase

2. Escada vertical formada por chanzos feitos de cavilla de aceiro soldados a un tabique ou mamparo.

Esp. escalera

Port. escada

Ing. ladder

escada de gato *f.* Escada formada por dúas tiras de cabo unidas por paus a xeito de chanzos.

Esp. escala de gato

Port. escada de quebra-costas

Ing. Jacob's ladder

escada de práctico *f.* Escada de gato ou escada de vento por onde sube o práctico ao buque.

Esp. escalera de práctico

Port. escada do práctico

Ing. pilot ladder

escada de vento *f.* Véxase: **escada de gato**.

escada real *f.* Escada con dous re-lanzos e con varanda que se emprega para embarcar e desembarcar tripulantes e pasaxeiros.

Esp. escala real

Port. escada real

Ing. accommodation ladder

escafandro *m.* Traxe protector cerrado hermeticamente, que posúe un casco de bronce con orificios e tubos para renovar o aire, e que serve para somerxerse na auga, ou para traballar noutro tipo de condicións adversas.

Esp. escafandra

Port. escafandro

Ing. diving suit

escala de Beaufort *f.* Clasifica-

ción da forza do vento, que se basea no estado do mar, das ondas e do vento. Posúe trece graos de intensidade, que se contabilizan desde o 0 ata o 12.

Esp. escala de Beaufort

Port. escala de Beaufort

Ing. Beaufort scale

escala de calado *f.* Cada unha das distintas escalas pintadas na proa, na popa e na caderna mestra que serven para medir o calado dos buques.

Esp. escala de calado

Port. escala de calado

Ing. draught scale

escala de Douglas *f.* Baremo que describe o estado do mar segundo a altura das ondas. Posúe 10 graos que se contabilizan desde o 0 ata o 9.

Esp. escala de Douglas

Port. escala de Douglas

Ing. Douglas scale

escaler *m.* Pequeno barco sen cuberta para o servizo do navío ou de reparto marítimo. *Sin.* **bote, chalana.**

Esp. chinchorro

Port. escaler

Ing. dinghy

escandallo *m.* Chumbada prismática en cuxo vértice vai amarrado o cordel que permite chegar ata o fondo e así medir a profundidade e recoller as mostras adheridas.

Esp. escandallo

Port. prumo de mão

Ing. sounding lead

escandalosa *f.* Vela pequena de forma triangular ou trapezoidal que se larga sobre a vela cangrexá;

está formada por unha aresta no pico e outra no mastro.

Esp. escandalosa

Port. vela triangular

Ing. gaff topsail

escantillón *m.* Regra ou patrón que serve para trazar as liñas que delimitarán os ángulos para fabricar as cadernas.

Esp. escantillón

Port. escantilhão

Ing. scantling

escarva *f.* Encaixe de madeira por onde se unen dúas pezas de carpintería. Nas dornas parte inferior da táboa de cubrir que sobresaie por enriba da táboa de virar. *Sin.*

encaixe.

Esp. empalme

Port. escarva

Ing. splicing

escintilar *v. i.* Emitir luz de maneira intermitente, con intensidade e cor variables. *Sin.* **tremelucir.**

Esp. escintilar

Port. respandecer

Ing. scintillate

esclusa *f.* **1.** Recinto pechado con portas de entrada e saída e construído nun canal de navegación, para que as embarcacións poidan pasar dunha zona a outra, segundo o nivel das augas. *Sin.* **canle.**

Esp. esclusa

Port. esclusa

Ing. lock

2. Recinto pechado con dúas portas para o paso dun local a outro, onde a presión é diferente.

Esp. esclusa

Port. esclusa

Ing. lock chamber

escobén *m.* Cada un dos buratos situados ao lado da roda dun buque, por onde pasan as cadeas da áncora e os cabos.

Esp. escobén

Port. escovém

Ing. hawse pipe

escofina *f.* Lima de maior tamaño, cos dentes grosos e triangulares, e máis separados.

Esp. escofina

Port. grosa

Ing. file-rasp

escopro *m.* Trencha de lamia estreita. Instrumento cortante para labrar madeiras. *Sin.* **trencha.**

Esp. escoplo

Port. escopro

Ing. chisel

escora *f.* **1.** Inclinação transversal do barco respecto á vertical, por causas meteorolóxicas ou técnicas. Véxase: **escorar.** *Sin.* **ángulo de inclinación.**

Esp. escora

Port. banda

Ing. list

2. Puntal que sostén a embarcación nos diques durante as reparacións, e nas gradas durante a construción. *Sin.* **puntal, tente-mozo.**

Esp. escora

Port. pontal

Ing. shore

escoramento *m.* Feito de escorar.

Esp. escora

Port. escora

Ing. heel

escorar *v. i.* **1.** Inclínarse o barco por efecto da estiba da súa carga, pola forza do vento, do mar ou da

entrada de auga nun compartimento lateral.

Esp. escorar

Port. escorar

Ing. careen, heel

2. *v. tr.* Facer que se incline o barco cara un costado. *Sin. inclinar.*

Esp. escorar

Port. inclinar

Ing. shore up

3. *v. tr.* Apuntalar con escoras.

Esp. escorar

Port. escorar

Ing. prop up

escota *f.* Cabo que se emprega para atar as velas e gobernalas.

Esp. escota

Port. escota

Ing. sheet

escoteira *f.* Abertura no lado dunha nave por onde pasa a escota maior ou de trinquete.

Esp. escotera

Port. escoteira

Ing. sheave hole

escotilla *f.* Abertura grande, xeralmente rectangular, practicada en varios puntos das cubertas dun buque con obxecto de introducir e extraer a carga das bodegas, así como para establecer comunicación con algún departamento. As pequenas poden ser tamén circulares ou elípticas. *Sin. zapón.*

Esp. escotilla

Port. escotilha

Ing. hatchway

escotilla de carga *f.* Grandes ocos nos buques que serven para permitir a carga e descarga de mercancías.

Esp. escotilla de carga

Port. escotilha de carga

Ing. cargo hatch

escuadro *m.* Instrumento xeralmente de metal ou madeira, con forma de triángulo rectángulo, que serve para trazar e medir ángulos rectos.

Esp. escuadra

Port. esquadro

Ing. square

escudo *m.* Táboa de madeira situada verticalmente na popa e que constitúe o respaldo do asento de popa.

Esp. escudo

Port. escudo

Ing. backboard

eslinga *f.* Cabo que se utiliza para levantar pesos a bordo.

Esp. eslinga

Port. eslinga

Ing. strop

eslora *f.* 1. Lonxitude do buque de popa a proa tomada segundo os puntos de referencia.

Esp. eslora

Port. comprimento

Ing. length

2. Perfil de aceiro ou outro elemento para reforzado lonxitudinal ao longo das cubertas e ao longo do fondo e dobre fondo do buque.

Esp. eslora

Port. longarina

Ing. girder

eslora de arqueo *f.* A que se toma para o cálculo do arqueo segundo se require no regulamento de arqueo que se considere. No Regulamento de Arqueo de 1969, hoxe en vigor, tómase como eslora de arqueo un 96% da eslora total

nunha flotación situada a unha altura sobre o canto máis alto da quilla igual ao 85% do puntal mínimo de trazado, ou ben a distancia desde a cara de proa da roda ao eixe da mecha do temón nesa liña de flotación se ese valor é maior.

Esp. eslora de arqueo

Port. comprimento de arqueo

Ing. tonnage length

eslora de rexistro *f.* Eslora coa que o buque ou a embarcación queda inscrita no Rexistro Oficial de Buques.

Esp. eslora de registro

Port. comprimento de registo

Ing. registered length

eslora entre perpendiculares *f.*

Distancia entre as perpendiculares de proa e popa, medida do extremo anterior da roda ao extremo posterior do codaste.

Esp. eslora entre perpendiculares

Port. comprimento entre perpendiculares

Ing. length between perpendiculars

Ing. length between perpendiculars

eslora inundable *f.* Nun punto determinado da lonxitude do buque, a eslora inundable é a máxima parte da eslora do buque que, tomando como centro da mesma ese punto, pode inundarse sen que o buque se somerxa ata a liña de marxe.

Esp. eslora inundable

Port. comprimento inundável

Ing. floodable length

eslora na flotación *f.* Lonxitude do buque medida no plano de flotación entre os puntos en que este corte á proa e á popa.

Esp. eslora en flotación

Port. comprimento na flutuação

Ing. waterline length

eslora total *f.* Lonxitude comprendida entre dous planos transversais que limitan o casco do buque nas súas partes máis saíntes de proa e popa. Lonxitude tomada do extremo da roda ao extremo do codaste.

Esp. eslora total

Port. comprimento total

Ing. total length

espazos de aloxamento *m. pl.*

Os utilizados para uso da tripulación do buque e, no seu caso, para os pasaxeiros, como son: corredores, aseos, camarotes, oficinas, enfermerías, sala de estar, oficios que non conteñan artefactos para cocinar e outros espazos semellantes.

Esp. espacios de alojamiento

Port. espaços de alojamento

Ing. accommodation spaces

espazos de control *m. pl.* Espazos

nos que se atopan os aparatos onde se controlan a distancia e se rexistran os parámetros de funcionamento e as operacións do buque e da súa maquinaria.

Esp. espacios de control

Port. espaços de controlo

Ing. control spaces

espazos de servizo *m. pl.* Dise

dos espazos utilizados como cocinas, oficios que conteñan artefactos para cocinar, gambuzas, pañois e obradoiros que non forman parte dos espazos de máquinas e outros espazos semellantes, así como os troncos de acceso a todos.

Esp. espacios de servicio

Port. espaços de serviço

Ing. service spaces

especificación *f.* Documento onde se describe o buque e as súas características principais. É a base do contrato de construción do buque.

Esp. especificación

Port. especificação

Ing. specifications

espello *m.* Caixa cadrada cun cristal que permite ver o fondo mariño ata unha distancia de 3 metros cando se coloca sobre a auga; emprégase para pescar o marisco xeralmente, en coordinación con outra persoa, que tras seguir as indicacións do compañeiro, utilizará o bicheiro para pescar a peza. Tamén hai mirafondos doutras formas, aínda que o tradicional é o da caixa cadrada. *Sin. mirafondos.*

Esp. espejo

Port. espelho

Ing. fishing mirror box

espello de popa *m.* Parte exterior da popa plana dunha embarcación desde o coroamento ata a bovedilla.

Esp. espejo de popa

Port. painel de popa

Ing. transom

espello de proa *m.* Partes da proa que forman as amuras por riba da cuberta a ambos lados da roda.

Esp. espejo de proa

Port. painel de proa

Ing. forward transom

espeque *m.* Pau resistente que serve de puntal a outros aparellos coa intención de reforzalos ou de soportar unha cousa para que non

caia. *Sin. estaca, esteo, puntal.*

Esp. espeque

Port. espeque, pontal

Ing. handspike

esperanza *f.* Nome co que se coñece ás áncoras de respecto. Emprégábanse en caso de emerxencia, ou para substituír ás outras.

Esp. esperanza

Port. âncora de respeito

Ing. sheet anchor

espía *f.* Cabo co que se amarra a embarcación a un obxecto fixo coa intención de poder logo espiarse.

Esp. espía

Port. amarra

Ing. fore warp

espiar *v. i.* Halar dun cabo firme para amarrar a embarcación, e para achegala ao porto. *Sin. halar.*

Esp. espiar

Port. erguer

Ing. warp

espicha *f.* Pau delgado e pequeno que permite tapar os buratos temporalmente para evitar a entrada da auga; sacándoo se facilita a saída do líquido.

Esp. espiche

Port. calço

Ing. drain plug

espiga *f.* 1. Extremo ou parte saínte dun obxecto alongado e estreito que serve como macho a outro.

Esp. espiga

Port. espiga, chave

Ing. key

2. Parte superior dos paus maiores e mastros da gabia.

Esp. espiga

Port. espiga

Ing. skysail pole

3. *f.* Tipo de vela da galera.

Esp. espiga

Port. vela

Ing. sail

espigón *m.* Construción que se fai ás beiras dos mares ou dos ríos para protexer as marxes ou para modificar a corrente. *Sin. peirao.*

Esp. espigón

Port. espigão

Ing. pier

esporón *m.* Remate da proa dun navío saínte cara diante que se empregaba como arma para arremeter contra un buque inimigo.

Esp. espolón

Port. esporom

Ing. ram, beak

esprín *m.* Cabo de amarre dado polo costado que traballa lonxitudinalmente en diagonal de proa a popa ou ben de popa a proa; normalmente, emprégase desde a zona central do barco.

Esp. esprín

Port. springue

Ing. spring line

esquife *m.* Embarcación pequena propulsada por remos ou por un motor, que se leva nunha maior como auxiliar, e que se emprega para achegarse á terra e para outros usos menores.

Esp. esquife

Port. esquife

Ing. skiff

estabilidade *f.* Calidade de manterse un buque en equilibrio sen entornarse; ou capacidade de recuperación do equilibrio. A estabilidade depende de factores como a forma do barco e o reparto dos

pesos.

Esp. estabilidad

Port. estabilidade

Ing. stability

estabilidade dinámica *f.* Magnitude equivalente ao traballo mecánico ou enerxía que é necesaria para escorar un barco ata un ángulo determinado.

Esp. estabilidad dinámica

Port. estabilidade dinámica

Ing. dynamic stability

estabilidade estática *f.* Capacidade que ten o buque, na situación en que se atopa, de drizarse e de resistir as forzas que o escoran. É maior canto maior é o resultado de multiplicar os desprazamentos do buque polo valor do brazo de adrizamento nesa situación. Pode ser positiva ou negativa.

Esp. estabilidad estática

Port. estabilidade estática

Ing. static stability

estabilidade inicial *f.* Capacidade que ten o buque xusto cando está drizado ou a pequenos ángulos de escora, para resistir as forzas que o escoran. É maior canto maior é o radio metacéntrico inicial do barco.

Esp. estabilidad inicial

Port. estabilidade inicial

Ing. initial stability

estacha *f.* Cabo grosa que se emprega para amarrar os barcos, levar a cabo manobras entre os buques, ou suxeitar un arpón. *Sin. amarra.*

Esp. estacha

Port. amarra

Ing. hawser

estación de marea *f.* Lugar onde se obteñen as observacións medidas de marea. *Sin.* **estación mareográfica.**

Esp. estación de mareas, estación mareográfica

Port. estação de marés, estação de medicação das marés

Ing. tidal gauge station

estación mareográfica *f.* Véxase: **estación de marea.**

estada *f.* Estrutura provisional de madeira ou de metal que serve para andar por ela a certa altura para traballos de construción, pintura, etc.

Esp. andamio

Port. andaime

Ing. scaffold, staging

estadía *f.* Tempo que se emprega para a carga e a descarga. O período das estadías fíxase habitualmente nos contratos de fretamento. *Sin.* **estada.**

Esp. estadía

Port. estadia

Ing. demurrage

estai *m.* 1. Cabo ou cable que suxeita os paus, os mastros ou a cheminea para evitar que caian cara a proa ou cara a popa.

Esp. estay

Port. estai

Ing. stay

2. Vela de coitelo de forma trapezoidal ou triangular que se enverga no navío, e que para tal fin vai por baixo do propio estai.

Esp. estay

Port. estai

Ing. stay

estala *f.* Pequenas táboas que se su-

xeitan arredor do remo para desa forma evitar o desgaste no punto en que roza no tolete.

Esp. tabla

Port. tabuado

Ing. plank

estaleiro *m.* Lugar ou espazo destinado á construción e reparación de buques, embarcacións e demais obxectos flotantes. Normalmente tamén se fai o deseño. Un estaleiro normalmente divídese en varios departamentos, cada un coa súa función: administración, calidade, comercial ou vendas, técnico, compras e aprovisionamento, financeiro, organización, planta e medio ambiente, produción coas súas seccións de casco (ou aceiros) e armamento, e reparacións.

Esp. astillero

Port. estaleiro

Ing. shipyard

estanquidade *f.* Calidade dos buques de ser estanco. Dise do recipiente ou do compartimento pechados de tal xeito que non pode entrar nin saír ningún fluído; dise tamén dunha estrutura coma un tabique ou un medio de peche dun barco a través dos cales non pode entrar nin saír un fluído.

Esp. estanquidad

Port. estancamento

Ing. tightness

esteira *f.* 1. Suco que a embarcación deixa na auga cando navega. *Sin.* **ronsel.**

Esp. estela

Port. esteira

Ing. wake

2. Tecido groso feito de esparto, xuncos, palma ou outro material que se emprega para cubrir o chan ou tombarse nel.

Esp. estera

Port. esteira

Ing. mat

estiba *f.* Distribución da carga e reparto dos pesos nun buque.

Esp. estiba

Port. estiva

Ing. stowage

estibar *v. tr.* Colocar os pesos e as cargas dun buque de forma axeitada e distribuída.

Esp. estibar

Port. estivar

Ing. stow

estopar *v. tr.* Meter estopa nas costuras dos buques e pechar as xunturas para que non entre a auga. *Sin. calafatear.*

Esp. acollar

Port. estopar

Ing. caulk

estopor *m.* Aparato formado por dúas mandíbulas de ferro fundido que serven para reter a cadea da áncora.

Esp. estopor

Port. mordedouro

Ing. stopper

estrepada *f.* 1. Esforzo de moitos que se fai para amarrar un cabo, virar un cabrestante, vogar, etc.

Esp. estrepada

Port. apoio

Ing. pull

2. Arranque, primeiro impulso dunha navegación. *Sin. arranque.*

Esp. estrepada

Port. arranque

Ing. surging

estribeira *f.* Especie de tolete fixado na proa da dorna e en que se prende a poia inferior da vela. *Sin.*

tolete, pau.

Esp. tolete

Port. tolete

Ing. oarlock

estribo *m.* 1. Cabo colocado nas vergas do navío no que os mariñeiros fixan os pés na manobra que realizan para dobrar o pano.

Esp. estribo

Port. estribo

Ing. yard sling

2. Amarre realizado sobre un ou dous cabos.

Esp. estribo

Port. amarradura

Ing. mooring

3. *m.* Peza que serve de apoio.

Esp. estribo

Port. estribo

Ing. abutment

estribor *m.* Banda o costado dereito dun buque mirando de popa a proa.

Esp. estribor

Port. estibordo

Ing. starboard side

estrinque *m.* Cabo que parte do extremo superior do mastro da dorna e se suxeita ao banco da escota. *Sin. estrinca.*

Esp. estrinque

Port. estrinque

Ing. stay tackle

estrobos de man *m. pl.* Anacos de cabo pegados ao nervio da envergadura da verga, para que dese xeito sirva de apoio.

Esp. estrobos de mano

Port. estropos de mão

Ing. hand strop

estrutura dual *f.* Sistema no que as zonas de proa e popa se constrúen con sistema transversal, e a zona central, con estrutura lonxitudinal.

Esp. estructura mixta

Port. estrutura mista

Ing. dual structure

estrutura lonxitudinal *f.* Estrutura na que predomina o reforzado formado por elementos lonxitudinais para o fondo, costados e cuberta. É máis apropiada para os buques de gran eslora.

Esp. estructura longitudinal

Port. estrutura longitudinal

Ing. longitudinal framing

estrutura tipo sándwich *f.* Procedemento de construción empregado nos buques construídos con plástico reforzado con fibra (PRF), consistente en dispor dúas capas de laminado de plástico reforzado con fibra, separadas por un núcleo central de material lixeiro como espuma de poliuretano ou outros con obxecto de incrementar o módulo resistente do conxunto.

Esp. estructura sándwich

Port. estrutura sanduíche

Ing. sandwich structure

estrutura transversal *f.* Sistema que dá preferencia na construción aos elementos de reforzado de tipo

transversal como base da estrutura, é dicir, as cadernas.

Esp. estructura transversal

Port. estrutura transversal

Ing. transverse framing

estuario *m.* Terreo inmediato á zona onde desemboca un río, e que queda inundado durante a preamar. *Sin. esteiro.*

Esp. estuario

Port. estuário

Ing. estuary

exponente de carga *m.* Relación ou cociente entre o peso morto transportado e o desprazamento total.

Esp. exponente de carga

Port. expoente de carga

Ing. trim

extintor *m.* Aparello que serve para extinguir incendios botando sobre o lume auga, espuma, CO₂ ou algunha mestura eficaz contra a combustión.

Esp. extintor

Port. extintor

Ing. fire extinguisher

extintor portátil manual *m.* Extintor que pode trasladarse, e que ten unha carga igual ou inferior a 20 kg. Está equipado cun sistema que permite que a persoa o transporte ás costas.

Esp. extintor portátil manual

Port. extintor portátil manual

Ing. portable hand fire extinguisher

F

falca *f.* Táboa de madeira que se coloca de canto no costado das embarcacións menores, de proa a popa, para que non entre a auga.

Esp. falca

Port. borda de tempo

Ing. washboard

falcacear *v. i.* Forrar con cordas delgadas os extremos dos cabos.

Esp. falcacear

Port. falcaçar

Ing. cover knots

falcado *m.* Embarcación menor de pesca propia das Rías Baixas.

Esp. falcado

Port. falcado

Ing. falcado

falsa quilla *f.* Reforzo central colocado baixo a quilla, para defendela dos rozamentos onde hai pouca profundidade.

Esp. falsa quilla

Port. falsa quilha

Ing. safety keel

falúa *f.* Embarcación pequena e lixeira propulsada a remos normalmente, empregada para o transporte das autoridades.

Esp. falúa

Port. falua

Ing. barge

fanal *m.* Embarcación pequena e lixeira, orixinaria do Mediterráneo, cun pau maior moi inclinado cara a proa, e con vela latina.

Esp. fanal

Port. fanal

Ing. felucca

fanal *m.* Farol que se colocaba na popa dos buques. *Sin. facho, farol.*

Esp. fanal

Port. fanal

Ing. lantern

fasquia *f. 1.* Regra de madeira longa

e delgada pero duns dez a quince centímetros de ancho que serve para sinalar o arrufo dunha táboa do forro do barco.

Esp. barra de cinchar

Port. fasquia

Ing. batten

2. A peza saínte da madeira cando é serrada.

Esp. costero

Port. fasquia

Ing. slag

fasquiar *v. tr.* 1. Sacar a fasquía e sinalala na peza.

Esp. marcar, medir

Port. marcar coa fasquia

Ing. measure

2. Cortar en tiras a madeira para compoñer o forro do barco e outras partes.

Esp. tablear

Port. fasquiar

Ing. cut into boards, plank

femia *f.* 1. Peza que serve de aloxamento doutra que se chama macho.

Esp. hembra

Port. fêmea

Ing. female

2. Pequena argola de ferro, situada na estampa de popa, pola que pasa o macho do temón.

Esp. hembra

Port. fêmea

Ing. gudgeon

fenda *f.* 1. Abertura nun obxecto rachado. *Sin. buraco, greta.*

Esp. grieta

Port. fenda

Ing. crack

2. Abertura estreita que se forma nun sólido.

Esp. grieta

Port. fendedura

Ing. fissure, crack

fendedura *f.* Véxase: **fenda.**

ferry *m.* Voz inglesa do termo "transbordador". Embarcación que enlaza dous puntos con regularidade transportando persoas e vehículos. *Sin. transbordador.*

Esp. ferry

Port. ferryboat

Ing. ferry

ferveidoiro *m.* Colector baixo nunha caldeira totalmente cheo de auga, de onde parten uns canos que a transportan a un colector superior.

Esp. hervidor

Port. ebulidor

Ing. boiler

fibra *f.* Filamento que se fabrica artificialmente. Filamento continuo de material transparente polo cal pode propagarse a luz aínda que este dea voltas ou forme curvas. *Sin. fio.*

Esp. filamento, fibra

Port. filamento

Ing. thread, fiber

figurar *v. i. e tr.* Darlle forma ás chapas. Dobrar a chapa ou outros materiais.

Esp. figurar

Port. figurar

Ing. mould

filame *m.* Cable de armazón da mallea ou outros cabos armados.

Esp. filástica

Port. filástica

Ing. tow, oakum

filástica *f.* Filamentos que saen dos cabos e enxarcias esfiados e que os

compoñen na súa constitución.

Sin. **fiós, filamentos.**

Esp. *filástica*

Port. *filástica*

Ing. *oakum*

filtro *m.* Aparello que se utiliza para facer pasar fluídos e separar as partículas sólidas que leva en suspensión. Hai filtros magnéticos, autolimpantes, etc. *Sin.* **coador.**

Esp. *filtro*

Port. *filtro*

Ing. *filter*

firme *m.* 1. Parte dun cabo que corresponde ao extremo por onde vai amarrado.

Esp. *firme*

Port. *amarra*

Ing. *rope*

2. *adx.* Que non se move porque está fixo ou amarrado.

Esp. *firme*

Port. *firme*

Ing. *firm*

flanco *m.* Cada unha das partes laterais da embarcación. O lado de babor e o lado de estribor dunha embarcación. *Sin.* **ala.**

Esp. *flanco*

Port. *flanco*

Ing. *flange*

flota *f.* Conxunto de embarcacións dun país ou dunha liña marítima.

Sin. **mariña, frota.**

Esp. *flota*

Port. *frota*

Ing. *fleet*

flotabilidade *f.* Calidade que teñen os buques para flotar. Dise tamén doutros obxectos cuxa densidade é menor ca do fluído que os rodea.

Esp. *flotabilidad*

Port. *flutuabilidade*

Ing. *floatability*

flotación negativa *f.* Principio polo cal os submarinos poden somerxerse inundando os seus tanques e provocando que o seu peso sexa maior ao peso da auga desprazada.

Esp. *flotación negativa*

Port. *flutuação negativa*

Ing. *negative floating*

flotador *m.* 1. Obxecto feito dun material que flota.

Esp. *flotador*

Port. *flutuador*

Ing. *floaters*

2. Obxecto que flota ou aboia e que serve de sinal ás embarcacións. Aparello que flota na superficie dun líquido e que serve como indicador do nivel do mesmo. *Sin.*

boia.

Esp. *flotador*

Port. *bóia*

Ing. *floaters*

flotar *v. i.* 1. Manterse un corpo sobre a superficie dun líquido sen afundir. *Sin.* **aboiar, nadar.**

Esp. *flotar*

Port. *flutuar*

Ing. *float*

2. Manterse un corpo en suspensión somerxido nun fluído.

Esp. *flotar*

Port. *flutuar*

Ing. *float*

fluencia *f.* Deformación permanente maior que o límite das deformacións elásticas.

Esp. *fluencia*

Port. *fluência*

Ing. flow

flux *m.* Material fundente e protector que se emprega na soldadura eléctrica por arco somerxido.

Esp. flux

Port. flux

Ing. flux

fluxo *m.* Movemento ascendente da marea.

Esp. flujo

Port. fluxo

Ing. tidal rise

foco *m.* 1. Nome que se dá á vela maior das balandras.

Esp. foco

Port. vela

Ing. sail

2. Dispositivo luminoso dos faros, balizas e boias que permite ás embarcacións coñecer a súa posición.

Sin. lámpada.

Esp. foco

Port. foco

Ing. light

fofoque *m.* Vela triangular que levan algúns buques entre o foque e o contrafoque.

Esp. fofoque

Port. vela triangular

Ing. inner jib

folio *m.* Número da matrícula do barco, que vai pintado na proa.

Sin. matrícula.

Esp. folio

Port. matrícula

Ing. registration mark

fondeadoiro *m.* Lugar onde os navíos deitan a áncora. *Sin. ancora-doiro, cala, enseada.*

Esp. fondeadero

Port. fundeadouro

Ing. anchorage ground

fondear *v. i. e tr.* Amarrar unha embarcación ao fondo mediante un cabo ou cadea utilizando unha áncora. *Sin. amarrar, ancorar.*

Esp. fondear

Port. fundear

Ing. to anchor

fondo *m.* A parte máis baixa ou máis profunda. *Sin. profundidade.*

Esp. fondo

Port. fundo

Ing. bottom

fondo plano *m.* Parte horizontal do fondo do buque.

Esp. fondo plano

Port. fundo plano

Ing. flat bottom

foque *m.* Vela con forma triangular que se iza á proa cara o bauprés.

Esp. foque

Port. bujarrona, foque

Ing. jib

formero *m.* Estrutura ríxida que soporta os bloques dos barcos despois da súa construción, e os prepara para o transporte.

Esp. formero

Port. suporte, apoio

Ing. frame

fornecer *v. tr.* Dotar, prover de todo o necesario; abastecer, aprovisionar, equipar. *Sin. gornecer.*

Esp. abastecer, fornecer

Port. fornecer

Ing. supply

forquilla *f.* Véxase: forquita.

forquita *f.* Peza de metal que remata nun dos dous extremos por dúas puntas que forman un semi-círculo no que se engancha o remo e impide que caia.

Esp. horquilla

Port. forqueta, forquita

Ing. oar lock

forro *m.* Recubrimento formado por pranchas de aceiro, táboas ou outros materiais; parte do casco por fóra das cadernas. *Sin. capa, cuberta.*

Esp. forro

Port. forro

Ing. planking

forte mareira *f.* Grao 4 da escala de Douglas, que se corresponde coa forza 5 da escala de Beaufort. Prodúcese ondas longas dunha altura de 1,25 a 2,50 metros.

Esp. fuerte marejada

Port. mar cavado

Ing. moderate sea

forte temporal *m.* Vento de forza 9 na escala de Beaufort, que se corresponde co grao 7 da escala de Douglas. Nesta situación, hai ondas grosas e a espuma dificulta a visibilidade. O vento ten unha forza de entre 41 e 47 nós. *Sin. forte borrasca.*

Esp. temporal fuerte

Port. forte temporal

Ing. strong gale

forxa *f.* Véxase: **forxadura**.

forxadura *f.* Proceso a partir do cal se altera a forma dun metal con golpes de martelo ou por comprensión nunha prensa pneumática. *Sin. forxa.*

Esp. forjadura

Port. forjadura

Ing. forging

forza de inercia *f.* Resistencia que opón un corpo ao movemento que se tenta comunicarlle.

Esp. fuerza de inercia

Port. força de inércia

Ing. force of inertia

forza de velas *f.* Constitúe aquela forza exercida por todas as velas, para que así contribúan a dar ao buque maior velocidade.

Esp. fuerza de velas

Port. força de velas

Ing. press of sails

forzas externas *f. pl.* As causadas por elementos que son alleos, como as correntes de auga, as ondas, etc.

Esp. fuerzas externas

Port. forças externas

Ing. external factors

foso *m.* Escavación longa e profunda na terra que está destinada a conter a auga ou escoala. *Sin. fosa.*

Esp. foso

Port. fosso

Ing. hole

fragata *f.* 1. Navío de guerra fundamentalmente de escolta de convois e equipado para a guerra antisubmarina. Cruceiro lixeiro.

Esp. fragata

Port. fragata

Ing. frigate

2. Nave con tres paus e con mastros e velas de cruz en todos eles.

Esp. fragata

Port. fragata

Ing. frigate, ship

francobordo *m.* Distancia que existe entre o calado máximo dun barco e a cuberta completa máis alta con medios permanentes de peche.

Esp. francobordo

Port. borda livre

Ing. freeboard

franquía *f.* Situación dun buque cando está en disposición de saír ao mar ao saír dun porto ou fondeadoiro e poñerse por fóra de todos os baixos, puntas e destrucións, e poder seguir libremente un rumbo.

Esp. franquía

Port. franquia

Ing. offing

frasquía *f.* Véxase: **fasquía**.

frasquiar *v. tr.* Véxase: **fasquiar**.

frechadura *f.* Listóns de madeira ou anacos de corda que se fan nos obenques de maneira que serven de chanzos.

Esp. flechadura

Port. enfrechadura

Ing. ratling

fregona *f.* Conxunto de cabos ou fíos atados e unidos a un mango, que se emprega para enxugar a auga da cuberta e dos costados das embarcacións.

Esp. lampazo

Port. lambaz

Ing. mop

frescachón *m.* Vento de forza 7 na escala de Beaufort, equivalente ao grao 6 da escala de Douglas. Hai forte mareira e as cristas de espuma esténdense formando grandes tiras na dirección do vento. O vento sopra cunha forza de entre 28 e 33 nós.

Esp. frescachón

Port. vento forte

Ing. near gale

fresco *m.* Vento de forza 6 na escala de Beaufort, equivalente ao grao 4 da escala de Douglas. Comezan a formarse grandes ondas e as cristas

de espuma esténdense por todas partes. A forza do vento é de 22 a 27 nós.

Esp. fresco

Port. vento muito fresco

Ing. strong breeze

fresquiño *m.* Vento de forza 5 na escala de Beaufort, que se corresponde co grao 4 da de Douglas. Aparecen ondas alongadas con abundancia de espuma por todas partes. A forza do vento é de 17 a 21 nós.

Esp. fresquito

Port. vento fresco

Ing. fresh breeze

fretador *m.* Aquel que aluga un barco para condución de persoas ou cousas ou calquera embarcación para transporte fluvial ou marítimo.

Esp. fletador

Port. fretador

Ing. charterer

fretaxe *f.* Acción de alugar un buque para o transporte ou con outras finalidades.

Esp. fletamento

Port. fretamento

Ing. charter

fretaxe por viaxe *f.* Contrato polo cal se aluga un buque determinado durante unha viaxe concreta, por exemplo, para o transporte de mercadorías pesadas.

Esp. fletamento por viaje

Port. fretamento por viagem

Ing. trip charter

frete *m.* Prezo estipulado polo aluquer dunha nave ou dos seus servizos, como o transporte de

mercadorías, e que se establece segundo o volume dos produtos ou o tempo de duración da viaxe. *Sin. porte.*

Esp. flete

Port. frete

Ing. freight

frisa *f.* 1. Anaco de material elástico, normalmente en forma de tira, con que se tapan as xuntas das pezas dunha máquina, das portas ou portelas dos navíos para impedir a entrada da auga. *Sin. moldura.*

Esp. frisa

Port. frisa

Ing. gasket

2. Aro de material elástico, de forma plana e outras, que se interpón na unión entre dous tubos para evitar perdas de fluído.

Esp. frisa

Port. frisa

Ing. packing

frontispicio *m.* Parte da fachada de popa comprendida entre o xugo principal e o coroamento.

Esp. frontispicio

Port. frontispício

Ing. frontispiece

frota *f.* Conxunto de embarcacións dun país ou dunha liña marítima.

Sin. mariña, flota.

Esp. flota

Port. frota

Ing. fleet

frouxiño *adx. m.* Vento de forza 2 na escala de Beaufort, que se co-

rresponde co grao 1 da escala de Douglas. Nesta fase aparecen ondas pequenas e curtas, e pequenas cristas que non rompen. A velocidade do vento é de 4 a 6 nós.

Esp. flojito

Port. aragem

Ing. light breeze

frouxo *adx. m.* Vento de forza 3 na escala de Beaufort, cuxa correspondencia na escala de Douglas é o grao 2. Aparecen ondas maiores e rompen as cristas, e o vento sopra cunha forza de 7 a 10 nós.

Esp. flojo

Port. vento fraco

Ing. gentle breeze

fuga *f.* Escape de gas ou de líquido contido nun determinado recipiente ou nun tubo. *Sin. escape, perda.*

Esp. fuga

Port. fuga

Ing. leakage

fungo de ventilación *m.* Extremo dun tubo de ventilación, que ten forma de fungo para evitar que entre a auga da chuva.

Esp. hongo de ventilación

Port. tubo de ventilação

Ing. mushroom ventilator

fura *f.* Buraco feito na madeira para encaixar nel outra peza feita tamén de madeira. *Sin. buraco.*

Esp. enganche

Port. fura

Ing. hole

G

gabarra *f.* Embarcación normalmente de fondo plano, empregada para carga e descarga nos portos. Habitualmente vai remolcada, mais tamén pode ser autopropulsada. *Sin.* **barcaza**.

Esp. gabarra

Port. gabarra

Ing. barge

gabia *f.* Vela que se coloca no mastro principal da embarcación, e que lle dá nome á súa verga e á vela correspondente.

Esp. gavia

Port. gávea

Ing. main topsail

gabia dobre *f.* Conxunto formado polas velas da gabia alta e baixa desprovistas de rizos e empregadas en substitución da vela única.

Esp. gavia doble

Port. gávea dupla

Ing. double topsail

galeaza *f.* Embarcación de guerra máis grande que a galera e cunha soa cuberta, que arboraba tres paus con vela latina.

Esp. galeaza

Port. galeaça

Ing. galleass

galeón *m.* **1.** Buque de gran envergadura, de tres ou catro paus e con velas cadradas, pensado para a guerra, para o transporte de mercadorías ou para traxectos de longo percorrido.

Esp. galeón

Port. galeão

Ing. galleon

2. Embarcación de cabotaxe construída en Galicia duns 13 m de eslora e unhas 20 toneladas de desprazamento que se empregou, especialmente nas Rías Bai-

xas, ata 1960.

Esp. galeón

Port. galeão

Ing. galleon

galeota *f.* Pequena embarcación de dous mastros que levaba de deza-seis a vinte remos por banda.

Esp. galeota

Port. galeota

Ing. galliot

galera *f.* Barco de guerra raso, cunha grande eslora, aparellado con velas e tamén propulsado por remos.

Esp. galera

Port. galera

Ing. galley

galerna *f.* Temporal no mar e na costa producido polos ventos do noroeste, principalmente no mar Cantábrico, acompañado de bo-rasca e forte baixada de presión.

Esp. galerna

Port. galerna

Ing. gale

gálibo *m.* 1. Modelo que empregan os carpinteiros de ribeira para dar forma a unha peza da embarcación.

Esp. gálibo

Port. molde

Ing. mould

2. Forma que se lle dá ao contorno das ligazóns dun buque. *Sin.*

forma.

Esp. gálibo

Port. gabarito

Ing. form

gallardete *m.* Tea estreita e triangular que remata nunha punta estreita, e que se utiliza como bandeira para facer sinais ou con

propósitos ornamentais. *Sin.* **bandeiriola, distintivo, insignia.**

Esp. gallardete

Port. galhardete

Ing. pennant

galleiro *m.* Pequenas forquitas xeralmente de madeira que teñen algunhas embarcacións nun dos seus costados e que se utilizan para colocar nelas os remos no momento de non ser usados. *Sin.* **forca.**

Esp. horquillas

Port. galheiro

Ing. oar lock

galón *m.* 1. Táboa de madeira que gornece exteriormente o costado da embarcación pola parte superior ata a superficie da auga.

Esp. galón

Port. galão

Ing. molding

2. Medida de capacidade para líquidos equivalente ao galón imperial inglés a 4,5465 litros e ao galón americano a 3,7862 litros.

Esp. galón

Port. galão

Ing. gallon

galpón *m.* Termo empregado na Costa da Morte para denominar ao estaleiro, á carpintería de ribeira ou ao taller onde se constrúen os barcos. *Sin.* **estaleiro, alboio, pendello.**

Esp. astillero

Port. estaleiro

Ing. shipyard

gambota *f.* Madeira curva que vai cravada ao xugo, co que forma a bóveda; columnas que sosteñen o espello de popa. *Sin.* **cambota, rabo de galo.**

Esp. gambota

Port. gambota

Ing. counter timber

gambuza *f.* Local onde se levan as provisións para alimento dos tripulantes e pasaxeiros. Leva cámaras para carne, pescado, vexetais, etc., para ser refrixerados, e tamén para produtos secos.

Esp. gambuza

Port. paiol de víveres

Ing. provision store

gamela *f.* Embarcación tradicional galega que se emprega na pesca de baixura para capturar peixes con cordas ou redes artesanais. *Sin. chalana.*

Esp. gamela

Port. gamela

Ing. barge

ganapán *m.* Aparello de pesca formado por un aro e unha rede que se coloca arredor del.

Esp. angazo

Port. ganapão

Ing. push net

gancho *m.* Instrumento curvo rematado en punta, de metal ou madeira, que serve para agarrar ou pendurar calquera cousa. Fábrícanse de distintos tipos e son utilizados para carga e descarga dos barcos e para outras manobras de elevación de pesos.

Esp. gancho

Port. gancho

Ing. hook

gancho de remolque *m.* Gancho concibido especialmente para a fixación dun cabo de remolque; ten disparador con obxecto de poder largar o remolque rapidamente.

Esp. gancho de remolque

Port. gato de engate

Ing. towing hook

gancho dobre *m.* Gancho de forma parecida a unha áncora que se utiliza para o enganche de eslingas.

Esp. gancho doble

Port. gancho duplo

Ing. double hook

gánguil *m.* 1. Barcaza vertedoira ou buque no que se transportan e verten despois, nun sitio distinto a onde se collen, os materiais extraídos polas dragas. Abren polo fondo normalmente.

Esp. gánguil

Port. gánguil, batelão de comportas

Ing. hopper

2. Arte de pesca de arrastre que serve para coller peixes pequenos, camaróns e gambas.

Esp. gánguil

Port. gánguil

Ing. hopper trawl

garabeta *f.* Aparello metálico alongado e provisto de ganchos, que se emprega para a pesca do polbo e da lura.

Esp. potera

Port. toneira

Ing. squid jig

garantía de calidade *f.* Sistema organizativo e de verificación no estaleiro dos controles de calidade de traballo e de materiais durante a construción do buque que permite ter unha alta confianza en que o buque terá as características e comportamento en servizo que se lle esixen no contrato de constru-

ción. Actualmente, denomínase xestión de calidade, de acordo coa norma internacional 9000.

Esp. garantía de calidad

Port. garantia de qualidade

Ing. quality assurance

garcés *m.* Véxase: **calcés**.

gardacabos *m. pl.* 1. Aro de madeira ou metálico cunha canle polo exterior que serve para protexer os cabos e os cables da rozadura doutros.

Esp. guardacabo

Port. sapatilho

Ing. thimble

2. O gardacabos da hélice é un aro de aceiro arredor do eixo entre o casco e a hélice que impide que os cabos se enreden nela.

Esp. guardacabos

Port. sapatilho

Ing. thimble

gardacalor *m.* Estrutura oca vertical que pecha pola parte alta a cámara de máquinas dos barcos, por onde saen os condutos de exhaustación.

Esp. guardacalor

Port. guarda-calor

Ing. engine room casing

gardacostas *m.* Barco destinado á defensa e á vixilancia do litoral.

Esp. guardacostas

Port. navio guarda-costas

Ing. coastguard vessel

gardamancebo *m.* Cabo que se coloca nas bandas para a seguridade da tripulación. *Sin.* **cabo salvavidas**.

Esp. guardamancebo

Port. cabo salva-vidas

Ing. lifeline

gardín *m.* Cabos suxeitos á cana do temón que serven para gobernalos. Cabo para izar a bordo.

Esp. guardín

Port. guardim

Ing. tiller chain

garete *m.* Situación na que unha embarcación queda sen goberno ou rumbo, a mercé do vento. *Sin.* **deriva**.

Esp. garete

Port. deriva

Ing. adrift

garlopa *f.* Plana grande de carpinteiro empregada para alisar máis a madeira.

Esp. garlopa

Port. garlopa

Ing. jointer

garrar *v. i.* Quedar unha embarcación a mercé do vento e do mar por non asegurar ben a súa áncora; ir cara atrás arrastrando a áncora.

Esp. garrar

Port. garrar

Ing. drag the anchor

garrote *m.* Panca coa que se lle dá a volta á trinca dun cabo.

Esp. garrote

Port. garrote

Ing. club

garruchos *m. pl.* Argolas de ferro fixas ao grátil das velas que serven para envergalas. Cabos que se meten nas relingas das velas.

Esp. garruchos

Port. garrunchos, garruchas

Ing. cringles

garruncho *m.* Argola de ferro pola que pasa un cabo. Véxase: **garruchos**.

Esp. garrucho

Port. garruncho

Ing. cringle

garucu *m.* Embarcación de tipo árabe destinada á pesca e á navegación de cabotaxe.

Esp. garucu

Port. garucu

Ing. garucu

gases de escape *m. pl.* Gases que emanan os motores dos buques e dos submarinos, como consecuencia da combustión.

Esp. gases de escape

Port. gases de escape

Ing. exhaust gas

gata *f.* 1. Verga do pau de mesana que non leva vela. *Sin. verga núa.*

Esp. gata

Port. gata

Ing. mizzen yard

2. Pescante de ferro ou madeira que serve para colgar a áncora. Áncora dun só brazo. *Sin. pescante.*

Esp. gata

Port. gata

Ing. fish hook

gateira *f.* Burato redondo que se fai na cuberta da embarcación, para que pasen por el os cabos ou as cadeas que están estibadas na súa caixa.

Esp. gatera

Port. alboi

Ing. chain pipe

gato *m.* Mecanismo para levantar grandes pesos a pouca altura.

Esp. gato

Port. grampo

Ing. cramp

gaviete *m.* Madeiro curvo robusto dotado dunha cabeza e que, colo-

cado na proa do navío, permite levar a áncora.

Esp. gaviete

Port. gaviete

Ing. davit

gaza *f.* Lazo ou volta que se fai no extremo dun cabo, e que serve para amarrar algo ou para colgalo dalgunha parte.

Esp. gaza

Port. laço

Ing. loop

gel-coat *m.* Polímero a base de resinas especiais de poliéster con pigmentos e aditivos que lle dan propiedades específicas. Emprégase para a fabricación da estrutura de embarcacións, reforzado con fibra de vidro (PRF) ou carbono.

Esp. gel-coat

Port. gel-coat

Ing. gel-coat

gobernar *v. tr.* Dirixir unha embarcación co temón por un rumbo determinado. *Sin. dirixir.*

Esp. gobernar

Port. gobernar

Ing. steer

goiva *f.* Trencha en forma de lámina curva que serve para labrar estrías ou molduras cóncavas e arredondadas. *Sin. trencha.*

Esp. escoplo

Port. goiva

Ing. chisel

gola *f.* Canal de entrada a un porto ou a un río.

Esp. gola

Port. canal

Ing. seaway

goleta *f.* Embarcación lixeira a vela,

de dous ou tres mastros e bordas de pouca altura.

Esp. goleta

Port. goleta

Ing. schooner

góndola *f.* 1. Embarcación pequena sen paus nin cuberta, de extremos moi agudos, cun ferro longo na proa con forma de machada, e movida por un remeiro que voga de pé; se emprega en Venecia principalmente.

Esp. góndola

Port. góndola

Ing. gondola

2. Estrutura metálica que se emprega nalgúns estaleiros como soporte dos bloques de aceiro dos buques mediante a almacenaxe e o transporte antes de ser izados para a súa montaxe na grada ou na auga.

Esp. vagón plataforma

Port. vagão-góndola

Ing. underslung flat truck

gornecer *v. tr.* Prover do necesario ou poñer os elementos precisos para protexer ou reforzar. *Sin. abastecer, equipar, fornecer.*

Esp. guarnecer

Port. guarnecer

Ing. equip

grada *f.* Denominación común da superficie inclinada cara o mar onde se constrúen e reparan as embarcacións. *Sin. bancada.*

Esp. grada

Port. grade

Ing. building slip

grada cuberta *f.* Grada provista dun teito que permite o traballo a cuberto. *Sin. bancada cuberta.*

Esp. grada cubierta

Port. grade coberta

Ing. covered building berth

grada de construción *f.* Grada destinada á montaxe dos bloques estruturais que forman o buque e que proceden das naves de prefabricación; tamén serve para a montaxe da maquinaria e doutros equipos que van no barco. Conta con diversos tipos de guindastres para a elevación de grandes pesos.

Sin. bancada de construción.

Esp. grada de construcción

Port. grade de construção

Ing. building berth

gramil *m.* Instrumento de carpinteiro que serve para trazar liñas paralelas a pequena distancia dos bordos das pezas de madeira. Consiste nunha regra que ten un punzón fixo e un tope que circula arredor dela.

Esp. gramil

Port. graminho

Ing. marking gauge

grampa *f.* Peza de aceiro ou doutro material en forma normalmente de U coa que se suxeitan diferentes cousas.

Esp. grapa

Port. grampo

Ing. staple

grampín *m.* Áncora pequena empregada con algunhas redes no fondo do mar.

Esp. anclote

Port. ancorote

Ing. kedge

granalla *f.* Porcións miúdas nas que se dividen os metais para fundilos ou para limpar superficies a

presión.

Esp. granalla

Port. granalha

Ing. shot

grátil *m.* Aresta dunha vela, que a une ao mastro, á verga ou ao estai; dise tamén do extremo da vela por onde queda unida ao mastro.

Esp. grátil

Port. gurutil, garotil

Ing. head

gravatas *f. pl.* Pezas que tapan os buratos necesarios para que os elementos estruturais lonxitudinais crucen aos transversais, nos compartimentos que teñen que ser estancos. *Sin. corbatas.*

Esp. corbatas

Port. gravatas

Ing. lug, collar plate

gremios *m. pl.* Tradicionalmente chámanse así ás diferentes especialidades dos traballadores do estaleiro; por exemplo: armadores, que se dedican aos traballos de aceiro, fundamentalmente marcar, cortar e armar as pezas dos bloques; soldadores, os que se dedican a soldalas; chumbeiros ou tubos, que se dedican á fabricación e montaxe dos tubos; montadores, os que montan a maquinaria e os equipos; mariñeiros, que se dedican ás manobras de embarcacións dentro do estaleiro, a tripular os barcos nas probas, e a facer as manobras de elevación; pintores, os que se dedican á pintura do buque, etc.

Esp. gremios

Port. grêmios

Ing. guilds, associations

greta *f.* Abertura longa e estreita que se produce nun sólido. *Sin. fenda.*

Esp. grieta

Port. fenda

Ing. crack

grillón *m.* Cada un dos arcos de ferro semicirculares unidos nos extremos que forman a cadea da áncora.

Esp. grillete

Port. grilhão

Ing. shackle

grimpa *f.* Cabo lixeiro ou bandeira que se coloca nun pau para indicar a dirección do vento. *Sin. cata-vento.*

Esp. grímpola

Port. grimpa

Ing. weather flag, streamer

grúa de embazar *f.* Denominación que se lle dá na Costa da Morte a un guindastre que serve para sacar o peixe das redes e introducirlo no barco. *Sin. guindastre de desenmallar.*

Esp. grúa de desenmallar

Port. guindaste de desemalhar

Ing. release crane

guaiaco *m.* Árbore do que se obtén o pau santo e a goma de resina. Empregábase en construción naval como apoio do eixo de cola dos buques dentro da bucina.

Esp. guayaco, guayacán

Port. guáiacó

Ing. guaiaicum

guaira *f.* Vela triangular que se enverga no pau, ao cal se dirixen os puños de amura e de driza. Ás veces tamén pode envergarse a un pau máis pequeno que vai suxeito

ao mastro. *Sin.* **vela triangular.**

Esp. *guaira*

Port. *vela de baioneta*

Ing. *sliding Gunter sail*

gualdrope *m.* Cada un dos cabos ou cadeas que van suxeitos á cana do temón e que serven para transmitirle os movementos da roda do temón.

Esp. *guardín*

Port. *gualdropes*

Ing. *tiller chain, tiller rope*

guarir *v. i. e pr.* Preparar as artes e os aparellos para saír a pescar. *Sin.* **preparar.**

Esp. *guarnir*

Port. *garnir*

Ing. *prepare*

guía *f.* 1. Peza de aceiro ou doutro material que serve para dirixir cabos.

Esp. *guía*

Port. *guia*

Ing. *heaving line*

2. Cabo que se emprega para amarrar aos costados dos buques.

Esp. *guía*

Port. *guia*

Ing. *mooring line*

guincho *m.* Aparello de forza mecánica ou manual equipado cun ou varios tambores horizontais que permiten enrolar e almacenar un cabo baixo tensión e que eventualmente pode ser dotado cun ou varios cabezos de eixo horizontal.

Esp. *chigre*

Port. *guincho*

Ing. *winch*

guindareza *f.* Cabo grosso, de tres ou catro cordóns trenzados de esquerda a dereita, os cales quedan

unidos de dereita a esquerda, e que serve para amarrar o barco ou para erguer grandes pesos.

Esp. *guindaleza*

Port. *guindaleta*

Ing. *hawser*

guindastre *m.* Aparato que se utiliza para levantar aparellos pesados e para o traslado de pesos de diferentes formas e disposicións variadas. *Sin.* **guinche.**

Esp. *grúa*

Port. *guindaste*

Ing. *crane*

guindastre flotante *m.* Guindastre montado sobre unha barcaza, sobre un buque ou unha plataforma.

Esp. *grúa flotante*

Port. *guindaste flutuante*

Ing. *floating crane*

guindastre ponte *m.* Guindastre construído en forma de ponte, que non posúe pórtico para desprazarse, pero que pode moverse, por enriba das paredes que o sosteñen.

Esp. *grúa puente*

Port. *guindaste ponte*

Ing. *crane bridge*

guindastre pórtico *m.* Guindastre característico dos estaleiros e portos, formado por unha viga que se apoia normalmente en catro patas, dúas en cada extremo da viga, a cal así se traslada por medio de dous ou máis carrís.

Esp. *grúa pórtico*

Port. *guindaste pórtico*

Ing. *gantry crane*

guindastre semipórtico *m.* Guindastre pórtico constituído por un soporte de dúas patas.

Esp. grúa semipórtico

Port. guindaste semi-pórtico

Ing. two gantry crane

guindola *f.* Aparello provisional co que antigamente se armaban os veleiros desarmados, para poder navegar convenientemente. Éstada con táboas e cabos que se emprega para pintar, resgar e facer operacións na cheminea ou ben no costado dun barco.

Esp. guindola

Port. guindola

Ing. hanging stage

guión *m.* Parte máis delgada por onde se colle o remo para vogar.

Esp. guión

Port. sujeição de remo

Ing. loom

guirnalda *f.* 1. Anel de corda nos cabos das vergas.

Esp. guirnalda

Port. guirlanda

Ing. becket

2. Defensa do cabo colocado en determinados lugares.

Esp. guirnalda

Port. guirlanda

Ing. becket line

3. Anel de madeira forrado de cabo colocado entre dúas pranchas de ferro, instalado na parte alta dos remolcadores para suavizar os choques que poden sufrir outros buques contra os diques.

Esp. guirnalda

Port. guirlanda

Ing. becket

H

halador *m.* Máquina empregada para subir os aparellos da pesca a bordo da embarcación.

Esp. halador

Port. polé

Ing. hauler

halador de cabezo *m.* Guincho utilizado para halar cabos no que un cabo pode ser enrolado por tensión, aínda que non almacenado.

Esp. chigre de espiar

Port. alador de cabeço

Ing. warping winch

halador de redes mecánico *m.* Aparello mecánico de forza, normalmente hidráulico, utilizado para halar redes de cerco e trasmallos.

Esp. halador de redes mecánico

Port. alador de redes mecânico

Ing. net hauler

halar *v. tr.* Levantar un aparello do fondo das augas. Tirar da áncora ou dun cabo. Tirar do remo cando se voga. *Sin. elevar, levantar.*

Esp. levar

Port. levantar

Ing. weigh, lift

hamaca *f.* Rede ou tea que se colga polos extremos e serve para descansar.

Esp. hamaca

Port. espreguiçadeira

Ing. hammock

hasta *f.* Barra longa e estreita na que se suxeita algunha cousa, como por exemplo, unha bandeira. *Sin. pau.*

Esp. asta

Port. haste

Ing. flagstaff

hasta morta *f.* Ángulo formado pola caderna principal na quilla co

plano horizontal medido á metade da súa manga.

Esp. astilla muerta

Port. tosado do fundo

Ing. dead rise

hélice *f.* Órgano propulsor dos navíos accionado pola máquina propulsora, dotado de pas de forma diversa fixadas radialmente ao eixe de propulsión; a súa finalidade é converter, en interacción cun fluído, a forza de rotación en forza de translación.

Esp. hélice

Port. hélice

Ing. propeller, screw

hélis *f.* Denominación da hélice nalgunhas zonas da Costa da Morte e da ría de Arousa. Aparello propulsor do barco, formado por pas fixadas radialmente ao eixe que xiran. Véxase: **hélice**. *Sin. aspas.*

Esp. hélice

Port. hélice

Ing. propeller, screw

hidroala *f.* Embarcación cuxo casco levántase na auga cando a velocidade é bastante elevada, grazas á acción dun plano de sustentación somerxido.

Esp. hidroala

Port. planador

Ing. jetfoil

hidrófono *m.* Instrumento destinado á detección de sons debaixo da auga para así sinalar a presenza de buques e somerxibles indicando a súa posición.

Esp. hidrófono

Port. hidrofone

Ing. hydrophone

hidroplano *m.* Véxase: **hidroala**.

hidrostática *f.* Ramo da mecánica de fluídos que estuda o equilibrio das forzas exercidas no seo dunha masa fluída en repouso.

Esp. hidrostática

Port. hidrostática

Ing. hydrostatics

homologación *f.* Contrastado e confirmación que as características dun obxecto, dun procedemento de traballo, dun procedemento de proba ou os resultados mesmos da proba cumpren ou son equivalentes aos esixidos segundo certas normas. *Sin. rexistro.*

Esp. homologación

Port. homologação

Ing. homologation

hovercraft *m.* Embarcación que se levanta no mar por medio de aire a presión e se despraza con alta velocidade. *Sin. aerodeslizador.*

Esp. aerodeslizador

Port. aerodeslizador

Ing. hovercraft

I

iate *m.* Embarcación de recreo que pode navegar con vela ou con motor. *Sin.* **veleiro.**

Esp. yate

Port. iate

Ing. yacht

illamento *m.* Conxunto de materiais illantes que impiden a propagación da electricidade, o son, a calor e outros fenómenos físicos.

Esp. aislamiento

Port. isolamento

Ing. insulation

imada *f.* Plataforma inclinada construída normalmente en formigón e coa superficie superior de madeira, que se forma sobre a grada, e por onde corren as anguías na botadura do buque. Poden ser lonxitudinais, paralelas á quilla do buque, normalmente dúas; ou transversais, perpendiculares á quilla.

Neste caso, instálanse varias. *Sin.* **plataforma.**

Esp. imada

Port. trilho

Ing. standing way

impulsor *m.* Parte xiratoria dunha bomba, ventilador, compresor rotativo ou propulsor, que impulsa o fluído. *Sin.* **propulsor, motor.**

Esp. impulsor

Port. impulsor

Ing. rotor

incendio de clase A *m.* Incendio producido por substancias combustibles sólidas, como por exemplo, a madeira, o carbón, o papel, etc.

Esp. incendio de clase A

Port. incêndio de classe A

Ing. type A fire

incendio de clase B *m.* Incendio xerado por combustibles líquidos,

como a gasolina, o queroseno, o gasóleo, os aceites, etc. Tamén pode producirse pola combustión de materiais sólidos que a altas temperaturas vólvense líquidos, como o asfalto ou a parafina.

Esp. incendio de clase B

Port. incêndio de classe B

Ing. type B fire

incendio de clase C *m.* Incendio producido polos gases, como o butano, o propano, o gas natural, o acetileno, etc.

Esp. incendio de clase C

Port. incêndio de classe C

Ing. type B fire

incendio de clase D *m.* Incendio producido por metais, como o sodio, o magnesio, etc.

Esp. incendio de clase D

Port. incêndio de classe D

Ing. type D fire

incendio de clase E *m.* Tamén coñecido como "risco de electrocución", é un incendio que se produce nos equipos electrónicos en funcionamento.

Esp. incendio de clase E

Port. incêndio de classe E

Ing. type E fire

incombustíbel *adx.* Que non se pode queimar ou arder.

Esp. incombustible

Port. incombustível

Ing. incombustible, fireproof

incoterm *m.* Denominación internacional das diferentes formas ou condicións dos contratos de compravenda nos que pode ou non existir un transporte das mercadorías obxecto do contrato e que regulan, especialmente, onde se

realiza o cambio de dominio e a responsabilidade de cada unha das partes que participan no contrato, establecendo as obrigas tanto do vendedor como do comprador. Consisten nunha lista estandarizada de termos e acrónimos establecidos pola International Chamber of Commerce.

Esp. incoterm

Port. incoterm

Ing. incoterm

indicador *m.* Aparello que sinala os distintos baremos de presión de vapor nos cilindros dos motores e nas bombas.

Esp. indicador

Port. indicador

Ing. indicator

indicador de ángulo do temón *m.* Indicador do ángulo que este xera co temón en relación coa liña de cruxía.

Esp. indicador de ángulo del timón

Port. axiómetro do leme

Ing. rudder angle indicator

inguía *f.* Na Costa da Morte, cada un dos apoios de madeira que soportan ao barco cando se escorrega durante a botadura. Véxase: **anguía**. *Sin. anguía.*

Esp. anguila

Port. soleira

Ing. sliding way

inmersión *f.* Acción de introducirse nas augas unha persoa, un submarino, etc. **Submersión**. *Sin. submersión, mergullo.*

Esp. inmersión

Port. imersão

Ing. immersion

inspector *m.* Individuo encargado

de vixiar ou inspeccionar algunha cousa. *Sin.* **verificador.**

Esp. inspector

Port. inspetor

Ing. inspector

instituto Hidrográfico *m.* Está situado en San Fernando (Cádiz), onde se adquire a especialidade en hidrografía. É responsable da toma de datos das costas e fondos e da confección e actualización dos correspondentes mapas hidrográficos, cartas náuticas, etc.

Esp. Instituto Hidrográfico

Port. Instituto Hidrográfico

Ing. Hydrographic Institute

intercostado *m.* Elemento construtivo continuo xeometricamente, pero que en realidade interrompen outros elementos que se cruzan.

Esp. intercostal

Port. intercostal

Ing. intercostal

intercostal *adx.* Dise do elemento lonxitudinal que se interrompe cando atravesa un elemento transversal, en contraposición a un elemento pasante que debe ser continuo.

Esp. intercostal

Port. intercostal

Ing. intercostal

ir a pique *loc.* Afundirse un barco, naufragar.

Esp. irse a pique

Port. ir a pique

Ing. sink

izar *v. tr.* Elevar algunha cousa mediante unha corda, por exemplo, as velas, as bandeiras, etc. *Sin.* **elevar.**

Esp. izar

Port. içar

Ing. heave up

K

kaiak *m.* 1. Pequena piragua empregada polos esquimós para a pesca, feita xeralmente de pel de foca, e pechada cun material impermeable que se adapta ao corpo do tripulante.

Esp. kayak

Port. caiaque

Ing. kayak

2. Canoa dunha ou dúas prazas usada en competicións deportivas.

Esp. kayak

Port. caiaque

Ing. kayak

L

laminación *f.* Proceso polo cal se obteñen chapas e perfís estruturais de aceiro e outros metais facendo pasar baixo presión o material entre cilindros.

Esp. laminación, laminado

Port. laminação

Ing. lamination

laminado *m.* Produto siderúrxico que se obtén por laminación.

Esp. laminado

Port. laminado

Ing. laminate

laminar *v. tr.* Reducir os metais a láminas polo procedemento de laminación. *Sin. chapear.*

Esp. laminar

Port. laminar

Ing. laminate

lancha *f.* Pequena embarcación para servizo dos navíos que pode ser de remo ou motor e que se em-

prega para transporte de carga ou de pasaxeiros en determinadas manobras, para pesca, salvamento, etc. *Sin. barca.*

Esp. lancha, barca

Port. lancha

Ing. boat, launch

lancha de xeito *f.* Embarcación que levaba un só pau cunha vela de relinga e presentaba unha proa e popa de aspecto moi semellante; empregábase para a pesca da sardiña coa arte de xeito e coa arte de enmalle.

Esp. lancha

Port. lancha

Ing. boat

lancha hidrográfica *f.* Embarcación destinada a facer levantamentos hidrográficos do fondo mariño e a levar a cabo outros traballos, como por exemplo, localización

de naufraxios, comprobación de cartas náuticas e balizas, e recomendación de información náutica, entre outros.

Esp. lancha hidrográfica

Port. lancha hidrográfica

Ing. hydrographic launch

lanterna *f.* Aparello de iluminación que alén doutros usos, tamén se emprega dentro da bitácora por debaixo da rosa dos ventos para ver os rumbos.

Esp. lantía

Port. lanterna

Ing. compass lamp

lanzamento *m.* Acción de lanzar á auga unha embarcación. *Sin. botadura.*

Esp. lanzamiento, botadura

Port. botadura

Ing. launching

largar *v. tr.* Botar as redes ao mar, ou soltar un cabo pouco a pouco; izar ou desprezar as velas. *Sin. afrouxar, botar, desprender.*

Esp. largar

Port. largar

Ing. unfurl

lasca *f.* Nó mariñeiro coñecido tamén co nome de "Nó en oito" polo parecido que ten con este número. Utilízase como tope dun cabo para evitar que se escorregue dentro dunha polea. Faise formando un seo co cabo, facendo unha volta completa e pasando o chicote por ela; despois o nó faise tirando dos dous extremos. *Sin. nó de oito.*

Esp. lasca

Port. nó duplo

Ing. reef knot

lascada *f.* Cantidade de corda que se afrouxa para evitar que os cabos estean moi tensos. *Sin. lascón.*

Esp. lascada

Port. lascada

Ing. checking

lascar *v. tr.* Afrouxar ou soltar pouco a pouco un cabo. *Sin. soltar, afrouxar.*

Esp. arriar

Port. lascar

Ing. check

lastrar *v. tr.* Poñer lastre a un buque ou a unha embarcación.

Esp. lastrar

Port. lastrar

Ing. ballast

lastre *m.* Peso que se utiliza para dar estabilidade ás embarcacións cando van baleiras ou para compensar calados, e que se dispón, se é posible, no fondo do barco. *Sin. carga, contrapeso, estiba.*

Esp. lastre

Port. lastro

Ing. ballast

latina *f.* Vela triangular que se enverga nunha entena. Véxase: **vela latina.**

Esp. latina

Port. latina

Ing. lateen

laúde *m.* Embarcación costeira semellante ao falucho, usada na pesca do atún e arborada con vela latina.

Esp. laúd

Port. laúde

Ing. catboat

leme *m.* Aparello co que se dirixen as embarcacións que está colocado na popa e que normalmente con-

siste nunha folla de metal ou de madeira articulada de forma vertical. *Sin.* **temón.**

Esp. leme, timón

Port. leme

Ing. rudder

leva *f.* Acción e efecto de partir un barco do porto.

Esp. leva

Port. leva

Ing. departure

levar *v. tr.* Elevar a áncora ou os aparellos e recollelos. *Sin.* **elevar, halar.**

Esp. levar

Port. elevar

Ing. lift

lima *f.* Peza de aceiro coa superficie rugosa e finalmente estriada, con mango de madeira.

Esp. lima

Port. lima

Ing. file

limeira *f.* Abertura practicada na bovedilla dun buque para o paso da mecha do temón.

Esp. limera

Port. buraco do leme

Ing. rudder hole

límite de fluencia *m.* Valor do esforzo que ten que soportar un material, no se produce un incremento continuado da deformación sen que aumente o valor do esforzo que se aplica.

Esp. límite de fluencia

Port. limite de fluência

Ing. yield point

linga *f.* Corda de ganchos que serve para levantar pesos grandes e para amarrar aparellos. *Sin.* **estrobo.**

Esp. eslinga

Port. estropo

Ing. sling

lingote *m.* Barra de ferro ou doutro metal, da que se obtén unha chapa ou outro tipo de produto laminado. Emprégase tamén como lastre, particularmente en embarcacións menores. *Sin.* **barrela.**

Esp. lingote

Port. lingote

Ing. ingot

linguete *m.* Barra corta e robusta articulada nun extremo que se mete nunha roda dentada para que non desande. Úsase para cabrestantes, guinchos, etc. *Sin.* **barra.**

Esp. linguete

Port. linguete

Ing. pawl

liña central *f.* A liña recta en dirección de popa cara á proa que é a proxección sobre o plano horizontal do plano de cruxía, o cal é o plano vertical que divide ao buque en dúas partes simétricas.

Esp. línea central

Port. linha central

Ing. center line

liña de auga *f.* Sección horizontal do buque paralela á liña base en cada calado.

Esp. línea de agua

Port. linha de água

Ing. waterline

liña de base *f.* Liña recta horizontal trazada sobre o fondo do barco en dirección da popa á proa.

Esp. línea de base

Port. linha de base

Ing. base line

liña de contorno de cuberta *f.*

Intersección do plano da cuberta co costado do barco.

Esp. línea de contorno de cubierta

Port. linha de contorno de coberta

Ing. deck edge

liña de flotación *f.* Liña que marca a superficie da auga no casco do buque que depende do valor e da situación da carga que leve o buque.

Esp. línea de flotación

Port. linha de água

Ing. waterline

liña de man *f.* Arte de pesca que consiste nun fío cunha chumbada e varias bicas ou brazolas no extremo, ás cales van unidos os anzóis. Utilízase para a pesca nas rías ou nas proximidades das costas.

Esp. línea de mano

Port. linha de mão

Ing. handline

liña de vida *f.* Cabo suxeito á cuberta ao que se fixa o mosquetón do arnés, permitindo os movementos dos tripulantes por cuberta.

Esp. línea de vida

Port. linha de vida

Ing. lifeline

liquidador de avarías *m.* Persoa que se encarga da peritaxe das avarías sufridas polo buque. *Sin. perito de avarías.*

Esp. liquidador de averías, perito de averías

Port. liquidador de avarias

Ing. average adjuster

liteira *f.* Nome que se dá a cada unha das camas sobrepostas a bordo dos navíos; compartimento de camarote dun navío. *Sin. anga-*

rellas.

Esp. litera

Port. beliche

Ing. berth

litoral *m.* 1. Costa ou beira do mar.

Esp. litoral

Port. litoral

Ing. coastline

2. *adx.* Relativo á beira do mar, ou á costa dun país ou territorio. *Sin.*

costeiro.

Esp. litoral

Port. litoral

Ing. coastal

local do servomotor *m.* Lugar do buque á popa onde vai instalada a maquinaria do servomotor que move o temón.

Esp. local del servomotor

Port. câmara do servomotor

Ing. steering-gear room

longo *m.* Cabo de amarre que sae de proa e traballa cara a proa, ou ben cando sae de popa e traballa cara a popa.

Esp. largo

Port. longo

Ing. loosened

lorcha *f.* Embarcación lixeira que navega a vela e a remo na China, e que se emprega principalmente para alixar barcos na baía.

Esp. lorcha

Port. lorcha

Ing. sailing boat

lúa *f.* Cara de sotavento dunha vela.

Esp. lúa

Port. lado de sotavento

Ing. lee

lubricante *m.* 1. Substancia que serve para reducir o rozamento entre as superficies das pezas en

contacto. *Sin.* **lubrificante.**

Esp. *lubricante*

Port. *lubricante*

Ing. *lubricant*

2. adx. Dise do que ten a propiedade de lubricar.

Esp. *lubricante*

Port. *lubricante*

Ing. *lubricating*

lubricar *v. tr.* Reducir o rozamento entre superficies en contacto. *Sin.* **lubrificar.**

Esp. *lubricar*

Port. *lubricar*

Ing. *lubricate*

luzes de navegación *f. pl.* Aquelas luzes regulamentarias para a navegación, cuxa descrición figura no regulamento internacional para previr as abordaxes no mar.

Esp. *luzes de navegación*

Port. *luzes de navegação*

Ing. *navigation lights*

luzes de situación *f. pl.* Luzes que, conforme aos regulamentos internacionais, deben de levar todos os barcos que navegan, os que están remolcados ou fondeados, etc.

Esp. *luzes de situación*

Port. *luzes de situación*

Ing. *position lights*

lugre *m.* Navío de vela, xeralmente con tres mastros, que normalmente é empregado na pesca de bacallau.

Esp. *lugre*

Port. *lugre*

Ing. *lugger*

lumieira *f.* Ventá ou bufarda situada na cuberta con cristais a dúas augas, que serve para dar luz á cá-

mara de máquinas ou outras cámaras e ao mesmo tempo impide a entrada de auga. *Sin.* **claraboia.**

Esp. *lumbreira*

Port. *lumieira*

Ing. *skylight*

luz de alcance *f.* Luz branca colocada o máis preto posible da popa, que mostra a súa luz sen interrupción nun arco de horizonte de 135 graos e é visible nun arco de 67,5 graos a partir da popa cara as dúas caras do buque.

Esp. *luz de alcance*

Port. *luz de alcance*

Ing. *rear light*

luz de costado *f.* Conxunto de dúas luzes: unha verde na banda de estribor e outra vermella na banda de babor, as cales mostran cada unha a súa luz sen interrupción en todo un arco de horizonte de 112,5 graos, e son visibles desde a proa ata 22,5 graos á popa do través da súa respectiva banda.

Esp. *luz de costado*

Port. *luz de costado*

Ing. *side light*

luz de remolque *f.* Luz amarela das mesmas características que a luz de alcance, é dicir, colocada preto da popa; mostra a súa luz sen interrupción nun arco de horizonte de 135 graos, e é visible nun arco de 67,5 graos contados a partir da popa e cara as dúas bandas do buque.

Esp. *luz de remolque*

Port. *luz de reboque*

Ing. *towing light*

luz de tope *f.* Luz branca colocada sobre o eixe lonxitudinal do

buque, que mostra a súa luz sen interrupción en todo un arco de horizonte de 225 graos, e que está fixada de forma que sexa visible desde a proa ata 22,5 graos á popa e por cada costado do buque.

Esp. luz de tope

Port. luz de tope

Ing. masthead light

luz escintilante *f.* Luz que produce escintileos a intervalos regu-

lares cunha frecuencia de 120 escintileos ou máis por minuto.

Esp. luz escintilante

Port. luz cintilante

Ing. scintillating light

luz todo horizonte *f.* Luz visible sen interrupción nun arco de horizonte de 360 graos.

Esp. luz de horizonte

Port. luz de horizonte

Ing. all-round light

M

maceta *f.* Martelo grande de ferro.

Sin. mallo.

Esp. maceta

Port. maceta

Ing. mallet

machembra *f.* Ferramenta similar aos cepillos que serve para facerlle o macho á femia nos cantos de madeira dos mamparos.

Esp. machembra

Port. cepilho

Ing. tongue-and-groove brush

macho *m.* Peza que entra dentro doutra.

Esp. macho

Port. macho

Ing. pintle

macho do temón *m.* Pinzote ou eixe vertical do temón que vai unido á pa e xira dentro da femia.

Esp. macho del timón, pinzote

Port. macho do leme

Ing. rudder pintle

macizo de popa *m.* Cuñas dos buques de madeira que se colocan entre as cadernas da popa para suxeitalas. Termo empregado nas Rías Baixas e na Costa da Morte.

Sin. cuña de popa.

Esp. macizo de popa

Port. maciço de popa

Ing. stern chock

macizo de proa *m.* Peza de madeira que serve para encher os ocos que quedan entre as cadernas na proa dos buques de madeira. Recibe este nome nalgunhas zonas da ría de Arousa e da Costa da Morte. *Sin. cuña de proa.*

Esp. macizo de proa

Port. maciço de proa

Ing. bow chock

mafi *f.* Máquina autopropulsada con rodas, que se mete por de-

baixo dos formeros e os transporta. Pode xirar 360 graos e soportar 250 toneladas.

Esp. mafi

Port. mafi

Ing. mafi

maior *adx.* Dise do pau máis grande de todos os que ten unha embarcación. Dise tamén da vela que se pon no mastro maior.

Esp. mayor

Port. maior

Ing. main

maiordomo *m.* Persoa do buque responsable dos aprovisionamentos e das operacións de fonda para acomodar aos pasaxeiros e á tripulación.

Esp. mayordomo

Port. mordomo

Ing. chief steward

malla *f.* Rede ou tecido formado por elos metálicos ou doutro material; cada un dos buratos da rede. *Sin. rede.*

Esp. malla

Port. malha

Ing. mesh

mallete *m. 1.* Cuña de madeira situada transversalmente entre os vaos, que serve para dar seguridade á arboradura dunha embarcación ou á artillería.

Esp. mallete

Port. malhete

Ing. wedge

2. Martelo de madeira que se emprega en determinados oficios.

Esp. mallete

Port. malhete

Ing. mallet

mamparo *m.* Superficie estrutural,

xeralmente vertical, que separa dous compartimentos. Pode ser estanco ou non; neste caso, adoita levar alixeiramentos. *Sin. tabique.*

Esp. mamparo

Port. antepara

Ing. bulkhead

mamparo de colisión *m.* Tabique transversal colocado na proa do buque que soe estar á popa do pique ou rasel de proa. Non se pode dispoñer ningún camarote da tripulación á proa deste tabique. *Sin. tabique de colisión.*

Esp. mamparo de colisión

Port. antepara de colisão

Ing. collision bulkhead

manco *adx. m.* Dise do buque que non ten remos.

Esp. manco

Port. manco

Ing. oarless

manga *f.* Anchura do buque medido horizontalmente en sentido transversal. O valor da manga varía ao longo da eslora xa que os barcos se afinan cara a popa e cara a proa.

Esp. manga

Port. boca, largura

Ing. breadth

manga de arqueo *f.* Manga que se utiliza para arquear ou calcular o volume de arqueo dos barcos.

Esp. manga de arqueo

Port. boca de arqueio

Ing. tonnage breadth

manga de construción *f.* Manga que inclúe o espesor dos forros. *Sin. manga de fóra a fóra, manga fóra de forros.*

Esp. manga de construcción

Port. boca de construción

Ing. building breadth

manga de trazado *f.* Anchura do buque medida de dentro a dentro do forro nos buques de metal e por fóra do forro nos de madeira ou outros materiais.

Esp. manga de trazado

Port. boca na ossada

Ing. molded breadth

manga máxima *f.* A maior anchura medida do buque en sentido transversal.

Esp. manga máxima

Port. boca máxima

Ing. extreme breadth

manga na flotación *f.* Anchura do buque medida no plano de flotación e na caderna mestra. É variable co calado, xa que cambia o plano de flotación ao cambiar o calado.

Esp. manga de flotación

Port. boca na flutuação

Ing. waterline breadth

manguera *f.* Tubo flexible de lona, de caucho ou substancia plástica, empregado para a condución de líquidos ou de ar, para sacar auga das embarcacións, para ventilar partes dun barco, etc.

Esp. manguera

Port. mangueira

Ing. hose

manguito *m.* Peza en forma de cano circular que se emprega para unir dous tubos polo extremo.

Esp. manguito

Port. enlace

Ing. joint sleeve

manilla *f.* Cabo ou amarra en forma de U que serve para unir

partes da cadea ou dos elementos da enxarcia.

Esp. grillete

Port. manilha

Ing. shackle

manobra *f.* 1. Acción que serve para gobernar un navío variando o rumbo ou o sentido da velocidade, atracando, desatracando, etc.

Esp. maniobra

Port. manobra

Ing. maneuver

2. Accións que se realizan para izar pesos, redes e artes de pesca.

Esp. maniobra

Port. manobra

Ing. rigging

manobrabilidade *f.* Característica propia dun buque que pode manobrar nun mínimo de tempo e de espazo, e con pouco esforzo.

Esp. maniobrabilidad

Port. manobrável

Ing. maneuverability

manómetro *m.* Aparello para medir a presión dos líquidos e dos gases.

Esp. manómetro

Port. manômetro

Ing. manometer

mapa *m.* Cada unha das superficies ensanchadas das unllas das áncoras de cepo.

Esp. mapa

Port. mapa

Ing. anchor palm

maqueta *f.* Reprodución dun barco, ou da metade del, a tamaño reducido.

Esp. maqueta

Port. maquete

Ing. scale model

maquinilla *f.* Aparello mecánico xiratorio que serve para soster o cable que aguenta dun barco.

Esp. maquinilla

Port. maquininha

Ing. winch

maquinillas dos puntais *f. pl.*

Máquinas que moven os aparellos dos puntais. *Sin. guinches.*

Esp. maquinillas

Port. máquinas de pontal

Ing. steam winches

maquinillo *m.* Cabrestante que serve para halar o aparello, e que está situado na parte de proa da cuberta.

Esp. cabrestante

Port. cabrestante

Ing. capstan

maquinista *m.* Oficial encargado da operación e o mantemento das máquinas e caldeiras do buque.

Esp. maquinista

Port. maquinista

Ing. engineer officer

mar arborado *m.* Grao 7 da escala de Douglas, cuxo equivalente na de Beaufort é as forzas 8 e 9. Nesta situación, hai ondas de 6 a 9 metros, e o mar rompe e pulveriza a auga, dificultando a visión.

Esp. mar arbolada

Port. mar tempestuoso

Ing. high sea

mar calmo *m.* Mar sen ondas, que se corresponde co grao 0 na escala de Douglas e coa forza 0 da escala de Beaufort.

Esp. mar en calma

Port. mar estanhado

Ing. calm sea

mar enorme *m.* Noveno e derra-

deiro grao da escala de Douglas, equivalente á forza 12 da escala de Beaufort; o mar preséntase extremadamente axitado, e a súa superficie está totalmente branca. O aire énchese de escuma e de auga pulverizada, e a visibilidade é nula. As ondas poden sobrepasar os 14 metros, e as condicións de navegación son moi difíciles.

Esp. mar enorme

Port. mar descontrado

Ing. phenomenal sea

mar groso *m.* Grao 5 da escala de Douglas, equivalente á forza 6 da escala de Beaufort. Nesta situación, fórmanse ondas grandes, de 2,5 a 4 metros, e con cristas de escuma por todas partes.

Esp. mar gruesa

Port. mar grosso

Ing. rough sea

mar moi groso *m.* Grao 6 da escala de Douglas, equivalente á forza 7 da escala de Beaufort; o mar amontóase, e a escuma branca das cristas rómpese e é impulsada polo vento. Fórmanse ondas de 4 a 6 metros.

Esp. mar muy gruesa

Port. mar alteroso

Ing. very rough sea

mar montañoso *m.* Grao 8 da escala de Douglas, equivalente ás forzas 10 e 11 da escala Beaufort. Prodúcese ondas moi altas, de entre 9 e 14 metros, e créanse cristas e moita escuma que van na dirección do vento. Hai pouca visibilidade e a superficie do mar está moi branca.

Esp. mar montañosa

Port. mar encapelado

Ing. very high sea

mar rizado *m.* Grao 1 da escala de Douglas, que se corresponde coas forzas 1 e 3 da escala de Beaufort. Neste estado, comezan a aparecer pequenos rizos, e as ondas miden ata 0,25 m como máximo.

Esp. mar rizada

Port. mar chão

Ing. rippled sea

mar territorial *m.* Franxa adxacente á costa da ribeira do Estado que se estende ata unha distancia de doce millas mariñas contadas a partir das liñas de base.

Esp. mar territorial

Port. mar territorial

Ing. territorial sea

maraxe *f.* Brisa suave do mar; vento apracible.

Esp. aura

Port. brisa

Ing. breeze

marca *f.* Lugar da costa que se emprega como punto de referencia.

Esp. marca

Port. marca

Ing. landmark

marca cardinal *f.* Baliza que indica que as augas máis profundas da zona onde se atopa son as do cuadrante que lle dá nome á marca, é dicir, que a zona segura e navegable estará ao norte, sur, leste ou oeste da boia. Tamén poden sinalar o lugar por onde teñen que pasar as embarcacións para esquivar un perigo, ou para chamar a atención sobre algunha situación.

Esp. marca cardinal

Port. marca cardinal

Ing. cardinal mark

marca cardinal leste *f.* Sinal que indica o leste. É de cor negra cunha banda horizontal amarela, e posúe unha baliza de castelete ou de espeque, e un tope de dous conos negros superpostos opostos pola base. Emite unha luz branca cun ritmo escintilante rápido en grupos de tres escintileos.

Esp. marca cardinal este

Port. marca cardinal leste

Ing. east cardinal mark

marca cardinal norte *f.* Sinal que marca o norte; consiste nunha baliza de castelete ou de espeque, de cor negra sobre amarela, e cun tope de dous conos negros superpostos co vértice cara arriba. A súa luz é branca, e emite un ritmo escintilante rápido continuo.

Esp. marca cardinal norte

Port. marca cardinal norte

Ing. north cardinal mark

marca cardinal oeste *f.* Sinal indicativo do oeste, que consta dunha baliza amarela cunha banda horizontal negra, de forma de castelete ou espeque, e cun tope de dous conos negros superpostos polos vértices. Emite unha luz branca cun ritmo escintilante rápido a intervalos de nove escintileos.

Esp. marca cardinal oeste

Port. marca cardinal oeste

Ing. west cardinal mark

marca cardinal sur *f.* Baliza de sinalización do sur de cor amarela sobre negra e de forma de castelete ou espeque. Consta dun tope con dous conos negros superpostos co

vértice cara abaixo, e a súa fase de luz branca amosa un ritmo escintilante rápido de grupos de seis escintileos, máis un escintileo longo cada 15 segundos.

Esp. marca cardinal sur

Port. marca cardinal sul

Ing. south cardinal mark

marca de augas navegables *f.*

Indica a existencia de augas profundas aptas para a navegación, que non amosan perigo arredor seu. Pode sinalar o centro dunha canle de navegación. Consiste nunha baliza esférica, de castelete ou de espeque, con franxas verticais vermellas e brancas, e cun tope esférico vermello. Emite luz branca, en fases de 10 segundos, en isofase, en modo de ocultación, ou marcando a letra A do código morse.

Esp. marca de augas navegables

Port. marca de água navegável

Ing. safe water mark

marca de babor *f.* Sinal da situación de babor, situada á esquerda do sentido da marcha, de cor vermella, cun tope cilíndrico vermello, unha baliza cilíndrica, de castelete ou de espeque, e cunha fase de luz rítmica.

Esp. marca de babor

Port. marca de bombordo

Ing. port hand lateral mark

marca de canal principal a

babor *f.* Sinal que indica a preferencia de ir polo estribor nunha bifurcación; consiste nunha baliza cilíndrica, de castelete ou espeque, de cor vermella cunha banda horizontal verde. O seu tope é un ci-

lindro vermello, e fase de luz é de grupos de dous escintileos máis un, de cor vermella.

Esp. marca de canal principal a babor

Port. marca de canal principal a bombordo

Ing. preferred channel to port mark

marca de canal principal a es-

tribor *f.* Marca que indica a preferencia de ir cara estribor; consiste nunha baliza cilíndrica, de castelete ou espeque, de cor vermella cunha banda horizontal verde, e cun tope cilíndrico vermello. A súa luz é vermella, en grupos de dous escintileos máis un.

Esp. marca de canal principal a estribor

Port. marca de canal principal a estibordo

Ing. preferred channel to starboard mark

marca de estribor *f.*

Sinal da situación de estribor de cor verde, situada á dereita seguindo o sentido da marcha; consta dunha baliza cónica, de castelete ou de espeque, e ten un cono verde no tope. A súa luz é rítmica.

Esp. marca de estribor

Port. marca de estibordo

Ing. starboard lateral mark

marca de perigo illado *f.*

A que se levanta sobre un perigo illado rodeado de augas navegables. Consiste nunha baliza de forma de castelete ou de espeque, preferiblemente, para evitar a confusión coas marcas laterais. A súa cor é negra e ten unha ou máis bandas

horizontais vermellas, e no tope posúe dúas esferas negras superpostas. A fase de luz produce un grupo de dous escintileos de luz branca.

Esp. marca de peligro aislado

Port. marca de perigo isolado

Ing. isolated danger mark

marca de tope *f.* Elemento de forma e cor características, que se coloca na parte superior da boia para facilitar a súa identificación.

Esp. marca de tope

Port. marca de tope

Ing. top mark

marca especial *f.* Sinal indicativo dunha situación especial, como por exemplo, un depósito de materiais, a presenza de cables ou oleodutos, unha zona militar, etc. A baliza é de cor amarela, e pode ser de calquera forma, sempre que non se preste a confusión coas outras marcas. O tope é unha aspa amarela, e a luz é da mesma cor, e pode emitir calquera fase, excepto as correspondentes ás marcas cardinais, de perigo illado ou de augas navegables.

Esp. marca especial

Port. marca especial

Ing. special mark

marca lateral *f.* Baliza que sinala as situacións de babor e de estribor dun canal, con respecto á posición do barco e do seu rumbo.

Esp. marca lateral

Port. marca lateral

Ing. lateral mark

marcación *f.* Ángulo horizontal formado pola liña proa-popa dun buque e a visual dirixida a un ob-

xecto ou á vertical dun astro.

Esp. marcación

Port. marcação

Ing. bearing

marea *f.* 1. Movemento periódico das augas do mar, que alternan o sentido ascendente e descendente. A marea alta é o abalo ou preamar. A baixa é o devalo ou baixamar.

Esp. marea

Port. maré

Ing. tide

2. Actividade de pesca xunto coa súa duración. Cantidad de pesca que capturan as embarcacións.

Esp. marea

Port. campanha de pesca

Ing. fishing

marea negra *f.* Contaminación das augas que se produce polo vertido de produtos petrolíferos procedentes dun naufraxio ou accidente, dun barco ou dunha plataforma petrolífera. Os efectos da marea negra son moi negativos para os seres vivos, e poden producir catástrofes ecolóxicas.

Esp. marea negra

Port. maré negra

Ing. black tide

mareas mortas *f. pl.* Mareas que se producen cada 14 días, cando a lúa está en cuarto crecente ou minguante, é dicir, cando o sol e a lúa se achegan ou se separan. A influencia da lúa é menor neste caso, e o mar enche e baleira menos que coas mareas vivas.

Esp. mareas muertas

Port. marés mortas

Ing. neap tides

mareas vivas *f. pl.* Mareas que se

producen cada 14 días, cando hai lúa chea e lúa nova, é dicir, cando as posicións do sol e da lúa no ceo están aliñadas ou opostas. A influencia da lúa nestes períodos é maior e o mar tira máis pola auga.
Sin. mareiras.

Esp. mareas vivas

Port. marés vivas

Ing. spring tides

mareira *f.* Grao 3 da escala de Douglas, equivalente á forza 4 da escala de Beaufort. Aparecen pequenas ondas que rompen, cunha altura de entre 0,50 e 1,25 m.

Esp. marejada

Port. pequena vaga

Ing. slight sea

mareiriña *f.* Grao 2 da escala de Douglas, equivalente á forza 3 da escala de Beaufort. Prodúcese pequenas ondas de entre 0,25 e 0,50 metros, sen formaren espuma.

Esp. marejadilla

Port. mar encrespado

Ing. smooth sea

mareógrafo *m.* Instrumento que rexistra graficamente o nivel que alcanzan as augas do mar en distintos momentos.

Esp. mareógrafo

Port. marégrafo

Ing. tide gauge

marina *f.* 1. Conxunto de navíos e mariñeiros dun país. *Sin. flota.*

Esp. marina

Port. marinha

Ing. navy, marine

2. Litoral ou beira do mar. *Sin. costa, beiramar.*

Esp. marina

Port. marinha

Ing. shore

marinha de guerra *f.* Armada. Conxunto de barcos e de homes que se dedican ás actividades de defensa. *Sin. Armada.*

Esp. Marina de guerra, Armada

Port. Marinha de guerra

Ing. Navy

marinha mercante *f.* Conxunto de barcos e de homes que se dedican ao comercio e ao transporte marítimo.

Esp. marina mercante

Port. marinha mercante

Ing. merchant shipping

mariñeiría *f.* 1. Conxunto de mariñeiros dun buque. *Sin. dotación.*

Esp. marinería

Port. marinharia

Ing. seamen

2. Oficio, profesión ou arte de mariñeiro.

Esp. marinería

Port. marinharia

Ing. seamanship

mariñeiro *m.* Persoa que presta servizo nunha embarcación. *Sin.*

mariño.

Esp. marinero

Port. marinheiro

Ing. sailor

mariscar *v. i.* Acción de pescar o marisco. *Sin. pescar.*

Esp. mariscar

Port. mariscar

Ing. shrimp

marisma *f.* Terreo baixo e pantanoso inundado polo mar. *Sin. lamazal, braña.*

Esp. marisma

Port. marisma

Ing. marsh

marisqueo *m. v.i.* acepción intransitiva do verbo Acción de mariscar. Coller mariscos preto da praia ou da costa.

Esp. marisqueo

Port. mariscar

Ing. shrimping

marola *f.* Axitación natural do mar en tempo de calma, que destaca alí onde hai algunha corrente.

Esp. marola

Port. marola

Ing. rough sea

martelo *m.* Ferramenta formada por unha peza xeralmente metálica que serve para golpear, colocada no extremo dun mango.

Esp. martillo

Port. martelo

Ing. hammer

martelo de unlla *m.* Martelo que consta dunha peza de aceiro, a xeito de cabeza de mango de madeira. A cabeza ten un extremo con final plano e outro cunha fenda para sacar cravos.

Esp. martillo de uña

Port. martelo de unha

Ing. hammer

martelo perforador *m.* Instrumento mecánico de perforación accionado por aire comprimido xeralmente, que se emprega para romper rochas ou superficies duras, como por exemplo, o fondo mariño.

Esp. martillo perforador

Port. martelo perfurador

Ing. hammer drill

marusía *f.* Grave movement do mar con grandes ondas, mais sen tempestade. *Sin. mareira.*

Esp. marejada

Port. maresia

Ing. rough sea

marxe continental *f.* Comprende a prolongación somerxida da masa continental da ribeira do Estado e está constituído polo leito e o subsolo da plataforma, o talude e a emersión continental. Non comprende o fondo oceánico profundo.

Esp. margen continental

Port. margem continental

Ing. continental margin

mascarón de proa *m.* Figura situada na parte alta da proa dalgúns barcos por motivos ornamentais.

Esp. mascarón de proa

Port. mascarão de proa

Ing. figurehead

mastareu *m.* Véxase: **masteleiro**.

masteleiriño *m.* Cada un dos paus de menor tamaño que van en posición vertical por riba dos masteleiros.

Esp. masteleirillo

Port. mastaréu

Ing. topgallant mast

masteleiro *m.* Nome dado a cada un dos paus de madeira postos de forma vertical con que se rematan, no alto, os mastros principais dos navíos veleiros. Pequeno mastro.

Esp. mastelero

Port. mastaréu

Ing. top mast

mastro *m.* Poste vertical de madeira ou metálico e aparelado, que serve nos veleiros para sustentar as velas e nos navíos de propulsión mecánica para soportar paus de carga, faroís e aparellos que esixan

posición elevada. *Sin.* hasta, pau.

Esp. mástil

Port. mastro

Ing. mast

matafión *m.* 1. Cada unha das cordas pequenas dun aparello de pesca.

Esp. matafión

Port. matafiom

Ing. furling line

2. Cabos curtos que realizan as funcións de envergar e tomar as velas, que se empregan para agarrar o pano e reducir a superficie vélica.

Esp. matafiol

Port. matafiom

Ing. sail tier

maxistral *f.* Agulla magnética colocada na ponte de goberno para dirixir o rumbo do barco.

Esp. magistral

Port. agulha magistral

Ing. master compass

mazo *m.* Peza formada por un taco de madeira cun mango. Utilízase para axustar as unións de madeira.

Esp. mazo

Port. maço

Ing. mallet

mecha *f.* 1. Eixe do temón.

Esp. mecha

Port. madre do leme

Ing. rudder headstock

2. Parte do mastro que serve de base ao resto da árbore.

Esp. mecha

Port. mecha

Ing. spindle, heart

mediomundo *m.* Aparello de pesca que consiste nunha rede con

forma de media esfera e coa boca aberta enriba; emprégase de forma manual ou mecanicamente. *Sin.*

saranda, veo.

Esp. mediomundo

Port. mediomundo, saranda

Ing. lift net

mena *f.* 1. Grosor dun cabo medido pola lonxitude da circunferencia do mesmo.

Esp. mena

Port. diámetro de cabo

Ing. rope diameter

2. Almacén que contén o material co que se van construír os barcos.

Esp. almacén

Port. armazém

Ing. store

mergullador *m.* Persoa que se dedica á exploración do fondo mariño e que se axuda de equipos adecuados para permanecer baixo as augas. *Sin.* submarinista.

Esp. buceador

Port. mergulhador

Ing. diver

merlín *m.* Cabo delgado de cânabo alcatranado, que se emprega para coser entre outras cousas.

Esp. merlín

Port. merlim

Ing. marline

mesana *f.* Pau que está máis preto da popa nun buque de tres paus.

Esp. mesana

Port. mezena

Ing. mizzenmast

mestranza *f.* 1. Conxunto dos operarios que traballan na construción e reparación dos buques; grupo de persoas que exerce un oficio sen posuír ningún título

académico. *Sin.* **mestría.**

Esp. maestranza

Port. mestrança

Ing. dockyard workers

2. Instalacións onde se levan a cabo as devanditas tarefas de reparación e construción.

Esp. maestranza

Port. mestrança

Ing. naval dockyard

mestre *m.* Persoa que manda nunha embarcación despois do capitán; obreiro cualificado con alto grao no seu oficio. *Sin.* **patrón.**

Esp. maestro

Port. mestre

Ing. master

metacentro *m.* Certo punto considerado nun corpo flotante e de cuxa posición depende a estabilidade da flotación dese corpo. Tecnicamente defínese como o centro de curvatura da superficie de centros de carena en cada punto desta. Para a análise da estabilidade dun buque consideranse o metacentro transversal e o metacentro lonxitudinal.

Esp. metacentro

Port. metacentro

Ing. metacenter

milla mariña *f.* Medida de lonxitude especialmente usada en navegación, que ten a lonxitude equivalente a un minuto de meridiano, ou 1852 metros. *Sin.* **milla náutica.**

Esp. milla náutica

Port. milha marinha

Ing. sea mile

minio *m.* Óxido de chumbo de cor vermella, usado como capa antio-

xidante para protexer os metais da corrosión.

Esp. minio

Port. minio

Ing. minium

miño *m.* Rede de pesca similar ao tramallo, que ten maior altura e que se fai cun fío de cáñamo máis delgado.

Esp. red

Port. rede

Ing. fishnet

mística *f.* Vela triangular semellante á latina, con caída cara a proa.

Esp. mística

Port. mística

Ing. mystic

moco *m.* Pau suxeito ao bauprés que o reforza para manter a tensión dos estais.

Esp. moco

Port. pau de pica peixe

Ing. martingale boom

moderado *adx. m.* Vento de forza 4 na escala de Beaufort, comparable ao grao 3 na de Douglas. Nesta situación, as ondas alórganse e aparecen trazas de espuma espalladas. O vento sopra cunha forza de entre 11 e 16 nós.

Esp. bonancible

Port. vento moderado

Ing. moderate breeze

módulo de armamento anticipado *m.* Conxunto de aparatos, tubos e accesorios, sobre un soporte común, que se arman todos xuntos para montarse como un conxunto no barco.

Esp. módulo de armamento anticipado

Port. módulo de armação anteci-

pada

Ing. pre-outfitting

molinete *m.* Cabrestante colocado horizontalmente na proa dos navíos pequenos, para suspender as áncoras.

Esp. molinete

Port. molinete

Ing. windlass

molinete de driza *m.* Aparello que consta dun torno e que se emprega para recoller a driza.

Esp. molinete de driza

Port. molinete de adriça

Ing. halyard winch

molinete de escota *m.* Mecanismo xiratorio que serve para recoller a escota.

Esp. molinete de escota

Port. molinete de escota

Ing. sheet winch

molinete de remolque *m.* Aparello potente de tiro, cun ou varios tambores, destinado a almacenar, largar e virar cabos de remolque.

Esp. chigre de remolque

Port. molinete de reboque

Ing. towing winch

momento flexor *m.* Esfuerzo máis característico nos buques. Constitúe a flexión que ten que soportar o buque cando se somerxe co seu propio peso e o da carga que transporta, e é empurrado cara arriba polo empuxe que produce a parte somerxada, de acordo co teorema de Arquímedes. Se o barco vai mal cargado, por exemplo, se a carga se concentra na zona central, a popa e a proa se levantan e producen arrufe. En caso contrario, a popa e

a proa baixan e se produce quebranto.

Esp. momento flexor

Port. momento flexor

Ing. bending moment

mordaza *f.* Máquina sinxela de ferro que permite facer firme un cabo de xeito similar a unha cornamusa e que detén e impide a saída da cadea da áncora.

Esp. mordaza

Port. mordaza

Ing. stopper

morro *m.* Parte redondeada que sobresa dun espigón, e que serve de orientación aos mariñeiros.

Esp. morro

Port. bico

Ing. pier head

morroñ *m.* Bitá metálica que se coloca nun peirao para soste os cabos dos buques cando se amarran. *Sin. bita.*

Esp. bolardo

Port. argola de amarração

Ing. bollard

morse *m.* Sistema de sinais que utiliza un código no que a cada carácter correspóndelle unha combinación de raias e puntos.

Esp. Morse

Port. Morse

Ing. Morse code

morto *m.* Forma de ancoraxe que consiste en dispor un peso de formigón ou doutro material que está no fondo do mar e levar un cabo ou cable ata unha boia onde se amarran as embarcacións.

Esp. muerto

Port. morto

Ing. mooring buoy

motón *m.* Caixa oval de madeira ou de metal que leva unha ou varias aberturas para as roldanas ou poleas por onde pasan as drizas coas que se izan as velas das embarcacións.

Esp. motón

Port. polia

Ing. block

motores auxiliares *m. pl.* Os em-

pregados normalmente para a produción de enerxía eléctrica.

Esp. motores auxiliares

Port. motores auxiliares

Ing. auxiliary engines

motores principais *m. pl.* Os em-

pregados para a propulsión.

Esp. motores principales

Port. motores principais

Ing. main engines

N

nasa *f.* Instrumento de pesca que dispón de cesto cunha abertura en forma de funil, e unha tapadeira para o cesto. Emprégase para a captura de peixe e marisco. *Sin. cesto.*

Esp. nasa

Port. nassa

Ing. creel

naufragar *v. i.* Afundirse unha embarcación, ir a pique. *Sin. afundirse.*

Esp. naufragar

Port. naufragar

Ing. capsiz

naufraxio *m.* Perda dun navío no fondo do mar, dun río ou dun lago navegable. Navío naufragado que se atopa nunha situación que ofrece perigo para os navegantes. *Sin. afundimento.*

Esp. naufragio

Port. naufrágio

Ing. shipwreck

náutica *f.* Ciencia e arte da navegación.

Esp. náutica

Port. náutica

Ing. navigation

nave *f.* Barco, navío. Construción capaz de flotar e apta para a navegación. *Sin. barco, buque, navío.*

Esp. nave

Port. nave

Ing. ship

nave de armamento *f.* Taller destinado á montaxe de estruturas navais, e ao equipamento das mesmas.

Esp. nave de armamento

Port. nave de armamento

Ing. fitting-out shop

nave de ferreiros de ribeira *f.* Taller destinado ao elaborado do

aceiro que compón o casco do buque.

Esp. nave de herreros de ribera

Port. nave de ferreiros de ribeira

Ing. steel fabrication shop

nave de prefabricación *f.* Lugar do estaleiro destinado a construír os bloques estruturais do buque, para posteriormente ser levados para a súa montaxe formando o buque completo na grada ou dique. Acostuma estar situada na cabeceira da grada respectiva e en liña con estes.

Esp. nave de prefabricación

Port. nave de prefabricação

Ing. prefabrication shop

navegabilidade *f.* Condición de manter o buque un rumbo e unha velocidade a pesar das condicións adversas. Neste factor inflúen as formas do barco e a altura da obra morta, entre outros factores.

Esp. navegabilidad

Port. navegabilidade

Ing. seaworthiness

navegación *f.* 1. Acción de navegar ou de viaxar, xeralmente polo mar.

Esp. navegación

Port. navegação

Ing. navigation

2. Conxunto de técnicas que permiten determinar o punto onde se atopa unha nave e establecer o camiño ou o rumbo que ten que seguir en cada momento para trasladarse a outro punto determinado da superficie do mar.

Esp. navegación

Port. navegação

Ing. navigation

navegación astronómica *f.* Tipo

de navegación que se efectúa partindo dos datos que subministran os astros, o sol e as estrelas pola súa posición relativa respecto á Terra, tal como se observa no firmamento.

Esp. navegación astronómica

Port. navegação astronômica

Ing. celestial navigation

navegación costeira *f.* Navegación que se efectúa non perdendo de vista a costa e usando as referencias que esta lle proporciona á embarcación.

Esp. navegación costera

Port. navegação, navegação, navegação costeira

Ing. coastal navigation

navegación de cabotaxe *f.* Navegación que se fai de porto a porto polas inmediacións da costa e tomando como referencia os puntos coñecidos desta.

Esp. navegación de cabotaje

Port. navegação de cabotagem

Ing. coastal navigation

navegación electrónica *f.* Aquela que se guía polas referencias obtidas vía satélite, polas referencias con relación a estacións emisoras de radio que emiten sinais dirixidas exclusivamente a este fin, e a navegación por radar que se fai polas referencias obtidas de estacións que emiten ondas de radar en frecuencias determinadas tamén dirixidas a este fin.

Esp. navegación electrónica

Port. navegação eletrônica

Ing. electronic navigation

navegación loxodrómica *f.* A que se realiza co mesmo rumbo

continuamente, é dicir, cortando os meridianos co mesmo ángulo.

Esp. navegación loxodrómica

Port. navegação loxodrômica

Ing. plane sailing

navegación ortodrómica *f.* A que se realiza segundo a liña ortodrómica, que é a que marca a distancia máis curta entre dous puntos.

Esp. navegación ortodrómica

Port. navegação ortodrômica

Ing. great circle sailing

navegación por estima *f.* A que se efectúa partindo dos rumbos seguidos polo barco e das distancias navegadas en cada un deles. Tómase como orixe un punto coñecido (punto de partida) para poder deducir en todo momento coa maior aproximación posible a situación do barco (punto de estima).

Esp. navegación por estima

Port. navegação por estima

Ing. dead reckoning

navegador por satélite *m.* Obxecto que permite determinar para un punto da superficie terrestre a latitude, a lonxitude e altura, a través do sistema xeodésico terrestre así como a hora GPS, mediante referencias á posición e sinais recibidos vía satélite.

Esp. navegador satelital

Port. navegador por satélite

Ing. satellite navigator

navegante *m.* Persoa que navega.

Esp. navegante

Port. navegante

Ing. navigator

navegar *v. i.* Viaxar por mar ou por río en calquera tipo de navío. Cir-

cular o barco polo mar. *Sin. sin-grar, vogar.*

Esp. navegar

Port. navegar

Ing. sail

navegar a remolque *loc.* Andar remolcado pola auga, sendo levado deste xeito.

Esp. navegar a remolque

Port. navegar com reboque

Ing. tugged sailing

navegar aberto *loc.* Navegación lonxe da costa ou de calquera perigo.

Esp. navegar abierto

Port. navegar aberto

Ing. sail clear of land

navegar aventado *loc.* Navegar coas escotas largas ou aventadas.

Esp. navegar aventado

Port. navegar aventado

Ing. winnow sailing

navegar de bolina *loc.* Navegar cinguindo o vento.

Esp. navegar de bolina

Port. navegar à bolina

Ing. to sail close hauled

navieira *f.* Empresa ou compañía propietaria de buques mercantes. *Sin. compañía naval.*

Esp. naviera

Port. companhia naval

Ing. shipping company

navieiro *m. 1.* Persoa ou sociedade propietaria dun barco ou dunha flota.

Esp. naviero

Port. armador

Ing. shipowner

2. Representante desa flota. Pode tratarse dunha persoa física ou xurídica.

Esp. naviero

Port. armador

Ing. shipowner

navío *m.* 1. Embarcación de gran tonelaxe e de grandes dimensións.

Sin. barco, buque, embarcación.

Esp. navío, buque

Port. navio, nau

Ing. ship, vessel

2. Díciase do barco a vela, xeralmente con tres paus e de estrutura fortificada, que se empregaba para a guerra e que tiña dúas baterías por banda e máis de 60 canóns. Tamén usábase para o transporte de mercadorías.

Esp. navío

Port. navio

Ing. ship

nervio *m.* 1. Cabos metálicos que van dun penol a outro dunha verga e que serven para asegurar a envergadura das velas. *Sin. corda, ligamento.*

Esp. nervio

Port. ligamento

Ing. jackstay

2. Estais para envergar as velas de coitelo.

Esp. nervio

Port. estai

Ing. staysail

niño de corvo *m.* Expresión usada para referirse a unha especie de garita da parte alta do pau de proa onde se coloca o vixía en caso de néboa.

Esp. nido de cuervo

Port. ninho de corvo

Ing. crow's nest

nível *m.* 1. Instrumento que serve para comprobar a horizontalidade

dunha superficie ou a súa diferenza de altura con respecto a outro obxecto.

Esp. nivel

Port. nível

Ing. level meter

2. Dispositivos de medida e control dos niveis dos tanques de carga líquida.

Esp. nivel

Port. nível

Ing. level

nível do mar *m.* Nivel que se toma como referencia para medir a altura dos continentes. Non é unha liña fixa nin constante. Sobe como consecuencia, entre outras cousas, do cambio climático.

Esp. nivel del mar

Port. nível do mar

Ing. sea level

nó *m.* Unidade marítima de velocidade que equivale a unha milla náutica por hora.

Esp. nudo

Port. nó

Ing. knot

norai *m.* Columna robusta de fundición ou pedra colocada no cantil dos peiraos, onde amarran os barcos. *Sin. bita.*

Esp. noray, bolardo

Port. bita

Ing. bollard, mooring post

numeral de equipo *m.* Número, obtido en función das dimensións principais do buque, que determina, segundo establezan os regulamentos das sociedades de clasificación, o número e o peso das áncoras das que debe dispor o buque, o número e tamaño das ca-

deas das áncoras, dos elementos de amarre, etc.

Esp. numeral de equipo

Port. número do equipamento

Ing. equipment numeral

número de identificación do casco *m.* Numeración que consta de 15 caracteres fixados de forma

permanente no casco. Cada embarcación ten un número de identificación diferente.

Esp. número de identificación del casco

Port. número de identificação do casco

Ing. hull identification number



obediente *adx.* Dise do buque que responde ben ao temón.

Esp. obediente

Port. manejável

Ing. responsive

obenque *m.* Cada un dos cables con que se suxeitan os paus mastros e os masteleiros desde a súa cabeza ata a cuberta, cara a estribor. *Sin. amantillo.*

Esp. obenque

Port. ovém

Ing. shroud

obenquillo *m.* Nome que se lle dá aos obenques dos masteleiriños.

Esp. obenquillo

Port. ovém baixo

Ing. topgallant shroud

obra morta *f.* Parte do casco que vai desde a liña de flotación a máxima carga ata a parte máis alta do buque.

Esp. obra muerta

Port. obra morta

Ing. upper works, topsides

obra viva *f.* Parte do casco somerxida que vai desde a quilla ata a liña de flotación a máxima carga.

Sin. carena.

Esp. obra viva, carena

Port. obra viva

Ing. underwater hull

obturador *m.* Dispositivo que se emprega coa función de evitar a fuga de vapor e doutros fluídos nas máquinas.

Esp. obturador

Port. obturador

Ing. obturator, seal

offshore *m.* Fóra de costa. Refírese normalmente a un lugar do mar onde se realizan traballos de exploración e explotación de recursos oceánicos, como pode ser

petróleo, minerais, acuicultura oceánica, etc.

Esp. offshore

Port. offshore

Ing. offshore

oleoducto *m.* Sistema de tubos para a condución do petróleo e de produtos derivados a longa distancia. Hainos terrestres e submarinos.

Esp. oleoducto

Port. oleoduto

Ing. oil pipeline

ollado *m.* Cada un dos ollais das velas que serven para pasar os cabos por eles.

Esp. ollao

Port. olhai

Ing. eyelet

ollo da áncora *m.* Orificio da parte superior da cana a través da que se pasa o pasador do grillón de arganeo.

Esp. ojo del ancla

Port. olho da âncora

Ing. anchor eye

ollo de boi *m.* Ventá pechada, circular ou ovalada, típica dos barcos.

Esp. ojo de buoy

Port. olho de boi, óculo

Ing. side scuttle

onda *f.* Cada unha das elevacións producidas na auga por causa do vento. *Sin. vaga.*

Esp. ola

Port. onda

Ing. wave

orella *f.* Véxase: **aleta**.

orelleta *f.* Denominación que se dá ás pequenas pezas saíntes con trastes ou buratos para aloxar pasadores ou parafusos.

Esp. orejeta

Port. lingueta

Ing. tab

orinque *m.* Cabo grosa que une unha boia de sinalización coa áncora que a fixa ao fondo das augas, para que a boia poida balizar perfectamente o lugar onde está situada.

Esp. orinque

Port. arinque

Ing. buoy rope

orza *f.* Prancha metálica ou de outros materiais de diversas formas que se coloca baixo a quilla ou as veces nos laterais das embarcacións de vela para aumentar o plano de deriva e así a capacidade de manter o rumbo.

Esp. orza

Port. orça

Ing. centerboard, sideboard

orza de sable *f.* Orza profunda e estreita como as que empregan algúns catamaráns.

Esp. orza de sable

Port. orça tirante

Ing. sword-shape centerboard plate

orza móbil *f.* Prancha de aceiro ou doutros materiais, moitas veces aloxada nunha caixa chamada caixa de orza, que chega máis arriba da flotación ao fin de impedir a entrada de auga, e a cal vai arredor dunha abertura existente nos fondos da embarcación. É susceptible de desprazarse verticalmente, chamada orza levadiza, ou ben xirar arredor dun eixo, chamada orza xiratoria.

Esp. orza móvil

Port. orça móbil

Ing. mobile keel

ostaga *f.* Nome dado a un cabo grosso utilizado para izar ou arriar horizontalmente as vergas das gabias altas, ao longo do respectivo mastro.

Esp. ostaga

Port. ostaga

Ing. tackle runner

ostas *f. pl.* 1. Cabos que serven para tensar os cangrexos cando as velas están orientadas; tamén poden guialos.

Esp. ostas

Port. osta, cabo

Ing. vangs, guys

2. Cada un dos cabos que serven para orientar e manter en posición as plumas de carga.

Esp. ostas

Port. cabos

Ing. guys, vang pendants

outrigger *m.* Embarcación deportiva a remo na que os apios dos remos se estenden por fóra do casco da embarcación.

Esp. outrigger

Port. outrigger

Ing. outrigger

P

P.R.F.V. *m.* Poliéster reforzado con fibra de vidro.

Esp. PRFV

Port. PRFV

Ing. Glass Reinforced Polyester (GRP)

pa *f.* 1. Parte plana e ancha do remo.

Esp. pala

Port. pá dum remo

Ing. oar blade

2. Parte plana que constitúe a superficie do temón.

Esp. pala

Port. pá do leme

Ing. rudder blade

pada *f.* Movemento que se fai cunha pa.

Esp. palada

Port. pazada, remada

Ing. oar stroke

pailebote *m.* Goleta pequena e rasa de dous ou máis paus, sen gabias,

que navega con velas de coitelo.

Esp. pailebote

Port. palhabote

Ing. fore-and-aft schooner

palangre *m.* Aparello de pesca que consiste nunha corda longa que leva moitos anzois atados a cordas curtas que, á súa vez, va atadas nela. *Sin. liña de man.*

Esp. palangre

Port. linha de fundo

Ing. longline

palanque *m.* Cabo dobre ou aparello que serve para cargar os puños das dúas velas maiores. *Sin. cabo.*

Esp. palanquín

Port. acabo

Ing. clew line

paleta *f.* Cada un dos elementos propulsores dunha hélice ou dun rotor que, fixada ao seu núcleo,

constitúe o seu elemento propulsor. *Sin.* **pa.**

Esp. aspa, paleta

Port. pá

Ing. blade

pallette *m.* Tecido que se fai con anacos de cabos, que se pode empregar para protexer algunhas partes do barco.

Esp. pallette

Port. tecido

Ing. mat

pallette de colisión *m.* Anaco de lona embreada que se pasa pola parte exterior do casco dun barco, por fóra dun burato debido a unha colisión ou avaría, e é tensada contra o burato por medio de cabos, co obxecto de impedir a entrada de auga.

Esp. pallette de colisión

Port. defensa de colisión

Ing. collision mat

palmejar *m.* Elemento de reforzamento lonxitudinal do casco dos buques, disposto coa súa superficie plena en posición horizontal. Normalmente son os elementos de reforzamento lonxitudinal dos costados; tamén dos mamparos lonxitudinais e por extensión dos transversais.

Esp. palmejar

Port. longarina lateral

Ing. side stringer

palomar *m.* Fío grosso para coser velas. *Sin.* **fió.**

Esp. palomar

Port. palomar

Ing. bolt rope

pana *f.* Cada unha das pezas de madeira que forman os pisos das em-

barcacións menores e que se apoian nas varengas. Lugar do barco onde se coloca o aparello de pesca cando se sae ao mar, e o peixe, e desde onde se pode vogar.

Sin. **panel.**

Esp. pana

Port. painel

Ing. bottom board

panca *f.* 1. Pau grosso empregado para mover embarcacións en zonas pouco profundas. Vara longa que serve para accionar un mecanismo. Corpo sólido que se move sobre un punto de apoio e serve para erguer pesos. *Sin.* **alzaprema.**

Esp. palanca

Port. panca

Ing. lever

2. Embarcación pequena que levan os buques de pesca ao casco como auxiliar.

Esp. panga

Port. enviada

Ing. skiff

pandeo *m.* Fenómeno de inestabilidade elástica que se produce cando unha estrutura longa e estreita se somete á compresión desde os extremos, e provoca a súa flexión lateral. *Sin.* **abaneo.**

Esp. pandeo

Port. pandeio

Ing. bulging

panel *m.* Conxunto de táboas situadas de babor a estribor que forman o chan dalgunhas embarcacións e que, nas de remos, serven para sentarse os que reman. *Sin.* **banda.**

Esp. panel

Port. painel

Ing. panel

panel de balsa *m.* Panel formado por dúas láminas finas de aceiro, aluminio, plástico, etc., entre as que se coloca madeira de balsa formando unha placa de certo espesor e consistencia pero moi lixeira e illante.

Esp. panel sándwich

Port. sanduíche de balsa

Ing. sandwich panel insulation

panel de popa *m.* Parte chata da popa do navío que fica por enriba da curvatura do codaste de popa.

Esp. panel de popa

Port. painel de popa

Ing. stern board

pano *m.* Trapo ou velame que desprega unha embarcación.

Esp. paño

Port. pano

Ing. cloth

pantalán *m.* Peirao ou embarcaidoiro pequeno, para embarcacións de pouca tonelaxe, que flutúa no auga.

Esp. pantalán

Port. porto

Ing. pier

pantoque *m.* Parte curva ou redondeada do forro ou carena, que une o costado vertical co fondo horizontal do barco.

Esp. pantoque

Port. escôa

Ing. bilge radius

pañol *m.* Cada un dos espazos ou divisións que se fan no interior dos barcos para gardar diversas cousas, como aparellos, ferramentas, alimentos ou municións.

Esp. pañol

Port. paiol

Ing. storeroom

pañol de máquinas *m.* Local onde se almacenan elementos para a reparación e mantemento das máquinas.

Esp. pañol de máquinas

Port. paiol de máquinas

Ing. engine store

pañol de pinturas *m.* Local onde se almacena a pintura que ten que empregarse a bordo para operacións de mantemento.

Esp. pañol de pinturas

Port. paiol de pinturas

Ing. paint room

pañol do contramestre *m.* Local onde se almacenan cabos, elementos de manobra, etc., baixo a supervisión e responsabilidade do contramestre.

Esp. pañol del contramaestre

Port. paiol do contramestre

Ing. boatswain's store

paquebote *m.* 1. Buque correo e de pasaxeiros. Xeralmente aplícase ao transatlántico que fai viaxes regulares.

Esp. paquebote

Port. paquebote

Ing. packet boat

2. Embarcación semellante ao bergantín, con vela redonda como as fragatas, que servía tamén para transportar pasaxeiros e levar correo.

Esp. paquebote

Port. paquebote

Ing. packet boat

parada de descompresión *f.* De-tención da emersión dun mergu-

llador a unha ou varias distancias concretas, para que o corpo poida expulsar o nitróxeno disolvido no sangue, e para levar a cabo a descompresión progresiva. *Sin.* **parada de seguridade.**

Esp. parada de descompresión

Port. parada de descompressão

Ing. decompression stop

parafuso *m.* Peza cilíndrica ou cónica, roscada, destinada especialmente a asegurar ou fixar dúas pezas facéndoas xirar sobre si mesmas co desparafusador.

Esp. tornillo

Port. parafuso

Ing. screw

paraván *m.* Aparello utilizado polos barcos dragaminas para recoller ou dragas as minas espalladas nunha zona de mar.

Esp. paraván

Port. paravana

Ing. paravan

parella *f.* Método de pesca de dous barcos que realizan a pesca ao arrastre coordinados entre si para arrastrar a rede.

Esp. pareja

Port. pesca de arrasto

Ing. pair trawling

parrilla *f.* Enreixado metálico situado aos costados, que serve para protexer ao barco das nasas. *Sin.* **grella.**

Esp. parrilla

Port. grelha

Ing. grate

pasaman *m.* Barra de madeira, de aceiro ou outro material que serve de apoio nunha varanda. *Sin.* **varanda.**

Esp. pasamano

Port. corrimão

Ing. handrail

pasar *v. tr.* Correr un cabo por un cadernal.

Esp. pasar

Port. passar

Ing. lead

pasarela de embarque e desembarque *f.* Ponte pequena e portátil que se coloca nos buques para facilitar o embarque e o desembarque aos pasaxeiros. Tamén dise da pasarela que hai entre os botes nos pequenos peiraos ou pantaláns.

Esp. pasarela de embarque

Port. passarela de embarque

Ing. gang board

pasaxe *f.* Totalidade de viaxeiros dun buque, ou doutro medio de transporte. *Sin.* **pasaxeiros.**

Esp. pasaje

Port. passagem

Ing. passage

pasteca *f.* Especie de polea cunha abertura na súa caixa, por onde pasa o cabo por seo; emprégase en aparellos da enxarcia de labor.

Esp. pasteca

Port. moitão de convés

Ing. snatch block

patache *m.* Embarcación que antigamente era de guerra, e que se utilizaba para levar avisos, labores aduaneiras, etc. Embarcación lixeira de dous mastros.

Esp. patache

Port. patacho

Ing. tender

patente *f.* Pintura que se lle dá a unha embarcación na obra viva, que se aplica por riba da pintura

contra a corrosión e que serve para protexela das incrustacións de organismos mariños.

Esp. patente

Port. pintura de patente

Ing. boot-topping paint

patín a vela *m.* Catamarán orixinario de Barcelona, de máis de cinco metros de eslora e case dous de manga, que consta de dous flotadores unidos por cinco bancadas; non ten temón, orza nin botavara e ten un mastro de aluminio. Emprégase nas regatas e para pasear, e a súa simplicidade convérteo nunha embarcación moi fácil de manexar.

Esp. patín a vela

Port. catamarã

Ing. patin catamaran

patrón *m.* 1. Persoa que goberna un pequeno buque.

Esp. patrón

Port. patrão

Ing. shipmaster

2. Patrón de bote: persoa que goberna unha embarcación pequena.

Sin. patrón de lancha.

Esp. patrón de bote

Port. patrão de bote

Ing. coxswain

3. Patrón de cabotaxe: capitán dunha embarcación de cabotaxe.

Esp. patrón de cabotaje

Port. patrão de cabotagem

Ing. coaster master

4. Patrón de pesca: persoa encargada do goberno dun pesqueiro cando este se atopa nas labours de pesca.

Esp. patrón de pesca

Port. patrão de pesca

Ing. master fisherman

pau *m.* Madeiro vertical perpendicular á quilla do barco, que se emprega para soste as velas e para outras funcións. *Sin. mastro.*

Esp. palo

Port. pau

Ing. mast

pau bípede *m.* O que dispón os barcos de pesca para as manobras da rede de pesca, ou en algúns barcos de carga.

Esp. palo bípode

Port. pau bípode

Ing. bípode mast

pau de proa *m.* Aquel que nos grandes petroleiros e outros buques está preto da cuberta do castelo e leva unha caseta na súa parte alta para axudar ás manobras ou para situarse un vixía, colaborando cos oficiais da ponte.

Esp. palo de proa

Port. pau de proa

Ing. bow mast

pau de radar *m.* Pau disposto para soportar a antena do radar.

Esp. palo del radar

Port. pau do radar

Ing. radar mast

pavillón *m.* Bandeira do país. *Sin. bandeira.*

Esp. pabellón

Port. pavilhão

Ing. ensign, national flag

pavillón de conveniencia *m.* Bandeira doutro país distinto ao do propietario armador do buque a fin de poder gozar dunha lexislación fiscal máis vantaxosa. *Sin. bandeira de conveniencia.*

Esp. pabellón de conveniencia

Port. pavilhão de conveniência

Ing. flag of convenience

pé de galo *m.* Peza de ferro bifurcada que se emprega como panca, ademais doutros usos.

Esp. pie de gallo

Port. pé de galo

Ing. forked bar

pé de roda *m.* Peza curva de madeira que une a roda de proa coa quilla en barcos de madeira.

Esp. pie de roda

Port. pé da roda

Ing. forefoot

pé do puntal *m.* Parte inferior da pluma. *Sin. couce do puntal.*

Esp. pie del puntal

Port. pé do pontal

Ing. heel

pedral *m.* Pedra que se ata a un cabo ou rede para que se manteñan verticais.

Esp. pedral

Port. pedral

Ing. anchor

peirao *m.* Lugar construído nun porto para o embarque ou o desembarque das mercadorías e das persoas. *Sin. desembarcadoiro.*

Esp. muelle

Port. cais

Ing. quay

peirao de armamento *m.* Nos estaleiros, é o peirao onde se amarran os buques despois da botadura para completar o armamento e finalizar así a súa construción.

Esp. muelle de armamento

Port. cais de armamento

Ing. fitting-out pier

pendura *f.* Estar as áncoras á pendura: estar as áncoras colgadas da

proa, sacadas as trincas.

Esp. pendura

Port. pendura

Ing. cockbill

pendurar *v. i.* Colgar. Pender.

Esp. pender

Port. pendurar

Ing. hang

penol *m.* 1. Extremo da verga.

Esp. penol

Port. penol

Ing. yard arm

2. Parte máis delgada dun botaló.

Esp. penol

Port. penol

Ing. yard arm

percha *f.* Cada unha das molduras que ornan a proa do navío. Todo pau que forma parte do aparello dun barco.

Esp. percha

Port. percha

Ing. spar

perda *f.* Fuga ou saída dun líquido ou gas por un orificio. *Sin. fuga.*

Esp. pérdida, fuga, escape

Port. fuga

Ing. leak

perfil *m.* Barra metálica de aceiro, aluminio ou outro material de sección de forma especial e constante que se emprega normalmente para reforzamento estrutural. Pode ser perfil en L, en U, lamia con bulbo, etc.

Esp. perfil

Port. barra

Ing. section, bar

perico *m.* Vela do pau de mesana que se cruza sobre o pau de sobremesana, de onde toma tamén o nome de perico a súa respectiva

verga.

Esp. perico

Port. vela da mezena

Ing. mizzen topgallant sail

período *m.* Intervalo de tempo que transcorre entre a repetición de dúas fases idénticas consecutivas como as mareas.

Esp. periodo

Port. período

Ing. period

periscopio *m.* Instrumento óptico formado por lentes e prismas, que permite a observación desde unha zona que está fóra do campo visual. O máis característico é o dos submarinos.

Esp. periscopio

Port. periscópio

Ing. periscope

permeabilidade *f.* Calidade atribuída ao que é permeable, é dicir, a aquilo que deixa pasar os fluídos a través seu.

Esp. permeabilidad

Port. permeabilidade

Ing. permeability

perpendicular de popa *f.* Liña vertical cuxa posición coincide co eixe de mecha do temón.

Esp. perpendicular de popa

Port. perpendicular de popa

Ing. after perpendicular

perpendicular de proa *f.* Liña vertical trazada pola intersección de flotación de proxecto do buque en máxima carga co canto de proa da roda.

Esp. perpendicular de proa

Port. perpendicular de proa

Ing. forward perpendicular

perpendicular media *f.* A equi-

distante entre as perpendiculares de proa e popa. Utilízase como liña de referencia para as coordenadas lonxitudinais.

Esp. perpendicular media

Port. perpendicular média

Ing. center line

perpendiculares *f. pl.* Cando se refiren a buques, son as liñas perpendiculares á flotación.

Esp. perpendiculares

Port. perpendiculares

Ing. perpendiculars

pesca *f.* Acción de coller peixes nun río, mar, lago, etc. empregando embarcacións e aparellos.

Esp. pesca

Port. pesca

Ing. fishing

pesca de altura *f.* Pesca que se realiza en alta mar.

Esp. pesca de altura

Port. pesca de largo

Ing. deep sea fishing

pesca de auga doce *f.* Pesca que se realiza noutros medios non mariños, como os ríos, os lagos, etc.

Esp. pesca de agua dulce

Port. pesca de água doce

Ing. freshwater fishing

pesca de baixura *f.* Pesca que se realiza preto da costa, en augas xurisdicionais.

Esp. pesca de bajura

Port. pesca de baixa-mar

Ing. inshore fishing

pesca deportiva *f.* Actividade de pesca que se fai por ocio e entretemento, e que se practica por pracer, sen constituír unha actividade económica.

Esp. pesca deportiva

Port. pesca esportiva

Ing. sport fishing

pesca fluvial *f.* Captura de peixes que se leva a cabo nos ríos.

Esp. pesca fluvial

Port. pesca fluvial

Ing. river fishery

pesca industrial *f.* Pesca que se fai para obter produtos do mar para consumo non das persoas directamente, senón para outros usos, como por exemplo, para facer fariñas e aceite de pescado. As especies que se capturan posúen normalmente pouco valor comercial para a alimentación humana.

Esp. pesca industrial

Port. pesca industrial

Ing. industrial fishing

pesca marítima *f.* Pesca que se realiza exclusivamente no mar.

Esp. pesca marítima

Port. pesca marítima

Ing. sea fishing

pesca tradicional *f.* Actividade pesqueira que se fai empregando os métodos tradicionais e autóctonos.

Esp. pesca tradicional

Port. pesca tradicional

Ing. traditional fishing

pescante *m.* Vara ou pau que se crava ou se articula para o seu xiro nunha parede ou nunha columna ríxida, que serve para elevar ou sosteer calquera cousa, normalmente por medio dunha polea.

Esp. pescante

Port. turco

Ing. davit

peso morto *m.* Carga máxima que pode transportar o buque; com-

prende o peso máximo da carga e os pesos da tripulación, aparellos, combustibles, auga e abastecementos. Diferenza entre o desprazamento en rosca e o desprazamento a plena carga. Exprésase en toneladas métricas.

Esp. peso muerto

Port. peso morto

Ing. dead weight

pesqueira *f.* 1. Lugar onde frecuentemente se pesca ou hai armazóns de pesca. *Sin. pescos.*

Esp. pesquera

Port. pesqueira

Ing. fishing

2. Tempo que dura a pesca dunha especie.

Esp. pesca

Port. tempada de pesca

Ing. fishing period

pesqueiro *m.* Dise do barco destinado á pesca.

Esp. pesquero

Port. pesqueiro

Ing. fishing vessel

petifoque *m.* Pequena vela triangular con lona máis delgada que o foque principal, e que se iza na proa.

Esp. petifoque

Port. giba

Ing. flying jib

petroleiro *m.* Buque destinado ao transporte de petróleo e de todo tipo de hidrocarburos.

Esp. petrolero

Port. petroleiro

Ing. oil tanker

piano *m.* Piano de válvulas; agrupamento de válvulas que saen dun tubo que fai de tronco colector

común, cara a cada un dos ramais do tubo alimentados desde o mesmo colector.

Esp. piano de válvulas

Port. piano de válvulas

Ing. valve nest

picadeiro *m.* Cada un dos soportes feitos de tacos macizos de madeira, nos que se apoian os barcos nos diques durante as reparacións e a construción, así como nas gradadas durante a construción dos buques.

Esp. picadero

Port. picadeiro

Ing. keel block

picas *f. pl.* Nome que reciben as cadernas dos macizos de proa na zona da ría de Arousa.

Esp. cuadernas de proa

Port. cavernas de proa

Ing. bow frames

piloto *m.* Persoa que goberna o buque seguindo as ordes do capitán. Oficial encargado de seguir as derrotas da nave.

Esp. piloto

Port. piloto

Ing. helmsman

piloto automático *m.* Mecanismo instalado na ponte de goberno do buque, que permite levar o barco a un rumbo predeterminado, sen que se desvíe da súa ruta.

Esp. piloto automático

Port. piloto automático

Ing. autopilot

pinaza *f.* Embarcación de pesca a remo e a vela. *Sin. embarcación.*

Esp. pinaza

Port. barca

Ing. pinnace

pincho *m.* Palangre, arte de pesca con espiñas e cabos curtos, aos cales van unidos os anzois.

Esp. palangre

Port. pincho

Ing. longline

pinchón *m.* Extremo da quilla das embarcacións na popa que suxeita a agulla ou pinzote onde encaixa o leme.

Esp. pie del pinzote

Port. pinchão

Ing. rudder pintle

pintura antioxidante *f.* Pintura que inclúe compoñentes destinados a evitar a formación de óxido nas superficies metálicas que se traten con este tipo de pintura. *Sin. pintura anticorrosiva.*

Esp. pintura antioxidante

Port. pintura antioxidante

Ing. rust preventive paint

pinzote *m.* Barra arredor da que xira a cana do leme.

Esp. pinzote

Port. pinçote

Ing. pintle

piña *f.* Nó mariñeiro tecido cos fíos dun cabo desfeito para aseguralo por esa parte a un burato, argola, cáncamo, etc.

Esp. piña

Port. nó

Ing. wall knot

piola *f.* Fío de moito grosor ou cabo moi delgado, que ten múltiples servizos a bordo.

Esp. piola

Port. piola

Ing. lanyard

pique *m. 1.* Orixinalmente, varenga en forma de Y que se colocaba na

zona de proa.

Esp. pique

Port. pique

Ing. floor in peak

2. Compartimento estanco na proa separado do resto do buque por un mamparo transversal. Acostuma usarse como tanque de lastre.

Esp. pique

Port. pique

Ing. peak

piragua *f.* Embarcación feita dunha soa peza normalmente, pequena e propulsada a remo e a vela. *Sin. canoa.*

Esp. piragua

Port. piroga

Ing. pirogue, dugout

pirulo *m.* Coloquialismo que se refire á fresa pequena que se emprega para chegar aos recantos máis difíciles.

Esp. fresa

Port. fresa

Ing. drill

placa do construtor *f.* Placa fixada na embarcación na que consta o nome do construtor, o ano de construción, o tipo de buque, a carga máxima e o número máximo de persoas que a embarcación pode transportar.

Esp. placa del constructor

Port. placa sinalética

Ing. name rating plate

plano *m.* **1.** Cada un dos debuxos que representan, normalmente segundo unha escala xeométrica, ao buque no seu conxunto e ás diversas partes, detalles e dimensións necesarios para a súa construción.

Dise tamén cando se trata do plano ou planos dun aparello, dun edificio, etc. *Sin. proxecto, mapa.*

Esp. plano

Port. plano

Ing. plan

2. Toda a parte do barco baixo a liña de flotación.

Esp. obra viva

Port. obra viva

Ing. underwater hull

3. Fondo do navío.

Esp. fondo

Port. fundo

Ing. bottom

plano de disposición xeral do buque *m.* Plano que define a disposición do buque e a súa habilitación de forma precisa pero sen moito detalle.

Esp. plano de disposición general del buque

Port. plano de disposição geral do navio

Ing. ship's general arrangement plan

plano de estiba *m.* Plano dun buque de carga onde se dan instrucións e datos de como dispoñer a carga nos lugares adecuados.

Esp. plano de estiba

Port. plano de estiva

Ing. stowage plan

plano de flotación *m.* Sección do casco dunha embarcación determinada polas liñas de flotación de ambos costados do buque. Plano de intersección da superficie horizontal da auga co casco do buque nas condicións de calado nas que este se atopa.

Esp. plano de flotación

Port. plano de flutuação

Ing. waterplane

plano de formas *m.* Plano que define as formas do buque mediante liñas. Componse de tres vistas: un plano de vistas horizontais que representa as proxeccións das liñas da auga; un plano de seccións verticais lonxitudinais a diferentes distancias do plano de cruxía e onde se define tamén o contorno exterior do buque; e un plano de seccións transversais coas proxeccións das cadernas de trazado que constitúe o que se chama a caixa de cadernas.

Esp. plano de formas

Port. plano de formas

Ing. lines drawing

plasma *m.* Técnica de corte que se realiza baixo a auga, nunha piscina de plasma. Deste xeito, acádase unha gran precisión no material cortado.

Esp. plasma

Port. plasma

Ing. plasma

plataforma *f.* Cuberta parcial dun buque.

Esp. plataforma

Port. plataforma

Ing. platform

plataforma autoelevable *f.* Plataforma petrolífera móbil que se eleva e baixa sobre as súas propias patas, que apoian no fondo.

Esp. plataforma autoelevable

Port. plataforma auto-elevadora

Ing. jack up

plataforma de perforación *f.* Estrutura fixa ou flotante que se utiliza para perforar o fondo do

mar e co fin de atopar e explorar a existencia de petróleo e gas como combustibles necesarios para o abastecemento.

Esp. plataforma de perforación

Port. plataforma de perfuração

Ing. drilling platform

plataforma de produción *f.* Estrutura fixa que se constrúe para realizar actividades de extracción de petróleo e gas no mar.

Esp. plataforma de produción

Port. plataforma de produçõ

Ing. production platform

plataforma semisomerxible *f.* Artefacto flotante que serve para perforar o fondo do mar e tamén para extraer petróleo cru ou gas, formado por unha estrutura plana que se apoia en columnas cilíndricas verticais, e estas sobre pontonas horizontais. Tanto as columnas como as pontonas levan tanques de lastre que se enchen de auga para aumentar o calado e colocar a plataforma en posición de traballo, e que se baleiran para trasladarse dun sitio para outro. Axúdanse de áncoras e de cables e cadeas para amarrarse ao fondo ou van provistas de potentes propulsores acimutais (empurradores ou "thrusters") que lle aseguran unha posición case fixa sobre o buraco que están perforando, mediante un sistema chamado de posicionamento dinámico.

Esp. plataforma semisumergible

Port. plataforma semi-submergível

Ing. semi-submersible platform

plataforma somerxible *f.* Instalación de perforación e de extrac-

ción de cru ou gas no fondo do mar que consiste nunha estrutura con forma de barcaza, aínda que tamén as hai con forma parecida á das plataformas semisomergibles, que para traballar enchen de auga os tanques de lastre para aumentar o seu calado ata que se apoian totalmente no fondo do mar para realizar o traballo de perforación e de extracción. Ao remataren, baleiran os tanques de lastre e son re-flotadas para o seu traslado a outro sitio por remolque. Este tipo de plataformas poden traballar en augas cun máximo de profundidade de 15 a 20 metros.

Esp. plataforma sumergible
Port. plataforma submergível
Ing. submersible platform

pluma de carga *f.* Estrutura metálica utilizada para a carga e a descarga, cun pé e unha cabeza, que se pode desprazar ata sobresaír do costado do buque e suspende un peso mediante un aparello que leva disposto.

Esp. pluma de carga
Port. antena de pau de carga
Ing. cargo boom

poas *f.* Cabos que van asegurados ás relingas dunha vela para amarrar as bolinas, e que serven para cinxir mellor o vento.

Esp. poas
Port. cabos
Ing. bowline bridles

poia *f.* Anel de cáñamo que se utiliza para reducir o tamaño da vela.
Sin. anel.

Esp. argolla
Port. poia

Ing. ring

polacra *f.* Barco de vela con dous ou tres paus, sen gabias, con vergas, e co mesmo velame que o buque bergantín.

Esp. polacra
Port. polaca
Ing. polacre

polbeiro *m.* Barco dedicado á pesca do polbo.

Esp. bote pulpero
Port. bote pesca polvo
Ing. octopus boat

polín *m.* Armazón ou peza de soporte que se utiliza baixo os equipos que levan os buques para transmitir as cargas á estrutura.

Esp. polín
Port. pregador
Ing. roller

polivalente *adx.* Buque adaptado para o transporte de varios tipos de carga.

Esp. polivalente
Port. polivalente
Ing. all-freight

ponte *f.* Plataforma estreita e con varanda colocada a certa altura sobre a cuberta máis alta desde onde se goberna o barco. Normalmente está protexida nunha caseta.

Esp. puente
Port. ponte
Ing. bridge, wheel house

ponte grúa *f.* Nas Rías Baixas, denominación común do guindastre ponte.
Sin. guindastre ponte.

Esp. grúa puente
Port. guindaste ponte
Ing. crane bridge

pontón *m.* Embarcación con fondo, popa e proa planos. Em-

barcación sen propulsión que serve nos portos para traballos auxiliares.

Esp. pontón
Port. batelão
Ing. pontoon

popa *f.* Parte posterior do navío oposta á proa. As máis habituais son a popa de espello e a de cruceiro.

Esp. popa
Port. popa
Ing. stern

popel *adx.* Posición máis á popa dalgunha cousa ou persoa que realiza unha función dentro da embarcación.

Esp. popel
Port. ré
Ing. aft

porta *f.* 1. Abertura rectangular, en xeral, con medios de peche.

Esp. puerta
Port. porta
Ing. door

2. Cada unha das grandes aberturas rectangulares que algúns barcos levan nos costados, na popa e na proa, inclusive, para o embarque de carga e de pasaxeiros.

Esp. puerta
Port. porta
Ing. door

porta contraincendios *f.* Porta metálica estanca cuberta con material illante que garante que despois dunha hora a temperatura media do lado non exposto ao lume non sobe máis de 139 graos centígrados da temperatura inicial nin sobe en ningún punto máis de 180 graos sobre a temperatura ini-

cial.

Esp. puerta contraincendios
Port. porta corta-fogo
Ing. fire door

porta estanca *f.* Abertura rectangular con medios de peche que aseguran a estanquidade.

Esp. puerta estanca
Port. porta estanque
Ing. watertight door

portaavións *m.* Buque de guerra dotado das instalacións necesarias para o transporte, despegue e aterraxe de avións.

Esp. portaaviones
Port. porta-aviões
Ing. aircraft carrier

portaespía *m.* Ferraxe suxeita á proa que serve para guiar a espía e evitar o roce da amarra co casco.

Esp. portaespía
Port. guía de amarra
Ing. warp leading

portalón *m.* Abertura na amurada que serve para o embarque da tripulación, dos pasaxeiros e dos efectos portátiles dentro dun navío.

Esp. portalón
Port. portaló
Ing. gangway door

portar *v. i.* Encherse as velas, recibir ben o vento.

Esp. portar
Port. inflar
Ing. draw

portas de arrastre *f. pl.* Taboleiros de madeira ou de aceiro que actúan como complemento da rede de arrastre, axudando a que esta se abra ao avanzar o buque e facilitando a captura do peixe.

Poden ter formas variadas: rectangulares, ovaladas, circulares, en forma de V, etc.

Esp. puertas de arrastre

Port. portas de arraste

Ing. trawling boards

porte *m.* Tamaño e capacidade dun navío.

Esp. porte

Port. porte

Ing. size

portela *f.* Cada unha das aberturas dos costados dos buques. *Sin. portelo.*

Esp. portilla

Port. portilha

Ing. side scuttle

portelo *m.* Cada unha das ventás circulares e pequenas con tapa de cristal e medio de peche estanco que teñen os barcos, normalmente nos costados e a popa. Pode ser fixo ou permitir a súa apertura, cun medio de peche adecuado. *Sin. porteliña.*

Esp. portillo, portilla

Port. portelinha

Ing. porthole

pórtico elevador *m.* Guindastre elevador.

Esp. pórtico elevador

Port. pórtico elevador

Ing. portal crane

porto *m.* Abrigo natural ou construído artificialmente na beira do mar ou dun río para refuxio dunha embarcación. *Sin. ancoradoiro, embarcadoiro.*

Esp. puerto

Port. porto

Ing. port

porto de matrícula *m.* Distrito

marítimo onde está rexistrado o barco. *Sin. matrícula.*

Esp. puerto de matrícula

Port. porto de matrícula

Ing. registration port

porto deportivo *m.* Instalacións onde atracan os barcos de ocio e recreo, é dicir, os que non realizan actividades mercantís, como iates e pequenos botes.

Esp. puerto deportivo

Port. porto esportivo

Ing. marina

potencia *f.* Capacidade de xerar enerxía, por unidade de tempo, necesaria para propulsar o barco. Pódeas proporcionar unha máquina de vapor, un motor, unha turbina, etc. *Sin. forza.*

Esp. potencia

Port. potência

Ing. power

potencia ao freo *f.* Medida da potencia no axuste do eixe por medio dun freo mecánico, hidráulico ou eléctrico.

Esp. potencia al freno

Port. potência ao freio

Ing. brake horsepower

potencia de servizo *f.* Potencia que produce a máquina de propulsión durante a navegación do buque en condicións normais de navegación.

Esp. potencia de servicio

Port. potência de serviço

Ing. service power

potencia indicada *f.* Potencia medida nos cilindros da máquina alternativa ou do motor por medio dun indicador que rexistre continuamente a presión de vapor ou

do gas durante o percorrido do pistón.

Esp. potencia indicada

Port. potência indicada

Ing. indicated horsepower

potencia máxima continua *f.*

Potencia máxima que pode dar o motor de forma continuada durante unha hora polo menos.

Esp. potencia máxima continua

Port. potência máxima contínua

Ing. maximum continuous power

practicaxe *f.* 1. Servizo prestado

nos portos ás embarcacións que consiste nas indicacións que o práctico lles dá aos barcos para que entren no porto, dique ou peirao, e tamén para que poidan saír.

Esp. practicaje

Port. praticagem

Ing. pilotage

2. Taxa cobrada polo porto por ese servizo.

Esp. practicaje

Port. taxa de praticagem

Ing. pilotage

práctico *m.* Persoa disposta ou autorizada pola autoridade portuaria

de cada porto que se encarga do goberno dos navíos preto da costa polo seu coñecemento dela e da zona na que ten que moverse a embarcación.

Esp. práctico

Port. práctico

Ing. pilot

prancha *f.* Anaco plano e de pouco

espesor de aceiro, aluminio ou outro metal, así como de madeira ou outros materiais. As pranchas de aceiro son o compoñente fundamental para a construción dos

cascos dos buques de aceiro. *Sin. chapa.*

Esp. plancha

Port. chapa

Ing. plate

prancha de desembarco *f.* Táboa

longa, conxunto de táboas, ou prancha de aceiro que, apoiadas en terra, serven de ponte para o embarque e o desembarque no buque. *Sin. pranchada.*

Esp. plancha de desembarque

Port. prancha de desembarco

Ing. gangboard

prao *m.* Embarcación de dobre

casco, parecida ao catamarán, pero máis sinxela; os seus cascos teñen formas e esloras diferentes, e están unidos por traveseiros.

Esp. prao

Port. prao

Ing. proa

preamar *f.* Nivel máis alto que alcanzan as augas durante a marea.

Pode haber dúas preamares por día. *Sin. marea chea.*

Esp. pleamar

Port. preamar

Ing. high tide

precinta *f.* 1. Tira de lona embreada

que se utiliza para forrar os cabos do navío.

Esp. precinta

Port. precinta

Ing. parceling

2. Tira de prancha de chumbo empregada como frisa.

Esp. precinta

Port. precinta

Ing. plate

prefabricado *m.* Conxunto estrutural formado por pezas de aceiro

que se ensamblan e soldan dentro do taller ou nunha zona destinada ao prefabricado, e que se monta como un conxunto no buque.

Esp. prefabricado

Port. pré-fabricado

Ing. preassembly set

pregadura *f.* Dobrado dunha peza.

Esp. plegado

Port. dobra

Ing. folding

prensa *f.* Aparello que se emprega para axustar ou suxeitar pezas, ou para dar forma ás pranchas e outros elementos da estrutura comprimíndoas contra un molde.

Esp. prensa

Port. prensa

Ing. press

presión absoluta *f.* Presión medida a partir do cero, é dicir, a presión efectiva ou manométrica máis a atmosférica.

Esp. presión absoluta

Port. pressão absoluta

Ing. absolute pressure

presión atmosférica *f.* Paso da columna do aire sobre a superficie da terra; en condicións normais, tómasse o seu valor como 1,033 kg por centímetro cadrado, ao nivel do mar.

Esp. presión atmosférica

Port. pressão atmosférica

Ing. atmospheric pressure

presión efectiva *f.* Presión medida por enriba da presión atmosférica. A presión efectiva é medida polos manómetros, polo que se chama presión manométrica.

Esp. presión efectiva

Port. pressão efetiva

Ing. gauge pressure

presión hidrostática *f.* Presión exercida polo peso dunha columna de auga a unha profundidade dada, sendo o peso do fluído por unidade de área.

Esp. presión hidrostática

Port. pressão hidrostática

Ing. hydrostatic pressure

presión manométrica *f.* Véxase: **presión efectiva**.

previa *f.* Conxunto sinxelo formado por dúas ou máis pezas de aceiro con tamaño e configuración iguais ou semellantes, que se repite en cantidades significativas nun ou máis buques e que se prefabrica con antelación nun taller disposto para aproveitar as vantaxes da fabricación en serie. Almacénanse nunha especie de stock e cóllense segundo se precisen para a construción dos bloques do barco.

Esp. previa

Port. unidade pré-fabricada

Ing. prefabricated unit

principio de Arquímedes *m.* Lei física que afirma que os corpos somerxidos son empurrados cara a superficie cunha forza equivalente ao peso da cantidade de fluído que desprazan. Este principio xustifica a flotabilidade das embarcacións.

Esp. principio de Arquímedes

Port. princípio de Arquimedes

Ing. Archimedes' principle

proa *f.* Parte dianteira do navío. Ten forma de cuña para poder cortar a auga.

Esp. proa

Port. proa

Ing. bow

proa de culler *f.* Clase de proa en forma de V moi aberta; presenta boas características mariñeiras, aínda que diminúe a capacidade de carga no terzo da proa.

Esp. proa de cuchara

Port. proa de colher

Ing. V-shaped bow

proa lanzada *f.* Proa aberta que avanza considerablemente a obra morta do buque.

Esp. proa lanzada

Port. proa lançada

Ing. raking stem

proeiro *m.* 1. Mariñeiro que traballa ou fai de vixía na parte de proa dun navío.

Esp. proel

Port. proeiro

Ing. bowman

2. *adx. m.* Parte que está máis preto da proa en relación con calquera das cousas dunha embarcación.

Esp. proel

Port. proeiro

Ing. fore

proel *adx.* 1. Parte que está máis preto da proa.

Esp. proel

Port. proeiro

Ing. foreside

2. *m.* Mariñeiro destinado aos traballos de proa.

Esp. proel

Port. proeiro

Ing. bowman

profundidade *f.* Distancia desde o fondo ata a liña de flotación do buque. *Sin. fondura.*

Esp. profundidad

Port. profundidade

Ing. depth

profundímetro *m.* 1. Aparello que serve para medir a profundidade á cal se atopa o mergullador.

Esp. profundímetro

Port. medidor de profundidade

Ing. depth gauge

2. Aparello que serve para medir a profundidade da auga nun lugar.

Esp. profundímetro

Port. profundímetro

Ing. depth gauge

prolongador *m.* Cabo co que se conduce un efecto arrastrándoo dun lugar a outro.

Esp. prolongador

Port. prolongador

Ing. lashing rope

propietario *m.* Persoa que posúe a titularidade do buque.

Esp. propietario, armador

Port. proprietário, armador

Ing. owner

propulsión *f.* Acción de propulsar unha embarcación mediante varios métodos como son a hélice, o vento, a roda de paletas, etc. A propulsión mecánica faise por medio dunha máquina. A propulsión nuclear prodúcese cando o elemento xerador de enerxía é un reactor nuclear, e transforma esa enerxía en vapor que actúa nunha turbina; soe empregarse en grandes buques de guerra e submarinos de largo alcance.

Esp. propulsión

Port. propulsão

Ing. propulsion

propulsor *m.* 1. Mecanismo que, xeralmente por medio dun eixe rotativo, transmite o movemento xe-

rado nas máquinas, a fin de impulsar propiamente o buque. Exemplos de propulsores son a hélice e a roda de paletas. *Sin.* **impulsor.**

Esp. *propulsor*

Port. *propulsor*

Ing. *booster*

2. Obxecto que fai avanzar ou progresar.

Esp. *propulsor*

Port. *impulsor*

Ing. *booster*

protección catódica *f.* A que se dispón en sitios do buque onde hai varios metais, por exemplo, preto da hélice e nas tomas de mar, para evitar a corrosión galvánica do aceiro. Para iso colócanse ánodos de sacrificio, normalmente de zinc, aínda que tamén de aluminio, na zona a protexer.

Esp. *protección catódica*

Port. *proteção catódica*

Ing. *cathodic protection*

provincia marítima *f.* Extensión que abrangue a xurisdición das capitais de portos comprendidas nun sector naval, a efectos da administración de asuntos marítimos.

Esp. *provincia marítima*

Port. *provincia marítima*

Ing. *maritime district*

provisión *f.* Efectos necesarios para o funcionamento do buque, como son o combustible, os alimentos e a auga para abastecer á tripulación, os diferentes pertrechos, etc.

Esp. *provisión*

Port. *provisão*

Ing. *provision*

proyectista *m.* Enxeñeiro proxec-

tista, persoa que fai proxectos. Maquinador. *Sin.* **maquinador.**

Esp. *proyectista*

Port. *projetista*

Ing. *draughtsman*

proyector *m.* Luz normalmente levada á proa que serve para detectar o peixe e para distinguir as rochas das areas.

Esp. *proyector*

Port. *projeto*

Ing. *projector*

puntal *m.* Pezas verticais sobre as que se apoian os vaos. Altura do buque.

Esp. *puntal*

Port. *pontal*

Ing. *stanchion*

puntal de adegas *m.* Distancia vertical medida desde a cara alta do dobre fondo ata a cara alta do vao da cuberta máis baixa.

Esp. *puntal de bodega*

Port. *pontal de bodega*

Ing. *registered depth*

puntal de arqueo *m.* Distancia vertical medida na liña central da eslora do buque, tomada desde a cara alta da cuberta do dobre fondo, ata a terceira parte do vao da cuberta de francobordo.

Esp. *puntal de arqueo*

Port. *pontal de arqueo*

Ing. *tonnage depth*

puntal de construción *m.* Altura da embarcación desde a quilla ata a cuberta superior; mídese no punto medio da eslora, especialmente ata a cuberta principal.

Esp. *puntal de construcción*

Port. *pontal de construção*

Ing. *molded depth*

puntal de trazado *m.* Distancia vertical medida no centro da eslora do buque ou caderna mestra, desde a cara superior da prancha do fondo nos buques de aceiro, e na liña de quilla nos de madeira ata a cara alta do vao da cuberta principal, na súa intersección co costado.

Esp. puntal de trazado

Port. pontal na ossada

Ing. molded depth

puntear *v. tr.* Fixar unha peza a outra mediante puntos de soldadura antes de realizar a soldadura definitiva.

Esp. puntear

Port. fixar, soldar

Ing. sprag

punzón *m.* Instrumento de aceiro moi duro, delgado e con punta que serve para gravar metais, para marcar obxectos, para facer orificios, etc. *Sin. cicel.*

Esp. punzón

Port. punção

Ing. punch

puño de amura *m.* Extremo dunha vela que queda a proa.

Esp. puño de amura

Port. punho de amura

Ing. tack of sail

puño de driza *m.* Punto superior da vela e pola que se iza a mesma.

Esp. puño de driza

Port. punho de adriça

Ing. head

puño de escota *m.* A esquina inferior dunha vela onde se afirma a escota. Extremo dunha vela que queda situado a popa e onde vai atada a escota.

Esp. puño de escota

Port. punho de escota

Ing. outhaul

puños *m. pl.* Vértices dos extremos das velas. Segundo a posición e forma das velas, hai puños altos e baixos, puños de amura, puños de driza, ou puños de escota.

Esp. puños

Port. punhos

Ing. peak

Q

quebrantamento *m.* Véxase: **quebranto**.

quebranto *m.* Deformación da quilla e do casco, que se produce cando os extremos de popa e proa baixan con respecto á zona central do barco, debido a que o peso se distribúe de tal xeito que se concentra máis na proa e na popa, mentres que a parte central do buque vai relativamente baldeira. É o contrario do arrufe.

Esp. quebranto

Port. zanga

Ing. hog

queimador *m.* Aparello que se usa para mesturar o combustible co aire para que se produza a combustión no fogar da caldeira.

Esp. quemador

Port. queimador

Ing. burner

quilla *f.* Peza robusta que vai lonxitudinalmente de popa ata proa, centralmente e por baixo do navío, á que se fixa toda a estrutura do buque por medio das cadernas e varengas que saen dela como costelas. É como a base da embarcación ou a columna vertebral do barco.

Esp. quilla

Port. quilha

Ing. keel

quilla de balance *f.* Peza lonxitudinal saínte da obra viva na zona do pantoque que amortece os balances. *Sin. pantoque.*

Esp. quilla de balance

Port. quilha de balanço

Ing. bilge keel

quilla de barra *f.* Quilla formada por unha peza maciza de aceiro fundido e sección normalmente

rectangular que sobresaé da carena e protexe ao casco en caso de varada.

Esp. quilla de barra, quilla maciza

Port. quilha de barra, quilha maciça

Ing. bar keel

quilla de caixón *f.* Quilla construída en forma de caixón, xeralmente de sección rectangular.

Esp. quilla de cajón

Port. quilha de caixote

Ing. plate keel

quilla horizontal *f.* Quilla for-

mada por unha chapa ou tira de chapa de aceiro colocada en posición horizontal.

Esp. quilla horizontal

Port. quilha horizontal

Ing. flat keel

quilla maciza *f.* Véxase: **quilla de barra**.

quilla vertical *f.* Vagra central colocada sobre a quilla horizontal.

Esp. quilla vertical

Port. quilha vertical

Ing. vertical keel

quillote *m.* Véxase: **quilla de barra**.

R

rabiza *f.* 1. Cabo delgado unido por un chicote, que serve para unir obxectos.

Esp. rabiza

Port. rabicho

Ing. line

2. Cabo que suxeita un aro salvavidas.

Esp. rabiza

Port. rabicho

Ing. burton

3. Véxase: **sirga**.

rabo *m.* Rabiza que se forma aafiando progresivamente as pezas dun cabo, para o cal son esfiadas e peiteadas cunha navalla aafiada, retorcéndoas e fiándoas de novo.

Esp. rabo

Port. rabo

Ing. rope's end

rabo de galo *m.* Véxase: **gambota**.

raca *f.* 1. Aro de corda ou de ferro

que se coloca na caída de proa dunha vela, e que facilita a súa envergadura ao longo do estai ou do pau. Pode escorregarse polo pau ao que vai suxeita. *Sin. abraza-deira*.

Esp. raca

Port. braçadeira de pau

Ing. mast traveler

2. Anel de ferro que serve para que algunha cousa poida desprazarse facilmente ao longo dun pau como é o caso da verga dun bote con vela ao terzo.

Esp. raca

Port. braçadeira

Ing. parrel

rachadela *f.* Rotura ou rachadura nunha vela. *Sin. rachadura*.

Esp. rifadura

Port. rachadela

Ing. tear

racú *m.* Embarcación pesqueira tradicional de Galicia, de cinco metros de eslora, moi semellante ás trañeiras, e que incorporou máquina de vapor antes da súa desaparición nas Rías Baixas.

Esp. racú

Port. racu

Ing. fishing boat

rada *f.* Enseada pequena e abrigada onde poden fondear as embarcacións fóra do porto. *Sin. baía, enseada.*

Esp. rada

Port. rada

Ing. roadstead

radar *m.* Equipamento utilizado para sinalar e localizar obxectos distantes en movemento ou estacionados; serve para determinar a súa natureza, a dirección e a distancia á que se atopan a través de ondas electromagnéticas que ao seren reflectidas por estes obxectos volven ao punto de emisión.

Esp. radar

Port. radar

Ing. radar

radarfarro *m.* Aparato baseado na técnica de radar que emite impulsos breves de enerxía de radiofrecuencia ao captar un sinal exterior. Emprégase como localizador xeográfico, e baséase no emprego de satélites.

Esp. radarfarro

Port. radarfarol

Ing. radar beacon

radio de acción *m.* Máxima distancia que pode percorrer un buque indo a unha determinada velocidade.

Esp. radio de acción

Port. rádio de ação

Ing. cruising radius

radio metacéntrico *m.* Distancia entre o centro de carena e o metacentro do buque para cada ángulo de escora.

Esp. radio metacéntrico

Port. raio metacêntrico

Ing. metacentric radius

radiobaliza *f.* Emisor de ondas de radio que serve para orientar aos avións e aos barcos mediante determinados sinais.

Esp. radiobaliza

Port. baliza

Ing. radio beacon

radiofaro *m.* Estación fixa de radio, de emisión temporal ou permanente, que emite sinais electromagnéticas de radio que os navíos reciben e que lles permiten determinar a súa demora.

Esp. radiofaro

Port. radiofarol

Ing. radio beacon

radiofrecuencia *f.* Aplícase á porción do espectro electromagnético no que se emiten ondas electromagnéticas.

Esp. radiofrecuencia

Port. radiofrequência

Ing. radio frequency

radiogoniómetro *m.* Aparello de alta sensibilidade empregado nos buques que permite determinar a dirección na que se recibe un sinal electromagnético, e poder coñecer a demora da nave con respecto a ela.

Esp. radiogoniómetro

Port. radiogoniômetro

Ing. radio direction-finder

raeira *f.* Rede de pesca dun pano usada en Galicia para a raia, centola, lagosta, etc.

Esp. rasco

Port. rasca

Ing. entangling net

raios **X** *m. pl.* Radiación electromagnética de alto poder de penetración que se emprega, entre outras cousas, para poder comprobar a calidade das soldaduras.

Esp. rayos X

Port. raios X

Ing. X-ray

rampa *f.* Superficie inclinada de terreo, construída artificialmente para levar a cabo, entre outros usos, a botadura dos barcos.

Esp. rampa, grada

Port. rampa

Ing. ramp

rancho *m.* Cámara ou habitáculo que se destina á tripulación do barco. Esta denominación é máis usada na mariña mercante. Na mariña de guerra acostuma empregarse sollado.

Esp. rancho

Port. camarote

Ing. cabin

rancho de proa *m.* Compartimento destinado aos mariñeiros, situado na proa.

Esp. rancho de proa

Port. cabina de proa

Ing. bow chamber

raña *f.* Arte de pesca que se emprega para capturar o polbo e que consiste nun pau longo con garfos que se bota na auga cunha pedra.

Esp. raña

Port. rã de mar

Ing. octopus trawl

rapeta *f.* Arte de pesca de arrastre empregada nas costas atlánticas e cántabras de España.

Esp. rapeta

Port. rapeta

Ing. fishnet

rasca *f.* 1. Rede dun pano que se emprega para pescar raia, rape e rodaballo. *Sin. raeira.*

Esp. rasco

Port. rasca

Ing. entangling net

2. Pequena embarcación de dous mastros e velas latinas.

Esp. embarcación

Port. rasca

Ing. boat

raseis *m. pl.* 1. Finos de popa e de proa, é dicir, cada unha das partes extremas do barco, na popa e na proa da obra viva, onde o pantoque se estreita.

Esp. raseles

Port. piques

Ing. peaks

2. Piques de popa e de proa.

Esp. raseles

Port. piques

Ing. peaks

3. Tanques de lastre dos piques de popa e de proa.

Esp. raseles

Port. piques

Ing. peak tanks

rasqueta *f.* 1. Ferramenta que serve para raspar e limpar superficies deterioradas antes de pintar.

Esp. rasqueta

Port. raspadeira

Ing. scraper

2. Ferramenta empregada polos soldadores para arrancar a escoura das soldaduras.

Esp. rasqueta

Port. rascador

Ing. scraper

3. Instrumento de ferro afiado que se emprega nas costas para a extracción de marisco.

Esp. rasqueta

Port. raspadeira

Ing. scraper

rastra *f.* 1. Rede que se arrastra polo fondo para atopar obxectos somerxidos.

Esp. rastra

Port. draga

Ing. dredge

2. Peso formado por un conxunto de cadeas ou un bloque de formigón, que se emprega, ao ser arrasrado pola grada, para frear os barcos na súa botadura.

Esp. rastra

Port. draga

Ing. launching drag

rastro *m.* Instrumento de cabo longo que ten un traveseiro con púas cunha rede que se utiliza para a pesca do marisco.

Esp. rastra

Port. cabo

Ing. dredge

ratita *f.* Coloquialismo que se refire á máquina perfiladora que define os bordes das pranchas que se traballan durante o proceso de preparación dos materiais do barco.

Esp. perfiladora

Port. perfiladora

Ing. profiler device

reaseguro *m.* Procedemento polo

cal unha entidade distribúe entre varias aseguradoras algún dos riscos asegurados cando estes son moi elevados, como por exemplo, os dun buque.

Esp. reaseguro

Port. resseguro

Ing. reinsurance

reata *f.* Serie de voltas dadas cun cabo delgado arredor dun pau ou doutro soporte.

Esp. reata

Port. reata

Ing. woolding

reatar *v. tr.* Facer ou formar reates aos paus.

Esp. reatar

Port. reatar

Ing. woold

rebaixador *m.* Instrumento empregado para facer rebaixes na madeira. É moi parecido ao rebate pero de menor tamaño.

Esp. juntera

Port. junteira

Ing. jointer

rebaixo *m.* Rebaixe dunha madeira.

Sin. rebaixamento.

Esp. rebajo

Port. rebaixo

Ing. rabbet

rebate *m.* Tipo de cepillo que ten unha regra situada lateralmente na súa base, que pode regular a súa posición, co que se modifica o ancho do corte. *Sin. rebaixador.*

Esp. juntera

Port. cepilho

Ing. jointer

rebenque *m.* Chicote ou calquera anaco dun cabo, de medio metro a un metro de largo.

Esp. rebenque

Port. estropo

Ing. codline

recalar *v. i.* Chegar as embarcacións ao porto, ou facer paraxe nunha localización concreta. *Sin. arribar.*

Esp. recalar

Port. ancorar

Ing. sight land

recambio *m.* Peza que se leva a bordo dun barco para repor as pezas danadas ou desgastadas. *Sin. respecto.*

Esp. recambio, respeto

Port. peça sobressalente

Ing. spare parts

recocido *m.* Quecemento por riba do punto de transformación dunha aliaxe como o aceiro.

Esp. recocido

Port. recozimento

Ing. annealing

rectificar *v. tr.* Operación que se fai para terminar con precisión unha peza.

Esp. rectificar

Port. retificar

Ing. grind

rede *f.* Aparello ou arte de pesca.

Esp. red

Port. rede

Ing. fishnet

redonda *f.* Vela con puños que forman ángulos retos. Pode ir no trinquete das goletas, entre outros.

Esp. redonda

Port. redonda

Ing. square

refacho *m.* Golpe de vento brusco que se produce debido ao cambio de dirección ou intesidade do

vento. *Sin. axada, refoleo.*

Esp. racha

Port. pé-de-vento

Ing. gust

reflector *m.* Aparello que concentra e reflicte multiplicada a luz emitida polo seu foco. *Sin. foco.*

Esp. reflector

Port. reflector

Ing. reflector

reflotar *v. tr.* Poñer a flote unha embarcación somerxida.

Esp. reflotar

Port. reflutuar

Ing. refloat

refuxio *m.* Lugar onde se abriga ou se resgarda a embarcación para evitar algún perigo, como determinadas condicións meteorolóxicas.

Sin. abeiro, abrigadoiro.

Esp. refugio

Port. refúgio

Ing. refuge

regala *f.* Madeiro ou pasamán que remata a parte alta da amurada ou bordo da embarcación. *Sin. tapa*

regala.

Esp. regala

Port. tábua

Ing. gunwale

regata *f.* Competición deportiva de velocidade entre embarcacións, onde un grupo de barcos da mesma clase (vela ou remo xeralmente) deben facer un percorrido.

Esp. regata

Port. regata

Ing. race

regatón *m.* Peza de aceiro ou bronce en forma de áncora ou de gancho que ten os bicheiros no seu extremo.

Esp. regatón

Port. gancho

Ing. hook

regra f. 1. Instrumento de madeira que serve para realizar marcas extraídas do trazado dos planos de formas dos buques.

Esp. regla

Port. régua

Ing. ruler

2. Prescrición do Regulamento dunha sociedade de Clasificación de buques ou organismo oficial que define a medida ou escantillón, ou as características técnicas determinadas dun elemento do buque.

Esp. regla

Port. regra

Ing. rule

regrón m. Vara longa onde se marcan os valores das semimangas das cadernas nas diferentes caladas do buque.

Esp. reglón

Port. régua

Ing. frame ruler

regrosada f. Chapa de espesor maior que as que están ao seu carón cuxo obxectivo é conseguir un reforzamento ou compensación de material, por exemplo, por causa dun burato que se lle fai para algún fin.

Esp. regruesada

Port. engrossado

Ing. thickened sheet

regruoso m. Na Costa da Morte, recibe este nome a máquina que se utiliza para calibrar as táboas e para darlles o mesmo grosor. *Sin. cepilladora de grosos.*

Esp. regruesadora

Port. cepilho de grossos

Ing. thicknesser

regulador da orza m. Aquel que permite desprazar a orza cara a proa ou a popa co fin de regular a posición da orza.

Esp. regulador de la orza

Port. regulador da orça

Ing. centerboard regulator

regulador do pau m. Regulador xeralmente situado na cuberta, que permite regular ou influír na flexibilidade ou caída do pau.

Esp. regulador del palo

Port. regulador do pau

Ing. mast regulator

relanzo m. Rechán, porción horizontal na que remata cada tramo de escaleira.

Esp. rellano

Port. relanço

Ing. landing

relaxación de tensións f. Operación á que se somete unha peza metálica afectada por outra operación, como a soldadura, que pode orixinar tensións locais.

Esp. relajación de tensiones

Port. relaxação de tensões

Ing. stress relieving

relinga f. Corda coa que se fixan as velas das embarcacións. Cabo que vai cosido á beira dunha vela para reforzala. *Sin. tralla.*

Esp. relinga

Port. relinga

Ing. bolt rope

relinga alta f. Cabo onde son colocadas as boias dunha rede ou aparello de pesca en número variable.

Esp. relinga alta

Port. cabo de flutuación

Ing. float line

relinga baixa *f.* Cabo onde se poñen os chumbos dun aparello.

Esp. relinga baja

Port. relinga baixa

Ing. foot rope

relingar *v. tr.* 1. Poñer relingas ás velas.

Esp. relingar

Port. relingar

Ing. rope

2. Izar unha vela ata tensar as relingas.

Esp. relingar

Port. relingar

Ing. rope

remache *m.* Cravo de cabeza ancha que, remachado, serve para unir dúas chapas superpostas.

Esp. remache

Port. rebite

Ing. rivet

remadoira *f.* Peza lonxitudinal de madeira en forma trapezoidal, na que vai cravado o tolete e que serve tamén para apoiar o remo.

Sin. chumaceira.

Esp. chumacera

Port. chumaceira

Ing. rowlock

remo *m.* Vara de madeira cunha extremidade plana a modo de pa que serve para impulsar as embarcacións ao actuar a modo de panca accionada manualmente cando se introduce na auga. *Sin. espadeiro.*

Esp. remo

Port. remo

Ing. oar

remolcador *m.* Navío de gran po-

tencia que está destinado a remolcar outros navíos para a súa entrada ou saída do porto, ou cando entran ou saen do dique para reparar, ou ben en situacións de avaría ou manobra.

Esp. remolcador

Port. rebocador

Ing. tug

remolcador de altura *m.* Tipo de remolcador de gran potencia e autonomía que é capaz de acudir no auxilio de embarcacións de gran porte que requiran de asistencia en alta mar.

Esp. remolcador de altura

Port. rebocador de alto-mar

Ing. deep sea tug

remolcador de empurre *m.* Remolcador que realiza a súa tarefa empurrando o buque, ou artefacto que debe navegar coa axuda do remolcador de empurre.

Esp. remolcador de empuje

Port. rebocador de empurração

Ing. push boat

remolque mixto *m.* Remolque integrado pola cadea de remolque e polo cable de aceiro do remolcador. Destaca pola súa facilidade de instalación da cadea sobre o molinete e a relativa facilidade de manobra polo cabo do remolcador.

Esp. remolque mixto

Port. reboque misto

Ing. composite tow

remolque transporte *m.* Situación na que o remolcador traslada a outro buque que polo xeral non fará uso das súas máquinas.

Esp. remolque-transporte

Port. reboque transporte

Ing. towing

repuxo *m.* Semiluva de coiro que ten un disco metálico na parte correspondente á palma da man, e que se emprega para empuxar as agullas de coser das velas ou cabos.
Sin. palma de mariñeiro.

Esp. rempujo

Port. palma de marinheiro

Ing. sailmaker's palm

remuíño *m.* Movemento xiratorio e rápido da auga, do po ou do aire, e que pode poñer en perigo a estabilidade das embarcacións.

Esp. remolino

Port. remoinho

Ing. whirlpool

reparación *f.* Corrección dos danos dunha embarcación.

Esp. reparación

Port. reparação

Ing. repair

repartidor *m.* Conduto subministrador de fluídos para varios ramaís.

Esp. repartidor

Port. repartidor

Ing. distribution frame

repunta *f.* Momento en que a marea está detida en preamar ou baixamar a punto de comezar a baixar ou subir.

Esp. repunte

Port. repunte

Ing. turn of tide

resaca *f.* Movemento de retroceso da auga despois de desfacerse a onda ao chegar a terra. *Sin. refluxo.*

Esp. resaca

Port. ressaca

Ing. undertow

resgar *v. i. e tr.* Romper, partir, ficando as partes separadas ou presas do que rachou. *Sin. romper, partir.*

Esp. rasgar

Port. rasgar

Ing. tear

resistencia *f.* Forza oposta ao movemento dunha embarcación, e que determina a cantidade de empuje que vai necesitar a embarcación para navegar. Dificultade que atopa o barco para navegar.

Esp. resistencia

Port. resistència

Ing. resistance

resorte de émbolo *m.* Resorte formado por láminas delgadas circulares ou cun nervio que rozan contra as paredes dos cilindros.

Esp. resorte de émbolo, aros del pistón

Port. mola de êmbolo

Ing. piston spring

resorte de indicador *m.* Resorte que leva un nervio, e que está fixo por unha parte á barra do émbolo e apoiado noutra contra o cilindro do indicador.

Esp. resorte de indicador

Port. mola de indicador

Ing. indicator spring

respecto *m.* Nome empregado en construción naval ás pezas para reposto e mantemento do navío que se levan a bordo. *Sin. recambio.*

Esp. respeto

Port. peça sobressalente

Ing. spare parts

retén *m.* Peza que evita fugas de aceite ou dun fluído.

Esp. retén

Port. selo de óleo

Ing. oil seal

retorno *m.* Polea que se fixa nun determinado punto para cambiar a dirección de traballo dun cabo.

Esp. retorno

Port. retorno

Ing. lead block

retranca *f.* Unha das varas do mastro de mesana. *Sin. xostra.*

Esp. botavara

Port. retranca

Ing. boom

retroscavadora submarina *f.*

Máquina adaptada para escavar no fondo do mar.

Esp. retroexcavadora submarina

Port. retroscavadora submarina

Ing. submarine backhoe

revestimento *m.* Capa ou cuberta que cobre unha superficie para resgardala ou adornala. *Sin. recubrimiento.*

Esp. revestimiento

Port. revestimento

Ing. covering

revirado *adx. m.* Dise dunha peza retorcida.

Esp. retorcido

Port. revirado

Ing. twisted

rexistro *m. 1.* Acción e efecto de inscribir un buque nun porto e país determinado. Abandeirar.

Esp. registro, abanderamiento

Port. registro

Ing. register

2. Tapa de acceso, aparafusada ou con bisagras, frecuentemente estanca, para acceso, inspección, mantemento e reparación de caldeiras, recipientes a presión, tan-

ques, etc.

Esp. registro

Port. tampa de registro

Ing. manhole cover

rexistro de buques *m.* Lista oficial de buques rexistrados nun país.

Esp. registro de buques

Port. registro de navios

Ing. register of ships

riosta *f.* Peza transversal que serve para manter a posición doutros dous obxectos ao impedir a súa aproximación ou o seu afastamento; tamén evita a deformación dalgunhas pezas ou compoñentes.

Esp. riostra

Port. riosta

Ing. cross-bar

risco *m. 1.* Rañura, marca.

Esp. risco, hendidura

Port. risco

Ing. crack, fissure

2. Perigo.

Esp. riesgo, peligro

Port. risco

Ing. risk

rizo *m.* Cordel ou conxunto de cordéis que van desde a metade da vela para abaixo e que serve para as recortar cando hai situación de moito vento, reducindo a súa superficie.

Esp. rizo

Port. riz

Ing. reef

rizon *m.* Áncora de pequeno tamaño con tres ou catro brazos e sen cepo que se emprega para fondear pequenas embarcacións. *Sin. arpeo.*

Esp. anclote

Port. ancoreta

Ing. kedge anchor

roda *f.* Peza que forma o extremo do buque na proa; pode construírse de madeira, aceiro forxado, fundido ou de chapa soldada. Únese á quilla co pé de roda.

Esp. roda

Port. roda de proa

Ing. stem

roda de barra *f.* Roda que se constrúe xeralmente de sección rectangular e curvada, segundo o perfil do plano diametral do buque en proa; únese á quilla mediante o alefriz da roda nos barcos de madeira.

Esp. roda de barra

Port. roda de barra

Ing. bar stem

roda de bulbo *f.* Tipo de roda que se forma con pranchas curvadas formando un bulbo na proa do buque.

Esp. roda de bulbo

Port. roda de bulbo

Ing. bulbous bow

roda de paletas *f.* Tipo de propulsor que consiste nunha roda de paletas de eixe horizontal, e que se empregou en certas embarcacións a mediados do século XIX en lugar da hélice.

Esp. rueda de paletas

Port. roda de paletas

Ing. paddle wheel

roda de prancha *f.* Tipo de roda que está constituída por pranchas curvadas soldadas ás pranchas de costado que lle seguen. A unión por soldadura da roda coa quilla verificase polo pé da quilla.

Esp. roda de plancha

Port. roda de plancha

Ing. plated stem

rodamento de proa *m.* Nome que recibe a roda nalgúns lugares da ría de Arousa. Véxase: **roda**.
Sin. roda.

Esp. roda

Port. roda

Ing. stem

rodincho *m.* Peza cilíndrica asida a un mango, que dá voltas e que serve para pintar; posúe unha superficie que absorbe a pintura. *Sin. rolete, rolo.*

Esp. rodillo

Port. rolo

Ing. paint roll

rol *m.* Libro onde consta a lista da tripulación do buque, o seu oficio, nacionalidade, salario, etc. *Sin. lista da tripulación.*

Esp. rol

Port. rol

Ing. crew list

rolar *v. i.* Xirar, cambiar. Mudar de dirección. *Sin. xirar.*

Esp. rolar

Port. rolar

Ing. turn

roldana *f.* Disco móbil sobre un eixo normal ao seu plano, cun suco ou canle chamado gola no seu contorno periférico pola que corre unha corda ou unha cadea, e a cuxo eixo se liga unha peza chamada alza; está destinada a elevar obxectos pesados, illada ou asociada a outras. *Sin. polea.*

Esp. roldana

Port. roldana

Ing. sheave

roleira *f.* Mar axitado con grandes ondas.

Esp. mar encrespado

Port. rolheiro

Ing. raging

rolete *m.* Peza cilíndrica xiratoria pola que pasan os cabos.

Esp. rodillo, cilindro

Port. rolete

Ing. roller

roquete *m.* Roda dentada que entra nunha engrenaxe. *Sin. torno.*

Esp. cabrestante

Port. roquete

Ing. winch

rosa dos ventos *f.* Círculo con 32 divisións que corresponden aos 32 rumbos en que se divide o horizonte: catro puntos cardinais e vinte e oito intermedios.

Esp. rosa de los vientos

Port. rosa dos ventos

Ing. compass rose

rotación *f.* Acción de rotar ou rodar; dar voltas arredor de algo cunha orde establecida.

Esp. rotación

Port. rotação

Ing. rotation

rótula *f.* Articulación do brazo de dragaxe que serve para que este poida dobrarse e manobrar no fondo das augas, e recolla mellor o sedimento. *Sin. articulación.*

Esp. rótula

Port. articulação

Ing. dredging joint

roving *m.* Fibra na que os fíos de fibra de vidro se agrupan para formar un cordón continuo.

Esp. roving

Port. roving

Ing. roving

rozadeiro *m.* Listón que sobresa do forro, e que está situado entre o varadoiro e o cintón. Serve para protexer o casco das cordas e dos aparellos de pesca. *Sin. cintón.*

Esp. rozadero

Port. barra

Ing. fender

rumbo *m.* Ruta ou dirección establecida que segue un barco durante a navegación. Ángulo que fai o sentido de ruta do navío cunha dirección de referencia ou tipo de marcha. *Sin. dirección.*

Esp. rumbo

Port. rumo

Ing. course

rumbo de agulla *m.* Rumbo marcado polo compás.

Esp. rumbo de aguja

Port. rumo de agulha

Ing. compass course

rumbo verdadeiro *m.* Rumbo que segue o buque. Rumbo que se corrixiu da variación da agulla e do abatemento do buque.

Esp. rumbo verdadero

Port. rumo verdadeiro

Ing. true course

S

sacada *f.* Rede empregada na pesca da sardiña. *Sin.* rapeta.

Esp. traína

Port. sacada

Ing. trawl

saco dobre *m.* Rede de saco dividida en dous compartimentos iguais, que se emprega coa finalidade de reducir a perda das capturas nun fondo accidentado ou de difícil acceso.

Esp. red de copo doble

Port. saco duplo

Ing. double codend

safor *v. tr.* Salvar, sacar para fóra.

Sin. soltar, extraer.

Esp. zafar

Port. safar

Ing. free

safrán *m.* Pa do temón.

Esp. azafrán

Port. zafrán

Ing. rudder blade

sala *f.* Cuarto destinado a un fin. Nos buques dise, por exemplo, "sala de máquinas", mentres que nos estaleiros emprégase "sala técnica".

Esp. sala

Port. sala

Ing. room

sala de derrota *f.* Lugar da ponte de goberno onde se levan as cartas náuticas e se fan as operacións de navegación.

Esp. sala de derrota

Port. casa de pilotagem

Ing. chartroom

sala de gálíbos *f.* Gran sala do estaleiro con piso de madeira onde se debuxaban as formas do barco a tamaño natural ou a escala co obxecto de corrixir as formas e facer os gálíbos ou moldes para fabricar

as pezas con forma do buque.

Esp. sala de gálibos

Port. sala de moldes

Ing. mould-loft

salabardo *m.* Rede pequena posta nun arco forte de madeira ou ben de ferro. Emprégase para sacar a pesca das redes grandes.

Esp. salabardo

Port. chalavar

Ing. dip net

salmoira *f.* Líquido formado con auga moi salgada e con outras substancias, aparte do sal común, que se emprega como vehículo conservante e de transmisión do frío nas instalacións frigoríficas.

Esp. salmuera

Port. salmoira, salmoura

Ing. brine

sapatillo *m.* Reforzo de ferro que se firma nos puños das velas para que os cabos non as corten.

Esp. guardacabo

Port. sapatilho

Ing. thimble

saúdo *m.* 1. Movemento vertical cara abaixo da proa dos buques que ocorre ás veces durante a súa botadura.

Esp. saludo

Port. saúdo, cabeçada

Ing. dipping

2. Disparos de canón dun buque de guerra ao chegar ao porto como sinal de saúdo ou nunha festividade.

Esp. saludo

Port. saúdo, canhonaço

Ing. cannon shot

sebeiro *m.* Pedra empregada para sondar o fondo do mar, e para

saber se hai obstáculos que poñen en perigo a navegación. Peza do extremo do escandallo que contén sebo no interior para tomar mostra das partículas do fondo que quedan adheridas a ela, e así poder analizalas. *Sin. sonda.*

Esp. sebo de escandallo

Port. sebeiro

Ing. tallow arming

sección *f.* Debuxo do corte por un plano dun navío, que define as liñas interiores do mesmo.

Esp. sección

Port. secção

Ing. section

sector *m.* Peza que ten a forma xeométrica dun arco de circunferencia limitado por dous radios.

Esp. sector

Port. sector

Ing. sector

sector do temón *m.* Peza forte de aceiro, ou ferro dun arco de 96 graos sobre a cabeza do temón que serve para levar a cana ao seu lugar.

Esp. sector del timón

Port. sector do timão

Ing. quadrant tiller

sector movable *m.* Peza metálica da forma dun sector circular que se escorrega sobre dúas columnas verticais facendo parte do movemento da distribuidora dunha máquina oscilante.

Esp. sector movable

Port. sector móvel

Ing. slide sweep

sector naval *m.* Concepto que abarca o relativo ás actividades marítimas tanto de construción

como de transporte e defensa.

Esp. sector naval

Port. sector naval

Ing. shipbuilding sector

sector Stephenson *m.* Mecanismo de acción da distribución das máquinas alternativas de vapor formado por dúas excéntricas enchavetadas no eixe, co cal se inverte a marcha e se regula a expansión do vapor.

Esp. sector Stephenson

Port. sector Stephenson

Ing. Stephenson link motion

sedela *f.* Fío moi resistente, xeralmente de nailon, que colga da cana xunto cunha corda, e que se emprega para pescar. *Sin. tanza.*

Esp. sedal

Port. fio de pescar

Ing. fishing line

sedimento *m.* Depósito natural de materiais orgánicos, minerais ou rochosos, xeralmente lento, e producido polos mares ou cursos de auga. *Sin. depósito, pouso.*

Esp. sedimento

Port. sedimento

Ing. sediment

selar *v. tr.* Pechar por estar repleto.

Sin. pechar.

Esp. sellar

Port. selar

Ing. seal

sensor *m.* Dispositivo sensible a determinados fenómenos ou valores de magnitudes que producen un estímulo físico, e que dá un sinal de alarma ou ben activa un mecanismo de forma preconcebida.

Esp. sensor

Port. sensor

Ing. sensor

sentina *f.* Parte inferior do buque onde pode acumular unha mestura de auga contaminada con derrames de aceite, lubricante, combustible, lodos oleosos e outras substancias.

Esp. sentina

Port. sentina

Ing. bilge

seo *m.* Parte cóncava dun cabo frouxo, que está comprendida entre o firme e o chicote. Curvatura que fai calquera vela ou cabo que non está tirante.

Esp. seno

Port. seio

Ing. rope slack

separador *m.* Dispositivo empregado para separar as impurezas que contaminan un fluído ou para separar fluídos de diferente natureza.

Esp. separador

Port. separador

Ing. separator

separador de sentinas *m.* Dispositivo empregado para separar a auga das substancias oleosas contaminantes antes de botala ao mar.

Esp. separador de sentinas

Port. separador de sentinas

Ing. bilge separator

serra de cinta *f.* Serra mecánica que dispón dunha cinta adentada que vira a través dunha correa de transmisión, e que está suxeita a dúas roldanas. Posúe unha mesa ou superficie horizontal onde se realiza o traballo.

Esp. sierra de cinta

Port. serra de cinta

Ing. bandsaw

serra de virar *f.* Serra de grandes proporcións que polas súas características permite cortar en curva. Úsase para desdobrar as pezas das cadernas.

Esp. sierra giratoria

Port. serra de virar

Ing. rotary saw

serra de volta *f.* Serra que ten unha folla delgada montada sobre un bastidor, que permite o tensado mediante unha peza de madeira que xira arredor dun cabo retorcido.

Esp. sierra de vuelta

Port. serra de volta

Ing. sawing machine

serretas *f. pl.* Listóns dos costados interiores das bodegas de carga que serven para protexelas do canto das cadernas.

Esp. serretas

Port. ripa

Ing. battens

serrón *m.* Serra formada por unha folla de aceiro, ancha e robusta, dentada por un dos cantos e cun mango de madeira.

Esp. serrucho

Port. serrate

Ing. hand saw

serrón pequeno *m.* Serra coa mesma forma que o serrón, aínda que este é de menor tamaño.

Esp. pequeña sierra

Port. serrão pequeno

Ing. saw

serrate de costela *m.* Utilízase para serrar madeiras que teñan pouca espesura.

Esp. serrucho de costilla

Port. serrate

Ing. back saw

serviola *f.* Vixiante nocturno que se sitúa arredor da serviola. *Sin. vixía.*

Esp. serviola

Port. turco de ferro

Ing. watchman

serviola *f.* Pescante grosso que serve para protexer o aparello que eleva e recolle a áncora; está instalado nas proximidades da amura, e posúe varias roldanas. *Sin. pescante.*

Esp. serviola

Port. serviola

Ing. cathead

servomotor *m.* Órgano motor destinado a dirixir e regular o movemento dunha máquina.

Esp. servomotor

Port. servomotor

Ing. steerer, servomotor

servomotor de vapor *m.* Aqueles que van colocados xunto á mecha do temón e unidos directamente ao sector; contrólanse desde a ponte por un telemotor.

Esp. servomotor de vapor

Port. servomotor de vapor

Ing. steam servomotor

servomotor do temón *m.* Aplícase ao mecanismo motor que fai xirar o temón segundo as ordes recibidas da ponte de goberno.

Esp. servomotor del timón

Port. servomotor do leme

Ing. steering gear

servomotor eléctrico *m.* Aparato de goberno eléctrico proxectado especialmente para barcos

costeiros, remolcadores, pesqueiros, barcos para servizos especiais, barcos de pasaxe e iates.

Esp. servomotor eléctrico

Port. servomotor eléctrico

Ing. electric servomotor

sextante *m.* Aparello que permite medir as alturas dos astros sobre o horizonte.

Esp. sextante

Port. sextante

Ing. sextant

sinal luminoso *m.* Medio con luces que permite aos barcos comunicarse entre si ou coa terra a distancia.

Esp. señal luminosa

Port. sinal luminoso

Ing. light signal

sincronismo *m.* Coincidencia na frecuencia de dous movementos ou variación de magnitudes.

Esp. sincronismo

Port. sincronismo

Ing. synchronism

singradura *f.* Distancia que percorre unha embarcación en vinte e catro horas; en xeral, o tempo comeza a contar desde as 12 do mediodía. *Sin. percorrido, traectoria.*

Esp. singladura

Port. singradura

Ing. day's run

singrar *v. i.* Navegar a vela. *Sin. navegar.*

Esp. singlar

Port. singlar

Ing. navigate

sirena *f.* Aparello acústico usado nos navíos e empregado para facer sinais. *Sin. bucina.*

Esp. sirena

Port. sereia

Ing. whistle

sirga *f.* Corda que serve para tirar das embarcacións desde a costa ou desde outro barco, principalmente na navegación fluvial; tamén se utiliza para tirar as redes á auga.

Sin. maroma.

Esp. sirga

Port. sirga

Ing. tracking rope

sirgar *v. tr.* Empurrar ou tirar dunha embarcación.

Esp. sirgar

Port. sirgar

Ing. track

sistema cardinal de balizamento *m.* Sistema de sinalización onde as marcas transmiten o seu sinal segundo os puntos cardinais, con independencia da posición do navegante e do seu rumbo.

Esp. sistema cardinal de balizamiento

Port. sistema cardinal de balizagem

Ing. cardinal system of buoyage

sistema de balizamento marítimo *m.* Denominación estándar da sinalización empregada na comunicación marítima, realizada pola Asociación Internacional de Sinalización Marítima (AISM/IALA), e adoptada internacionalmente. Actualmente, hai dúas rexións, A e B, que teñen as marcas laterais diferentes. En xeral, Europa, África e Asia pertencen á rexión A, e América, Xapón e parte de Oceanía á B.

Esp. sistema de balizamiento marítimo

Port. sistema de balizagem marítima

Ing. IALA system

sistema lateral de balizamento

m. Sistema de sinalización onde a boia transmite o seu sinal tendo como referencia o costado do buque e o rumbo que segue.

Esp. sistema lateral de balizamiento

Port. sistema lateral de balizagem

Ing. lateral system of buoyage

snorkel *m.* Tubo que permite o intercambio de gases entre un obxecto somerxido e o exterior. Pódese empregar para respirar baixo a auga, ou para que os motores diésel dun submarino poidan funcionar cando navega mergullado a pouca profundidade, ou tamén para que poida renovar o aire e recargar as baterías.

Sin. esnórquel.

Esp. snorkel

Port. snorkel

Ing. snorkel

sobrecargo *m.* Oficial a quen lle corresponde controlar o cargamento exercendo as funcións administrativas que lle confiran o armador ou os cargadores.

Esp. sobrecargo

Port. oficial de carga

Ing. cargo officer

sobrecuberta *f.* Nos barcos, cuberta que se pon sobre outra para darlle máis protección.

Esp. sobrecubierta

Port. sobrecoberta

Ing. upper deck

sobrecuberta principal *f.* Cuberta situada por enriba da principal.

Esp. sobrecubierta principal

Port. sobrecoberta principal

Ing. main upper deck

sobremesana *f.* Vela que segue á mesana.

Esp. sobremesana

Port. sobre-mezena

Ing. mizzen topsail

sobreperico *m.* Vela superior ao perico.

Esp. sobreperico

Port. vela superior

Ing. mizzen royal sail

sobretrancanil *m.* Conxunto de pezas que serven para reforzar o trancanil.

Esp. sobretrancanil, cosedera

Port. sobrealcatrata

Ing. spirketting

sobrexoanete *m.* Vela que está situada por enriba do xoanete.

Esp. sobrejuanete

Port. sobrejoanete

Ing. royal sail

socairo *m.* Zona que permite protección e abrigo fronte o vento. Cabo que vai sobrando e se vai recollendo en determinadas manobras náuticas. *Sin. abrigo.*

Esp. socaire

Port. socairo

Ing. leeward

solapamento *m.* Superposición parcial de dúas chapas.

Esp. solapamiento

Port. solapamento

Ing. overlap

soldado *adx. m.* Elemento ou conxunto formado pola unión, me-

diante soldadura, de varias pezas normalmente metálicas.

Esp. soldado

Port. soldado

Ing. welded

soldadura *f.* Unión de elementos, normalmente de metal, mediante a fusión e posterior solidificación do material a ambos lados da liña de contacto entre eles. En certos casos, engádese un metal que se funde xunto co material base. A soldadura pode lograrse tamén por difusión dos átomos ou moléculas dun metal entre os átomos do outro en contacto con el baixo a acción da presión entre ambos. O tipo de soldadura normalmente empregado en construción naval pode ser eléctrica por electrodo manual, automática somerxida baixo flux e semiautomática.

Esp. soldadura

Port. soldadura

Ing. welding

soldadura a presión *f.* Aquela que se fai sen o aporte doutro material aplicando simplemente presión entre os dous materiais que deben unirse.

Esp. soldadura a presión

Port. solda a presión

Ing. pressure welding

soldadura con forxa *f.* A que se fai na forxa golpeando unha peza de metal sobre a outra despois de qental.

Esp. soldadura con forja

Port. solda com forja

Ing. forge welding

soldadura continua *f.* Tipo de soldadura que se fai sen interrup-

ción, por toda a lonxitude da liña de unión entre as pezas.

Esp. soldadura continua

Port. solda contínua

Ing. continuous welding

soldadura descontinua *f.* Tipo de soldadura que se fai de forma intermitente ao longo da liña de unión entre as pezas.

Esp. soldadura discontinua

Port. solda descontinua

Ing. intermittent welding

soldadura por fusión *f.* A que se realiza por medio da calor, que funde as superficies dos metais que se van unir, podéndose engadir outro material.

Esp. soldadura por fusión

Port. solda por fusão

Ing. fusion welding

soldar *v. tr.* Unir partes dun conxunto por fusión do material das superficies en contacto. *Sin. unir.*

Esp. soldar

Port. soldar

Ing. weld

sollado *m.* Unha das cubertas inferiores do buque onde se atopan os camarotes, os paños e outros aloxamentos.

Esp. sollado

Port. coberta inferior

Ing. orlop deck

somerxer *v. i. e pr.* Acción de afundir na auga ou de introducir algo nun medio líquido ata quedar totalmente cuberto. *Sin. afundir, mergullar.*

Esp. sumergir

Port. submergir

Ing. submerge

somerxible *m.* Aparato destinado

á submersión.

Esp. sumergible

Port. submergível

Ing. submersible

sonar *m.* Aparello de detección submarina que, por medio de ondas sónicas, localiza, sitúa e identifica os obxectos somerxidos. O equipo xeral de funcionamento é análogo ao dun equipo de radar.

Esp. sonar

Port. sonar

Ing. sonar

sonda *f.* 1. Corda cunha peza de chumbo nun extremo que serve para medir a profundidade do mar e para explorar o fondo.

Esp. sonda

Port. sonda

Ing. plumb line

2. Aparello mecánico e radioeléctrico que se emprega para medir a profundidade do mar.

Esp. sonda

Port. sonda

Ing. sounding machine

sondar *v. tr.* Medir a profundidade do mar e investigar as características do fondo cunha sonda.

Esp. sondar

Port. sondar

Ing. sound

sopas da dorna *f. pl.* Cuñas que se prenden ao tolete por medio do estrobo.

Esp. cuña del tolete

Port. cunha do tolete

Ing. oarlock wedge

soporte *m.* O que sostén ou serve para soste algo. *Sin.* alicerce, apoio, base.

Esp. soporte

Port. suporte

Ing. support

sotavento *m.* Lado contrario a onde ven o vento. Antónimo de barlovento.

Esp. sotavento

Port. sotavento

Ing. leeward

spinnaker *m.* Vela triangular esférica, xeralmente de tea de nailon e con cores moi vivas, que se iza para aumentar a velocidade navegando en rumbos abertos. *Sin.* espináquer.

Esp. spinnaker

Port. spinnaker

Ing. spinnaker

stock *m.* Conxunto de elementos ou pezas iguais das cales se mantén un número prefixado e constante, ou nivel de stock, no almacén, xa que son precisas de forma repetida e continuada nas construcións, na reparación de pezas desgastadas, etc.

Esp. stock

Port. stock

Ing. stock

submarino *m.* Embarcación que pode navegar baixo a superficie do mar para facer recoñecementos e ataques aos barcos inimigos, ou para explorar o fondo das augas. Emprégase tamén para o turismo.

Esp. submarino

Port. submarino

Ing. submarine

superestrutura *f.* Conxunto de casetas sobre a cuberta principal dun buque.

Esp. superestructura

Port. superestrutura

Ing. superstructure

superficie vélica *f.* Área ou superficie das velas ou velame dun buque.

Esp. superficie vélica

Port. superficie vélica

Ing. sail area

surto *m.* Situación dun barco na que se atopa fondeado ou ancorado. *Sin. ancorado, fondeado.*

Esp. surto

Port. surto

Ing. grounded

T

táboa de aparadura *f.* Tracas de táboas do forro do barco que están situadas a un e a outro lado da quilla, e cuxo canto encaixa nesta última no alefriz.

Esp. tablón de aparadura

Port. tábua de resbordo

Ing. garboard strake

táboas de mareas *f. pl.* Táboas que proporcionan as preamares e baixamares dúas veces cada unha ao día, en cada data do ano e en cada porto.

Esp. tablas de mareas

Port. tábuas de marés

Ing. tide table

táboas náuticas *f. pl.* Publicacións con datos de accidentes xeográficos das costas e do mar, así como astronómicos e métodos de cálculo, que permiten a solución de problemas náuticos.

Esp. tablas náuticas

Port. tábuas náuticas

Ing. nautical tables

talameira *f.* Táboa colocada sobre o bordo da embarcación en que se apoia o remo, en cuxo centro encaixa o tolete. *Sin. chumaceira.*

Esp. chumacera

Port. chumaceira

Ing. oarlock block

talla *f.* 1. Aparello composto de dous motóns cunha ou máis poleas para levantar pesos nos barcos.

Esp. roldana

Port. talha

Ing. pulley

2. Cabo situado na testa de calquera gabia para facilitar a manobra de meter nos rices.

Esp. talla

Port. talha

Ing. rope

3. *f.* Recipiente que se emprega para recoller os cabos. *Sin. sella.*

Esp. tina

Port. selha

Ing. vat

tallamar *m.* Peza de madeira que se fixa na roda dunha embarcación, e que serve para cortar a auga e facilitar a navegación. *Sin. quebramar.*

Esp. tajamar

Port. talha-mar

Ing. cutwater

taller *m.* Lugares do estaleiro onde se realiza a fabricación dos compoñentes do buque. Cada taller ou grupo de talleres soen ter unhas funcións específicas. Pódese falar de aceiros de forma xeral para definir o conxunto de talleres onde se fabrican as estruturas do buque. Tamén se chaman talleres de armadores. En concreto, hai talleres de elaborado onde se preparan os materiais do barco, como chapas, aceiros, etc.; taller de perfís; taller de previas; taller de soldadura; taller de prefabricado, que pode ser de bloques planos e curvos; taller de chapa fina; taller de tubos ou chumbeiros; taller de monturas e maquinaria; módulos para armamento anticipado; taller de armamento en xeral; taller de pintores; cabinas de chorreado e pintado, onde os bloques completos se chorrean con area ou granalla e se pintan; taller de modelos de fundición; taller de fundición, no caso de que se fagan fundicións no estaleiro; taller de carpinteiros de ri-

beira, para os barcos de madeira. Para os buques de fibra de vidro, hai talleres para fabricar os modelos dos buques e os moldes; e hai talleres tamén para as diferentes seccións completas do buque, como as cubertas, e o taller de ensamblaxe das diferentes partes.

Esp. taller

Port. talher, oficina

Ing. shop

taller de aceiros *m.* Edificio ou nave no que se fabrican as pezas e os bloques de aceiro para a construción e reparación dos buques.

Esp. taller de aceros

Port. nave de aceiros

Ing. steel shop

taller de elaborado *m.* Nave onde se preparan os materiais do barco, como chapas, aceiros, etc. Taller onde se miden e se cortan as pezas de aceiro que compoñen o buque.

Esp. taller de elaborado

Port. oficina de elaboración

Ing. preparation workshop

taller de ferramentas mecánicas *m.* Nave e taller do estaleiro onde hai ferramentas mecánicas e onde se realizan distintos traballos.

Esp. taller de herramientas mecánicas

Port. nave de ferramentas mecánicas

Ing. mechanically operated tools shop

taller de forxa e fornos *m.* Nave na que están os fornos para pranchas e ángulos, e na que se traballa este tipo de material.

Esp. taller de fragua y hornos

Port. nave de forja e forno

Ing. forge mill

taller de máquinas hidráulicas

m. Zona na que están situadas as máquinas hidráulicas.

Esp. taller de máquinas hidráulicas

Port. nave de máquinas hidráulicas

Ing. hydraulic engine shop

taller de serras mecánicas e carpintería

m. Zona do estaleiro na que se traballa a madeira e se elabora este material. Nela traballan carpinteiros e calafates.

Esp. taller de sierras mecánicas y carpintería

Port. nave de serras mecánicas e carpintaria

Ing. carpenter and power saw shop

taller de velas

m. Zona do estaleiro onde se preparan as velas para envergalas correctamente no buque.

Esp. taller de velas

Port. oficina de velas

Ing. sail lift

talón de codaste

m. Parte da quilla que sobresaia na parte baixa do codaste, cara a popa e que serve de soporte ao timón.

Esp. talón del codaste

Port. talom do cadaste

Ing. sole piece, heel piece

tambor

m. Cilindro de metal ou de madeira sobre o que se enrola un cabo. Cilindro de ferro usado en certas maquinarias. *Sin.* cilindro.

Esp. tambor

Port. tambor

Ing. cylinder

tamborete

m. Peza coa que se fortifica e se mantén a verticalidade

dos mastros impedindo que a auga entre polas aberturas nas que asentan.

Esp. tamborete

Port. tamborete

Ing. mast cap

tambuche *m.* Caseta que protexe un zapón ou outras partes das embarcacións. *Sin.* tambucho.

Esp. tambucho

Port. capuchana

Ing. companion hatch

tambucho *m.* Pequena abertura cadrada na proa das embarcacións que dá paso á camaríña do navío.

Esp. tambucho

Port. escotilha

Ing. hatch

tampa *f.* Taco de madeira de forma circular que encaixa sobre a cabeza dun perno nas cubertas de madeira, tapando así o oco.

Esp. tapín

Port. tampa

Ing. plug, dowel

tanque *m.* En xeral, recinto do barco que serve para transportar ou almacenar líquidos que se levan como carga ou se empregan para servizos do buque, como tanques de combustible de fuel oil ou diésel oil, aceite de lubricación, auga doce para servizos do buque, auga salgada empregada normalmente como lastre, auga potable, augas de sentinas, lodos de aceite, tanque séptico para a descarga sanitaria, etc.

Esp. tanque

Port. tanque

Ing. tank

tanque de aceite de lubricación

por gravidade *m.* Aquel onde se envía o aceite para ser distribuído por gravidade, por exemplo para os coxinetes da bucina do eixe de propulsión.

Esp. tanque de lubricación por gravidade

Port. tanque para óleo de lubrificação por gravidade

Ing. gravity oil tank

tanque de ar *m.* Aquel que se coloca nos botes para dar estabilidade e flotabilidade. Cando o ar se mantén a altas presións denomínase botella de ar, sendo utilizado ese ar para o arranque de motores ou con algún outro fin.

Esp. tanque de aire

Port. tanque de ar

Ing. air case

tanque de auga de alimentación *m.* Tanque no que se almacena a auga que se utiliza no circuito de vapor nos barcos que levan caldeiras.

Esp. tanque de agua de alimentación

Port. tanque de água de alimentação

Ing. feed water tank

tanque de auga de lastre *m.* O que contén lastre de auga salgada para dar estabilidade ao buque e poñelo en condicións adecuadas de calado para a navegación cando vai sen carga. Tamén se empregan para corrixir o trimado cando é preciso.

Esp. tanque de agua de lastre

Port. tanque de água de lastro

Ing. ballast water tank

tanque de carga *m.* Tanque que

leva cru, produtos petroleiros ou outros líquidos que constitúen a carga transportada do buque.

Esp. tanque de carga

Port. tanque de carga

Ing. cargo tank

tanque de combustible *m.* En xeral, aquel que se utiliza para almacenar gasóleo ou fuel oil.

Esp. tanque de combustible

Port. tanque de combustível

Ing. fuel tank

tanque de inmersión *m.* Tanque que empregan os submarinos para ascender da auga ou para descender. Na superficie, o tanque está baleiro, e inúndase para facer a inmersión. Este tipo de tanque comunícase coa auga exterior e, polo tanto, non forma parte do casco estanco do submarino. Cando o submarino está somerxido, o tanque ou tanques están cheos, e para emerxer baléiranse por medio de aire comprimido. *Sim. tanque de lastre.*

Esp. tanque de inmersión

Port. tanque de imersão

Ing. immersion tank

tanque de presión *m.* En xeral, tanque onde o fluído recibido, xeralmente auga doce, se impulsa a presión.

Esp. tanque de presión

Port. tanque de pressão

Ing. pressure tank

tanque de recollida de aceite por gravidade *m.* Tanque de recollida de aceite que vai baixo o cárter dos motores ou baixo as máquinas, onde o aceite, despois de lubricar os coxinetes do cegoñal

e outras partes, cae e se recolle para ser enviado de novo ao circuíto de lubricación.

Esp. tanque de recogida de aceite por gravedad

Port. tanque de recolhida de óleo por gravidade

Ing. gravity oil tank

tanque de salmoira *m.* Tanque típico nos atuneiros de cerco e outros buques de pesca onde se conxelan as capturas por inmersión en salmoira refrixerada.

Esp. tanque de salmuera

Port. tanque de salmoura

Ing. brine tank

tanque séptico *m.* Tanque que recolle as augas fecais.

Esp. tanque séptico

Port. tanque séptico

Ing. sewage tank

tapa de regala *f.* Elemento, xeralmente de madeira, que remata horizontalmente por riba das amuradas.

Esp. tapa de regala

Port. tampa

Ing. bulwark rail

tapanco *m.* Teito ou cobertura provisional que se fai nun estaleiro para protexer unha zona de traballo temporal das inclemencias do tempo.

Esp. tapanco

Port. teito

Ing. ceiling, tank top

tarquina *f.* Vela trapezoidal empregada en embarcacións pequenas.

Esp. tarquina

Port. vela de espicha

Ing. spritsail

tarrafa *f.* Rede de pesca circular, de malla fina e con pesos nos arredores, que se emprega tradicionalmente para a pesca da sardiña. *Sin. malla.*

Esp. cercote

Port. tarrafa

Ing. fence

tarrafa de man *f.* Tarrafa que se lanza e cobra a man.

Esp. esparavel de mano

Port. tarrafa de mão

Ing. hand cast net

tarrafa fixa *f.* Especie de tarrafa manobrada a partir dun soporte, instalado normalmente nunha embarcación.

Esp. esparavel fijo

Port. tarrafa fixa

Ing. supported cast net

tarrafeiro *m.* Barco de pesca a motor que emprega a arte da tarrafa.

Esp. cerquero

Port. cercador

Ing. seiner

tecido mat *m.* Pano formado pola agrupación de anacos de fíos de fibra de vidro, cunha lonxitude media de 40 a 50 mm, sen trama, unidos por un produto ligante soluble na resina de impregnación.

Esp. tejido mat

Port. tecido mat

Ing. mat fabric

tecido roving *m.* Tecido formado polo entrecruzamento dos fíos roving para formar unha rede ortogonal de fibra, con trama e urdimbre.

Esp. tejido roving

Port. tecido roving

Ing. roving fabric

teiroa *f.* Traveseiro de madeira ou de aceiro que ten buratos por onde pasan os cabos que xorden do mesmo punto, e que serve para que non se xunten entre si.

Esp. telera

Port. trave

Ing. cheek block

temoeiro *m.* Persoa que goberna o temón.

Esp. timonel

Port. timoneiro

Ing. helmsman

temón *m.* Peza plana orientable que, colocada na popa do navío, suxeita ao codaste, e cun eixe en sentido vertical, permite virar e gobernar o buque. *Sin. leme.*

Esp. timón

Port. leme, timão

Ing. rudder, wheel

temón á vía *loc.* Posición do temón e da cana segundo o eixe do buque sen formar ningún ángulo co plano diametral do buque.

Esp. timón a la vía

Port. timão à via

Ing. rudder midships

temón compensado *m.* Temón no que arredor dun terzo da superficie da pa está á proa do eixe. Reduce o esforzo necesario para movela.

Esp. timón compensado

Port. leme compensado

Ing. balanced rudder

temón con pinzotes *m.* Plano ou pa de madeira, ou ben unha chapa de aceiro con reforzos horizontais.

Esp. timón con pinzotes

Port. timão

Ing. pintle rudder

temón de proa *m.* Temón empregado por algúns buques que teñen un temón a proa e outro a popa e que se empregan para navegar cara adiante ou cara atrás.

Esp. timón de proa

Port. timão de proa

Ing. bow rudder

temón ordinario *m.* Aquel no que toda a pa do temón está á popa do eixe.

Esp. timón ordinario

Port. leme ordinário

Ing. unbalanced rudder

tempada de pesca *f.* Período no cal se pode pescar unha especie determinada, ou estación na que a pesca é máis propicia. *Sin. período de pesca.*

Esp. temporada de pesca

Port. temporada de pesca

Ing. fishing season

temporal *m.* Vento de forza 8 na escala de Beaufort, equivalente ao grao 7 da de Douglas. Provoca ondas de altura media; a espuma é arrastrada en nubes brancas na dirección do vento, que sopra cunha intensidade de entre 34 e 40 nós.

Esp. temporal

Port. temporal

Ing. gale

temporal duro *m.* Vento de forza 10 na escala de Beaufort, equivalente ao grao 8 da escala de Douglas. Nesta situación, prodúcense ondas moi altas con cristas que rompen, e a visibilidade segue empeorando. A forza do vento oscila entre os 48 e os 55 nós. *Sin. ciclón.*

Esp. temporal duro

Port. temporal duro

Ing. storm

temporal furacanado *m.* Vento de forza 12 na escala de Beaufort, a derradeira e máis violenta de todas, cuxo equivalente na escala de Douglas é o grao 9. Todo aparece branco de espuma, non hai visibilidade e a navegación nestas condicións é moi perigosa. A forza do vento é superior a 64 nós. *Sin. furacán.*

Esp. temporal huracanado

Port. temporal violento

Ing. hurricane

temporal moi duro *m.* Vento de forza 11 na escala de Beaufort, equivalente ao grao 8 da escala de Douglas. Provoca montañas de ondas de altura excepcional, e o mar aparece cuberto de espuma, cunha visibilidade moi reducida. O vento sopra cunha forza de entre 56 e 63 nós.

Esp. temporal muy duro

Port. temporal muito duro

Ing. violent storm

tenaces *f. pl.* Peza de carpintería que consta de dúas pezas de aceiro que xiran arredor dun punto intermedio; ten forma de boca nun extremo.

Esp. tenazas

Port. pinças

Ing. pliers

tensar *v. tr.* Tirar dun cabo ata poñelo máis ou menos rixido segundo as circunstancias. *Sin. tirar.*

Esp. tesar

Port. tesar

Ing. tighten

tensor *m.* Elemento que serve para

tensar os cables estáticos, e non se usa nos de labor. É de aceiro forxado, aceiro galvanizado ou de aceiro inoxidable.

Esp. tensor

Port. tensor

Ing. turnbuckle

teoría do buque *f.* Teoría que estuda o comportamento do buque no mar tanto desde o punto de vista da flotabilidade e a estabilidade como das súas características propulsoras; trata de definir as formas do buque das que se consiga a menor resistencia posible ao avance para a velocidade de proxecto que se considere. Véxase: **arquitectura naval.**

Esp. teoría del buque

Port. teoría do navio

Ing. ship theory

testa *f.* Cada un dos lados verticais dunha vela redonda por onde se une e suxeita ao pau ou verga correspondente. Parte lateral dunha rede onde se ligan os cabos ou amarras. *Sin. estrema, bordo.*

Esp. grátil

Port. testa

Ing. head

tilla *f.* Parte resgardada da proa e na popa nas embarcacións pequenas e nas embarcacións grandes empregada para comer e durmir. Taboado que cobre unha parte das embarcacións menores.

Esp. tilla

Port. tilha

Ing. sheets

tinteiro *m.* Peza da dorna que consiste nunha armazón de madeira onde se mete o pau da vela. Na ga-

mela, son dúas pezas que se colocaban na zona de proa.

Esp. tintero

Port. tinteiro

Ing. groove

tiple *m.* Pau ou mastro dunha soa peza.

Esp. tiple

Port. pau

Ing. single-tree mast

tirante *m.* Peza que traballa por tracción e impide así a separación doutras.

Esp. tirante

Port. tirante

Ing. stay, tie rod

tiro *m.* 1. Fenómeno que dá lugar ao movemento do ar e gases de combustión a través dos fogares e dun conduto do fume das caldeiras. Pode ser natural ou artificial, se a impulsión do ar se fai mediante ventiladores.

Esp. tiro

Port. tiro

Ing. draft, draught

2. Guindastre pequeno que se leva na proa e na popa para tirar do aparello da ardora e levalo a bordo.

Esp. guindaste

Port. guindaste

Ing. gallow

tobeira *f.* 1. Conduto converxente ou converxente-diverxente onde o vapor ou un gas se expanden diminuíndo a súa presión e aumentando a velocidade para incidir sobre as pas dunha turbina e facela así xirar.

Esp. tobera

Port. bocal, tubeira

Ing. nozzle

2. Conduto converxente, feito de aceiro ou doutro material, posto arredor da hélice propulsora ou no conduto de saída dun fluído, como ocorre no tipo de propulsión mariña por chorro de auga, coa finalidade de dirixir o chorro para aumentar a acción propulsora e, no caso de ser unha tobeira xiratoria, empregala como medio de manobra para gobernar a nave actuando como temón-tobeira.

Esp. tobera

Port. bocal, tubeira

Ing. propeller nozzle

tocar *v. tr.* Dar coa quilla no fondo suavemente.

Esp. tocar

Port. tocar

Ing. touch

toldilla *f.* Superestrutura situada por encima da cuberta alta na popa.

Esp. toldilla

Port. tombadillo

Ing. poop

tolerancia *f.* Marxes que se establecen para regular a aceptación da variación das medidas que se indican nos planos, xa que estas, aínda que se indiquen como precisas, non poden ser exactas. Nos elementos móbiles das máquinas, as marxes son moi pequenas. Sen embargo, na construción estrutural poden aceptarse marxes maiores, de varias décimas de milímetro, de milímetros e incluso de centímetros.

Esp. tolerancia

Port. tolerância

Ing. tolerance

tolete *m.* Pau de madeira ou de ferro fixado ao bordo dunha embarcación para apoiar o remo e suxeitalo por medio dun estrobo.

Esp. tolete

Port. tolete

Ing. oarlock

toma de mar *f.* Abertura practi-cada na parte somerxida do casco do barco co obxecto de poder aspirar auga de mar para refrixeración e para encher os tanques de lastre. Vai pechada interiormente por unha especie de caixón de onde saen os tubos de aspiración. Exteriormente, levan unha reixa desmontable para evitar a entrada de sólidos e de organismos.

Esp. toma de mar

Port. tomada de mar

Ing. sea connection

tonelada *f.* 1. Tonelada métrica: medida de peso para calcular a capacidade e a carga dos navíos. Medida de peso e de desprazamento equivalente a 1000 kg.

Esp. tonelada métrica

Port. tonelada métrica

Ing. metric ton

2. Tonelada inglesa: medida de peso equivalente a 1016 kg.

Esp. tonelada inglesa

Port. tonelada inglesa

Ing. long ton

3. Tonelada curta: medida de peso equivalente a 907,18 kg.

Esp. tonelada curta

Port. tonelada curta

Ing. short ton

toneladas por centímetro *f. pl.* Número de toneladas a cargar no

buque para que o seu calado medio aumente nun centímetro.

Esp. toneladas por centímetro

Port. toneladas por centímetro

Ing. tonnes per centimeter

toneladas por polgada de inmersión *f.* Número de toneladas a cargar no buque para que o seu calado medio aumente nunha polgada.

Esp. toneladas por pulgada de inmersión

Port. toneladas por polegada

Ing. tonnes per inch

tonelaxe *f.* Capacidade dun navío avaliada en toneladas.

Esp. tonelaje

Port. tonelagem

Ing. tonnage

tonelaxe bruta *f.* Contido total do espazo interior dun buque.

Esp. tonelaje bruto

Port. tonelagem bruta

Ing. gross tonnage

tonelaxe de arqueo *f.* Medida da capacidade dun barco en toneladas.

Esp. tonelaje de arqueo

Port. tonelagem de arqueio

Ing. tonnage

tope *m.* 1. Extremo ou parte superior do mastro na arboradura dun buque, e doutros paus. *Sin. extremo.*

Esp. tope

Port. tope

Ing. masthead

2. Parte onde unha peza toca con outra.

Esp. tope

Port. juntura

Ing. top

3. Peza a modo de resalte que se pon nun lugar para limitar o movemento doutras. Por exemplo, os topes que se dispoñen para limitar o movemento do temón.

Esp. tope

Port. batente

Ing. stop block

tornel *m.* Argola presa a un pau e que xira en todas as direccións.

Esp. giratorio

Port. tornel

Ing. swivel

torniqueta *f.* Ferramenta utilizada para dobrar a madeira, ou para suxeitala nunha posición determinada.

Esp. prensa de doblar

Port. prensa para dobrar

Ing. bending press

torno *m.* 1. Máquina xiratoria de eixe horizontal que se emprega para fabricar, mecanizar, pulir e reparar pezas de sección circular.

Esp. torno

Port. torno

Ing. turning lathe

2. Orificio no fondo da embarcación que permite a saída da auga ao chegar á terra. *Sin. desaugadoiro.*

Esp. desaguadero

Port. desaguadouro

Ing. drainage hole

3. Corpo cilíndrico que xira sobre un eixe no que se enrola un cabo ou cable.

Esp. torno

Port. torno

Ing. winch

torpedeiro *m.* Buque de guerra destinado ao lanzamento de torpe-

dos contra o inimigo ou contra obxectivos militares.

Esp. torpedero

Port. torpedeiro

Ing. torpedo ship

torpedo *m.* Proxectil con motor de propulsión que se lanza contra os barcos por debaixo da auga, se se fai desde un submarino, e a nivel do mar se se fai desde un buque de superficie.

Esp. torpedo

Port. torpedo

Ing. torpedo

torre *f.* Reduto acoirazado que protexe elementos vulnerables do buque de guerra situados sobre a cuberta. Se non se indica outra cousa, refírese aos redutos acoirazados que protexen os canóns. Torre de artillería.

Esp. torre

Port. torre

Ing. tower

torreta *f.* Cilindro vertical robusto construído en aceiro, situado na parte central dun buque de perforación ou de produción petrolífera, que vai suxeito ao fondo do mar mediante áncoras e cadeas, e arredor do cal o buque pode xirar nun plano horizontal

Esp. torreta

Port. torreta

Ing. conning tower

torsiómetro *m.* Aparato para determinar a potencia efectiva dunha máquina mediante a medición da torsión experimentada polo eixo que a transmite.

Esp. torsiómetro

Port. torciómetro

Ing. torsiometer

traballadeiro *m.* Zona que se establece temporalmente para realizar traballos específicos cando é necesario, no caso de aumento da carga de traballo. Termo empregado na zona de Ferrol. *Sin.* **traballadoiro.**

Esp. zona de trabajo

Port. zona de trabalho

Ing. working zone

trabe *f.* Peza de madeira sobre a que se asentan outras pezas de menor tamaño nun pavimento ou nunha armazón. *Sin.* **viga.**

Esp. viga

Port. trave

Ing. beam

trabuquete *m.* No cantábrico galego, recibe este nome un tipo de boliche empregado para a pesca da agulla.

Esp. trabuquete

Port. trabuquete

Ing. trawl

traca *f.* Cada unha das ringleiras de táboas ou de chapas de aceiro que, postas lonxitudinalmente de popa a proa, van formando o fondo, os costados e a cuberta do buque. Chámanse de diversas formas segundo a súa situación no buque: traca de aparadura, a que vai a continuación da quilla; tracas de fondo, as que lle seguen; traca de pantoque, a que vai no pantoque; tracas de forro, as que seguen polo costado cara arriba; traca de cinta, a última traca do forro e que chega á cuberta pegada ao trancanil, e que sería a primeira traca da cuberta. O resto das tracas son tracas de cuberta ata a cruxía.

Esp. traca

Port. traquete

Ing. strake

traíña *f.* Rede rectangular de tamaño variable, normalmente de entre 200 e 400 m de largo, que se emprega para a pesca da sardiña.

Esp. traíña

Port. trainha

Ing. trawl

traíñeira *f.* Embarcación empregada para a pesca con traíña.

Esp. trainera

Port. traineira

Ing. trolling boat

tralla *f.* Corda onde se colocan os chumbos e cortizas das redes de pescar. *Sin.* **relinga.**

Esp. relinga

Port. tralha

Ing. rope

tramallo *m.* Arte de pesca formada por tres mallos ou panos: un con malla mediana, o que vai no medio con malla pequena e, polo outro lado, o terceiro pano coa malla máis grande. Rede de malla fina.

Esp. trasmallo

Port. tresmalho

Ing. trammel net

trancanil *m.* Traca formada por madeiros fortes ou chapas de aceiro que van desde a popa a proa do buque, horizontalmente ao longo da cuberta, e pegadas ao costado, por riba da unión dos vaos coas cadernas.

Esp. trancanil

Port. alcatrate

Ing. stringer plate

trasatlántico *m.* Buque de grandes dimensións destinado a facer

viaxes xeralmente de longo recorrido, con pasaxeiros.

Esp. transatlántico

Port. transatlântico

Ing. transatlantic liner

transbordador *m.* Embarcación de transporte que enlaza dous puntos regularmente e transporta vehículos e pasaxeiros.

Esp. transbordador

Port. transbordante

Ing. ferry

transbordo *m.* Pasaxe de viaxeiros ou mercadorías dun barco para outro. Transferencia de capturas dun barco de pesca para un navío de maior tonelaxe para procesamento ou transporte.

Esp. transbordo

Port. transbordo

Ing. transshipment

transmisión do axiómetro *f.*

Cabo que se conecta á roda do temón e deste xeito move o indicador do axiómetro e sinala o ángulo que forma a pa do temón co plano diametral do buque

Esp. transmisión del axiómetro

Port. transmissão do axiómetro

Ing. axiometer transmission

trapela *f.* Zapón pequeno. *Sin.* zapón.

Esp. escotillón

Port. alçapão

Ing. scuttle hatch

trasfega *f.* Operación de trasfegar a bordo o peixe capturado na rede; o traspaso faise por medio dun truel ou salabardo. *Sin.* trafega.

Esp. trasiego

Port. trafego

Ing. transfer

trasmallo *m.* Arte de pesca formado por tres redes, das cales a central ten a malla máis estreita que as dúas exteriores. *Sin.* trama-llo.

Esp. trasmallo

Port. tresmalho

Ing. trammel net

través *m.* Dentro dos cabos de amarre, é o que traballa en sentido perpendicular ao plano lonxitudinal do barco.

Esp. través

Port. cabo do través

Ing. breast line

travesa *f.* Peza de madeira ou doutro material, estreita e longa, que se coloca atravesada para unir dúas partes opostas dunha cousa. *Sin.*

traveseiro.

Esp. travesaño, traversa

Port. travessa

Ing. stay

traxe ignífugo *m.* Traxe especial para combater os incendios, xa que non deixa pasar o calor, e permite permanecer un certo tempo no lugar onde hai lume.

Esp. traje ignífugo

Port. traje ignífugo

Ing. fire-proof suit

traxe isotérmico *m.* Roupas que serve para protexer ao mergullador, ou á persoa que cae á auga ou se tira ao mar cunha misión determinada, contra a perda de calor durante as inmersións, ademais de defendelo dos golpes ou rozaduras das rochas e dos animais.

Esp. traje isotérmico

Port. fato isotérmico

Ing. exposure suit

tren de dragado *m.* Equipo empregado nas dragas para realizar a súa operación de dragado.

Esp. tren de dragado

Port. equipamento de dragagem

Ing. hopper barges

trencha *f.* Lamia recta de aceiro con cantos rebaixados e con mango de madeira. *Sin. trincha.*

Esp. escoplo, trenza

Port. escopro

Ing. chisel

treo *m.* Vela cadrada que substitúe á vela latina en situacións de temporal, e coa que as embarcacións navegaban de popa. *Sin. vela.*

Esp. treo

Port. vela quadrada

Ing. square sail

trimado *m.* 1. Diferencia de calados entre popa e proa.

Esp. trimado

Port. trimado

Ing. trim

2. Correcto axuste das velas para unha condición de vento determinada.

Esp. trimado

Port. trimado

Ing. trim

trimar *v. tr.* Actuar sobre determinados tanques de lastre enchéndooos ou baleirándooos, ou movendo outros pesos, para modificar o trimado do barco.

Esp. trimar

Port. trimar, ajustar

Ing. trim

trimarán *m.* Catamarán de tres cascos. Véxase: **buque trimarán.**

Esp. trimarán

Port. trimarã

Ing. trimaran

trinca *f.* Ligadura con que se amarra ou suxeita algo.

Esp. trinca

Port. trinca

Ing. lashing, seizing

trinquete *m.* 1. Pau arborado na proa, naquelas embarcacións que teñen máis dun pau.

Esp. trinquete

Port. traquete

Ing. foremast

2. Vela que corresponde a este pau.

Esp. trinquete

Port. traquete

Ing. main staysail

tripulación *f.* Conxunto de persoas que viaxan nun barco realizando servizos nel. Persoal que traballa nunha embarcación. *Sin. mariñeiría.*

Esp. tripulación

Port. tripulação

Ing. crew

tripulante *m.* Persoa que forma parte dunha tripulación. *Sin. navegante.*

Esp. tripulante

Port. tripulante

Ing. crew member

tripular *v. tr.* Manexar unha embarcación realizando as operacións propias da navegación e outras específicas do buque. *Sin. pilotar.*

Esp. tripular

Port. tripular

Ing. pilot

trompada *f.* Choque do barco contra algo; acometida do buque.

Esp. trompada

Port. enconção

Ing. crash

troneira *f.* 1. Abertura no costado dun barco, por onde se disparaban os canóns.

Esp. tronera

Port. troneira

Ing. gunport

2. Aberturas longas e estreitas que se practicaban nos parapetos e outros lugares a bordo.

Esp. tronera

Port. troneira

Ing. porthole

tronzador *m.* Serra grande con asas en cada un dos seus extremos para serrar entre dúas persoas. *Sin.*

tronzón.

Esp. tronizador

Port. tronçador, serrão

Ing. saw

tronzador de ar *m.* Tipo de tronizador que ten unha folla máis ancha que o tronizador, cos manguitos perpendiculares á folla. Utilízase para o corte de madeiros.

Sin. serra de ar.

Esp. tronizador de aire

Port. serrão de ar

Ing. cross-cut saw

truel *m.* Aparello de pesca que consiste nun aro cunha rede atada a un pau longo; emprégase para a pesca na auga directamente ou para extraer o peixe dunha rede máis grande. *Sin. trueiro, salabardo.*

Esp. salabardo

Port. chalrão

Ing. brail

tubaxe *f.* Feito e resultado de encanar, conducir a auga ou outro líquido por canos ou tubos.

Esp. entubar

Port. encanar

Ing. tube

tubo de aspiración *m.* Conduto por onde se aspira un fluído, sexa gas, líquido ou vapor.

Esp. tubo de aspiración

Port. tubo de aspiração

Ing. suction pipe

tubo de descarga *m.* Tubo que conduce a auga ou outro fluído a calquera máquina, a un tanque ou ao exterior.

Esp. tubo de descarga

Port. tubo de descarga

Ing. discharge pipe

tubo de escape *m.* Conduto por onde se expulsan os gases de combustión dunha máquina.

Esp. tubo de escape

Port. tubo de escape

Ing. exhaust pipe

tubo de escobén *m.* Tubo de aceiro reforzado que forma parte do escobén e por onde sae a cadea da áncora.

Esp. tubo del escobén

Port. elo do escovem

Ing. hawse pipe

tubo de Pitot *m.* Aparello que, por diferenza dos niveis de líquido en dous tubos verticais, por causa da presión estática da auga e da presión dinámica debida ao movemento do buque, dá unha medida de velocidade de este.

Esp. tubo de Pitot

Port. tubo de Pitot

Ing. Pitot tube

tubo de vapor *m.* Calquera tubo por onde pasa o vapor.

Esp. tubo de vapor

Port. tubo de vapor

Ing. steam pipe

tubo lanzatorpedos *m.* Cada un dos condutos por onde os submarinos lanzan os seus torpedos. Poden estar situados na proa ou na popa do submarino.

Esp. tubo lanzatorpedos

Port. tubo lança-torpedos

Ing. submarine torpedo-tube

turbina de cear *f.* Parte da turbina dos buques de vapor que se emprega para cear o buque. Soe ser unha turbina de media presión que consegue o cambio de sentido de xiro do eixe por medio dun embrague.

Esp. turbina de ciar

Port. turbina de cear

Ing. astern turbine

turbina de gas *f.* Máquina rotativa accionada por gas de combustión

procedente dun fogar de combustión incorporado a ela. Emprégase como elemento xerador de enerxía para a propulsión do buque.

Esp. turbina de gas

Port. turbina a gás

Ing. gas turbine

turbina de vapor *f.* Máquina rotativa accionada por vapor procedente das caldeiras. Emprégase como xerador de enerxía principal para a propulsión do buque.

Esp. turbina de vapor

Port. turbina a vapor

Ing. steam turbine

turbulencia *f.* Movemento dun fluído no que se producen remuíños.

Esp. turbulencia

Port. turbulência

Ing. turbulence

U

unlla da áncora *f.* Terminacións triangulares dos brazos da áncora, que serven para agarrar ben o fondo e cravarse nel.

Esp. uña del ancla

Port. unha de âncora

Ing. fluke

urca *f.* Embarcación de dimensións amplas, moi ancha polo centro e coa popa redondeada, que serve para transportar gran ou outras cousas.

Esp. urca

Port. urca

Ing. hooker

V

vaca *f.* 1. Arte de pesca que consiste en arrastrar as redes; é parecida ao bou pero só cunha embarcación.

Esp. vaca

Port. vaca

Ing. trawling

2. Embarcación que se dedica á pesca de arrastre en solitario; a diferenza do bou, non traballa en parella. *Sin. baca.*

Esp. vaca

Port. baca

Ing. trawler

vaga *f.* Onda de gran amplitude na superficie do mar.

Esp. ola gigante

Port. vaga

Ing. roller, billow

vagras *f. pl.* Pezas lonxitudinais paralelas á quilla, colocadas de popa a proa polo interior. As vagras crúzanse coas varengas e estas unen as

cadernas.

Esp. vagras

Port. vigas

Ing. girders

vaíña *f.* Designa unha costura dobrada nunha extremidade da vela e por onde pasa un cabo ou fita para que desa forma non se esfíe o tecido.

Esp. costura

Port. bainha

Ing. seam

válvula *f.* Dispositivo ou accesorio que abre ou pecha o paso de fluídos por un conduto.

Esp. válvula

Port. válvula

Ing. valve

válvula de control *f.* Válvula que regula o paso dun fluído baixo a acción dun control que reacciona ante o valor dun sinal determi-

nado, como o da temperatura, a presión, etc.

Esp. válvula de control
Port. válvula de controlo
Ing. control valve

válvula de retención *f.* Válvula que só permite o paso do fluído nun sentido.

Esp. válvula de retención
Port. válvula de retención
Ing. check valve, non-return valve

válvula redutora *f.* Válvula que reduce a presión de paso dun fluído.

Esp. válvula reductora
Port. válvula de redución
Ing. reducing valve

vao *m.* Viga transversal curva de madeira ou aceiro, colocada baixo a cuberta, e fixada á parte superior das cadernas; serve de soporte ás cubertas.

Esp. bao
Port. viga
Ing. beam

vao composto *m.* Vao formado por dúas ou máis pezas.

Esp. bao compuesto
Port. viga composta
Ing. compound beam

vao de caixón *m.* Vao formado por catro pranchas de ferro dispostas a modo de caixón, e que presenta unha sección rectangular ou cadrada.

Esp. bao de caja
Port. viga de caixa
Ing. box beam

vao de cuberta *m.* Vaos sobre os que vai afirmada toda a estrutura de cuberta.

Esp. bao de cubierta

Port. viga de coberta
Ing. deck beam

vao maior *m.* Vao máis longo do buque formado por dúas ou tres pezas, e que é o correspondente á caderna mestra. *Sin. caverna mestra.*

Esp. bao mayor
Port. viga maior
Ing. main beam

vaos reforzados *m. pl.* Tipo de vao de maior altura que, xunto coas esloras e puntais, forma a estrutura principal do soporte das cubertas.

Esp. baos reforzados
Port. vigas reforçadas
Ing. strong beams

vapor *m.* 1. Vapor de auga.

Esp. vapor
Port. vapor
Ing. steam

2. Recibían este nome os buques a vapor de dimensións reducidas.

Esp. vapor
Port. vapor
Ing. steamer, steamship

varada *f.* 1. Acción de varar ou pór unha embarcación en dique seco.

Esp. varada
Port. varamento
Ing. grounding

2. Varar un barco intencionadamente sobre unha praia para evitar algunha circunstancia que poña en perigo ao buque.

Esp. varada
Port. varamento
Ing. grounding

3. Accidente que se produce cando se toca co fondo do buque no fondo do mar, e o buque queda así

inmobilizado.

Esp. varada

Port. encalhe

Ing. stranding

varado *adx. m.* Situación do barco na que está posto fóra da auga. *Sin. estático.*

Esp. varado

Port. varado

Ing. aground

varadoiro *m.* 1. Lugar en seco onde se fan encallar os navíos para resgardalos. *Sin. ancoradoiro.*

Esp. varadero

Port. varadouro

Ing. slipway

2. Reforzo que leva o casco dunha embarcación nos laterais ou no fondo, e no que descansa cando está en seco. Está situado por riba do calime.

Esp. varadera

Port. varadouro

Ing. skid

3. Lugar onde se varan os barcos para reparalos ou gardalos.

Esp. varadero

Port. varadouro

Ing. slip dock

varandilla *f.* Varanda que protexe aos mariñeiros cando pescan, e que impide que caian ao mar. *Sin.*

varanda.

Esp. barandilla

Port. corrimão

Ing. railing

varar *v. tr.* 1. Levar unha embarcación á praia, ou metela nun dique en seco.

Esp. varar

Port. varar

Ing. beach

2. *v. i.* Chocar co fondo do buque no fondo do mar.

Esp. varar

Port. varar

Ing. strand, go aground

varenga *f.* Parte de chapa de madeira ou de perfil de aceiro que une as cadernas de babor e de estribor pola parte baixa.

Esp. varenga

Port. reforço do pé da caderna

Ing. floor, bottom frame

varengaxe *f.* Conxunto das varengas dun buque.

Esp. varengas

Port. fundos interiores

Ing. floors

vau *m.* Na Costa da Morte, denominación do vao, ou trabe en que asenta a cuberta dos navíos. *Sin.*

trabe, vao.

Esp. bao

Port. vau

Ing. beam

vela *f.* Lona ou pano forte que está cortado de distintas formas e máis tarde cosido de forma adecuada para que, unha vez amarrada ás vergas e aos mastros, faga navegar un barco pola acción do vento que aquela recibe. *Sin. trapo, velame.*

Esp. vela

Port. vela

Ing. sail, rag

vela ao terzo *f.* Vela trapezoidal, envergada a unha entena que se suspende por medio dunha driza, que se forma nun terzo da lonxitude da entena desde proa.

Esp. vela al tercio

Port. vela ao terço

Ing. lugsail

vela cangrexá *f.* Vela trapezoidal suxeita por dúas relingas no pau correspondente.

Esp. vela cangreja

Port. vela carangueja

Ing. gaff sail

vela de coitelo *f.* Vela triangular ou trapezoidal que vai envergada sobre os nervios ou perchas, e que se coloca sensiblemente no plano lonxitudinal do buque, seguindo o sentido proa-popa.

Esp. vela de cuchillo

Port. vela latina

Ing. fore-and-aft sail

vela latina *f.* Vela triangular que se enverga na antena, e que utilizan as embarcacións de pouco porte.

Esp. vela latina

Port. vela latina

Ing. lateen sail

vela Marconi *f.* Vela triangular. Os seus lados chámanse: grátil de proa, balume ou caída de popa, e puxame na parte baixa. Leva o grátil de proa envergado ao mastro.

Sin. vela bermudiana.

Esp. vela Marconi

Port. vela Marconi

Ing. Marconi sail, jib-headed sail

vela mística *f.* Vela intermedia entre a latina e a vela ao terzo, trapezoidal e con caída á proa.

Esp. vela mística

Port. vela mística

Ing. mystic sail

vela redonda *f.* Vela cadrada con puños que forman ángulos rectos, que se utiliza no trinquete das goletas, e no único pau das balandras.

Sin. vela cadra.

Esp. vela redonda

Port. vela redonda

Ing. square sail

velame *m.* Conxunto de velas dunha embarcación, ou ben, conxunto de velas para esta aplicación.

Esp. velamen

Port. velame

Ing. canvas

veleiro *m.* Embarcación lixeira que emprega unicamente as súas velas para navegar.

Esp. velero

Port. veleiro

Ing. sailing ship

veleta *f.* Catavento. Bandeira que os pescadores poñen sobre o bourel para que se vexa desde lonxe.

Sin. catavento.

Esp. veleta

Port. veleta

Ing. wind vane

vélíco *adx. m.* Centro vélico: centro onde actúa a resultante das forzas do vento que actúan sobre o velame.

Esp. vélico

Port. centro vélico

Ing. center of effort

velocidade *f.* En navegación, é o espazo recorrido nunha unidade de tempo. A velocidade nos buques mídese en millas por hora (1 milla equivale a un minuto de ángulo do meridiano terrestre equivalente a 1852 metros) ou en nós (1 nó equivale a unha milla por hora).

Esp. velocidad

Port. velocidade

Ing. speed

velocidade de goberno *f.* Velocidade mínima que pode manter un

buque de xeito que, sen necesidade da máquina, se manteña o goberno do mesmo.

Esp. velocidad de gobierno

Port. velocidade de governo

Ing. steerage way

velocidade en servizo *f.* Velocidade media á que o buque navega normalmente en condicións de mar normais. É distinta se o buque vai en plena carga, cunha carga intermedia ou en lastre.

Esp. velocidad en servicio

Port. velocidade em serviço

Ing. service speed

ventilador *m.* Aparello destinado á ventilación do buque ou á renovación do ar dun recinto pechado.

Esp. ventilador

Port. ventilador

Ing. air fan

ventoliña *f.* Vento de forza 1 da escala de Beaufort, que se corresponde co grao 1 da escala de Douglas. Comezan a aparecer sobre o mar pequenos rizos como escumas de peixe, pero sen facer espuma. A velocidade do vento oscila entre 1 e 3 nós. *Sin. brisa frouxa.*

Esp. ventolina

Port. bafagem

Ing. light air

verdugullo *m.* Táboa ou moldura de madeira do costado da embarcación.

Esp. verdugullo

Port. moldação

Ing. molding

verga *f.* Pau longo colocado de xeito horizontal respecto ao mastro, que serve para suxeitar a vela.

Ten forma de percha e pode xirar arredor de si mesma, para recoller a vela no pau ao que serve. Recibe o nome da vela que enverga. *Sin.*

xostrá.

Esp. verga

Port. verga

Ing. yard

verga núá *f.* Verga que corresponde ao pau de mesana, e que non leva vela. Tamén recibe o nome de gata. *Sin. gata.*

Esp. verga seca

Port. verga nua

Ing. crossjack yard

veta *f.* Aparello de pesca semellante ao trasmallo, e que só ten unha malla pequena.

Esp. embalo

Port. tresmalho

Ing. trammel net

vía de auga *f.* Burato ou fenda por onde entra a auga na embarcación.

Esp. vía de agua

Port. via de água

Ing. leak

vías navegables *f. pl.* Espazos acuáticos aptos para o tránsito de buques e artefactos navais.

Esp. vías navegables

Port. vias navegáveis

Ing. waterways

vigueta *f.* Traveseiro que une os dous cascos dun catamarán.

Esp. vigueta

Port. vigota

Ing. cross beam

viñateira *f.* Cabo curto cunha gaza nun extremo e unha muleta no outro, que serve para atar dous cabos, dúas perchas, ou un cabo e unha percha entre si.

Esp. vinatera

Port. cabo

Ing. rope

virador *m.* 1. Aparello que se emprega para facer xirar lentamente o eixo do barco para facer traballos de inspección e mantemento, comprobar as medidas do cegoñal, etc.

Esp. virador

Port. guiador

Ing. turning gear

2. Cabo que serve para levantar pesos e que se enrola no cabrestante.

Esp. virador

Port. virador

Ing. ast rope

viraxe *f.* Acción de virar un barco; cambio brusco de rumbo. Dar voltas ao cabrestante para izar as áncoras. *Sin. guinada, xiro.*

Esp. virada

Port. viragem

Ing. tack

virola *f.* 1. Anel de metal arredor do cabo dun utensilio que serve para reforzar e evitar que rache ou que se desgaste. *Sin. argola.*

Esp. virola

Port. virola

Ing. clinch ring

2. Cilindro feito de chapa.

Esp. virola

Port. virola

Ing. shell

visera *f.* Nome que recibe a toldilla nalgunhas zonas da ría de Arousa.

Véxase: **toldilla.**

Esp. toldilla

Port. tombadilho

Ing. poop

viveiro *m.* Cuba grande que contén

auga do mar e que se leva a bordo; serve para manter o cebo vivo para a pesca.

Esp. vivero

Port. viveiro

Ing. live tank

vogar *v. i.* Mover os remos para propulsar a embarcación e obter impulso na auga. *Sin. remar.*

Esp. bogar

Port. vogar

Ing. row

voitirón *m.* Arte de pesca utilizada en zonas de moita corrente, que consta dunha parte central de rede con tres funís concéntricos de rede, que desembocan nun cono onde quedan atrapados os peixes. *Sin. vitorón.*

Esp. buitirón

Port. butirão

Ing. stow net

volante *m.* 1. Roda movida a man que permite regular o movemento dunha máquina.

Esp. volante

Port. volante

Ing. flywheel

2. Cilindro ou coroa de gran masa que se pon arredor dos eixes dos motores e das máquinas alternativas e que lle confiren así unha velocidade de xiro máis uniforme.

Esp. volante

Port. volante

Ing. flywheel

volanteira *f.* Embarcación de altura, de gran tamaño, de amurada alta e de manga ancha. Levaba dous paus con dúas velas cadradas que mareaban cando facía vento.

Esp. volantera

Port. lancha volanteira

Ing. barge

volta de seguridade *f.* Aquela que se dá a un cabo nun dos tambores do extremo do eixe do molinete.

Esp. vuelta de seguridad

Port. volta de seguridade

Ing. security hitch

volta de vao *f.* Considérase como a lixeira curvatura dun vao. Indica

a diferenza de peralte entre os extremos e o centro dun vao.

Esp. vuelta de bao

Port. volta de viga

Ing. beam round

volteo *m.* Acción de darlle a volta ao bloque dun barco, para poñelo ao dereito.

Esp. volteo

Port. volta

Ing. turning

X

xabeque *m.* Embarcación costeira de tres paus e velas latinas, típica do Mediterráneo, que pode navegar a remo e que se emprega na cabotaxe.

Esp. jabeque

Port. embarcação

Ing. xebec

xangada *f.* Balsa feita de troncos de árbores, movida a remos ou a vela.

Esp. jangada

Port. jangada

Ing. raft

xareta *f.* 1. Arte de pesca de cerco.

Esp. jareta

Port. xareta

Ing. purse seining

2. Cabo que pecha a rede pola parte baixa.

Esp. jareta

Port. retenida

Ing. pursing wire

xávega *f.* Rede longa con cope e dúas bandas, que se tira desde terra.

Esp. jábega

Port. xávega

Ing. shore seine

xeito *m.* 1. Lancha de pesca para a sardiña

Esp. lancha

Port. lancha

Ing. fishing boat

2. Arte para a pesca da sardiña que emprega o aparello do xeito; ten uns 100 m de longo e sete boureis, un a cada sete brazas.

Esp. aparejo

Port. aparelho

Ing. line

xestor naval *m.* Persoa que colabora co navieiro, e que leva a cabo unha función de xerente do tráfico

mercantil terrestre. Representante do navieiro.

Esp. gestor naval

Port. gestor naval

Ing. ship manager

xiba *f.* Última vela de proa.

Esp. trinquetilla

Port. giba

Ing. fore staysail

xingrar *v. tr.* Facer mover unha embarcación utilizando só un remo, situado xeralmente no centro da popa.

Esp. cinglar

Port. singlar

Ing. wiggle

xirocompás *m.* Aparello que sinala o norte xeográfico e que está baseado no principio do xiróstato.

Esp. girocompás

Port. giróstato

Ing. gyrocompass

xiróstato *m.* Aparello que consta dun disco que vai xirando a moita velocidade e tende a conservar o plano de rotación reaccionando contra calquera forza que tente apartalo dese plano. Deste xeito, o eixe perpendicular a este plano mantense nunha dirección practicamente fixa que se orienta desde o principio cara o norte xeográfico, e ao manter esa situación serve para orientar o rumbo.

Esp. giróstato

Port. giróstato

Ing. gyrostat

xisga *f.* Corda delgada que serve de guía para lanzar un cabo. *Sin. corda.*

Esp. cuerda

Port. xisga

Ing. rope

xoanete *m.* Vela que vai sobre a verga do mesmo nome, que se cruza sobre as gabias. Cada un dos masteleiros da gabia.

Esp. juanete

Port. joanete

Ing. topgallant sail

xugo *m. 1.* Cada unha das táboas horizontais e curvas que se identan no codastre e dan forma a popa da embarcación. *Sin. xuga.*

Esp. yugo

Port. armadura

Ing. transom

2. Elemento robusto transversal de aceiro disposto na proa dos buques para o amarre ás monoboias.

Esp. yugo

Port. jugo

Ing. mooring yoke

xugo de cuberta *m.* Cada un dos madeiros que, transversalmente colocados, se apoian no codaste e na última caderna dando forma á bovedilla nos buques de madeira.

Esp. yugo de cubierta

Port. jugo de coberta

Ing. deck transom

xugo principal *m.* Aquel que vai colocado inmediatamente debaixo da cuberta principal.

Esp. yugo principal

Port. jugo principal

Ing. main deck transom

xugo secundario *m.* Peza que vai colocada debaixo do xugo principal.

Esp. yugo secundario

Port. jugo secundario

Ing. secondary transom

xunco *m.* Embarcación oriental de

vela empregada para a pesca ou para transportar mercadorías.

Esp. junco

Port. junco

Ing. junk

xunteira *f.* Especie de plana que

serve para abrir encaixes ou xuntas nas beiras das táboas. *Sin. xuntura.*

Esp. cepillo

Port. junteira

Ing. jointer

Z

zafar un cabo *loc.* Aclarar, desfacer as voltas que presenta un cabo de xeito que sexa posible manexalo sen problema.

Esp. zafar un cabo

Port. safar um cabo

Ing. free the rope

zafra *f.* 1. Peza de madeira que leva o temón da embarcación para ser utilizada como defensa.

Esp. azafrán

Port. safra

Ing. rudder back piece

2. Chicote de cabo dunhas tres brazas de lonxitude usado para aferrar unha parte da vela, incluíndo os puños.

Esp. zafra

Port. correia

Ing. rope

zanco *m.* 1. Hasta de maior lonxitude que o masteleiro do xoanete

e que sobresaie por riba del para largar o sobrexoanete.

Esp. zanco

Port. asta

Ing. long arm

2. Pau que se pon na cabeza dos masteleiros.

Esp. zanco

Port. pau

Ing. mast

zapata *f.* 1. Peza de madeira fixada na parte inferior da quilla, e que serve de reforzo nas varadas. *Sin. zócolo.*

Esp. zapata

Port. sapata

Ing. false keel

2. Parte baixa do codaste cerrado e semicerrado.

Esp. zapata

Port. sapata

Ing. heel

zapón *m.* Abertura situada nas cubertas dos barcos que serve para acceder ás instalacións inferiores ou para intercambiar mercadorías e obxectos. Vai rodeado dunha brazola e leva tapa ou sistema de peche por riba dela. O zapón de acceso é o que serve para a entrada de persoal nos locais inferiores por medio dunha escada. O zapón de carga serve para meter as mercadorías nas bodegas. *Sin. trapela.*

Esp. escotilla

Port. escotilha

Ing. hatch

zarpar *v. i.* Levantar áncora. Facerse ao mar. Partir. *Sin. partir.*

Esp. zarpar

Port. zarpar

Ing. sail

zona de entremareas *f.* Zona da praia comprendida entre a liña da marea máis baixa e a liña da marea máis alta.

Esp. zona de entremareas

Port. zona entre marés

Ing. intertidal zone

zuncho *m.* Abrazadeira de ferro ou calquera material resistente que serve para cinxir ou fortalecer determinada cousa. Pode empregarse nas pas dos remos para que non se partan, ou na bancada do bote que fai ás veces de enfogonadura do barco. *Sin. abrazadeira.*

Esp. zuncho

Port. abraçadeira

Ing. ring

zuncho da troza *m.* Zuncho que rodea un pau macho e no que vai afirmado o cáncamo da troza dunha verga maior.

Esp. zuncho de la troza

Port. abraçadeira da verga maior

Ing. truss hoop

zuncho do bauprés *m.* Cada unha das abrazadeiras de ferro que se colocan no bauprés, cando é de madeira, para evitar que se abra.

Esp. zuncho del bauprés

Port. abraçadeira do gurupês

Ing. bowsprit hoop

ISBN 978-84-933198-4-7



9 788493 319847